



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 33

Sesión Plenaria
20 de xuño de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (doc. núm. 7873, 10/PPLC-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

Punto 2. Comparecencia

9122 (10/CPP-000023)

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para facer balance da actividade educativa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Punto 3. Mocións

3.1 10181 (10/MOC-000035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa proposta que vai presentar a Xunta de Galicia ante o proceso de elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1950, publicada no BOPG nº 28, do 14.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

3.2 10325 (10/MOC-000036)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes (Moción a consecuencia da Interpelación nº 9280, publicada no BOPG nº 117, do 24.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

3.3 10338 (10/MOC-000037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos (Moción a consecuencia da Interpelación nº 7014, publicada no BOPG nº 92, do 29.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.06.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 5495 (10/PNP-000463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

4.2 8160 (10/PNP-000756)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

4.3 8813 (10/PNP-000837)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo da viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

4.4 9300 (10/PNP-000868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o sistema público de pensións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 117, do 24.05.2017

4.5 9533 (10/PNP-000891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula, e quince deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entremetres dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 120, do 31.05.2017

4.6 9566 (10/PNP-000894)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dunha estratexia global a favor do transporte ferroviario de mercadorías e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

4.7 9836 (10/PNP-000917)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores, e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros *Sikorsky S-76 C+*, coñecidos como *Pesca I* e *Pesca II*, polos *Dauphin 365* que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005

Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

4.8 9862 (10/PNP-000920)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión de Galicia, as comunidades do norte de España e a rexión norte de Portugal ao corredor atlántico na revisión do Regulamento do mecanismo “Conectar Europa” que se vai realizar no ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

Punto 5. Interpelacións**5.1 7198 (10/INT-000298)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

5.2 9360 (10/INT-000398)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

5.3 9766 (10/INT-000416)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel, e Sánchez García, Antón**

Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 124, do 07.06.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 10360 (10/POPX-000040)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a asunción de responsabilidades polo esnaquizamento do sistema financeiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

6.2 10367 (10/POPX-000041)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a política do Goberno galego de atención aos maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

6.3 10388 (10/POPX-000042)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a actitude do Goberno galego respecto da protección dos pequenos aforradores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 10376 (10/PUP-000093)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e sete deputados/as máis**

Sobre a avaliación do Goberno galego da recente viaxe a China do presidente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

7.2 10386 (10/PUP-000094)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a ausencia de representantes da Xunta de Galicia no congreso organizado polo Eixo Atlántico en Braga os pasados días 8 e 9 de xuño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

7.3 4312 (10/POP-000542)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación da súa política fiscal en relación coa produción de enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 09.02.2017

7.4 8877 (10/POP-001147)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David, e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co estado de contaminación que presenta o río Pesqueiras, ao seu paso polo concello do Saviñao, como consecuencia das verteduras dunha central láctea nas súas augas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.5 8754 (10/POP-001135)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva, e Cal Ogando, Marcos**

Sobre as medidas desenvolvidas polo Goberno galego en relación coa problemática referida á cementeira de Narón e o cumprimento da legalidade vixente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.6 10359 (10/PUP-000090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da participación e resultados das probas de avaliación individualizada do terceiro curso de educación primaria

7.7 10373 (10/PUP-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a reconstrución do estaleiro de ribeira de Casqueiro, situado na parroquia de San Martiño, no concello de Moaña, para adicalo a museo como estaba previsto

7.8 7951 (10/POP-001033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e oito deputados/as máis

Sobre o novo equipamento tecnolóxico para diagnóstico e procedementos terapéuticos instalado nos centros hospitalarios do Sergas a través do socio tecnolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106, do 27.04.2017

7.9 5431 (10/POP-000704)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique, e seis deputados/as máis

Sobre a relación e o contido dos proxectos máis importantes do Centro Tecnolóxico do Mar nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

7.10 8823 (10/POP-001142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e catro deputados/as máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a execución das actuacións necesarias para rexenerar e mellorar a produtividade marisqueira da zona dos Lombos do Ulla, na ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica que non se xustificaron inasistencias e éntrase na orde do día. (Páx. 12.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 16.), *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 19.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 22)

Rolda de réplica: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 25.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 27.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para facer balance da actividade educativa en Galicia. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 28)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 35.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 38.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 41.) e *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 45.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 49.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 55.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 55.), *o señor Álvarez Martínez (S)* (Páx. 57.), *a señora Chao Pérez (EM)* (Páx. 58.), *o señor Fernández Gil (P)* (Páx. 60.) e *o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 62.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa proposta que vai presentar a Xunta de Galicia ante o proceso de elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 66.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 70.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 72.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 74.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 75.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 80.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 81.) e *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 83.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 85.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 87.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 87.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Merlo Lorenzo (EM)* (Páx. 92.) e *Sra. Romero Fernández (P).* (Páx. 93.)

O señor Losada Álvarez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 95.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa proposta que vai presentar a Xunta de Galicia ante o proceso de elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico: *rexeitada por 18 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 97.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que a interpelación que figura en primeiro lugar no correspondente punto da orde do día foi aprazada polo Goberno. (Páx. 98.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 98.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 102.) e *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 104.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 105.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 107.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D.^a Carmen Santos Queiruga, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 108.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 109.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 114.) e *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 116.)

A señora Santos Queiruga (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 117.)

A señora Vilán Lorenzo (S) pide a palabra e intervén para solicitar que se retiren determinadas expresións do discurso da señora Prado del Río que entende que afectan á dignidade dos grupos parlamentarios. (Páx. 118.)

A señora Prado del Río (P) pide a palabra e intervén para responder sobre esta solicitude. (Páx. 119.)

O señor presidente concédelles, a continuación, a palabra para intervir sobre este asunto ao señor Villares Naveira (EM) (Páx. 119.) e ao señor Puy Fraga (P). (Páx. 120.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo de viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 120.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 121.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 123.) e Sr. Fernández Fernández (S). (Páx. 124.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 126.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 127.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros Sikorsky S-76 C+, coñecidos como Pesca I e Pesca II, polos Dauphin 365 que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 129.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Toja Suárez (S). (Páx. 129.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 133.) e Sr. Merlo Lorenzo (EM). (Páx. 135.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. López Crespo (P). (Páx. 136.)

A señora Toja Suárez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entrementres dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 140.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 144.) e *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 146.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 148.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 149.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 151.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 154.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 159.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o novo equipamento tecnolóxico para diagnóstico e procedementos terapéuticos instalado nos centros hospitalarios do Sergas a través do socio tecnolóxico. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 161.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 162.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 164.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 166.)

Suspéndese a sesión ás oito e catro minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Imos dar comezo á sesión.

Bos días.

Comezamos a sesión co punto 1 da orde do día, textos lexislativos.

Non se xustificaron inasistencias. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*.

Comezamos co punto 1, texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, os socialistas galegos —como imaxino que o conxunto do país— queremos nesta primeira intervención, que me corresponde a min pola orde do día, manifestar a nosa solidariedade e o noso cariño cos veciños e amigos portugueses ante a enorme traxedia que están vivindo. Ademais, deberíanos levar a reflexionar sobre dúas cousas básicas: a importancia de manter políticas públicas fortes e continuadas no tempo en relación coa loita contra o cambio climático e en relación coa xestión dos montes e coa prevención dos lumes forestais. (*Aplausos*.) Eu creo que 67 falecementos é un tremendo drama humano; falecementos próximos idiomática, cultural e xeograficamente. Deberían servir para que nunca máis se utilizaran os lumes forestais como unha ferramenta política contra o goberno de turno. Eu era deputado no ano 2006 e asegúrolles aos que non estaban nese momento que sei de que falo.

Pasamos á presentación desta proposición de lei do Grupo Socialista na que se mesturan estas dúas cuestións das que falaba en relación co drama portugués, aínda que de maneira é verdade que tanxencial: a primeira, a política enerxética e a política medioambiental, que en realidade son dúas caras da mesma moeda, son dous elementos que claramente teñen que ir no contexto actual da man, que teñen que formar parte dunha planificación pública, forte e contundente. Lamentablemente, temos o exemplo dos Estados Unidos, que abandona dunha maneira absolutamente inexplicable esta loita. E, afortunadamente, todo parece indicar que o resto do planeta practicamente no seu conxunto e, dende logo, a Unión Europea se manteñen nesta liña de actuación.

Hai un elemento básico no mercado eléctrico, e é a regulación. A pesar dos discursos de carácter ideolóxico e político, estamos falando dun mercado que dista enormemente de ser o que se entende como un libre mercado sen barreiras de acceso; e, polo tanto, isto fai que a dimensión política sexa moi relevante.

Nos últimos vinte anos neste país, no Estado español, gobernamos o Partido Popular e o Partido Socialista Obreiro Español. Probablemente —e falo do que me corresponde a min— houbo erros de regulación, pero aquí imos falar de cambiar leis, e imos falar, polo tanto, de leis que foron promulgadas por un determinado goberno. E eu quero recordarlles, señores deputados, as dúas leis que artellaron o que foi a pretendida transición ou a libre competencia do mercado eléctrico, dun sistema que tiña unha asignación territorial absolutamente pechada: a Lei do sector eléctrico do ano 1997 —governaba o señor Aznar— e a Lei do sector eléctrico do ano 2013 —governaba o señor Rajoy—. Non quero distribuír culpas nun mercado que, obxectivamente, non funciona ben, e basta con ver os datos: dende a crise, dende o ano 2008 ata o ano 2016, a demanda de enerxía eléctrica baixou un 5 % e o prezo medio da enerxía de consumo doméstico subiu un 60 %. Polo tanto, todo ese discurso de axustar vía prezos oferta e demanda indubidablemente non funciona.

Nos manuais de economía é moi fácil saber por que non funcionan eses mecanismos de axuste. Non funcionan porque hai ou regulacións mal feitas ou unhas estruturas oligopolísticas que non permiten unha asignación eficiente de oferta e demanda. E eu quero darlle o dato, porque creo que é moi relevante, da porcentaxe da distribución —insisto, da distribución, se falamos da produción, a porcentaxe sería aínda maior— que concentran as tres maiores empresas eléctricas deste país, que son Endesa, Iberdrola e Gas Natural-Unión Fenosa —o 96 % da distribución—. Por iso, cando aos responsables económicos destas empresas lles escoitamos dicir que o mercado enerxético está moi lonxe de ser un oligopolio, ou nos movemos na tomadura de pelo ou nos movemos na cuarta dimensión. Insisto, as tres distribuidoras concentran o 96 % da subministración enerxética, tanto a consumidores industriais como domésticos, neste país; polo tanto, teñen moito que dicir. E o Goberno —o que sexa— debería de ser capaz de que aquilo que teñen que dicir as eléctricas non fora en detrimento dos consumidores de maneira exclusiva, e tamén de maneira exclusiva a favor das súas contas de resultados.

Cando dicía que baixaba a demanda e aumentaban os prezos, dicía que era difícil de explicar en termos de razoamento económico. Se ao lado digo que estas tres empresas tiveron aproximadamente 6.000 millóns de euros de beneficios, indubidablemente sabemos do que estamos falando. Estamos falando dun mercado —por chamarlle dalgunha maneira— regulado claramente en favor dun dos axentes económicos; uns axentes económicos que teñen unha serie de vantaxes que coñecemos —das que temos debatido neste Parlamento durante moito tempo— e que indubidablemente están relacionadas, por unha parte, coas barreiras de entrada —evidentemente, no ámbito da produción enerxética é obvio, pero tamén xa vemos que no ámbito da distribución— e, por outra parte, tamén están claramente relacionadas cunha regulación moi favorable.

E disto é exactamente do que queremos falar, de mudar as leis para que, efectivamente, sexa o corpus lexislativo quen vaia pouco a pouco definindo as posicións relativas de produtores de enerxía e de consumidores de enerxía. Non diría eu que é unha loita de clases porque soa «antigo» e marxista —antigo entre aspas, dígoo para non...; en fin, era unha figura retórica, non vaia ser que haxa...—, pero si que, evidentemente, é unha loita de intereses; é claramente unha loita de intereses, e o exemplo concreto da modificación desta lei con máis razón.

Pretendemos modificar a Lei 24/2013, do 26 de decembro, e pretendemos facelo porque herda unha situación creada —como dicía— con anterioridade, no ano 1997, coa Lei do sector eléctrico do señor Aznar, na que se contemplaba a posibilidade de integrar na parte regulada da tarifa todo tipo de impostos de carácter medioambiental ou de produción eléctrica de ámbito non estatal, de ámbito autonómico ou municipal. Era unha potestade do Goberno. Estabamos na época de «*España va bien*», estabamos na época dunha certa exuberancia económico-financeira, que unha parte dela acabou en *Soto del Real Corporation*, (*Aplausos.*) pero que, bueno, en realidade, formaba parte dun estado económico, político e social importante. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, bueno...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Hombre, «cojones» suena un poco grosero dicho por ti, así, ¿no? Me pareció. ¿Nadie lo dijo por ahí? ¡Lo soñé! (*Murmurios.*) Vale, vale, vale. (*Murmurios.*) Si, bien.

Bueno, en todo caso, referíame, efectivamente, a *Soto del Real Corporation* porque aínda onte aparecía nos medios de comunicación que non só montaban chiringuitos fraudulentos fóra do cárcere senón que tamén os montan dentro. Co cal, hai unha pulsión natural aos chiringuitos fraudulentos. (*Aplausos.*)

E si que ten que ver; ten que ver moito do que estamos falando cos chiringuitos fraudulentos, non sei se con *Soto del Real* ou con algunha outra institución penitenciaria. E ten que ver porque foron os gobernos do Partido Popular os que con todas estas artimañas —primeiro, a Lei de 1997; despois, o Real decreto de estabilidade orzamentaria do 2012; e, despois, a Lei do 2013, do sector eléctrico— pasaron de algo que era un consenso xeneralizado nos países occidentais, que é que «quen contamina paga» a «paga quen sofre a contaminación». E isto ou é un erro conceptual —que me custa traballo crer que o sexa— ou hai intereses económicos moi importantes no mesmo. E dá a sensación de que hai intereses económicos moi importantes no mesmo porque hai amnistías fiscais que o propio Tribunal Constitucional condena, hai papeis de Panamá nos que aparece o ministro de Industria dun Goberno de España..., en fin, hai todo un caldo de cultivo metodolóxico que, lamentablemente, gústelles ou non lles guste aos deputados do Partido Popular, acaba en *Soto del Real Corporation*. E, polo tanto, disto é do que queremos falar.

E no Goberno autonómico, no Goberno galego, establécense impostos de carácter medioambiental, un canon eólico, outro sobre o dano ambiental da auga encorada e outro sobre contaminación atmosférica. Efectivamente, esta potestade do Goberno, que é recollida na Lei do ano 2007 e que no Real decreto do ano 2011 se converte en obrigatorio é recorrida. Hai todo un partido case de ping pong, de denuncias e de sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional. E, en realidade, o que acaba acontecendo é que se obriga o Estado a introducir nesas cotas, nesas peaxes de acceso, estes impostos de carácter medioambiental autonómico ou local.

Estamos falando de cantidades relativamente importantes. O canon eólico recada cada ano en torno a 23 millóns de euros en Galicia. Se a este sumamos o dano ambiental da auga en-

corada e a contaminación atmosférica situámonos en preto de 40 millóns de euros anuais. E, polo tanto, temos unha cantidade importante de fondos que —volvo repetir— serán trasladados de «quen contamina» a «quen sofre a contaminación». Eu creo que esta é a idea dos lexisladores que, indubidablemente, pretendemos modificar con esta proposición de lei.

Entendemos, primeiro, que é discriminatorio porque isto significaría que un consumidor enerxético, un veciño de Carballeda de Valdeorras, pagaría no seu recibo eléctrico por unha enerxía que probablemente se consuma no concello de Ponte de Domingo Flórez, que é o concello limítrofe da Comunidade de Castela-León; e os consumidores de Castela-León, que non sofren os encoros do sistema do río Sil, non terían que pagar ese sobrecusto. Polo tanto, en termos territoriais, en termos diso que tanto falan vostedes de igualdade de mercado —que eu comparto, insisto—, para que non haxa alteracións medioambientais —que eu comparto—, dista moito de reforzar esa posición de unidade de mercado.

Evidentemente, vai tamén en contra da autonomía tributaria das comunidades autónomas. E neste caso o señor Núñez Feijóo non sabe non contesta. Había un prazo do Tribunal Supremo de tres meses para subministrar información e para que, polo tanto, o Goberno de España incorporara na tarifa regulada eses custos. É verdade que a Comunidade Autónoma non respostou, non deu información, pero tampouco se posicionou en termos políticos —insisto, en termos políticos, porque é verdade que as sentenzas hai que cumprilas—, pero cando as sentenzas están fundamentadas en leis inxustas o que hai que facer é cambiar as leis, parece un elemento bastante razoable.

Polo tanto, neste contexto —insisto— de absoluta discriminación para as comunidades autónomas que sofren os custos medioambientais da produción de enerxía eléctrica —que, por suposto, non é unicamente Galicia, en absoluto—, e trasladar precisamente aos consumidores desa comunidade autónoma estes sobrecostos, cando hai comunidades autónomas moi deficitarias en termos enerxéticos, é dicir, que consomen moito, moitísimo máis do que producen e que, polo tanto, non teñen que asumir esa tarifa, é o marco xeral no que presentamos esta proposición de lei. Trátase de modificar exclusivamente dous artigos da Lei 24/2013, de suprimir o artigo 16.4, de suprimir o artigo 17.6 e de modificar no artigo 17.7 as referencias da incorporación de impostos medioambientais aos custos regulados.

Creemos que isto nos sitúa en termos legais nunha posición moito máis estable, que nos permite non estar xogando ao gato e ao rato co Ministerio de se subministramos ou non a información, etc., que nos permitiría unha situación de igualdade ante os impactos da produción e do consumo de enerxía nas distintas comunidades autónomas e, desde logo, permitiríanos a todos avanzar un pouco —digo un pouco— na transparencia do mercado eléctrico e da facturación da enerxía eléctrica para os consumidores.

Nesta época de posverdade, *o de hechos no contrastados*, teño un titular do ministro Nadal —que é verdade que algo mellorou respecto do anterior; eu creo que, polo menos, unha mínima sensibilidade medioambiental mostra no seu discurso, todo hai que dicilo— que di: «*El ministro descarta subidas de la luz en Galicia al no prever la refacturación por el canon eólico*». Claro, el non prevé a refacturación. A refacturación é subida porque, evidentemente, non vai ser ningún outro escenario, pero o que si é certo é que obvia absolutamente unha

sentenza —insisto, señoras e señores deputados— que obriga a cumprir unha lei. Polo tanto, a mellor solución para evitar esta discriminación en Galicia é cambiar a lei, e como parece absolutamente razoable facelo dende unha comunidade excedentaria na produción de enerxía, como é a galega —enerxía que, ademais, se produce cun forte impacto medioambiental, tanto a hidráulica como a eólica ou a térmica—, espero ter o apoio maioritario desta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e todas.

Como non podería ser doutro xeito, desde o Bloque Nacionalista Galego tamén queremos que as nosas primeiras palabras sexan de afecto e solidariedade para o noso pobo irmán portugués nestes duros momentos, (*Aplausos.*) así como tamén para todas as persoas dos arredores de Melón, que ata o día de onte á última hora estiveron moi preocupadas por un terrible incendio de máis de 150 hectáreas, e tamén para todos os traballadores e traballadoras do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios da provincia de Ourense, que en menos de media hora estarán concentrados contra as políticas temerarias de recortes deste goberno irresponsable da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

Indo ao tema, señorías, sabido é que desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que o acceso á enerxía eléctrica é un dereito básico. «Ninguén pode discutir, nin sequera o fai a lei que hoxe o Partido Socialista propón modificar, que a día de hoxe a actividade humana non pode entenderse sen a súa existencia.» E isto que acabo de dicir son palabras literais do preámbulo desta lei, porén estamos a falar de modificar un aspecto concreto dunha lei que nin sequera, a diferenza da anterior do 1997, considera a electricidade como un servizo esencial. Indo de mal en peor, no 2013, cando se tivo a oportunidade de reformar esta lei, desaproveitouse; desaproveitouse unha oportunidade de considerar a electricidade como un ben público e consolidouse esa concepción capitalista da enerxía como unha actividade de interese fundamentalmente económico; unha concepción absolutamente mercantilista que con esta lei avanzou na oligopolización e recentralización do sector, un sector que pacta prezos e que pacta condicións a espaldas das consumidoras. E isto traducíuse —e podemos velo ao fío do debate que nos trae hoxe aquí— tanto nunha maior vulnerabilidade para as persoas usuarias como nunha menor capacidade de intervención para as comunidades, que vimos absolutamente reducida a nosa marxe para exercer o noso limitado poder político neste corsé estatal e autonómico.

En suma, apostouse daquela, como era de agardar, por non blindar os dereitos das persoas consumidoras e por facelo tamén de forma consciente e en contexto de crise. Efectivamente, desde o Bloque Nacionalista Galego a iso chamámoslle loita de clases, señor Losada. (*Aplausos.*) Agora vemos algunhas das súas consecuencias, que agravan a situación.

A respecto desta proposta que este partido nos trae hoxe aquí, o noso voto vai ser positivo. Non podería ser doutro xeito xa que nós mesmos temos feito propostas moi similares, mediante a formulación de proposicións non de lei, precisamente para suprimir estes artigos e así blindar un dereito e eliminar os riscos canto aos suplementos territoriais. Nós entendemos que é obvio que á vista das demandas das operadoras, das sentenzas do Supremo, así como dos requirimentos por parte do Goberno central, cabe agardar —só non agarda o Partido Popular— unha subida da factura eléctrica; unha suba que terá repercusións para as persoas consumidoras nun contexto moito máis complexo, onde tamén incidirán outros factores como esta vaga de calor que estamos a atravesar ou como, por exemplo, a vaga de frío que atravesamos a comezos de ano, ou outros factores como as posibles repercusións desa suba do canon hidráulico estatal, que non sabemos aínda que ten pensado o señor Rajoy a respecto diso, se sacalo dos orzamentos estatais do Estado a modo de subvención encuberta, se permitir que suba vía aumento da factura, ou se xa, como di o señor Rajoy que «canto peor, mellor», permitir ambos atracos á man armada.

En todo caso, centrado neste risco concreto de suba da factura eléctrica, curiosamente o Partido Popular nega, a través dos seus voceiros parlamentarios e dos seus representantes gobernamentais neste propio Parlamento, que isto vai afectar a Galiza. Non apoiaron, de feito, esas propostas ás que eu me refería antes, que lanzou o Bloque Nacionalista Galego no seo da Comisión de Industria, para garantir a blindaxe diante dos impostos a través destes suplementos territoriais.

Non sabemos se hoxe pensan rectificar ou facer algún tipo de lavado de cara, pero, en todo caso, sempre que vemos esa parella de baile do sector eléctrico e do Partido Popular, pois, como mínimo, cabe desconfiar e estar alerta.

Nós queremos insistir, ademais, aproveitando esta intervención, noutro factor. Estamos a centrarnos moito nas repercusións de elementos como o canon eólico e estamos deixando de lado outro aspecto que si recolle esta lei, tomándoa na man, e que ademais no último ano e medio ten tido bastante acollida no noso país, que é todo o referido a eses impostos, suplementos territoriais locais, que están a lanzar moitos dos concellos mediante taxas locais ao sector eléctrico, tamén concellos do Bloque Nacionalista Galego. Non estamos exentos/exentas de que as propias eléctricas acudan aos tribunais para poder recuperar tamén, vía factura eléctrica, esta carga impositiva.

Por iso, non hai máis que argumentos diante da Mesa para que hoxe academos un acordo e lancemos unha mensaxe contundente dende o poder lexislativo ás eléctricas: que non imos permitir este abuso e que non o imos permitir menos aínda nun territorio que é excedentario, porque isto é xa o auténtico disparate e a vida do revés. Xa non só Galiza non se beneficia de ser produtora excedentaria de enerxía e de ter o impacto ambiental e antidemocrático que non escolleu ningún galego nin galega, senón que, aínda por riba de burros, apaleados e apaleadas. Tal é o disparate, que acabariamos pagando máis na factura eléctrica que algunha outra comunidade que non ten estas características. Por iso, como digo, imos votar favorablemente, pero non queriamos deixar de facer algunha matización tamén.

Cómpre recordar que os artigos que se propón suprimir xa estaban recollidos na anterior lei do sector eléctrico do 1997 mediante algúns outros puntos. E esta lei do Partido Popular puido ser modificada polo Partido Socialista do Goberno do Estado, porque eu era moi nova ou non nata, pero entre Aznar e Rajoy xuraría que algún presidente con maioría absoluta do Partido Socialista pasou polo Goberno do Estado. É certo que tanto a lei do 1997 como a do 2013 contemplaban esta previsión de carga impositiva como unha opción e non como unha obrigatoriedade até o Decreto de 2012, pero tampouco é menos certo o paradoxo que podemos atopar se revisamos ese trámite parlamentario e as emendas a esa reforma. Daquela, o Bloque Nacionalista Galego, en coherencia co que eu estou defendendo nesta Cámara, defendía precisamente a súa supresión e alertaba do que podería acontecer. Pola contra, o Partido Socialista non só non pedía a súa eliminación, senón que, aínda reforzaba o texto, mesmo mantendo a obrigatoriedade deste suplemento, algo que tamén facía o Partido Popular. Neste sentido, hai que recordar que o proxecto de lei orixinal recollía a obrigatoriedade dos suplementos, que só despois do trámite parlamentario quedou como unha posibilidade; unha posibilidade que despois, pola porta de atrás, o Goberno do Partido Popular impuxo para todos e todas.

En todo caso, nós aplaudimos a rectificación da liña estatal do Partido Socialista e agardamos que o Partido Popular faga o mesmo hoxe nesta Cámara. Ademais, gustaríame lembrar que, xa que estamos vendo unha situación na que vemos algo inxusto e, polo tanto, demandamos unha modificación da Lei do sector eléctrico, pois deberíamos colectivamente perder o medo a demandar tantas outras modificacións deste inxusto sector eléctrico que afoga o noso país. Non en balde, cando esta lei se aprobou, moitas das organizacións políticas aquí presentes —daquela na oposición— asinamos un compromiso de derogación desta lei *ad futurum* cando a maioría parlamentaria o fixera posible. Entendo que iso ten a súa complexidade, que hai que xerar unha alternativa cando derrogas unha lei, pero o que si poderíamos facer colectivamente é implementar máis melloras a respecto deste marco legal.

Falaba antes de que en 2013 se perdeu unha oportunidade de intervir realmente sobre este oligopolio. Pois agora na Galiza de 2017 estamos diante doutra oportunidade; esa oportunidade para os galegos e galegas que representa esa iniciativa lexislativa popular en trámite contra a pobreza enerxética e a prol dunha tarifa eléctrica galega. Entón, se podemos razoar que o máis beneficioso para o noso país é a supresión destes artigos concretos que nos trae o Partido Socialista hoxe, ¿por que non atrevernos a reformar e a modificar aquel outros que impiden pola vía legal que poidamos desenvolver as nosas capacidades e ter unha política enerxética galega e propia?

Eu convido a todas as forzas aquí presentes a que sexamos máis ambiciosos e ambiciosas, a que non nos conformemos simplemente coa desaparición destes puntos e con salvagardar a non imposición dos suplementos territoriais. Estamos aquí agora xogándonos moito máis. De momento, ningún dos ponentes que pasaron a comparecer pola Comisión 6ª dixeron que non era posible establecer unha tarifa eléctrica galega para o noso país; unicamente aduciron o peso da lei estatal e do férreo control que exerce sobre as diversas comunidades. Pero á vista de que o que hoxe debatemos evidencia que é unha absoluta mentira que exista unha tarifa única no Estado e que esteamos en disposición de ser aínda por riba penalizados cunha factura superior por sermos produtores, pois é ben lóxico que estamos no momento de ser valentes, de atrevernos cunha modificación máis ampla e de poder desenvolver unha política

enerxética de noso na que non só os impostos que establezamos pola produción eléctrica non repercutan nas persoas consumidoras, senón que aproveitemos outras moitas potencialidades que, por culpa do Estado e da complicidade de quen desde Galiza lles segue a súa comparsa, non están a ser posíbeis de momento, con terribles consecuencias.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Como non podía ser doutra maneira, o Grupo de En Marea traslada toda a súa solidariedade co pobo irmán portugués e con todas as familias das vítimas afectadas polos incendios dos últimos días.

Imos falar hoxe da lei de todas as leis, da nai de todas as leis, por iso espero que me presten un pouco de atención.

A Lei do sector eléctrico, a famosa 24/2013, do ministro Soria —o ministro acusado de fabricar probas en conivencia cun xuíz presuntamente corrupto para eliminar unha rival política—, é un auténtico máster de como espoliar toda a cidadanía a través dun servizo público de primeira necesidade. Debería de estudarse realmente en todas as universidades. É a culminación *cum laude* da filosofía iniciada polo señor Solchaga, que dixo: «A mellor política industrial é a que non existe». ¿Para que dedicarnos a innovar, a fabricar cousas, se podemos facernos ricos co espolio dos bens de primeira necesidade, como a electricidade, a auga, as telefonías, a sanidade privatizada, etc.?

O negocio da electricidade en España é, sen dúbida, un dos máis rendibles do mundo; todos os informes económicos o ratifican. Son as propias empresas as que fixan os prezos tendo en conta uns custos que elas mesmas determinan. O cidadán só sabe canto ten que pagar cando chega o recibo á casa. Asociacións de consumidores reclaman aos distintos gobernos que se fagan auditorías públicas para coñecer os custos reais de produción, distribución e comercialización, pero as compañías negáronse e ata agora a Administración non quixo exigir que estes sexan públicos e transparentes.

As emendas que presenta o Grupo Socialista son un pequeno parche nesta lei espoliadora. Evidentemente, os artigos que se plantexa suprimir son xa o colmo da defachatez. Fan pagar aos consumidores dunha zona afectada polas externalidades negativas inherentes á produción de electricidade e sorprendentemente aquí quen contamina non paga, senón que cobra. Realmente, parece esperpéntico, pero está negro sobre branco nesa infausta lei. Por isto, votaremos a favor de suprimir eses artigos da lei.

Pero isto non soluciona o problema, xa que o artigo 13.5 da lei deixa claro que calquera incremento de gasto ao sistema, como serían neste caso os impostos medioambientais ou as

taxas municipais polo uso do espazo público polas liñas eléctricas, terá que ser compensado cun incremento de ingresos. E, por suposto, as compañías eléctricas, se non se permite cargar estes gastos aos consumidores, como di actualmente a lei, pediránllo ao seu grande protector e cómplice, é dicir, ao Estado; e todo polo ben e a estabilidade do sistema.

En resumo, que o pagariamos dende os orzamentos xerais do Estado, o pagariamos de novo toda a cidadanía. Pero as compañías eléctricas e os gobernos de turno non din —ocultan— que hai outra maneira de manter o equilibrio presupostario do sistema, e viría pola redución doutros custos absolutamente escandalosos. É aquí onde está o cerne do problema e será a base dunha proposta de lei de En Marea para unha reformulación completa desta lei e as anteriores, que levan permitindo que se rouben miles de millóns de euros a todos os españois, todos os anos, desde hai décadas.

Vou enumerar soamente os máis importantes, porque non vou ter tempo para todo o que supón, pero, de verdade, recomendaríalles que leran esta lei; son noventa páxinas verdadeiramente impresionantes.

Primeiro punto: remuneración á distribución. Supón máis de 5.000 millóns de euros ao ano, calculados, como na maioría dos casos de todo o que implica a lei, só cos datos que aportan as distribuidoras do oligopolio. Non só exixiremos unha auditoría do custo real, senón que nos parece imprescindible levar este monopolio natural ao control público, como xa se fai co transporte de electricidade e seguindo o que fan a maioría dos países europeos, o último Holanda, que no ano 2015, co beneplácito da Unión Europea, asumiu o control público da xestión da distribución eléctrica.

Moratoria nuclear. Auditaremos todos os pagos realizados, que, baixo o noso criterio, sobrepasaron con creces o custo real; o custo para todos os consumidores españois foi de 6.000 millóns de euros.

Anualidades do déficit de tarifa en toda a súa historia, un auténtico invento moi creativo que vai custarnos aos españois e aos galegos máis de 30.000 millóns de euros.

Retribucións á produción hidráulica e nuclear —os chamados comunmente beneficios caídos do ceo—, instalacións de produción totalmente amortizadas, e, ademais, solicitaremos a súa retirada das subastas do mercado diario e intradiario e que non formen parte das subastas marxinais para fixar o prezo da enerxía, como se fai tamén na maior parte dos países europeos.

E aquí vou facer —para a xente que nos ve pola televisión e tamén para as señoras e señores deputados— un pequeno exemplo de andar pola casa. Isto é como se nós imos a primeira semana do mes a unha grande superficie e compramos a grande compra do mes, despois o día 10 olvidóusenos unha cousa e imos ao supermercado e compramos esas cousas, que evidentemente son un pouco máis caras que o mesmo que compramos na grande superficie comercial, e finalmente o día 28 pois temos que ir sorprendidamente un domingo a unha tenda destas 24 horas, onde os prezos son normalmente o 20 % por riba do que pagamos normalmente por calquera produto.

Pois este é o sistema que se desenvolve no sector eléctrico: entra a produción máis barata —a nuclear, a eólica e a hidráulica— e despois van entrando o resto de sistemas de produción, cada vez máis caros. Cando se chega ao final, cando a produción iguala a demanda, que é o que ten que facer o sistema, a todo o que se vendeu anteriormente aplícaselle o prezo da última puxa da subasta; é dicir, que a nós, no caso anterior, se nos exixiría que pagáramos a diferenza de prezo do que pagamos na tenda 24 horas do que compramos no supermercado e do que compramos na grande área comercial. Ou sexa, todos os meses teríamos que aboar a esa grande área comercial e ao supermercado a diferenza entre o que nos cobraron e o que nos custou o último que compramos por un prezo máis alto. Un verdadeiro despropósito.

E imos agora co punto máis asombroso e escandaloso, que son os chamados «custos de transición á competencia», recoñecidos ás eléctricas pola Lei do sector eléctrico, aprobada polo señor Aznar en 1997. Penso que ata o mesmo Milton Friedman debeu quedar abraiado de onde podían chegar os seus alumnos avantaxados do Partido Popular e algúns tamén do Partido Socialista, como o señor Solchaga. Derivan directamente do proceso liberalizador. Nas negociacións previas, as eléctricas reclamaron os seus dereitos adquiridos. Dixeron: eu gastei moitos millóns en construír centrais nucleares ou de ciclo combinado, facendo cálculos de recuperar o investimento en trinta ou corenta anos, e agora vén vostede liberalizar o sector e o prezo da electricidade vai baixar moitísimo e vou perder parte do investido.

As empresas estimaron en arredor de 56.700 millóns de euros os custos de transición á competencia, pero, con esta teórica liberalización do sector, ocorreu xustamente o contrario: os prezos da electricidade non deixaron de subir, desde o primeiro momento ademais. Polo tanto, as eléctricas non só non terían que cobrar nada, senón que deberían devolver o diñeiro ao Estado ou telo empregado para baixar o prezo do recibo ou compensar taxas, como as que hoxe tratamos, por impacto ambiental, paisaxista ou de uso do dominio público. Pero durante estes vinte anos non fixeron nin o un nin o outro, directamente quedaron coa pasta, co beneplácito de todos os políticos turnistas nos seus consellos de administración, que levan unhas remuneracións á parte deste diñeiro.

Estas remuneracións están denunciadas diante dos tribunais da Unión Europea para ser consideradas axudas de Estado e que sexan devoltas ao sistema. Se se consegue —que nós esperamos que si—, poderá supoñer unha baixa inmediata do 10 % no recibo da luz, que podería manterse durante polo menos os quince anos que faltan para compensar estes chamados custos de transición á competencia.

Tamén un exemplo de andar pola casa. Imaxinemos que o leite se considera un ben público de necesidade imprescindible para a poboación e o Estado dilles aos gandeiros: tedes que vender obrigatoriamente o leite, pero, como o mercado vos vai pagar 20 céntimos por litro, eu vou compensar con 5 céntimos todos os anos todos os litros que vendas, co cal cobrarás 25 céntimos, que é o que ti, o produtor, dis que custa producir o leite. Ponse en marcha esta disposición e resulta que o leite xa non se vende a 20 céntimos, véndese a 30. Claro, ¿que sería o normal? Que o Estado lle dixera ao produtor de leite: mire, como se está vendendo a 30 e a vostede lle custa 5, non o vou compensar nada, xa gaña vostede de sobra. Pois non, os custos da transición á competencia dinlle que, aínda que durante todos os anos, e moito máis agora —imaxínade: o prezo que se marcaba como referencia era 30 euros

megavatio/hora e agora estanse a pagar entre 60 e 90 —, ademais de que xa están ganando moitísimo máis de todo o que podía imaxinar, o Estado séguelles pagando ese diferencial da teórica perda que ían ter por trasladarse á competencia. Absolutamente demencial.

Esta, en realidade, é a maior estafa que hai en España nestes momentos. É unha estafa que, se se recuperara todo ese diñeiro, se se auditaran todos os custos, podería financiar de sobra moitos dos déficits que temos na educación, na sanidade e en moitos outros sectores. Pero o sector eléctrico, como todos sabemos, moito máis incluso que a auga...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...incluso que a telefonía —que si, de verdade, tivo unha pequena incorporación á competencia—, é intocable. E ¿por que é intocable? Todos vostedes o saben. Só hai que mirar quen está nos consellos de administración das compañías.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Como non podía ser doutra maneira, expresar tamén dende o Grupo Popular as nosas condolencias e solidariedade cos nosos veciños portugueses. Solidarizámonos tamén con todos os efectivos e bombeiros voluntarios que están a traballar sen descanso nestes terribles incendios e tamén con todos os medios que enviou o Estado español para axudar a intentar erradicar os fogos canto antes. (*Aplausos.*)

Volvendo á cuestión, señor Losada, paréceme moi ben a longa exposición de motivos que fai vostede nesta iniciativa, sobre todo moi detalladamente dende o ano 2012, pero cun pouco máis de vacío dende o ano 1997 ata o 2012. Mire, señoría, ¿que pasou en todos eses anos? Dende 2004 a 2011 gobernaron vostedes. Polo tanto, penso que algún tipo de responsabilidade si teñen cos problemas do sector eléctrico.

A vostedes non lles gusta que falemos do Bipartito ou do Goberno do señor Zapatero, pero é que, mire, neste caso é necesario comprender cales foron os motivos que levaron o Goberno do Partido Popular en 2013 a aprobar esta lei e facelo nas condicións en que se fixo.

Efectivamente, estivo en vigor dende 1997 ata 2013 unha Lei do sector eléctrico, porque vostedes non foron capaces de definir unha política enerxética axeitada. Na primeira parte do mandato do señor Zapatero —anos de bonanza— recibiron as arcas cheas do Goberno anterior do Partido Popular e a política enerxética do Goberno socialista consistiu en incrementar dende o ano 2005 en máis dun 300 % os custos das actividades reguladas do

sistema eléctrico, en especial nas partidas que correspondían ás primas por enerxías en réxime especial.

Señor Losada, no ano 2013, cando se aprobou a lei, as previsións de custo do sistema eléctrico eran de arredor de 22.500 millóns de euros, cuns ingresos de tan só 18.000 millóns de euros, diferenza principal froito de decisións políticas erradas do pasado. Neste Parlamento só escoitei que iso do déficit da tarifa é unha invención das eléctricas, que é unha farsa, que non é verdade, que as compañías eléctricas teñen beneficios. Entón, ¿por que hai déficit de tarifa? ¡Oían!, se falan con esa rotundidade e seguridade, deberían levalo aos tribunais, porque entendo que hai funcionarios das administracións que non se deixan enganar así tan facilmente. Entón, as grandes empresas eléctricas menten sobre os custos e o Goberno e todo o persoal competente que hai, por sorte, nas nosas administracións o cren, así, sen máis. Será que non é como vostedes din, señores da Marea. Mire, non nos gustan os seus modelos, nin a nós nin á maioría dos galegos.

Volvendo ao tema, señor Losada, a principal finalidade da Lei de 2013 resumíuse en catro obxectivos: o primeiro era que os ingresos do sistema eléctrico deberían ser suficientes para sufragar os custos das actividades reguladas do sector; segundo, establecer unha regra de estabilidade económica e financeira, mediante un sistema automático de revisión de peaxes; terceiro, limitar a introdución de novos custos no sistema, se non fosen acompañados de ingresos equivalentes; e cuarto, que aqueles sobrecostos xerados polas autonomías ou por concellos e que non afecten a xeneralidade do sistema terían que ser sufragados polos consumidores das zonas correspondentes. E é aquí onde vén a súa reclamación, obxecto desta proposición.

Pero vou poñelos en antecedentes unha vez máis. Na Lei de 1997 os suplementos territoriais eran opcionais, e si, un tempo, arredor dun ano, por un decreto do ano 2012 foron obrigatorios, mentres non se aprobou a Lei de 2013, en que volveron facerse outra vez de novo opcionais. E agora vostedes aquí o que solicitan é que se modifique a dita lei e que se retiren dela. Pero é que, mire, a hemeroteca é traizoeira, e non sei se isto é un erro conceptual ou é que vostedes, señorías, cando se tramitou esta lei, pediron coas súas emendas que non só non se quitasen os suplementos territoriais, senón que o que vostedes pediron é que fosen obrigatorios. *(Aplausos.)*

Señoría, mire, as emendas 287 e 293, correspondentes aos artigos 16 e 17, estes que vostedes piden derrogar agora mesmo, substitúen a frase do texto da lei «*se podrá incluir un suplemento territorial*» por «*se incluirá un suplemento territorial*». E na exposición de motivos de ambas as emendas dicían —leo textualmente, señoría—: «*Es necesario volver a la obligatoriedad de incluir en los peajes o cargos los suplementos territoriales que correspondan, en los casos de impuestos autonómicos, sobre las actividades o instalaciones eléctricas. No es razonable que se traslade a todos los consumidores bien en los costes de las actividades reguladas reconocidas en los peajes de acceso o bien a través del precio del mercado libre. Una decisión de este tipo adoptada en el ámbito autonómico afectaría al conjunto de consumidores en el ámbito nacional, en términos que no resultarían justificados. Por ello, parece lógico que sean los ciudadanos de las comunidades autónomas quienes asuman una decisión de su Gobierno.*»

Isto era o que vostedes dicían, señor Losada, e escribían nas súas emendas da Lei do 2013. Dígame: ¿como se entende o que pide vostede agora aquí? Vostedes dicían que había que

facen tales suplementos territoriais obrigatorios cando aprobaron esta lei no Congreso. Pero, finalmente, tras rexeitar as súas emendas, deixáronse na lei, como dixen antes, de forma opcional.

Señor Losada, nós non compartimos que estes suplementos teñan que ser obrigatorios, nin tampouco a idea do Grupo Socialista. Entendemos que o Estado se reserve a posibilidade de supervisar a fiscalidade sobre a actividade regulada do sector eléctrico, xa que hai que garantir a sostibilidade económico-financeira do sector e —repítolles, señores deputados— evitar situacións do pasado que nos levaron a deber 26.000 millóns de euros, unha hipoteca insostible que pagamos todos.

Mire, nesa lei tan criticada establécese unha rendibilidade razoable para cada instalación dun 7,5 % e uns recortes, por tanto, anuais ás compañías de cerca de 2.000 millóns de euros. ¿Que fixeron vostedes, señoría, no sector eléctrico? Dígollo eu: inflar a burbulla, e despois, cando xa non daba para máis, tivo que chamar outra vez ao Goberno do Partido Popular para regular a situación (*Aplausos.*)

Mire, xa sei que non lles gusta falar do pasado, xa o sabemos, pero vostedes falan a diario do pasado, e métennos a todos no mesmo saco. Por iso, cando entran iniciativas que falan dunha lei do pasado, de hai uns anos, hai que remontarse ao pasado para explicala ben e non que vallan sempre os seus mantras, señorías.

E aínda hai máis. Aquí acúsasenos a diario, reiteradamente, de estar ao lado das grandes compañías eléctricas. Miren, vostedes perdoaron máis de 3.000 millóns de euros polo que cobraron de máis ás compañías eléctricas cos custos de transición á competencia. Tiñan un informe e non o sacaron, e agora saben que están prescritos, señorías, dende hai anos, e non os podemos reclamar.

Miren, os impostos medioambientais de Galicia, como o canon eólico, non gravan as actividades ou instalacións de subministración eléctrica e, polo tanto, non poden incluírse nas facturas eléctricas que pagan os consumidores galegos. O Goberno da Xunta xa trasladou ao Goberno do Estado en diversas ocasións o seu rexeitamento a incluír estes impostos na factura eléctrica, porque se entende que gravan o impacto ao medio ambiente. O Goberno galego manifestou de forma expresa a súa oposición a que estes impostos sexan incluídos nos suplementos territoriais e que sexan aboados polos consumidores ubicados en Galicia.

Miren, señorías, o Supremo en ningún momento prexulga que tributos deben ser tidos en conta e moito menos fai referencia a Galicia.

Nós non imos apoiar esta iniciativa, señor Losada, porque os impostos medioambientais galegos non gravan a enerxía eléctrica.

Mire, o Goberno do Estado está agora mesmo contribuindo a mellorar a política de transición enerxética, coa adxudicación dunha subasta de 3.000 megavatios de potencia renovable. A tecnoloxía eólica foi a principal adxudicataria da subasta, xa que é a tecnoloxía que máis cantidade de enerxía aporta de cara ao cumprimento do obxectivo 2020.

Os adxudicatarios desta subasta ofertaron co máximo desconto posible, o que supón que os novos proxectos de renovables se levarán a cabo sen a necesidade de primas adicionais ao mercado, é dicir, sen custos ningúns para o consumidor eléctrico. Moitos deses proxectos serán unha realidade en Galicia, e por suposto que xerarán emprego, como xa move agora mesmo o sector de electricidade na nosa comunidade, con máis de 30.000 empregos.

Entón, ¿como din que non recibimos nada por producir enerxía? ¿É que para vostedes, señores do BNG, non é importante a cantidade de empregos ou as retribucións que xeran tamén pola distribución ou polo transporte?

Miren, debido ao grande éxito desta subasta, xa está prevista outra para finais do mes de xullo, doutros 3.000 megavatios, que situará España nun arredor dun 20 % de penetración das renovables, tendo aínda tres anos para impulsar medidas adicionais se fose necesario.

Ademais, señorías, no pasado Consello de Ministros aprobáronse axudas por un valor de 336 millóns de euros para proxectos que favorecen a transición a unha economía baixa en carbono para entidades locais de menos de 20.000 habitantes, que seguro aproveitarán moitos concellos galegos para impulsar medidas de eficiencia enerxética e de redución de gases de efecto invernadoiro e que tamén, de seguro, xerarán emprego.

E para rematar xa, recordar que o Goberno galego segue a contribuír por suposto co aforro e a eficiencia enerxética, con medidas como o Plan de vivenda eficiente, con axudas tamén para entidades locais, ou mellorando as propias administracións. Continúa a achegar información e asesoramento para que os consumidores saiban que tipo de contrato lles resulta máis axeitado, para pagar menos, e, por suposto, coa batería de axudas para as familias con menos recursos económicos.

Dicirlles tamén que o canon eólico, tan criticado por vostedes, leva recadado preto de 160 millóns de euros a partir da súa creación, e que, como saberán, vai dirixido ao Fondo de Compensación Ambiental para os concellos que teñen estas instalacións e para os que presenten proxectos de rexeneración ambiental.

Iso non o dixo, señor Losada. Esta é a política enerxética responsable dos gobernos do Partido Popular. O demais é tratar de alarmar e confundir a poboación. Os galegos e as galegas saben o que queren, e deixárono ben claro, saben que elixiron un goberno que non os engana e que loita por que vivan coa maior calidade e estabilidade posible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Réplica. Grupo autor da proposición de lei, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, vou empezar pola orde de intervencións.

Señora Presas, pois, efectivamente, a loita de clases é un mecanismo analítico importante. Aos socialistas gústanos máis a redistribución da renda a través de impostos progresivos que permiten blindar os servizos públicos esenciais nun marco de liberdade individual. Ao mellor somos un pouco snobs, pero dende logo ese é o noso marco analítico e de actuación política (*Aplausos.*)

En relación coa intervención de En Marea, ¡home!, a verdade é que é unha pena que, podendo ter votado no Congreso dos Deputados para sacar do Goberno o Partido Popular, non o fixeran, porque entón estaríamos en condicións todos de promulgar novas leis en Madrid. (*Aplausos.*) Eu creo que tamén convén reflexionar sobre esta cuestión.

E en canto ao señor Solchaga, mire, a política económica dos gobernos de Felipe González permitiulle a este país mellorar a súa posición relativa fronte a Europa como nunca na historia económica dos dous últimos séculos e mellorar a redistribución da renda e da riqueza. Por certo, outros está por ver o que conseguen.

En relación coa intervención da deputada señora Nóvoa, voceira do Partido Popular, eu estou disposto a falar do Bipartito, dos gobernos de Zapatero, eu estou disposto a falar absolutamente de todo. Se eu o único que dixen é que as únicas leis sobre o sector eléctrico que houbo foron a de 1997, co señor Aznar, e a de 2013, co señor Rajoy. E dixen tamén que nós gobernamos oito anos e que polo tanto poderíamos telas cambiado e non o fixemos. Díxeno, creo que o dixen na intervención. Pero falo do que vostede queira.

Mire, dende logo falo dos custos da transición á competencia, que, señora Nóvoa, estaban na Lei de 1997. ¿Cal foi a competencia? ¿Ese 96 % na distribución total en mans de tres compañías, que o único que fixeron foi redistribuírse as áreas xeográficas neste país?

Está estudado dende a perspectiva periodística, política, académica, dende todos os prismas posibles. Polo tanto, os custos da transición á competencia, que o Partido Socialista non anulou cando gobernou, foron un regalo do señor Aznar ás eléctricas, e foron o fermento de *Soto del Real Corporation*. É o único que dixen, é o único que dixen. E, por certo, mantéño.

E, efectivamente, nós presentamos unha emenda á Lei do sector eléctrico do ano 2013, nun contexto económico determinado e nun momento ademais no que se estaba abrindo, (*Murmurios.*) efectivamente, si, si, porque había unha caída na recadación fiscal no ámbito estatal, no ámbito autonómico e no ámbito local, e se estaba abrindo efectivamente unha espita de que practicamente a maior parte das comunidades autónomas, como ben sabe vostede —trece de dezasete—, e moitos concellos estaban introducindo esa fiscalidade, e, polo tanto, ante a xeneralización parecíanos razoable que se incorporara. O problema é que agora estamos falando sobre un período concreto, de 2012... (*Murmurios.*) Señora Nóvoa, é así, gústelle ou non; a vantaxe da cronoloxía é que é así.

Ante esa xeneralización, no ano 2013 —e todos o sabemos— incrementáronse as cargas fiscais, tanto no ámbito municipal como no autonómico, á produción e transporte de enerxía, fundamentalmente ao transporte. E esa foi a razón de presentar esa emenda. Por certo, non sei se acertamos ou non, non sei se acertaron vostedes ou non. O que si sei é que a lei, tal

como está, significa que, en vez de quen contamina paga, paga quen sofre a contaminación, e este é un feito inescusable. Isto non mo pode rebater; pódeme dicir o que queira, pero isto é exactamente así.

Se na tarifa que pagamos os galegos se nos vai incorporar o canon eólico, a auga encorada e o outro... (*Murmurios.*) Di vostede que non, pero non sei moi ben por que di vostede que non, porque nos orzamentos non hai en ningún sitio, en ningún sitio da lei... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), non, non é verdade, porque na propia memoria dos orzamentos do ano 2017 o imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamento da auga encorada, o canon eólico e o imposto da contaminación atmosférica aparecen exactamente no mesmo paquete fiscal.

Polo tanto, vostede di que non se incorpora, pero eu quero saber en que fundamenta esa afirmación, de verdade que quero saber en que a fundamenta, porque —insisto— eu teño aquí a memoria dos orzamentos do Goberno que vostede apoia. Entón, en principio en ningún sitio aparece que non se poida incluír.

E eu o que digo —e o que mantemos— é que non é razoable que se pague máis pola enerxía no lugar onde se produce fronte ao lugar onde se consome, cando, aínda encima, os consumidores hipoteticamente deberían de asumir uns custos de transporte e de perdas enerxéticas, que, como vostede sabe, existen.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

De todas maneiras, o que teñen que explicarlles aos galegos dende o Partido Popular é cal é a razón de votar en contra desta proposición de lei que permitiría non incrementar a factura que paga polo consumo de enerxía eléctrica. E, dende logo, se non é facerlles un favor ás compañías eléctricas, por favor dígnannos cal é a ONG afortunada que recibe estes fondos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación da toma en consideración da proposición de lei.

Péchanse as portas e procedemos á votación.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto segundo da orde do día.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para facer balance da actividade educativa en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a intervención ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, señor Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, esta semana é significativa no eido educativo, porque remata a actividade lectiva nos máis de 1.100 centros educativos públicos existentes en Galicia. Por este motivo, entendemos acaído comparecer nesta Cámara cun dobre obxectivo: o primeiro é facer un exercicio de rendición de contas, avaliando o feito neste curso escolar; e o segundo —¿por que non dicilo?— é impulsar unha reflexión conxunta sobre o futuro do ensino non universitario e, dadas as actuais circunstancias normativas, tamén no conxunto do Estado.

¿Que significa render contas? Pois significa informar e demostrar que os compromisos adquiridos coa comunidade educativa para o curso 2016-2017 foron acadados de xeito razoable e deron resultados.

Nesta ocasión os compromisos foron expostos, primeiro, ao final do pasado curso 2015-2016, durante a campaña electoral e ao inicio da décima lexislatura no debate de investidura, e tamén a través das liñas de actuación da Consellería presentadas nesta mesma Cámara na miña pasada comparecencia.

Son compromisos claros e coñecidos, que significan asumir a responsabilidade política e organizativa para xestionar o sistema e avanzar na calidade educativa, tamén para cumprir coa normativa básica vixente en cada momento, desenvolvendo as normas con responsabilidade dentro das competencias atribuídas, e traballar día a día pola mellora da calidade e da equidade educativa.

Ademais, a Consellería adquiriu a obriga de dotar Galicia dun modelo educativo perfectamente definido, e que partiu dunha transformación respecto do existente no ano 2009.

Este proceso de modernización e mellora avanzou en áreas tan relevantes como a aposta polos idiomas, pola integración real das TIC no proceso de aprendizaxe e por unha FP máis próxima á realidade socioproductiva do país; todo isto, unido á adopción de medidas transversais orientadas á innovación educativa, ao reforzo da autonomía dos centros, á mellora das infraestruturas educativas e dos equipamentos, á atención á diversidade e ao fomento da convivencia e da equidade.

Nunca me cansarei de dicilo: temos un bo sistema educativo, do que debemos sentirnos orgullosos; e dígoo con orgullo. Temos un bo sistema educativo, no que todos puxemos o noso

grao de area: profesores, familias, organizacións sindicais, administracións, etc. Non se trata, por suposto, de caer na compracencia nin de facer autobombo, nin de xerar falsas expectativas. O que temos é que ser conscientes da realidade e debemos asumir e debemos recoñecer que a calidade e a equidade do ensino non é produto da casualidade; ao contrario, é resultado de moito esforzo e de accións estratéxicas da consellería, pero tamén, e sobre todo, da necesaria e importante implicación e colaboración da comunidade educativa no seu conxunto.

Neste curso que remata máis de 372.600 alumnos e alumnas recibiron en Galicia formación en ensino infantil, en educación especial, en primaria, en ESO e bacharelato e nos distintos ciclos de formación profesional. Señorías, temos que valorar como se merece o feito de que a actividade lectiva se desenvolvese cunha enorme normalidade, moi lonxe, por certo, de certos augurios negativos que abundan con frecuencia tanto nos finais como nos inicios dos cursos escolares. E hai varios exemplos.

Hai un ano, tamén no mes de xuño, comparecín nesta Cámara para informar do esforzo a realizar na mellora das instalacións educativas para preparar o novo curso. Naquel momento foron moitas as críticas lanzadas e as dúbidas sobre se o que se anunciaba ía quedar en meras palabras. A realidade foi outra ben distinta. No inicio do curso 2016-2017, a comezos de setembro, dun total de 715 actuacións previstas en toda Galicia, a Consellería tiña xa adxudicadas máis do 90 %, a cargo do Fondo de Infraestruturas para o período 2016-2020, do Fondo de Superávit de Responsabilidade e das actuacións de RAM. Foron adxudicadas obras naquel momento durante este proceso por máis de 40 millóns de euros, nun 50 % dos centros públicos de Galicia, ata o punto de que houbo actuacións en dous de cada tres dos concellos galegos. Ademais, a Consellería investiu case 2 millóns de euros en equipamento, tanto para a impartición de ciclos de formación profesional como para a adquisición de material en materia de robótica, para favorecer o seu uso en ESO e en bacharelato.

Sen dúbida, unha das cuestións das que temos falado moitos políticos ao longo do presente curso foi o novo mandato recibido polos cidadáns para acadar un pacto de Estado político e social pola educación. O Goberno central entendeu e foi dando os pasos precisos para, respectando a legalidade vixente, adaptarse á nova realidade política e social. Neste contexto, a posición da Xunta de Galicia foi sempre de defensa dos intereses do ensino galego, sen menoscabo dunha lealdade e necesaria colaboración institucional. Proba desta cooperación leal foi, por exemplo, o feito de que en setembro a Consellería pediu ao Ministerio de Educación que a avaliación final de etapa de ESO non tivera efectos académicos. Así, e no seu momento, en aras de propiciar o diálogo e avanzar cara a un pacto pola educación, o Goberno central deu conta da proposta e plantexou a suspensión dos efectos académicos das avaliacións finais de ESO e de bacharelato.

Señorías, o tempo dá e quita razóns. O que cualificaban vostedes ata hai moi pouco tempo de reválidas foron probas de avaliación sen valor académico. Non se usaron para facer ránkings nin se usaron para segregas os alumnos ou as familias, nin para recentralizar nada. Foron probas que serviron e serven para coñecer a situación na que se atopa o sistema educativo en Galicia comparativamente co conxunto do Estado e para traballar e mellorar aquilo que é necesario mellorar.

Certamente, é unha mágoa que intereses alleos ao ensino tivesen en Galicia unha repercusión que non se viviu noutras comunidades autónomas, porque as avaliacións tamén se fixeron noutras comunidades autónomas, xa que foron, primeiro, froito dun acordo na Conferencia Sectorial do pasado mes de novembro, tamén dun acordo político no Congreso dos Deputados e, por suposto, é un mandato legal. Quizais, señorías, vostedes, como Santo Tomás, necesitan ver para crer, quizais teñan que ver para crer. E quizais vostedes, como Santo Tomás, tiñan que ver que estas avaliacións non tiñan valor académico, para abandonar determinadas críticas e determinadas mensaxes de alarma. Creo que neste momento, señorías, chegou o momento de asumir a realidade e sería un exercicio san, un exercicio de democracia, que fixeran un acto de contrición e que admitan que a Consellería, igual que outras comunidades e administracións educativas, realizou as avaliacións previstas na lei vixente, cumpriu a lei vixente, e deu cumprimento a un acordo unánime da Conferencia Sectorial, do Ministerio e das diferentes comunidades autónomas, con diferentes gobernos de moi diferente tipo, e tamén no ámbito do Congreso dos Deputados. Deben admitir que, co Real decreto lei do Ministerio polo que se rexe a organización desas avaliacións, se cumpriu o acordado e que certas alarmas xeradas nas datas previas da celebración só prexudicaron ao final o ensino, sendo vostedes amplificadores destas alarmas.

Outra proba do seu comportamento político á do Santo Tomás —por dicilo dalgún xeito— ten que ver coa oferta pública de emprego. Unha vez máis, demostrouse que o tempo dá e quita razóns, e que os augurios e as alarmas que vostedes en certa medida plantexaron e que apuntaban e pedían nalgún momento incluso pola súa parte que non houbera oposicións non se cumpriron. A prudencia respecto da seguridade xurídica da convocatoria que mantivo a Xunta foi obxecto dun ataque político que, unha vez máis, se veu desmentido absolutamente pola realidade. De feito, este sábado —o día 24— van comezar os exames con toda normalidade, case 15.000 persoas van optar ás máis de 1.000 prazas —1.043 prazas— que se ofertan en varias especialidades, cumpríndose coa cobertura do 100 % da taxa de reposición.

Porque, señorías, cremos que estes exemplos de críticas desmentidas posteriormente pola realidade —hai outras moitas— deberían animalos a todos a deixar a un lado os intereses partidistas e alleos ao ensino para, dunha vez por todas, buscar acordos e traballar, nun acto de contrición verdadeiro, por mellorar a formación das xeracións futuras.

Dito o anterior, parece máis acaído centrarse no positivo e facer unha análise da situación para, entre todos, seguir avanzando. A realidade é que hoxe o modelo educativo galego significa, en primeiro lugar, unha aposta clara e definida polo plurilingüismo, polas TIC e as destrezas tecnolóxicas, pola inclusión e a integración da diversidade e pola posta en valor, polo prestixio da formación profesional; todo isto, acompañado de medidas transversais, como a autonomía dos centros ou o bo clima de convivencia, que contribúen a construír este modelo que promove a mellora continua.

E falemos, señorías, de plurilingüismo. Neste curso preto de 100.000 rapaces beneficiáronse dun ensino plurilingüe en Galicia. Non é cuestión menor que máis do 75 % dos centros sostiños con fondos públicos participasen nalgunha das accións de fomento da aprendizaxe de linguas estranxeiras: seccións bilingües, centros plurilingües, auxiliares, etc. Temos un total de 282 centros escolares que ofertan o ensino plurilingüe, case 3.900 seccións bilingües nun

total de 632 centros sostidos con fondos públicos, 504 auxiliares de conversa de diferentes idiomas, sendo Galicia a segunda comunidade autónoma neste ámbito de España. En definitiva, a aprendizaxe de linguas é unha das liñas estratéxicas do Goberno galego para avanzar nunha escola pública máis moderna, que avanza claramente cara a unha equidade social e que xera máis oportunidades para os nosos alumnos.

No tocante ao ensino dixital, como saben vostedes, en colaboración coa Amtega, este curso tamén continuamos coa dixitalización de todas as aulas públicas, dende 5º de primaria ata o bacharelato. Deste xeito, 120.000 alumnos en preto de 900 centros públicos contan co denominado un «kit de aula dixital»; uns 52.000 alumnos de ao redor de 540 centros dispoñen dun ordenador para empregar na clase. E, por outra banda, funcionou o proxecto de libro dixital, coñecido como E-dixgal, que beneficiou preto de 7.000 alumnos e alumnas de 5º e 6º e 1º e 2º da ESO e máis de 100 —104— centros educativos de toda Galicia.

Por outra banda, Galicia é tamén referente para o conxunto do Estado respecto das políticas de promoción e fomento da lectura nas aulas. Por iso hai que resaltar que neste curso o Plan de mellora de bibliotecas escolares —o coñecido como Plambe— contou coa participación de 615 centros de Galicia, beneficiando directamente uns 181.600 alumnos e alumnas e as súas familias.

Neste sentido, cómpre lembrar que os resultados do Informe Pisa en materia de competencia lectora tiveron un avance moi notable, avalando o traballo realizado nos últimos anos. De feito, tivemos unha mellora de 13 puntos porcentuais, sendo das comunidades autónomas e dos territorios avaliados pola OCDE que presenta unha maior competencia nesta materia por parte do alumnado.

Ademais, tamén neste curso se presentou o Plan LÍA 2016-2020, de bibliotecas escolares, para continuar o traballo a prol das bibliotecas escolares e do fomento da lectura entre os escolares.

Formación profesional. A formación profesional hoxe, afortunadamente, identifícase con modernidade, con dinamismo, con innovación, e é unha modalidade de ensino dun alto prestixio social. Hai, sen dúbida, unha aposta decidida da actual Xunta de Galicia por este tipo de estudos, e o realmente positivo é que o alumnado ten respondido moi positivamente, con datos claros de matriculación. Debemos estar, señorías, orgullosos da FP galega. Contamos con máis de 50.000 alumnos matriculados, 50.344 alumnos e alumnas. De feito, Galicia é das poucas comunidades autónomas onde hai máis alumnos matriculados en ciclos —ao redor dun 60 %— que en bacharelato —ao redor dun 40 %—. Temos dado pasos importantes na oferta de ciclos, na implantación da FP básica e no desenvolvemento da formación profesional dual. Mais obviamente temos que seguir avanzando.

Aínda así, hai que valorar que Galicia dispoña dunha formación profesional conectada coa demanda das empresas, conectada coa demanda dos sectores produtivos, que permite acadar, primeiro, unha alta cualificación nos alumnos; segundo, que esa formación tamén posibilita unha permanencia no sistema educativo, nomeadamente a formación profesional básica; e, terceiro —e de grande importancia—, que se promove a inserción laboral dos

nosos alumnos, tendo datos de ao redor do 80 % de inserción laboral daqueles alumnos que veñen de rematar a formación profesional.

E cando se fai balance —como se fai neste momento— é necesario e obrigatorio falar de resultados. A mellora da nosa educación é un proceso progresivo no tempo, que se fundamenta nun modelo educativo propio, que na actualidade presenta uns resultados satisfactorios tanto en calidade como en equidade. Variables que ilustran o que acabo de dicir: Galicia ten un abandono educativo temperá 10 puntos por debaixo do que había no ano 2009, acadando practicamente o obxectivo fixado pola Unión Europea para o ano 2020, que está nun 15 %. Pechamos o ano 2016 cun 15 % cunhas décimas nada máis, co cal estamos reducindo unha das variables máis inxustas socialmente que ten o ensino como é o abandono escolar.

Hoxe tamén os alumnos e as alumnas galegas están mellor preparados en matemáticas, en ciencias e en lectura, as variables que avalía o Informe Pisa. Estamos por riba da media española nas tres variables e estamos por riba da media da OCDE nas tres variables: matemáticas, coñecemento científico e tamén comprensión lectora, acadando os mellores datos recentes da nosa historia. E os resultados, sen dúbida, animan a seguir avanzando en calidade e en equidade. Avanzar nas dúas variables, porque avanzar só en calidade lévanos a un certo elitismo, e avanzar só en equidade lévanos a unha ineficacia e a un despilfarro de recursos.

Ensino equitativo e innovador. Traballamos para que as familias estean e se sintan satisfeitas coa formación que reciben os seus fillos ao dispor de programas educativos innovadores que propicien unha aprendizaxe nun adecuado clima de convivencia, equidade e xustiza social. Consideramos prioritario manter aquelas iniciativas que están axudando a mellorar a calidade e a equidade do ensino galego.

En materia de innovación educativa vemos positiva a implicación de alumnos e de centros en moitas accións voluntarias, o que nos reflicte un compromiso da comunidade educativa cos programas impulsados, neste caso, na Consellería. Podemos falar das accións de reforzo dos contratos programa. Neste curso, preto de 105.000 alumnos participaron nestas accións dos contratos programa, en 416 centros, que posibilitaron a contratación de 180 profesores docentes de reforzo para potenciar a innovación, para potenciar a igualdade de oportunidades e tamén para corrixir aquelas eivas detectadas nas avaliacións.

Tamén están as actividades do Plan Proxecta. Aquí estamos implicadas todas as consellerías, é un proxecto do Goberno. Neste curso participaron —e participan— máis de 91.000 alumnos; por suposto, en todo o que ten que ver co traballo por proxectos e coas novas técnicas de innovación pedagóxica.

Pero o remate dun curso —é obvio— implica comezar a traballar no seguinte. Non podemos esquecer que no curso que entra, e xa como aconteceu neste último ano, hai que ter en conta as novidades que se poidan producir ao amparo dun desexable pacto de Estado social e político pola educación. Obviamente estas novidades poden implicar ter que adaptarse ás novas circunstancias. De ser así, farémolo, cumprindo co marco legal vixente e con lealdade, pero sen renunciar —insisto, sen renunciar— a potenciar o modelo educativo propio, o modelo educativo propio e definido que está a funcionar na nosa comunidade con máis que notable

éxito. Porque, tal e como manifestei o pasado mes de marzo nesta mesma Cámara, as políticas educativas que queremos executar buscan reforzar os bos resultados acaecidos, e estarán dirixidas ao conxunto da comunidade educativa pero tamén a cumprir coa necesidade dun uso responsable e ben organizado das instalacións e dos servizos educativos.

Son moitas as medidas e diversos os ámbitos nos que hai que seguir traballando, mais, como saben, no vindeiro curso 2017-2018 xa comezamos a dar pasos, xa presentamos un novo impulso ao modelo plurilingüe, estamos traballando nunha nova estratexia de ensino dixital e tecnolóxico en Galicia, estamos a traballar na mellora da convivencia nas aulas e, por suposto, no reforzamento —tamén con nova estratexia— da Formación Profesional en Galicia.

Falamos dun novo impulso ao modelo plurilingüe para estendelo ao conxunto do sistema educativo, tanto en Educación Infantil, de 3 a 6, como no ámbito do Bacharelato ou da Formación Profesional. Como saben, señorías, ao comezo do mes de xuño o Consello da Xunta aprobou a nova Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, coñecida como Edu-lingüe, que busca dar un novo pulo tanto cuantitativo como cualitativo ao modelo plurilingüe. O *Diario Oficial de Galicia* xa publicou as resolucións que regulan tanto o Bacharelato de excelencia en idiomas, o coñecido como PluriBach, como a extensión do ensino plurilingüe á Educación Infantil, coñecido como Plurinfantil. Polo tanto, está aberta a convocatoria para que os centros sostidos con fondos públicos poidan solicitar a súa incorporación ao programa no vindeiro curso 2017-2018. Damos, deste xeito, señorías, cumprimento a un compromiso político de lexislatura e tamén a un acordo parlamentario do pasado mes de xaneiro —por certo, apoiado polo Partido Popular e tamén polos Socialistas de Galicia—.

Outro paso na mellora do ensino no que estamos a traballar cara ao vindeiro curso é a definición dunha nova estratexia de ensino dixital e tecnolóxico en Galicia. Para iso queremos unha integración real das TIC no proceso educativo. Baséase nun conxunto de aspectos: o primeiro é a dotación de infraestruturas e da conectividade axeitada; o segundo, a xeración de usos e contidos dixitais; o terceiro, a introdución da robótica nos diferentes niveis educativos como soporte para a aprendizaxe; e, o cuarto, o fomento das competencias científicas e tecnolóxicas en Galicia, as coñecidas como STEM.

Como saben, a Xunta asinou o ano pasado un convenio para impulsar o proxecto Escolas Conectadas. Baixo a execución de Amtega, o seu obxectivo é incrementar a porcentaxe de centros públicos de primaria e secundaria con acceso á internet de máis de 100 megas. Na actualidade estamos a falar de que esta velocidade de conectividade a teñen en torno ao 40 %, o obxectivo é chegar ao 100% dos centros públicos cunha conectividade de 100 megas. Tamén no pasado mes de maio o Consello da Xunta autorizou a Amtega a compra de novos ordenadores para estender a educación dixital ata un tope de 10.000 alumnos para o vindeiro curso 2017-2018.

Asemade, queremos que o alumno galego amplíe tamén os seus coñecementos matemáticos, científicos, tecnolóxicos e de programación a partir da introdución da robótica nos diferentes niveis educativos. Xa o ano pasado se dotaron os centros de secundaria e bacharelato de *kits* no ámbito da robótica para poder desempeñar traballos nesta materia.

Tamén se puxeron en marcha asignaturas específicas —programación en ESO, robótica en BAC— cunha notable aceptación por parte dos centros educativos. E neste curso, no 2017-2018, xa está lanzada a convocatoria para que un máximo de 120 centros educativos de primaria poidan dotarse tamén de kits de robótica para apoiar e favorecer o desenvolvemento da aprendizaxe con base nesas novas tecnoloxías, que son moi ben vistas tanto polos centros como polo profesorado e polo alumnado. A todo isto, obviamente, hai que engadirlle programas de formación de profesorado e hai que engadirlle o deseño de contidos curriculares, poñendo en marcha liñas de traballo específicas para dotar o sistema educativo de contidos curriculares que poidan dar soporte a todo o proceso de aprendizaxe dixital.

Ademais, e logo do éxito da primeira edición, tamén lanzamos unha nova convocatoria para poñer en marcha os «clubs da ciencia»; clubs da ciencia que se puxeron en marcha experimentalmente o ano pasado. Pretendemos estender este programa de innovación a un total de 30 centros neste curso para progresivamente avanzar cara a un maior número en todos os ámbitos educativos.

O obxectivo destas dúas iniciativas, que se enmarcan, como xa dixen, na futura Estratexia galega para a educación dixital 2020, é fomentar as vocacións STEM, garantir a igualdade de oportunidades e posibilitar un ensino que abra máis portas ao noso alumnado.

Asemade, estamos a traballar tamén, de cara ao vindeiro curso, en mellorar a convivencia nas aulas. Seguimos e seguiremos a desenvolver e consolidar as medidas agrupadas na Estratexia galega de convivencia escolar —denominada Educonvives— 2015-2020. E neste ámbito —dicímolo sempre— desgraciadamente o risco cero en acoso ou en calquera problema de convivencia non existe. Mais Galicia tense dotado nesta materia de plans de convivencia a nivel de centros e de diferentes protocolos en moitos ámbitos —transexualidade, loita contra o acoso e o ciberacoso, TDH, autismo, atención domiciliaria— para intentar encauzar e minimizar os posibles riscos que sempre existen. Porque un sistema educativo non pode considerarse nin completo nin exitoso se non é inclusivo, polo que seguiremos afondando na atención á diversidade e no desenvolvemento de protocolos e de fomento de itinerarios flexibles para o alumnado con necesidades educativas especiais. Traballamos coa previsión de que nas vindeiras semanas se poida convocar o Consello Galego da Convivencia, tanto para facer balance dos avances no desenvolvemento de Educonvives como tamén para analizar, lanzar e impulsar novas liñas de actuación asociadas a promover unha boa convivencia nas aulas como referente dun sistema educativo de calidade e tamén equitativo.

E, por último, quero falar doutra liña importante de traballo, do reforzo da Formación Profesional, da FP, en Galicia. Queremos que esta sexa útil para os alumnos, que sexa útil para a sociedade galega, que sexa útil para os sistemas produtivos, que teña unha oferta axeitada ás demandas do mundo laboral, que posibilite manter aqueles alumnos con máis dificultade de aprendizaxe no sistema educativo, que posibilite unha mellor conectividade co mundo empresarial a través da formación profesional dual e, en definitiva, que propicie unha maior empregabilidade e un maior fomento da cultura do emprendemento, fundamental para dar oportunidades aos nosos mozos.

Como saben, hoxe mesmo vaise celebrar o Consello Galego de FP, no cal vaise presentar a oferta para o vindeiro curso, que responderá de novo ao reto de adaptarse ás demandas e ás necesidades da realidade socioproductiva de Galicia.

E remato xa. Creo que o balance e as liñas de traballo xa en marcha permiten ser optimistas, ou, cando menos, positivos, respecto da situación actual e futura do sistema educativo galego. Hai un ano nesta mesma Cámara apelei á credibilidade, á credibilidade desta consellería, sustentada en tres elementos: realismo, responsabilidade e resultados; realismo nas súas propostas para o ensino, responsabilidade na xestión e na execución das medidas e resultados, resultados como evidencian datos como a baixada do abandono escolar, o Informe PISA, etc. Hoxe quixen tamén facer balance nesta Cámara dunha política educativa propia para Galicia onde á credibilidade se lle suman outros tres «c»: o «c» do compromiso, o «c» da confianza e o «c» da colaboración; compromiso no renovado pulo dun modelo propio que respecta a legalidade vixente, que aposta polos idiomas, que aposta polo ensino dixital e pola formación profesional; confianza a partir das certezas xurdidas de anos demostrando a capacidade de facer o que se di e de obter resultados; e colaboración con profesores, equipos directivos, familias e alumnos, pero tamén con outras institucións, e tamén nos gustaría con vostedes se deixaran esa actitude de Santo Tomás á parte. Porque, sen dúbida, podemos discrepar co modelo, que é bo é san que así sexa, pero non se pode poñer en dúbida o importante esforzo que Galicia e a súa comunidade educativa están a facer por ter un ensino sostible, de calidade e equitativo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas.

Un mitin estupendo, señor Rodríguez. Encantoume —sobre todo na primeira parte da intervención, e volveu remarcalo agora no final, nese esprint final— que viñese facer oposición da oposición. E agradécese moito tamén as referencias bíblicas a Santo Tomás. O que pasa é que no BNG somos como máis materialistas, temos pouca fe, somos máis de crer no que é capaz de facer o ser humano para transformar a súa propia realidade a través do traballo como lume moldeador de todas as cousas. Pero agradécese, xa digo, esas referencias a Santo Tomás e esas referencias bíblicas.

Simplemente para que non me esqueza —porque non o traía como estructurei eu a miña intervención—, falaba vostede da oferta pública de emprego, da estabilidade xurídica, da seguridade xurídica, *de lo bien y maravilloso* que vai todo, e hai moitas persoas agardando para que se distribúan os tribunais e para saber onde vai poder examinarse da súa especialidade. Tivemos que agardar bastante para coñecer as listaxes de persoas admitidas e excluídas, agardamos que, de aquí ao 24 —que está á volta da esquina—, poidan darlles esa información tamén para que poidan organizar as súas propias vidas.

Falaba vostede de que a súa intervención aquí, a súa comparecencia por petición propia, respondía a unha vontade de expresar ou formular aquelas cuestións que se foron facendo e tamén

de facer unha reflexión a respecto de como transcorreron as cousas ao longo deste curso académico a piques de rematar. A min causoume bastante sorpresa cando vimos o contido da súa comparecencia, e, revisando todas as comparecencias da anterior lexislatura, nunca ningunha persoa que asumise a responsabilidade de ensino no Goberno galego viñera falar e avaliar o curso académico unha vez finalizado —sempre se fixera previamente ao inicio do curso académico ou para abordar programas específicos—, o cal está ben porque nos dá unha oportunidade para reflexionar. Nós faremoslle algo máis de crítica para poder corrixir posíbeis erros, se é que os hai e os detectaron. Nós detectámoslles algún que eu pasarei agora a relatar.

Nós estamos de acordo en que unha das cuestións fundamentais que marcaron este curso académico foi precisamente a paralización da LOMCE por parte do Parlamento español, toda vez que houbo un xogo de maiorías nas Cortes españolas que non era moi beneficioso para o Partido Popular. Pero, a pesar diso e das promesas incluso de que esa lei se ía derrogar —como reclama, desde que se coñeceu o propio proxecto de lei, a comunidade educativa—, aínda segue vixente, aínda segue aplicándose. Así que reiteramos desde aquí a vontade do Bloque Nacionalista Galego para que sexa retirada de contado unha das leis máis lesivas para o ensino galego que tivemos nos últimos anos. E digo que está paralizada pero absolutamente vixente. Vostede facía mención ás reválidas. Finalmente quedaron sen valor académico porque se paralizou a LOMCE e porque tivo que recuar, por ese xogo de maiorías, o Partido Popular, non porque tiveran vontade algunha de que non tivesen valor académico. Se queren saber —nós sempre insistimos— cal é a situación na que se atopa o ensino público, escoiten o profesorado a través das organizacións sindicais, escoiten as ANPA, a través das entidades que as representan, e as organizacións estudantís, que lles están pondo enriba da mesa moitas e diversas cuestións que non saen nesas avaliacións —que nós definimos como reválidas e que finalmente non teñen valor académico—, que non se expresan nesas probas.

Fiando un pouco en relación co que vostede dicía dunha reflexión para o futuro sobre o ensino público que queremos para o noso país, nós cremos que unha das cuestións fundamentais, tamén ao abeiro dese debate político e social que se abriu nas Cortes españolas para ese futuro e hipotético pacto pola educación, é que Galiza —e ademais non é unha novidade, xa o temos dito en máis ocasións— o que precisa é unha lexislación propia. Vostede trouxo como idea forza ao longo de todo o seu discurso esa idea do modelo educativo propio. Nós cremos que ese modelo educativo propio, en todo caso, debe vir rexido ou regulado por unha lexislación propia, galega, que recolla todas as competencias que en materia educativa ten este país e que lle recoñece, ademais, o actual marco xurídico; e que, dalgunha maneira, tamén veña dotar de estabilidade o noso sistema educativo, blindando a capacidade de decisión política que hoxe mesmo xa ten a propia Xunta de Galiza para despregar, deseñar, trazar, dalgunha maneira, un ensino verdadeiramente inserido na nosa realidade lingüística, na nosa realidade cultural, socioeconómica, e, por suposto, que teña en conta a nosa realidade territorial. Non falou vostede en ningún apartado da súa primeira intervención sobre o ensino no rural, da atención tan necesaria que precisan as poboacións e as localidades do interior e da alta montaña do noso país para poder garantirles unha prestación dun servizo fundamental, como é a escola, coas debidas garantías. Hai que repensar, por exemplo —témolo dito en máis dunha ocasión—, o mínimo preciso para manter viva unha escola, como xa fixeron, ademais, outros territorios, poño por caso Asturias ou León; un ensino galego en lingua galega e de calidade que recolla e así reflecta esa lei educativa propia.

Pero para ter ese ensino de calidade, do que vostede tamén falaba, a nós sorpréndenos, dalgunha maneira tamén, que non se fixera ningunha referencia ao profesorado e ás condicións nas que traballa o propio profesorado. Nós cremos que urxe reducir as ratios do alumnado por aula, precisamente como un elemento central para desenvolver moitas das medidas das que vostede falou e das que eu mencionarei agora de contado; dotar os centros de menos estudantes por aula e, ao mesmo tempo, de maior profesorado, restituíndolle, ademais, a ese corpo docente as condicións laborais e salariais que perderon durante os anos da crise económica e que aínda están pendentes de recuperar. Un ensino máis inclusivo, do que vostede falaba, con maiores garantías para aquelas persoas, para aqueles estudantes, que teñen necesidades de atención específica, exige tamén un menor número de estudantes por aula, para previr e combater o acoso, para mellorar a calidade educativa, para prestar máis e mellor atención ao alumnado, e unha atención máis personalizada. O quid da cuestión está aí. Vostede falou do Educonvive, dos protocolos que se veñen asinando, e nós cremos que sobre o papel están moi ben, pero para poder executalos de maneira real e de maneira efectiva nas aulas o que necesitamos é reducir as ratios. É imposible prestar unha atención especializada, unha atención pormenorizada, á situación que viven as alumnas e os alumnos nos centros de ensino se temos aulas, pois, con 30 alumnos, por exemplo.

Necesitamos tamén para iso máis recursos humanos —insisto—, e que o profesorado se poida dedicar ás tarefas que lle son encomendadas e propias da súa profesión, que é ensinar e educar a sociedade futura do noso país, presente e futura, dalgunha maneira, e non investir, como veñen acumulando desde hai bastante tempo, moreas e moreas de tempo en tarefas burocráticas. E para iso fan falta cartos, recursos económicos. Voullo dicir en plurilingüe: *cash*. Necesitamos fondos económicos para poder soste ese ensino público no noso país. E vostede pasou por riba e nin sequera mencionou unhas das decisións políticas que adoptou a súa consellería que desde o noso punto de vista vai traer graves prexuízos tamén para o conxunto do ensino público deste país, como foi hipotecar eses máis de 1.500 millóns de euros para cebar o ensino privado concertado. Nin sequera o mencionou. É un compromiso orzamentario desde 2017 a 2023 para blindar os concertos coa pública e, sobre todo, con aqueles centros que discriminan ao alumnado por sexo. Nós defendemos derrogar esa orde, suprimir progresivamente os concertos e comezar polos centros que segregan por sexo, e decidiron votar en contra.

Non me queda moito tempo. Vostede ten o tempo ilimitado, nós non. Entón paso rapidísimo á estratexia Edulingüe. Veñen a acrecentarse 70 millóns —dígo de memoria, non sei se son exactamente 70 millóns— a ese programa, a ese plan de potenciación das linguas estranxeiras no ensino do noso país. En total, desde o ano 2010 —facendo así unha revisión á hemeroteca— van 171 millóns de euros, en vista xa a ese ano 2020. Xa sabe cal é a nosa opinión a respecto do modelo de potenciación das linguas estranxeiras que desenvolve o Partido Popular. Nós non estamos de acordo con que se desenvolva un modelo multilingüe, plurilingüe, de potenciación do coñecemento doutras linguas no noso país, non só de costas á lingua propia senón restándolle espazos de uso ao idioma propio deste país. Cremos que se pode apostar por un ensino multilingüe, ou plurilingüe, sen renegar do propio. Quereríamos saber se fixeron vostedes algún tipo de avaliación dos resultados acadados nos últimos anos e cales foron estes resultados, e o nivel de competencia, non só lingüística, nas linguas estranxeiras que acada o estudantado, senón tamén qué nivel de competencias académicas naquelas materias que se imparten nun idioma que non é o galego ou, no seu defecto, o español, que ten tamén bastante protexida a súa presenza no ensino público.

E simplemente, porque non me quedan máis que vinte e dous segundos, si nos gustaría facer referencia —do que tampouco falou vostede pero tivemos a oportunidade de comentalo na comparecencia do secretario xeral de Política Lingüística na Comisión de Educación— á Lei Paz Andrade. Nós cremos que nese esforzo por potenciar as linguas estranxeiras, o portugués debería ter, como lingua que ten unha lei para a súa potenciación no noso país, un espazo salvagardado. Preguntámoslle a el e non nos respondeu, e preguntolle agora a vostede que parte dese orzamento para o plurilinguismo vai destinado á potenciación da lingua portuguesa para desenvolver a Lei Paz Andrade, que agora mesmo queda relegada ao voluntarismo das docentes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, vou rematando.

Cremos, nese sentido, que hai que convocar prazas para docentes de portugués nas oposicións —non hai nesta convocatoria—, dotalos de estabilidade a través da creación de departamentos, garantir que nas seccións bilingües fiquen garantido —valla a redundancia— o idioma cando a persoa titular cursa baixa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—xa remato— e, sobre todo, comezar a considerar a lei e todo o que nela se recolle que non ten a ver estritamente co propio ensino.

Na quenda de réplica continuarei, porque temos o tempo taxado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Moi bo día, señor conselleiro.

En primeiro lugar, permítame, como xa fixo a señora Rodil, recoñecer o feito de que vostede veña a final de curso a facer unha rendición de contas ante o Parlamento da actividade do sistema educativo galego. É unha boa nova e unha boa práctica, evidentemente.

Mire, eu non me identifico con esa dinámica que dixo vostede de que o sistema galego é catastrófico. Sabe que nunca me referín ao sistema educativo de Galicia como unha catástrofe, porque sei que non o é. Aínda así, a súa comparecencia, ou a primeira parte da súa comparecencia, deixou algunha afirmación verdadeiramente notable. En primeiro lugar, agora re-

sulta que o feito de que a avaliación final da educación secundaria non teña valor para titular se debe a unha iniciativa da Consellería de Educación do Goberno da Xunta de Galicia. Bueno, se iso é así, é a primeira noticia que temos. Ata hai poucos meses, vostedes defendían que non era necesario facer ningún tipo de modificación. Sería bo que no seu turno seguinte, se o estima pertinente, nos aclarase a que Partido Popular debemos aternos para facerlle oposición, se ao de outubro ou novembro ou ao do mes de xuño do ano 2017.

En relación con isto, instaba vostede os grupos da oposición a facer un acto de contrición. Eu invito desde aquí tanto a En Marea como ao Bloque Nacionalista Galego a que nos poñamos de acordo, coa participación de dona Ángeles Acuña —que nos dirixirá seguramente de bo grao—, e facer un auto sacramental para mostrar o noso acto de contrición. E se vostedes non o consideran suficiente, facemos un auto de fe, e quéímanos vostedes á oposición nunha fogueira; se queren, no Parlamento, ou en calquera outro sitio destacado desta comunidade autónoma.

Mire, dixo vostede tamén que a oferta pública de emprego foi grazas á seguridade xurídica. Este Partido Popular ao que vostede representa dicía que era necesario ter uns orzamentos do Estado, e que, sen orzamentos do Estado, non se podía facer a oferta pública de emprego. Certo é que non hai orzamentos no Estado e hai oferta pública de emprego, tal e como lle indicabamos todos os grupos da oposición. Polo tanto, e xa que estamos na dinámica eclesiástica, case me vai permitir que o invite a facer un exame de conciencia. Se quere, o da dor dos pecados pois tamén estaría ben.

Deixou vostede unha frase verdadeiramente notable para a historia. Dixo: «Avanzar en equidade é un despilfarro de medios». Mire, se o escribiu vostede, ¡mal!; pero se llo escribiron, eu diríalle a quen llo escribiu que, por favor, tivera máis coidado co que escribe. Porque, se avanzar en equidade é despilfarrar medios, mal imos.

Mire, eu entendo perfectamente que nesta comparecencia de rendición de contas vostede resalte os aspectos positivos —que os hai, como xa dixen— da súa xestión, da xestión da Consellería de Educación. Pero tamén entenderá que é o papel da oposición poñer de manifesto aquelas disfuncións que se puideran ter producido ao longo deste curso. E, mire, vaime permitir vostede que lle diga que son un pouco —ou un moito— ineficientes. Se toda a experimentación á que fixo referencia co plan de Bacharelato e Educación Infantil a deixan para os últimos vinte días do mes de xuño, para que os centros presenten as solicitudes de inclusión neses proxectos experimentais —entre o día 9 e o día 30 deste mes, é dicir, vinte e un días, domingos incluídos— francamente, unha de dúas, ou é unha ocorrencia de última hora —que creo que non— ou a Consellería non funciona coa eficiencia debida. Porque, ata onde eu sei, esta consellería é a mesma que había antes das eleccións autonómicas do ano 2016. Polo tanto, pregúntome —preguntámonos— como é posible que un proxecto desta envergadura non se preparase con suficiente antelación. ¿Ou é que hai centros incentivados para que en setembro se poida celebrar o éxito deste proxecto? ¿Considera vostede, de verdade, que este é o procedemento acaído, publicar durante vinte días un prazo para que os centros se apunten a estes proxectos? Porque non é menos certo que no caso de robótica —e aquí están os compañeiros da Comisión 4ª da oposición—, cando se decidiu que se inclúsen estes contidos en Educación Primaria, aos poucos meses, poucas semanas, en realidade, tiñamos, mediante a tramitación dun expediente cha-

mémoslle lóstrego, a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do día 21 de abril a licitación por 150.000 euros do equipamento para 120 centros. Tanta eficiencia nunhas cousas e tan pouca noutras resulta, cando menos, un pouco incongruente.

Tampouco pode dicirse que unha consellería que concentra o 38 % das queixas da cidadanía traballa coa eficiencia necesaria, porque, se non, non habería esa cantidade de queixas. Francamente non creo que sexa un motivo de orgullo. E tamén me gustaría saber que valoración fai desa realidade.

Teñen improvisación, á parte de ineficiencia, porque resulta que cambian o criterio, por exemplo, para que o profesorado interino, ou en expectativa destino, poida solicitar afíns. Cando algún grupo parlamentario da oposición —que fomos nós— levou unha iniciativa á Comisión 4,^a por parte do señor Fernández Gil defendeuse que se confiaba na responsabilidade do profesorado para que non inclúisen afíns para as que non estaban cualificados para impartir. ¿Que pasa? ¿Perderon a confianza no profesorado para limitar a dúas as materias afíns que se poden? ¿Todo o que presenta a oposición son iniciativas erradas? Votan en contra de pedirlle ao Goberno que dite normativa estable, como se fixo no último pleno, pero resulta que no seu proxecto normativo as previsións do plano normativo para o ano 2017 teñen vostedes catro ordes relacionadas coa normativa da avaliación para ensinanza que saben vostedes que non van poder regular, porque non teñen a normativa, porque non está ditada neste momento.

Van modificando dalgunha maneira a rede de centros paso a paso, porque falamos de centros das Pontes, falamos de centros do Porriño. ¿Hai unha planificación para modificar a rede de centros paso a paso ou hai unha planificación para reformular a rede de centros, que data dos anos noventa e adecuala á realidade, que ao mellor tamén é necesario? Pero ¿teñen vostedes unha planificación para facer iso ou van facéndoa ad hoc, segundo van aparecendo as oportunidades?

Teñen —e vaime permitir que o diga— un desprezo polo diálogo, francamente innecesario tendo en conta a maioría parlamentaria coa que contan. É o curso con máis tensión no corpo docente que se recorda. E non todo é culpa súa evidentemente, porque —como xa se dixo— hai moita normativa estatal pendente de ditarse, pero si hai unha corresponsabilidade porque vostedes son do mesmo partido político ao que facemos referencia cando falamos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Miren, teñen aos pais instrumentalizados. A semana pasada dicían que había un acordo coa Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos para o transporte escolar, e esa confederación ao día seguinte tivo que sacar un desmentido, porque non había tal acordo con eles para a reorganización do transporte escolar, e non o hai. E o feito de que non o hai é que hoxe ás dez e media da mañá tiñan unha reunión coa señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

Mire, lamento dicirillo, pero vai pasar vostede á historia como o conselleiro que perdeu o control do transporte escolar da Comunidade Autónoma de Galicia desde o ano 1970, que é o que corresponde á rede de transporte escolar, como sabe vostede tamén coma min, rela-

cionado coa Lei xeral de educación. Cede o control do transporte escolar a unha consellería allea, co cal veremos a ver en que paran non só os 120 millóns de euros que hai orzados este ano para o transporte escolar, senón a ver en que para esa demanda permanente que hai dos centros de que non poden modificar os horarios porque dependen das compañías de transporte de autobuses. Veremos agora, cando esas compañías formen parte doutra macro rede sobre a cal a Consellería de Educación non ten competencia ningunha, que vai supoñer iso para o sistema educativo.

Insisto: hoxe teñen vostedes practicamente paralizado o sistema educativo en Galicia por culpa dunha folga de transportes provocada por esa dinámica, na que vostede facendo un desleixamento sen precedentes da súas responsabilidades lle cedeu o control do transporte escolar a outra consellería. E iso é unha realidade.

Dícialle antes que teñen vostedes unha actitude ante a oposición que non é necesaria, tendo en conta a maioría parlamentaria coa que contan, porque rexeitan calquera iniciativa que traemos polo mero feito de que é unha iniciativa da oposición. E falan de que somos uns elementos disruptores da apacible normalidade, que é o froito dunha óptima xestión e aproveitamento das sinerxías que vostedes son capaces de facer. E así, francamente, non nos van quitar as ganas, pero si que ás veces se cuestiona un para que ten que facer unha oposición construtiva, cando todo o que fai non soamente non se aproba, senón que se considera que a única finalidade que ten é sementar ruído, crispar o sistema e, en definitiva, poñer de manifesto realidades que non existen.

Rara é a semana que vostede —e con acerto— non gaba o profesorado como verdadeiro motor do sistema educativo, pero, como lle acaba de recordar a señora Rodil, a ver se se acorda do profesorado para restituírlle as condicións salariais e de traballo que tiñan en tempos precedentes.

Entendemos á perfección a necesidade de explicar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—se mo permite, remato agora mesmo— e mesmo vender as bonanzas, pero tamén temos claro que o que acabamos de expoñer forma parte da realidade educativa da nosa comunidade. Polo que me gustaría que nos dese resposta cando menos a algunha destas —entendemos— realidades que acabamos de poñer en evidencia ante esta comparecencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor conselleiro. Teño que comezar a miña intervención recoñecendo con grata sorpresa cando vin na orde do día que volvía vostede honrarnos cunha comparecencia só tres meses despois da previa. Unha pensaba vendo o título que habería unha noticia importante que merecera esta comparecencia. Menos mal que comezaba vostede dicindo que non viña aquí darse autobombo, ¡menos mal que o advertía!, porque logo escóitoo e, claro, unha sorpréndese.

Mire que van tres meses dende a súa comparecencia previa, e véxome na obriga de dicirle o mesmo, porque nestes tres meses poderían ter pasado moitas cousas, pero unha ten a sensación de vivir permanentemente no día da marmota. Un compás de espera por parte dunha consellería que o único que fai é agardar directrices dende Madrid, e se Madrid non fala pois aquí esperamos a ver que acontece.

Seguidismo total e acrítico, que o mesmo serve para defender unha cousa ou a contraria, coa convocatoria pública de emprego, por exemplo —xa se lle comentou aquí—; coas reválidas; cos libros de texto, que seica que aquel programa de gratuidade dos libros de texto do Goberno bipartito agora polo visto non é tan malo, agora está ben —que non me malinterprete, rectificar está ben, é de sabios; o caso é que o que non estaba mal era algunha vez ter criterio, non sería mala cousa—. Foron os primeiros en abrazar as reválidas e os primeiros en dicir que as reválidas non; máis que iso, foi vostede o que impediu que as reválidas tiveran efectos académicos. Os primeiros en saudar a LOMCE con alegría, e estamos seguros de que serán tamén os primeiros en darlle a patada definitiva cando o Goberno central teña a ben liquidar o que queda da lei.

En fin, señor Román, que como xa lle teño dito, como delegado de goberno en ensino vostede non tería prezo, o problema é que é conselleiro.

De ¿cal é a súa proposta educativa para o país?, ¿cal é o seu modelo?, ¿cales pensa que deben ser as liñas da futura Lei de educación?, ¿como abordar o pacto educativo alén de obedecer o que decidan en Madrid, que xa nolo dixo aquí, iso está moi ben, non nos sorprende? Pero ¿acaso o Goberno galego non ten nada que aportar a ese debate? Porque sería interesante que se ten algo que aportar o comente na súa réplica. Efectivamente, estamos nun momento de debate do sistema educativo, e habería que saber cal é a súa postura.

¿Nada ten que comentar sobre cales son as materias máis relevantes?, ¿como loitar verdadeiramente pola igualdade de oportunidades?, ¿como combater a perda de servizos educativos no rural?, ¿como recuperar os dereitos do profesorado?, ¿como arranxar as deficiencias de conservación e mantemento nos centros?, ¿como reverter case unha década completa de recortes? En definitiva, ¿nada que comentar sobre como adaptar a escola galega aos retos do noso tempo? Porque diso dixo pouco, moi pouco.

Plurilingüismo, TICs. Moi ben, dúas etiquetas que lle encantan e que repite constantemente, pero datos concretos... Porque do abandono da lingua galega vostede non dixo nada, de que por primeira vez na historia de Galicia menos da metade da poboación fala galego, diso non comentou nada. Vese que non teñen ningunha responsabilidade.

Dos tesoirazos continuos á normalización lingüística, nada, seica non debe ter nada que ver. Das graves desigualdades territoriais na educación dixital tampouco nada, porque sabe vos-

tede perfectamente que o acceso a todas esas ferramentas informáticas que tanto lle gustan ten un desequilibrio territorial importantísimo, alén dun importante desequilibrio entre centros concertados e centros públicos.

Diso non din nada, pero fan. Así que nos toca valorar o seu modelo educativo con base nos feitos, con base nos datos públicos e oficiais, e non son invencións de En Marea.

E permítame unha aclaración previa, que se ten feito moitas veces nesta Cámara, pero como vostede leva estes dous anos de conselleiro igual non o escoitou aínda: é o tema do fracaso escolar. Sinto ter que aclaralo, porque eu realmente confío na intelixencia de todas as deputadas e deputados, e sei que todos entenderon xa a trampa do fracaso escolar, pero como vostede non estaba igual non o escoitou aínda. Ten vostede razón, señor conselleiro: o fracaso escolar diminuíu en Galicia. Agora ben, ¿diminuíu pola súa xestión? Aí pónnolo difícil, pois se temos en conta que leva dous anos gobernando, será difícil. E non é que eu lle queira quitar méritos, non, é que hai que ser rigorosas e asumir que se o fracaso escolar está diminuíndo é:

Dunha banda, porque o mercado laboral deixou de ser atractivo; cousa na que vostede —que saibamos— non tivo responsabilidade e cousa da que entendemos que o Partido Popular non debería sacar peito. Coido que non fará falta aclarar por que dende o 2007 o mercado laboral acelerado pola burbulla inmobiliaria deixou de ser un atractivo para a mocidade deste país.

E, en segundo lugar, porque quen fai a lei fai a trampa, e neste caso trampas dobres, porque a FP básica é unha das grandes trampas do sistema educativo. Un dos seus grandes logros, que para o único que serve é para aliviarlles as estatísticas educativas, disfrazando o fracaso escolar como formación, cando en realidade non teñen máis que falar co profesorado para saber que no que a están convertendo é en auténticos guetos educativos de mozos e mozas con dificultades, que non abandonan os centros, pero de facto están totalmente fóra do sistema. Se non está de acordo, aproveite a súa réplica e tráíanos datos concretos sobre a titulación ou a superación dos cursos na FP básica, de seguro que serán de grande interese para todas.

Non só iso, sería de agradecer que unha vez que xa tivo os seus minutos de anuncio propagandístico aproveite a réplica para contestar a outras cuestións concretas, que preocupan certamente a comunidade educativa.

E xa que vostede comezou citando a Santo Tomás, pois falemos, por exemplo, do ensino da Filosofía; non podería ser máis acaído. Como sabe, esta materia está a punto de desaparecer de 2º de bacharelato, reducida a unha materia optativa para os alumnos e alumnas de Humanidades, sen ponderación na maioría das carreiras, o que vai implicar que a súa demanda siga baixando. Como profesor universitario, ¿vostede que opina? Pensa que é adecuado ter estudantes que non leron nunca a Platón, a Aristóteles, mesmo a Santo Tomás, a Max Weber ou a Karl Marx, dando por feito que hai algúns autores que lle gustan máis que outros, pero o feito é que non están lendo ningún destes. ¿Pensa que é adecuado? Nós pensamos que a Filosofía é e debe ser unha materia común e troncal para todas, porque non é unha materia de Humanidades, trátase dunha materia que forma a cidadanía crítica e responsable, coñecedora dos principios democráticos elementais e do seu lugar na sociedade. Ademais, vai máis alá das ideoloxías, por iso de que se pode ler a xente de todos os lugares.

Se tanto medo lles dá que a xente pense, como conselleiro debería verse irremediabilmente implicado en reverter esta situación, que é lesiva para o proceso educativo en Galicia, como xa fixeron noutras comunidades. Non traemos aquí ningunha invención. E como mesmo o Partido Popular no Pacto pola educación adiantou a súa intención de recuperala en bacharelato. ¿Entón vostedes a que esperan? ¿Non opinan nada? Esperan.

Queremos falar máis das reválidas. Xa lle digo que hoxe foi abraiante escoitar nesta Cámara que se as reválidas non teñen efectos académicos foi grazas a esta consellería. Abraiante é dicir pouco, porque parece que fora vostede encabezando as marchas verdes pola recuperación do ensino público. O caso é que non o vimos, nas fotografías vostede non saía, pero igual estaba, jeh! Honestidade, señor Román, honestidade. A cadaquén o seu. Pode subir aquí e dicir o que lle dea a gana, pero todas sabemos que se as reválidas non teñen hoxe efecto académico foi pola xente que as parou nas rúas, e non ía vostede encabezando esas protestas. *(Aplausos.)*

Pero afondemos máis na cuestión das reválidas. Sería interesante saber, por exemplo, cantos nenos e nenas participaron nas probas, cal foi a taxa de absentismo e a súa diferenciación entre centros públicos e privado-concertados, ou cales foron as consecuencias da aplicación do ano pasado, porque aínda non sabemos nada. Curioso tamén que, pese a ser probas sen efectos académicos como teima en dicir, o decreto de avaliación de primaria no seu artigo 6.2 diga: «Os informes das avaliacións individualizadas de 3º curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta». A pregunta, polo tanto, é: ¿teranse en conta ou non? Porque se é que non, explíquenos por que este artigo segue vixente; igual habería que quitalo. En todo caso, din que o obxectivo de vostedes é avaliar o sistema. Nós pensamos —e xa llo temos dito moitas veces— que o que se pretendía coas reválidas é precisamente establecer ránkings, pero ímoslle dar un voto de confianza.

Traemos propostas. Sen facer reválidas, sen ter resultados de reválidas, mire que a nós se nos ocorren algunhas cousas que, se nos escoitara algunha vez, igual resultaban interesantes:

En primeiro lugar, aumentar o orzamento para recuperar o nivel orzamentario de cando menos o 2008.

Segundo, aumentar o profesorado de apoio para garantir máis recursos a quen máis precisa. Isto si que é comprometerse coa equidade e non outras cousas das que fala.

En terceiro lugar, reducir a carga horaria do persoal docente, para avanzar nunha atención máis personalizada.

En cuarto lugar, reducir as ratios do alumnado e, por suposto, contar para as ratios o alumnado repetidor. É un despropósito, señor Román; é un despropósito que non se conte o alumnado repetidor para dicir cantos alumnos hai nunha aula. E non ten explicación ningunha, pedagóxica dende logo non; a única explicación que ten é maquillar os seus datos.

En quinto lugar, recuperar o investimento na atención á diversidade como un dos eixos fundamentais para un ensino público de calidade. Vostede sabe perfectamente, señor Román,

que non se está facendo, sabe que hai decenas de escolas que denuncian ter menos especialistas dos que precisan, profesorado desbordado, que se sente incapaz de atender todas as necesidades. Precisamos máis especialistas de Pedagogía Terapéutica, máis especialistas en Audición e Linguaxe, pero non como un número para engordar as súas estatísticas. Precisamos eses especialistas ocupando eses postos e non reconvertidos en profesorado de apoio de primaria.

Como dicía antes, quen fai a medida fai a trampa. Fíxese que son medidas concretas, sen necesidade de reválidas.

Pero queremos escoitalo falar tamén sobre os centros educativos no rural. Como sabe, cada ano péchanse decenas de aulas, son moitas as familias que se teñen posto en contacto con En Marea para manifestarnos a súa preocupación. Estaría ben que ocupe o seu turno de réplica e que nos diga se ten pensado algunha proposta concreta, porque nós pensamos que urxe abordar un plan específico para o ensino no rural, de xeito que garantamos a igualdade de oportunidades de todas as nenas e nenos do país.

Quixeramos escoitalo falar tamén sobre a recuperación dos dereitos laborais do profesorado, da reversión dos recortes. Trátase de vostedes seren coherentes. O seu discurso da recuperación —xa lle dixen un día— casa mal coa realidade que se vive fóra. Se agora hai recuperación, devólvanlles aos profesores todo o que lles quitaron.

Botamos en falta tamén unha ambiciosa proposta por un ensino en igualdade máis alá de plans baleiros. Xa o temos dito moitas veces, pero ímolo repetir aquí as veces que sexa preciso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...non se pode dicir que se aposta por un ensino en igualdade mentres se financian con cartos de todas e todos centros machistas que segregan o alumnado.

Rectificar, señor Román, é de sabios, aínda que sexa tarde. Non teime no seu erro, aínda se pode facer, pódese aprobar, pódense aceptar algunhas das medidas que En Marea trae a esta Cámara e non votar sistematicamente que non por ser unicamente cuestións da oposición.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías. Bo día, señor conselleiro.

A verdade é que resulta enormemente chamativo, enormemente notable ver as intervencións da oposición cada vez que hai unha comparecencia, porque, como vostede puido comprobar

perfectamente, se non comparece dirían que estamos ocultándolle á sociedade as políticas que se implementan, que estamos actuando con escurantismo e con falta de transparencia, e se comparece veñen pouco máis que dicir que non se sabe moi ben para que se comparece porque realmente non é necesario comparecer. ¿Como se lle ocorre comparecer hoxe se xa o fixo hai tres meses? ¡Por favor! É que é unha cuestión que a verdade resulta enormemente chamativa.

Pero máis alá de todas estas cuestións, eu creo que temos que intentar botar unha observación dende un prisma máis serio e equilibrado do que o fixo a oposición e do que fai habitualmente a oposición. E nese sentido eu vou sinalar unha cuestión que creo que hai que destacar, porque se estiveron atentos á intervención do señor conselleiro eu creo que todos escoitamos que tendo presente que os resultados do sistema educativo galego son positivos, tendo presente que estamos desenrolando este final de curso nun clima de normalidade e que temos estes resultados positivos, tamén sempre se sinalou por parte do conselleiro que é necesario seguir mellorando. Todos temos claro que na educación hai un camiño que está sempre por percorrer, é un camiño que hai que estar construíndo permanentemente. E para iso é necesario tamén saber recoñecer o que se fai ben. Porque a vostedes moitas veces —moitas veces non, sempre— éncheselles a boca falando de que todo está mal, de que todo é escuro e catastrófico, e son incapaces de recoñecer ata os datos obxectivos cando algo obxectivo realmente se fai ben e está ben. Pero —xa digo— esa é unha cuestión á que dende este grupo e dende o Goberno se está acostumados porque é unha constante e é unha tónica que se repite unha e outra vez cada vez que a oposición fala sobre as medidas que implementa o Goberno de Galicia.

A verdade é que nas quendas de réplica da oposición a min me chamou moitísimo a atención, señora Rodil, como vostede reduciu santo Tomás á figura bíblica, a verdade é que resulta chamativo. E quizais un pouco —enlazándoo co que falaba a señora Chao do estudo da Filosofía— neste caso reducir á figura bíblica probablemente unha das figuras centrais do pensamento europeo, porque foi quen de trasladar o pensamento de Aristóteles á Idade Media, como é Tomás de Aquino, reduciilo a unha cita puramente bíblica resulta cando menos chamativo. E eu creo que santo Tomás de Aquino é unha figura moito máis profunda que unha figura única e exclusivamente bíblica. E nese sentido chamoume moitísimo a atención esa referencia que vostede fixo a citas bíblicas falando de santo Tomás.

A verdade é que cando vostedes subiron aquí e falaron, evidentemente, daquelas cuestións que repiten unha e outra vez cada vez que se refiren ao sistema educativo galego se esqueceron de comentar moitas das cuestións que sinalou o señor conselleiro e que, ao final, era para o que se está aquí, pois para dar conta de como se foi desenvolvendo este curso escolar. Evidentemente, a normalidade, eu sei que é un concepto que a vostedes quizais non lles gusta, pero ao final a acción dun Goberno ten que caracterizarse, en primeiro lugar, por ser previsible, non xerar incertezas, e porque a vida dos cidadáns se desenvolva con normalidade. Iso é unha acción de goberno intelixente. Pero non, evidentemente, a vostedes non lles gusta. ¿Por que? Porque a normalidade e a previsibilidade, entre outras cousas, traen ausencia de conflitos. E a vostedes interésalles máis a existencia de conflitos, porque a existencia de conflito é a que dá sustento ao seu discurso.

Vostedes, evidentemente, non entraron a valorar todas as medidas transversais das que se falou na intervención do señor conselleiro, como as melloras de innovación educativa, o re-

forzo da autonomía nos centros, a mellora de infraestruturas e equipamentos, porque falan unha e outra vez de reducións orzamentarias. Pero cando se poñen enriba da mesa recursos para mellorar a realidade dos centros a través de novos equipamentos, a través da mellora de infraestruturas e a través, en definitiva, da mellora da vida cotiá nos centros educativos galegos, diso non fan referencia ningunha. Non, é máis cómodo para un discurso da oposición falar de recortes orzamentarios e non falar de esforzos investidores que se fan para mellorar a realidade e a vida cotiá nos centros de Galicia.

Pero tampouco fixeron demasiadas referencias a todas as medidas que se tomaron para mellorar a atención á diversidade, para o fomento da convivencia e da equidade. En definitiva, os esforzos que fai a Consellería e os esforzos que fai tamén a comunidade educativa por mellorar día a día e por achegar eses resultados que están enriba da mesa e que nos ofrecen todos os datos oficiais, tanto de abandono escolar temperán como o propio informe Pisa, pois iso parece que a vostedes non lles interesa, miran simplemente o nivel de calidade do sistema educativo en función da capacidade que poidan ter para xerar conflito en torno a ese sistema. E, polo tanto, as realidades obxectivas que nos din que as cousas van funcionando con normalidade intentamos obvias para dentro dese discurso caótico e catastrófico seguir alentando unha realidade que non se corresponde cos feitos.

Por certo, unha definición clásica da verdade como correspondencia que se lle pode achacar tamén a santo Tomás é en definitiva iso, que a verdade é a correspondencia ou a correlación do que se di cos feitos. Entón, é fundamental que non perdamos de vista a realidade, que non perdamos de vista os feitos para poder construír despois os nosos discursos teóricos. Porque iso, dende logo, vai provocar que o noso discurso conecte coa cidadanía, como se ten demostrado en moitísimas ocasións que conecta coa cidadanía o discurso que fai o Partido Popular. E isto non é por unha razón de conexión divina, senón que é por unha mera razón de que o discurso que fai o Grupo Parlamentario do Partido Popular é un discurso conectado coa realidade e cos feitos. E por iso, polo tanto, conecta tamén coa cidadanía.

A verdade é que resulta profundamente chamativo. Eu, señora Álvarez, vou facer referencia a unha cuestión que mencionou, que me chamou a atención, porque eu sei que vostede é unha amante da lóxica —e témolo falado en moitas ocasións nas comisións, mesmo neste pleno temos feito referencias á lóxica—. E vostede empregou un argumento falaz cando dixo que o conselleiro sinalara que avanzar en equidade era un despilfarro. E fixo unha falacia lóxica porque non puxo o argumento no seu total, extirpou unha parte do argumento para chegar a unha conclusión que a vostede lle interesaba. Porque o señor conselleiro sinalou que había que avanzar en equidade sempre da man dun avance en calidade, e ese é o futuro do sistema educativo. Porque se avanzamos só en calidade ou só en equidade temos un sistema educativo desequilibrado; temos que avanzar en ambas as dúas variables, en equidade e en calidade. (*Aplausos.*) Por iso digo que ese é un discurso falaz. (*Aplausos.*)

Foron tantas cuestións as que foron saíndo nas súas intervencións, e que eu creo que merecen ser comentadas, que, a verdade, moitas veces non sabe un moi ben por onde empezar. A min resúltame sumamente chamativo que a señora Chao falase con absoluta displicencia da formación profesional básica como «auténticos guetos educativos» —dixo textualmente—. Ou sexa, vostede cre que en Galicia e que a comunidade educativa de Galicia, é dicir, a posibili-

dade que se lles dá a moitos rapaces e rapazas galegos de rematar os seus estudos cunha titulación e non quedar expulsados do sistema educativo, o que está facendo o Goberno con iso, que é unha medida claramente en defensa da equidade, porque non hai sistema menos equitativo que aquel que expulsa os seus alumnos fóra del de xeito temperán, vostede cre que iso é crear guetos. Resulta profundamente chamativo. É como se dixeramos que para En Marea, ao final, darlles unha oportunidade de formación aos rapaces e ás rapazas de Galicia é crear guetos. Ben, pois, oia: sigan vostedes con ese discurso; nós, dende logo, seguiremos buscando a fórmula de que os mozos e as mozas de Galicia teñan unha oportunidade de futuro e non sexan expulsados do sistema educativo de xeito temperán. *(Aplausos.)*

E falaron tamén de seguidismo acrítico.

Outra cuestión que foi moi mencionada en todas as súas intervencións e case con certo toque de chanza ou de brincadeira foi o feito que sinalaba o señor conselleiro de que dalgún xeito dende Galicia se traballou e se fixeron aportacións nas conferencias sectoriais para eliminar a validez das probas de avaliación de bacharelato. Vostedes viñeron facer —como dicía antes— chanza ou brincadeira con isto como sinalando que fose o señor conselleiro e grazas a el que... Pois, mire, señora Chao, vostede incluso chegou a dicir que non vira o señor conselleiro encabezando as marchas verdes polo ensino en defensa do ensino público. Non, evidentemente non, iso deixámoslle para vostedes. ¿Sabe o que facemos dende o Grupo Popular? Traballar nas conferencias sectoriais para levar as nosas propostas onde teñen que ir, porque, ao final, iso é o que cambia a realidade das persoas, *(Aplausos.)* non esconderse detrás dunha pancarta, sexa verde ou sexa de calquera outra color. *(Aplausos.)* Evidentemente, vostedes son defensores de esconderse detrás das pancartas, nós somos defensores de traballar dende as institucións. Por iso a sociedade a nós quérenos nas institucións e a vostedes quéreos detrás das pancartas. ¡Esa é a realidade! *(Aplausos.)*

E, en definitiva, eu creo que —para ir rematando—, señor conselleiro, a verdade é que hai que recoñecer o esforzo que se ten feito dende a Consellería. Eu quero recoñecer tamén o feito de que vostede comparecese hoxe aquí para falar deste balance de curso e deste final de curso; recoñecer o traballo que se fai dende a Consellería e animalo —porque eu creo que isto é fundamental tamén e todos temos que ser partícipes— a seguir mellorando o sistema educativo galego. Porque, como ben dicía vostede, aínda que os resultados e os datos son bos non debemos conformarnos, non debemos caer no conformismo, e o que sempre é positivo para un sistema educativo é seguir mellorando, avanzar e non quedarse detido.

Polo tanto, agradecemoslle a súa comparecencia hoxe e animámolo a seguir nesta liña de traballo, que probablemente esta liña de traballo siga traendo éxitos para o sistema educativo galego.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Ten a posibilidade de réplica o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi ben.

Señorías, a verdade é que pode ser lexítimo apelar ou recorrer a un constante relatorio de críticas, de argumentario, sen ningún dato fiable e sen ningún fundamento da realidade. ¡Vostedes saberán! O certo é que á Consellería lle corresponde algo que non é fácil, que é a planificación, a regulación, a administración do ensino en toda a súa extensión —nos seus niveis, nos seus graos, nas modalidades e nas especialidades—. E, miren, para o seguinte curso, sen dúbida, imos continuar a organizar as actividades dos centros educativos, e ímolo seguir facendo tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos, de xestión responsable dos recursos... E non se toman decisións arbitrarias, non se toman decisións sen fundamento, teranse que tomar decisións educativas, de planificación, de xestión, pedagóxicas, para favorecer a calidade, para favorecer a equidade, para favorecer a innovación, todas aquelas que sexan necesarias para mellorar, porque non facelo sería unha auténtica irresponsabilidade.

E vostedes, señorías, eu creo que deberían ser honestos, deberían recoñecer que a comunidade educativa galega —non só o Goberno— está tendo unha dinámica e unha senda positiva. Non perseveren, señorías, na política do santo Tomás, non perseveren nesa política, porque a verdade é que algo se estará facendo ben.

Algo estaremos facendo ben cando moitas comunidades autónomas están interesadas en participar en diferentes programas ou nos piden asesoramento para diferentes programas que estamos implementando. Moitas e de moi diferentes ámbitos: no ámbito da lectura, no ámbito da formación profesional..., en moitos ámbitos.

Algo estaremos facendo ben cando son xa varios anos reducindo progresivamente o fracaso escolar. Algo que a vostedes lles parece algo baladí ou algo menor.

Algo estaremos facendo ben cando os recentes datos do informe Pisa sitúan Galicia por riba, moi por riba, da media española e da media da OCDE. E se o comparamos con comunidades autónomas gobernadas pola esquerda desde sempre, para poñer esas comunidades no peletón de cola. *(Aplausos.)*

Ou algo estaremos facendo ben cando os nosos centros e os nosos estudantes están a recibir premios a nivel nacional. Dos premios de innovación educativa a centros educativos, Galicia tivo un terzo. Hoxe mesmo está o presidente da Xunta recibindo a cinco dos quince premios nacionais de ESO e a sete alumnos que recibiron medallas *Skills* na olimpíada *Skills* a nivel España. É dicir, o sistema educativo a nivel de centros ou de alumnos está recibindo premios en España moi por riba da porcentaxe que nos tocaría en función do alumnado; co cal, señorías, algo estaremos facendo ben.

E algo estaremos facendo ben cando temos o modelo educativo máis inclusivo e máis equitativo de España. *(Aplausos.)* E non o di este conselleiro ou este goberno, dino as estatísticas comparadas.

Pero, claro, se vostedes seguen cos seus discursos de serie é difícil que saian desa teima de que necesitan ver para crer. E as oposicións —díxoo a señora Rodil— o día 24, o sábado vanse

facer con normalidade. Teñen que esperar vostedes ao 24 para darse conta da postura lóxica e coherente que mantivo sempre esta consellería en defensa dos opositores e en defensa daquelas persoas que cifran parte da súa vida a estes exames de oposición. Van vostedes ver que o día 24 vai haber os exames e van poder vostedes crer, como fai Santo Tomás. Pese a que vostede di que son un partido materialista e teñen pouca fe, pois realmente nunca sobra a fe. A fe non ten que ser relixiosa, pode ser fe laica; vostedes practican moito a fe laica.

Pero, mire, non sei como dicirillo, parécelle mal que veñamos comparecer, e xa o dixo o portavoz do Partido Popular. Nós non comparecemos ao inicio do curso por unha sinxela razón: porque houbo un proceso electoral que coincidiu co inicio de curso practicamente e non se puido comparecer. Comparecemos agora e nese eterno retorno do Bloque parécelle mal que comparezamos, como parece que daba a sensación que lle parecía mal.

Vostedes falan dun modelo educativo propio. E un modelo educativo propio é máis que facer un discurso, un modelo educativo propio significa ter proxectos, programas, medidas, accións e estratexias. E voulle dicir que si, que Galicia o ten, lévaoo tendo desde o ano 2009 para diferenciarse dos anos entre o 2005 e o 2009 fundamentalmente, que foron moi malos para o sistema educativo. Mobilizamos o ensino, demos autonomía, innovamos. Iso produce que, igual e co mesmo marco xeral comparativamente con outras comunidades autónomas, Galicia estea moito mellor en resultados e en equidade. E iso quere dicir que hai un modelo educativo propio, un modelo educativo propio que ten uns fundamentos e unhas bases.

E, claro, ver para crer, señora Rodil: profesorado, fala de ratios. Galicia é xunto con Asturias a comunidade autónoma que ten a ratio profesor/alumno máis baixa de España. Fala vostede, ver para crer, de recuperación salarial. Aquelas medidas que en momentos moi difíciles adoptou o Partido Popular foron recuperadas, as únicas que non se recuperaron foron as que se impulsaron durante o Goberno Zapatero. Ver para crer, fala vostede de recortes. Vostede debería saber que o acumulado dos dous últimos orzamentos é un incremento en materia de educación de máis dun 8 %, en torno ao 8,5 % de incremento nos orzamentos.

E eu aí xa non creo, pois aí min cústame traballo crelos a vostedes cando din que non están a favor do modelo plurilingüe. E eu preguntolles: ¿por que? ¿Non están vostedes a favor de que se lles dean máis oportunidades aos xoves galegos, a todos os xoves galegos, que teñamos un sistema máis equitativo, que teñamos máis competencias —porque si hai avaliación— nos centros plurilingües en materias lingüísticas e en materias de inglés que no resto? Realmente, eu neste ámbito xa non me creo nada do Bloque, porque cheguei a escoitar unha portavoz do Bloque, cando se puxo en marcha o primeiro Plan de potenciación das linguas estranxeiras, dicir que era facer algo para os ricos. E dígoo literalmente porque quedei asustado nunha comparecencia parlamentaria cando se dixo isto.

Vostedes pensan que con este modelo lle facemos dano ao galego. E non é iso, nin moito menos, non se lle fai ningún dano ao galego. De feito, o sistema educativo garante e temos o mellor nivel de coñecemento e de comprensión lectora e oral do que é a lingua galega. E vostedes con tal de opoñerse din: opoñémonos ao plurilingüismo porque vai en contra do galego. Pero, ¡joia!, non ten relación directa, son cuestións absolutamente complementarias. E realmente é difícil de crer que vostedes plantexen estas cuestións, ¿non?

Respecto do que nos plantexa o Partido Socialista, eu pídolle ao Partido Socialista a nivel xeral, non a este portavoz, que manteña a coherencia. No Partido Socialista nos últimos días, meses e semanas están pasando moitas cousas. O Partido Socialista tiña unha liña positiva na procura dun pacto pola educación a nivel estatal, e entendemos que ten que ser así. De feito, pode haber algo de acto de contrición porque en España houbo unha sucesión de leis orgánicas no período democrático, todas —digamos— impulsadas polo Partido Socialista, excepto, obviamente, esta última. E eu creo que pode chegar o momento de sentarnos, e agardo que o Partido Socialista siga sendo construtivo e non se embarre nesa oposición frontal ao que se pode impulsar e que comecen a rexeitar calquera tipo de acordo. Creo que iso sería positivo que non o fixera, e se vostedes poden influír niso pódeno facer, porque creo que como país nos iría moito mellor se fósemos capaces de ter unhas liñas mestras estables neste ámbito.

E, claro, vostede intentou trasladar á Cámara cando pedimos que a avaliación de ESO non computase para efectos académicos como se fose algo que xa era visto. Mire, nós fixémolo en setembro, o acordo tomouse en decembro. Nós plantexamos un modelo educativo, encaixámolo na nosa liña de modelo educativo, pois entendiamos que era mellor. Afortunadamente, púidose facer e estamos contentos, non necesitamos ir —como se dixo aquí— por detrás da pancarta. Oia: negociamos, xestionamos, trasladámolo, fomos capaces de buscar un acordo, e creo que nese sentido foi positiva esta acción pola nosa parte.

E vostede tamén, xa o dixo tamén o portavoz, supoño que inconscientemente intentou manipular as miñas palabras. Eu dixen claramente que hai que avanzar nas dúas variables, avanzar só en calidade ou só en equidade non é o correcto para o modelo educativo. Se avanzamos só en calidade xera elitismo e se avanzamos só en equidade non avanza o modelo educativo nin avanza a sociedade, co cal é unha mala xestión. Pero hai que avanzar nas dúas, e estámolo facendo nas dúas: en calidade e en equidade.

Diálogo. Nós sempre queremos falar e falamos con quen quere falar connosco. Tomamos moitos acordos na mesa sectorial onde se sentan a Administración e as organizacións sindicais, moitos acordos. De feito, hai pouco asinamos un acordo onde unha organización se ausentou, outras fixérono.

Eu creo que cando di vostede que este é o curso de máxima tensión que se recorda, aí digamos que o pecado de exaxeración o tivo, porque eu creo que tensións sempre hai. ¡Home!, nun sistema educativo con trinta mil profesionais, con mil centros educativos, etc., sempre hai momentos, pero dicir que foi o momento de maior tensión ou o ano de maior tensión que se recorda non é real, e ninguén o cre.

En transporte escolar, que vostede citou e é unha cuestión pola cal estamos obviamente preocupados, estamos traballando. Mire, o transporte escolar é da Xunta de Galicia, e a Consellería de Educación conserva a organización e a planificación. Outra cousa é a xestión específica, que a vai realizar outro órgano específico, pero a organización e a planificación son da Consellería de Educación.

Eu non sei se vostedes apoian a folga ou non, porque parece que están contentos de que haxa esta cuestión. Por certo, no ámbito educativo os servizos mínimos eran o cen por cento. Temos

uns datos de que non se cumpriron eses servizos mínimos, parece ser. Pero os servizos mínimos por parte dos convocantes eran o cen por cento de mantemento do transporte escolar.

E o sistema educativo, o transporte escolar educativo ten garantido o mantemento, e é algo fundamental de todo o que ten que ver coa súa organización: as paradas, as rutas e os horarios. Non hai ningún tipo de problema, vaise manter tal e como está establecido. E vanse implementar novas melloras, vai haber acompañantes en todas as rutas; ata agora non os había, como vostede sabe. E van tamén introducirse prazas para formación profesional e para bacharelato.

A única diferenza real que vai haber no transporte escolar é que aquelas prazas libres que quedan nos autobuses poidan ser ocupadas por persoas de fóra, refírome a de fóra do sistema educativo. Pero pode ser a nai dun alumno ou a avoa dun alumno que acompañe nun momento concreto a súa familia. Non sei como se pode cuestionar que haxa un uso eficiente dos recursos, ou que esas prazas que quedan vacantes poidan ser ocupadas por unha persoa que vive no contorno do alumno, que pode ser —xa digo— seu pai, súa nai ou súa avoa. Creo que iso é positivo, non é só positivo... *(Aplausos.)* ...é que o propio Partido Socialista impulsou no seu momento o Tes+bus, pois realmente para efectos prácticos isto vai ser o Tes+bus desde o punto de vista escolar.

Outra cousa é a xestión, que non vai interferir ou non debería nunca interferir, e así o agardamos, co que é o sistema educativo. Pero nunca analicen vostedes dun xeito torticeiro esta situación ao transporte escolar, porque se van manter paradas, rutas e horario, e a organización do transporte escolar vai seguir sendo na Consellería de Educación. Outra cousa é a xestión de contratación, etc., que o vai facer outro órgano. Pero iso non vai afectar en ningún caso os alumnos, e vanse reforzar como xa dixen os acompañantes, bacharelato, etc., porque para efectos prácticos —e vólvoo repetir— a única diferenza é que aquelas prazas vacantes —e iso entendo que ata vostedes estarán a favor— poidan ser utilizadas por persoas de fóra do sistema educativo: familiares ou persoas que vivan no seu contorno. E iso non prexudica a ninguén e pode beneficiar a moita xente.

Respecto de En Marea, realmente, señora deputada, corren malos tempos... —señora Chao, perdón— ...son malos tempos cando hai que explicar o obvio. E hai que explicar o obvio e repetilo unha e outra vez porque se non unha persoa que descoñeza a información e a escoita a vostede e escóitame a min pode quedar coa dúbida, e por iso hai que explicar o obvio.

Mire, en galego estamos ante o maior coñecemento da historia das xeracións xoves de galegos e galegas. Outra cousa é o uso, pero estamos ante o maior coñecemento que aporta o sistema educativo aos xoves galegos.

Respecto do desequilibrio territorial do ensino dixital, acábolle de dicir que hai un proxecto en marcha de escolas conectadas para que o cen por cento dos centros públicos teñan polo menos 100 megas de conectividade; agora temos o 40, o horizonte é chegar ao cen.

Fracaso escolar. Desde o ano 2009 baixou moito, moitísimo, e algo do cal deberíamos estar contentos como sociedade. ¿Por que? Porque non hai nada máis antiequitativo socialmente

que enviar un chaval á rúa sen ningún tipo de titulación, porque o encamiñamos a uns itinerarios vitais difíciles. E a vostedes parece que lles molesta. Agora estou seguro dunha cousa: estou seguro de que se subira o fracaso escolar vostede nos atacaría brutalmente, pero como baixa non podemos dicilo. É unha cuestión francamente curiosa.

Atención á diversidade. Di vostede que non hai recursos. Hai máis de catro mil profesionais —PT, AL, coidadores, orientadores— traballando no sistema educativo. E non chegan. Pero non me diga vostede que non se fixo un notabilísimo esforzo nos últimos anos por avanzar na inclusión e na equidade social. Porque voulle dicir unha cousa: somos —e non o di esta consellería, dio o ministerio e dio a OCDE— a comunidade autónoma que ten un maior nivel de inclusión e de atención á diversidade do conxunto do Estado; algo do que deberíamos estar contentos.

E a verdade é que a min persoalmente me doe, e dóeme, que clasifique a formación profesional básica como un gueto. Paréceme unha auténtica frivolidade. E invítoa a vostede e a quen queira acompañala a que visite os centros educativos onde se implanta formación profesional básica e que pregunte, que pregunte as realidades sociais, familiares, educativas destes alumnos, e que lles pregunte se se lles están dando oportunidades de seguir estudando, de seguir formándose, e que lles pregunte que estarían facendo se non estiveran aí. E se llelo preguntara, estou seguro de que non sería tan frívola nesa afirmación, porque é unha afirmación que lle está facendo dano (*Aplausos.*) ao sistema educativo.

No que tamén hai moita frivolidade é cando se fala das avaliacións. ¿Para que se fan se non valen para nada? Iso é o que están dicindo vostedes: ¿para que se fan se non valen para nada? Pois vostedes deberían saber que a información que recibe á Administración educativa lle serve para moito. Sérvelle para deseñar os contratos programa e os contratos que van orientados fundamentalmente a reducir as debilidades identificadas, como fracaso escolar, por exemplo. E para iso puxemos en marcha moitísimos contratos programa, estamos reforzando naqueles centros que o solicitan con base nesta información para poder poñer programas educativos para que non quede ninguén atrás. Temos case douscentos docentes especializados en dar clases de reforzo con base nestes datos.

¡E que vostedes sigan dicindo que a educación é simplemente poñer máis cartos! A súa primeira proposta é poñer máis cartos no sistema. Ese é un argumento falaz. Tense demostrado, todos os especialistas o din, e ademais hai unha experiencia empírica en Galicia, que máis cartos non é igual a mellores resultados, non é igual a máis equidade. Houbo momentos no sistema educativo con máis recursos, si os houbo. ¿Neses momentos houbo máis fracaso escolar? Si. ¿Neses momentos houbo maior calidade? Non. Non é só poñer máis cartos encima da mesa, é xestionar os cartos con sentidiño. E iso realmente é algo que pola nosa parte cremos que estamos facendo.

E comparto con vostede que a filosofía é moi boa para a formación do individuo, tremendamente positiva para a formación dun individuo, porque lle permite ao individuo fixar conceptos básicos, conceptos como a liberdade, como o respecto, como a tolerancia. E por iso é moi importante o coñecemento da filosofía. Estamos a favor, absolutamente a favor, de que este coñecemento impregne o conxunto da sociedade, porque teremos unha sociedade me-

llor, máis libre, máis preparada, máis solidaria, máis tolerante e moito máis respectuosa, que, vistos algúns comportamentos, boa falta nos fai.

En definitiva, o traballo feito pola Consellería creo que está á vista. Temos un modelo educativo propio que acada resultados, resultados positivos, para o ensino e para o alumnado galego. E realizamos unha xestión axeitada cos recursos dispoñibles.

E non quixera rematar esta intervención sen mencionar as novidades previstas para reforzar a formación profesional en Galicia no vindeiro curso. Como xa dixen, hoxe vaise celebrar o Consello Galego de FP. A Consellería presenta para o curso 2017-2018 unha oferta de preto de 30.000 prazas, 29.591, en primeiro curso, nun total de 1.182 ciclos e programas formativos autorizados. Concreto: en réxime ordinario, grao superior, grao medio e FP básica, 21.500; en réxime modular para adultos, 4.400; en réxime modular a distancia, 2.200; en FP dual, 840; e 620 prazas en programas formativos para persoas con necesidades específicas de atención educativa.

Entendemos que esta oferta avanza no proceso de adaptación ás cualificacións profesionais e na adecuación desta oferta ás necesidades do sistema produtivo galego, ao tempo que se axusta á demanda analizada dos anos anteriores e á evolución, neste caso, do mercado laboral, algo que é fundamental para lograr a empregabilidade dos titulados da FP galega, que está, como xa dixen, en torno ao 80 %.

No curso 2017-2018 as principais novidades da oferta estarán na FP dual. A FP dual incrementará un 31,6 % as súas prazas, distribuídas neste caso en 29 ciclos. E non o facemos sos, facémolo con algunhas empresas das máis senlleiras do país, como Estrella Galicia, como Inditex, como Repsol, Têxtil Lonia, Hotusa, con moitas empresas que confían na Formación Profesional para formar os seus profesionais.

Haberá 16 novos proxectos de Formación Profesional dual. Entre eles, cabe destacar que, por primeira vez, na oferta aparecen tres ciclos de FP dual con titulación dobre, tanto en ciclo superior de Dirección de Cociña como en Dirección de Servizo de Restauración. E, ademais, en Galicia ofértase como novidade o ciclo de grao superior de Redes e Estacións de Tratamento de Augas —que ata agora só se podía estudar en Cataluña—, neste caso con Viaqua.

Ademais da FP dual, a principal novidade para o curso que vén é a oferta de catro ciclos de nova creación: dous en FP básica, para dar oportunidades aos alumnos con dificultades educativas, un en mantemento de vivendas e outro de actividades domésticas e limpeza de edificios; tamén un grao superior, en réxime ordinario, de promoción da igualdade de xénero —será o primeiro de Galicia e implementarase en Pontevedra; como ve vostede, estase traballando pola igualdade de xénero—; e tamén o xa citado FP dual de Redes e Estacións de Tratamento de Augas.

Obviamente, e como é habitual nestes casos, a oferta que se presenta flutúa dun centro a outro centro e dun ano para outro. Hai ciclos que entran e ciclos que saen para poder construír todos os anos un mapa adecuado ás demandas e ás necesidades dos sectores produtivos.

E, señorías, creo que resulta evidente o compromiso e a aposta pola formación profesional en Galicia, porque somos conscientes, como goberno, das oportunidades que dá a formación profesional aos mozos para poder inserirse no mercado laboral. En definitiva, a nosa responsabilidade é educar os que van ser os cidadáns, os galegos, de mañá. E facémolo nunha dobre vertente: facémolo como cidadáns, temos que formalos en valores, para que os cidadáns futuros sexan coñecedores dos seus dereitos, das súas obrigas, sexan críticos, sexan reflexivos, sexan libres e sexan respectuosos cos demais; pero tamén temos que formalos para que teñan oportunidades no mundo laboral, temos que ter un ensino conectado coa sociedade e conectado coas demandas dos sectores produtivos. E temos que garantir en todo caso, e sempre, a igualdade de oportunidades para todos. Nese sentido, o que se está a facer, os avances que se están a plantexar, avanzando tanto en calidade coma en equidade, fannos pensar que imos en boa liña. Obviamente non queremos ir sos, non podemos ir sos, temos que ir acompañados do conxunto da comunidade educativa, das familias, dos profesores, das organizacións sindicais, en definitiva, do amplo espectro que conforma esta comunidade. E entre todos, mantendo unha estratexia, podemos seguir traballando e avanzando no que máis nos preocupa, que é a formación e a educación nos nosos xoves.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu creo que os que veñen cun discurso enlatado —que dá igual o que digamos porque non veñen escoitarnos a nós senón a si propios— son vostedes, señor conselleiro e señor Fernández Gil. (*Aplausos.*) Vostede é profesor universitario e eu son xornalista, e agora xa entendo a razón da comparecencia, que era precisamente anunciar e dar a coñecer publicamente eses novos módulos que están previstos xa para o curso que vén na Formación Profesional. A min paréceme estupendo. Quédalle moi ben a nota de prensa. Tamén puidemos aforrar todo o debate esta mañá. Eu quizais non me expliquei o suficientemente ben, é posíbel que non fora eu o suficientemente clara, pero eu recoñecíalle a este señor que fose o primeiro desde o 2012 —que foi o que dixen—, o primeiro desde o inicio da anterior lexislatura, en comparecer para avaliar o curso académico unha vez rematado. Para unha vez que lle poñemos algo en valor, que sexa todo un ataque constante reafírmame nesa idea de que non vén nin sequera a escoitar o que temos que dicir. A min paréceme moi ben e eu creo que temos recoñecido en anteriores ocasións que hai menos fracaso escolar, témolo dito publicamente, non nos caen os aneis por iso. Vostede convidábanos ao comezo a unha reflexión, pero é que, para reflexionar e poder chegarmos a unha conclusión crítica —que eu entendo que é o que fomenta tamén o noso ensino público—, teremos que ver cales son aqueles puntos que non están ben ou que deberían mellorarse. O señor Fernández Gil non llo vai vir dicir aquí porque cumpre outros roles. É a tarefa e a función de control que desenvolven as forzas da oposición. E, ademais, a respecto do discurso que nós fixemos das ratios, vostede coincidirá comigo en que, se facemos

un promedio e temos en conta que temos núcleos de poboación cunha baixa densidade po-
boacional, que o rural sempre reduce as ratios, é a razón pola que Asturias e Galiza son os
territorios que menos ratio de alumnado por aula teñen, claro. Iso dinllo a mesa sectorial e
as organizacións sindicais, dinllo no Consello Escolar as organizacións que representan tamén
as familias.

Tamén o que ten que ver cos dereitos do profesorado, o que nós reafirmamos e volvemos
defender aquí na nosa primeira intervención, non é un discurso exclusivo do Bloque nin é a
primeira vez que o escoitan, porque xa llelo teñen referido tamén así as organizacións sin-
dicais e as propias ANPA; como tamén unha maior dotación de profesorado, reducindo —xa
digo— o número de estudantes por aula, que é a única maneira de garantir que os protocolos,
que todas as estratexias e plans que se desenvolven para unha maior convivencia, para unha
maior atención das necesidades especiais, para unha mellor e maior atención personalizada
do alumnado, poidan chegar a bo porto. Sempre poñemos o caso doutros territorios e lati-
tudes do mundo, como o caso de Finlandia, por exemplo, que aposta por grupos reducidos
de estudantes por aula precisamente para combater, previndo, o *bullying*, o acoso ou o cibe-
racoso nas aulas.

En relación coa referencia bíblica a Santo Tomás de Aquino é que, claro, conselleiro, eu traio
un pouco a colación o que vostede dicía de contextualizar as referencias. O conselleiro ligou
o santo ao exercicio da contrición, e animábanos, ademais, ás forzas da oposición a practi-
cala. Como saben vostedes, a contrición baséase na limitación que se impón a algo ou a al-
guén, e que nesa reminiscencia teolóxica está referida a unha actitude que temos que ter as
persoas pecadoras no exercicio do sacramento da penitencia para expresar dor e pesar por
termos pecado e, con iso, ofendido a Deus. Por iso facía eu a referencia ao señor Tomás de
Aquino e o que ten a ver coa súa referencia bíblica (*Aplausos.*) por ese exercicio de contrición,
por pecadoras que somos, que nos pedía o conselleiro. E eu son, ademais, unha fan, teño
que dicilo, teño que dicilo así —e facer un *striptease* público—, son unha gran fan, dalgunhas
referencias teolóxicas. Eu son unha fan de Santa Teresa de Jesús e do seu éxtase, absoluta-
mente. E alégrome inmensamente por ela, ademais.

En referencia ao que dicía vostede —porque non nos queda moito máis tempo— do modelo
multilingüe, ou plurilingüe, nós témolo criticado enormemente polo que supón, primeiro,
de equiparar realidades lingüísticas que non teñen nada a ver unhas coas outras. Non se
pode equiparar nun terzo a realidade do inglés, a realidade do español e a realidade do ga-
lego. Porque, entón, baixemos a persiana do chiringuito e da Secretaría Xeral de Política Lin-
güística. É dicir, temos unha área de goberno dirixida a normalizar os usos da lingua galega
porque entendemos que a realidade sociolingüística do idioma propio deste país así o urxe
e logo facemos decretos que equiparan realidades de linguas que nada teñen a ver no que é
o seu uso, o seu coñecemento (*Aplausos.*) e, o máis importante de todo —imaxino que nese
plan de normalización dirixido á mocidade no que están traballando—, no que ten a ver co
prestixio social das linguas.

Nós —repítollo— cremos que se pode apostar polo coñecemento —e con isto xa remato—
das linguas estranxeiras —a comezar polo portugués, por aproveitar as semellanzas e a in-
tercomprensión que existe entre a lingua portuguesa e a lingua galega por facer parte do

mesmo sistema lingüístico—, pero podemos apostar polo plurilingüismo sen renegar do propio. É o único que lles pedimos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Fernández Gil, conselleiro dous, (*Murmurios.*) mire, a seriedade non é unha exclusiva do Partido Popular, tal e como vostede expuxo. Iso si que é unha falacia, porque, francamente, considerar que todos os que estamos na oposición non temos capacidade para ser serios é un argumento que se demostra falso *per se*. Non fai falta máis palabras. (*Aplausos.*)

Mire, por outro lado, dicía vostede que uns son colocados nas institucións e outros detrás das pancartas. ¿Fai falta que se lle recorde, señor Fernández Gil, que o Partido Popular tamén andou detrás das pancartas cando non estaba nas institucións? Falso tamén, falso tamén —xa que hoxe imos de lóxica—. Di vostede que o conflito é o discurso do que se nutre a oposición. ¿O Partido Popular non se nutre do conflito social onde non goberna? Falso tamén. ¡Xa lle chega!

Mire, nós xogamos o noso rol e vostedes xogan o seu. E, loxicamente, ambos son lexítimos, porque para iso nos colocaron aquí os cidadáns, a uns nunhas proporcións e a outros noutras. Polo tanto, imos ir tratando de respectar, cando menos, a intelixencia e o sentido común de todos os que aquí estamos e non poñer como exclusiva dun determinado grupo político esa seriedade.

Señor conselleiro, francamente, vista a derrota —no sentido marítimo— que está tomando o pleno, non sei se chamarlle reverendo pai. Porque tamén é certo que iso elevaría seguramente ao señor presidente da Cámara ao rango de sumo pontífice, e creo que non é o rol axeitado. Polo tanto, señor conselleiro non se preocupe vostede tanto polo Partido Socialista, nin de Galicia nin de España, xa nos amañamos nós sos. Non os necesitamos, como dicía García Márquez, nunha novela de título moi longo pero moi bonito, falando de cando nun conflito deses tan frecuentes no Caribe os americanos enviaban os seus especialistas aos seus asuntos. Nós xa temos os nosos especialistas, non necesitamos as valoracións nin os especialistas do Partido Popular para resolver os problemas que poida ter, e que resolverá, o Partido Socialista.

Mire, vostede falaba —e iso si que tamén é un argumento falaz— de que eu dixen que se asistira ao curso de maior crispación. Se cambiamos as palabras, se cambiamos os axiomas, cambiamos o discurso e movémonos noutro escenario. Eu falei do curso tenso nos docentes. E vostede sabe que o foi, porque os docentes non sabían qué ía pasar coas avaliacións, nin en primaria nin en secundaria nin, moitísimo menos —e máis grave, se cadra—, no bacharelato. Sábeo vostede perfectamente, debatémolo un montón de veces ao longo deste período

de sesións neste Parlamento. E diso falaba eu, desa tensión que había no ámbito docente. Díxeno. Vostede cambia o que eu dixen e entón, evidentemente, como é obvio, falamos doutra cousa.

E con respecto ao transporte escolar, non, non nos alegamos de que os alumnos non puideran ir aos centros educativos, nunha porcentaxe seguramente variable segundo se o dato o dá a Consellería ou o dan os organizadores. Iso pasa sempre. Non nos alegamos de que haxa conflito. Pero se o sistema de transporte escolar funcionaba ben, e se é tanta a optimización, ¿por que era necesario modificalo?, ¿por que hai esta crispación dentro do sector? É certo que a crispación non a está creando o sector docente. O sector docente é usuario do transporte escolar. Eu o que lle dixen a vostede é que vai pasar á historia —porque vai pasar á historia— como o conselleiro que perdeu o control do transporte escolar.

¡Home!, só faltaría que non fora a Consellería de Educación a que organizara as rutas escolares. ¡Por agora! ¡Por agora! ¡Veremos a ver! ¡Non, non, miren, veremos a ver como evoluciona o sistema! Non se arroguen vostedes a capacidade da infalibilidade que teñen, como pasou xa hai uns meses co financiamento da Universidade da Coruña, á que vostedes lle reprochaban ter creado un debate artificial sobre o financiamento desa universidade. Dicían que de ningunha das maneiras se ían dar fondos adicionais nin se ía modificar ese financiamento, ata que veu o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e lles dixo que está mal o financiamento. Pero vostedes, de entrada, no seu discurso permanente todo o que vai en contra do que vostedes din é un debate artificial, é ruído, é crispación, é alimentar a insurrección cidadá. E non, tamén poden valorar que nalgún momento as cousas que se din dinse porque existe certa incerteza sobre a deriva que poden tomar os cambios de sistema.

Díxenlle antes, e vostede sabeo, ou debería sabelo —non, sabeo perfectamente—, que unha das demandas importantísimas dos centros está relacionada coa imposibilidade de cambiar horarios para flexibilizar a súa oferta en función dos transportes escolares. ¿Cre vostede de verdade que iso vai mellorar como consecuencia desta nova organización? ¿Cre vostede de verdade que a Consellería de Educación vai ter o control permanente dos transportes desta comunidade autónoma con este novo modelo? ¿De verdade pode garantir hoxe nesta Cámara que a Consellería non vai perder ningún grao de eficiencia sobre a organización do transporte escolar?

Eu francamente, se estivera no seu lugar, non me atrevería a facer esa afirmación. Pero, evidentemente, a vostede a poboación colocouno na institución e, polo tanto, na Consellería. E a min colocoume no lamentable papel de ter que vir dicirlle ao Goberno da Xunta de Galicia que non todo o fai ben permanentemente. Laméntoo moito, cada un ten o seu papel.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Señor Fernández Gil, seriedade, a do conselleiro dicindo que foi el o que conseguiu que as reválidas non tiveran efectos académicos. Seriedade a súa, seriedade

a súa, señor Fernández Gil, poñendo na nosa boca cousas que non dicimos; ou seriedade a súa aproveitando a súa quenda para facerlle preguntas á oposición en lugar de ao Goberno, que se supón que é o que tiña que facer. Iso, dende logo, si que é seriedade. *(Aplausos.)*

Ben, teño soamente cinco minutos e un milleiro de preguntas necesarias. Hai que priorizar. Así que, como parece evidente que as preguntas que fixemos antes non lle gustaron e ten moita présa o conselleiro, porque non para de mirar o reloxo —isto é un trámite, total veu facer o seu anuncio, que xa sabiamos cal era, o da formación profesional, e ten que marchar pitando—, se acaso tome nota dalgunha das preguntas, porque a iso se vai a unha comparecencia. Vostede fala, nós preguntamos e vostede contesta. Se quere ser serio, a ver se algunha vez temos sorte e contesta a algunha das cousas que lle preguntamos, porque a día de hoxe non contestou absolutamente a nada. Por iso non lle gustaron as preguntas sobre os recortes, non lle gustaron as preguntas sobre os centros no rural, nada sobre o financiamento de centros machistas, moi pouco sobre a filosofía á parte de que lle gusta. Pois, se lle gusta tanto, devólvaa aos centros, se lle gusta tanto devólvaa. Pode facelo e non o fixo. *(Aplausos.)*

Esas non lle gustaron, esas preguntas non lle gustaron pero imos falar de formación profesional. Falemos de formación profesional, porque era o que lle gustaba e era ao que viña, ¡perfecto! Esta sabemos que a vai traer preparada. Entón, como a vai ter preparada, igual temos sorte e nos contesta a algo.

A vostedes encántalles falar do grande éxito da Formación Profesional, ¡perfecto! Dá igual, como dixen antes, que non aporten absolutamente ningún dato, que llos pedín antes. ¿Recorda? Pedínlle que trouxera datos acerca da superación de cursos na Formación Profesional Básica. Non os trae porque sabe que avergoñan a calquera.

E falabamos de guetos, si, falamos de guetos. ¿E é que En Marea inventou o tema de que a Formación Profesional é un gueto educativo? Non, resulta que non o inventou En Marea, resulta que temos ido a decenas de centros educativos do país, falamos cos profesores e profesoras de ensino da Formación Profesional Básica, e ¿sabe o que nos din? O que nos din é que consideran un castigo cada vez que teñen que impartir clase na Formación Básica Profesional, que a situación nas aulas de Formación Básica Profesional é insostible, que o único que fan é ter alí apartados os rapaces e rapazas que non conseguiron acadar o graduado en ESO, e que, de resultados académicos, absolutamente ningún. Por iso falamos de gueto, porque é a opción B, a opción á que se apartan as persoas que non son quen de seguir os estándares que vostedes marcaron.

Así é que non inventa nada En Marea. escoita, escoita o profesorado, e é o profesorado o que nos di que é un gran fracaso, unha gran mentira para tapar os datos de fracaso escolar.

Pero a vostedes gústalles, ¡parabéns! Nós estamos de acordo en que hai que reforzar a Formación Profesional, niso coincidimos, estamos de acordo. O caso é que hai razóns diferentes. Como dixo no seu día o seu xefe, Méndez de Vigo, sobaban universitarios. Debe ser por iso, que, como sobaban universitarios e universitarios, vostedes se esforzaron en recortar o financiamento universitario. Por iso temos 1.000 docentes menos na universidade. Podemos

falar tamén da caída incesante de I+D+i para as universidades. É posible que todo isto teña que ver con que sobran universitarios.

Pero volvemos á FP. ¿Pode dar algunha información concreta sobre o alumnado que queda sen praza, algunha estimación sobre cantos alumnos e alumnas o curso vindeiro que estamos a piques de comezar van quedar sen praza no ciclo formativo que seleccionaron e ter que ir a outros? ¿Teñen pensado abordar con seriedade un plan integral da Formación Profesional no territorio que faga que os alumnos teñan graos de Formación Profesional adecuados ás necesidades do seu territorio e non teñan que desprazarse obrigatoriamente ás cidades? Porque iso sería un plan integral e non unha opción «b» na que baleirar todos aqueles alumnos e alumnas que non foron quen de seguir outros sistemas.

E pídlle datos reais, datos reais e non trampas estatísticas. Porque, como fan coas ratios, obrígame a explicarlle o coñecido caso dos polos, que estou segura de que vostede o coñece. Imaxine que estamos vostede e mais eu comendo dous polos —é difícil imaxinalo pero podemos facer un esforzo—. A estatística diríanos que, con dous polos e dúas persoas, un polo para cada unha. Pero o que acontecería sería que vostede comería dous polos e eu ningún. Vostede iría moi satisfeito e eu acabaría tendo fame. Pois fame é a que teñen moitas escolas deste país, fame de recursos, fame de máis profesorado, fame de recursos adecuados, de non ter aulas ateigadas. Porque, claro, vostede sabe que en Galicia hai aulas con 35 alumnos e aulas de 6. Iso dá unha media de 20. Pero, señor conselleiro, non é o mesmo, sexa serio; seriedade, esa que lles gusta tanto.

O que parece evidente, despois de escoitar as descualificacións varias ao discurso da oposición, é que vostedes queren pasar o tempo para non falar do importante. E o que é o importante é que, sobre a mesa, temos dous modelos educativos claramente diferenciados: o da elitización con doses de beneficencia, ese no que se producen reducións orzamentarias e no que sobran titulados universitarios, e o dos dereitos universais para todos e para todas. Mentres vostedes insisten en degradar o público —pero disimulando, adornando todo cun discurso confuso—, nós imos seguir defendendo un modelo público, de ensino gratuíto, universal, laico e feminista para todas, un ensino que, en definitiva, nos achegue máis á sociedade que necesitamos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

A verdade é que eu non deixo de saír do meu asombro. Supoño que é xa un estado constante e permanente na miña realidade vital dende que estou aquí, que é o de permanecer asombrado cando fala a oposición. Porque realmente é para asombrarse.

Señora Rodil, a vostede, se me permite dar o salto de Tomé de Aquino á psicanálise freudiana, traizoouna o subconsciente. Porque, por unha parte, vostede chegou aquí e dixo que dalgún xeito defendía ou valoraba a comparecencia do conselleiro pero, ao mesmo tempo, dixo que, para o que dicía o conselleiro aquí, ben podía mandar unha nota de prensa. Mire, nós o que cremos é que esta Cámara, que é a cámara de representación dos galegos, é o ámbito adecuado para vir dar conta das actividades do Goberno galego. *(Aplausos.)* Xa digo, dando o salto de Tomé de Aquino a Freud, a vostede traizoouna o subconsciente.

E, señor Álvarez, volveu empregar un argumento falaz. Vostede falou moito, moitísimo, de falacias durante a súa intervención. E volveu empregar un argumento falaz. Mire, eu non cuestiono a capacidade do Partido Socialista ou dos grupos da oposición de ser serios, en absoluto. Nunca o farei, non o cuestionarei. ¿Sabe o que fago? O que eu fago é preguntarme por que non exercen esa capacidade e por que non levan a seriedade ao seu discurso. *(Aplausos.)* A capacidade téñena, agora só falta que a exerzan. Polo tanto, un argumento novamente falaz.

E, de verdade, eu, señora Chao, non quero entrar moitas veces en referencias directas a vostede. Porque ten tamén o costume —empregando termos futbolísticos— de tirarse na área e pedir que piten penalti, porque sempre está dicindo que se nos metemos con vostedes, que se descualificamos... Non, mire, sinceramente —díxenllo antes e vostede incidiu e perseverou nese argumento de que a Formación Profesional Básica é un gueto educativo—, a min paréceme unha expresión moi desafortunada que eu creo que debería retirar. Porque sinceramente eu non creo que os alumnos e alumnas que están cursando FP Básica merezan ser tratados e cualificados dese xeito. *(Aplausos.)*

Miren, vostedes están afirmando que darlles oportunidades a persoas para que continúen os seus estudos e que poidan acadar unha titulación é construír guetos. Claro, evidentemente o que vostedes pretenden, señora Chao, é coller todo este alumando, botalo fóra do sistema educativo, quitarlle todas as súas oportunidades e abocalo á exclusión social. Ese é o modelo político de En Marea. Pois tardaron tempo en afirmalo como acaba de facer vostede hoxe aquí, taxativamente. *(Aplausos.)*

Recollendo o que dicía vostede antes, eu voulle plantexar unha pregunta: ¿cantos polos comería todo o alumnado que vostede quere expulsar do sistema educativo criticando a Formación Profesional Básica? Ningún, ¡ningún! ¿Por que? Porque non terían formación, non terían oportunidades e, en definitiva, como dicía antes, estarían abocados á exclusión social.

Evidentemente que estamos falando de dous modelos antagónicos de concibir o sistema educativo. Por parte do Grupo Popular e por parte do Goberno deféndese un modelo educativo equitativo e inclusivo *(Murmurios.)* *(Risos)* e por parte de En Marea deféndese un modelo educativo que aboque a unha parte importante da sociedade á exclusión social. Evidentemente son modelos absolutamente antagónicos. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

A verdade é que, miren, eu comprendo que poida resultar incómodo que haxa que recoñecer o que un acaba de afirmar aquí arriba. Aquí arriba a voceira de En Marea, a señora Chao, acaba de afirmar isto, que eu simplemente estou relatando e poñendo agora en coñecemento

de todos os que aquí estamos —aínda que xa llo escoitamos a ela—. Eu sei que iso doe, pero, se realmente non se defende iso, non se empreguen aquí eses argumentos.

E xa para ir rematando, quero facer unha reflexión e quero convidalos a facer unha reflexión. Porque vostedes, cando soben aquí e se poñen a falar sobre a realidade social galega, o que pretenden é dicirlle á cidadanía que todo o que percibe é ilusorio e que cuestións como os avances no sistema educativo, cuestións como as melloras no sistema educativo, o progreso do sistema educativo, os datos do informe Pisa, os datos de abandono temperá, son cuestións meramente ilusorias, son produto de ilusións e nada teñen que ver coa información que nos proporcionan os sentidos. Isto lémbreme moito os paradoxos de Zenón de Elea. Seguindo con este argumento, pídolles finalmente que fagan unha reflexión, que reformulen o seu punto de vista e que atendan á realidade, que non pretendan dicirlle á cidadanía que todo o que ve é produto dunha mera ilusión, porque, se non, ao igual que pasaba nos paradoxos de Zenón, vostedes serán eternamente Aquiles perseguindo a tartaruga.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Pecha esta comparecencia o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, este señor —como vostede supoño que cariñosamente di— pois a verdade é que non sae do seu asombro. Porque, claro, ¿a que lle facemos caso do que vostede di? ¿Facémoslle caso cando di que non atendemos o rural ou facémoslle caso cando di que as ratios do rural son moi boas e iso posibilita que haxa unha media a nivel de Galicia moi boa? Non sei a que lle temos que facer caso: ou a unha señora Rodil ou á outra señora Rodil, pero ás dúas á vez é imposible. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ten que aclararse vostede, porque, claro, como cando vostede nos fala de santo Tomás e nos fala de santo Tomás de Aquino, un era un apóstolo e o outro era un filósofo; entón, mesturamos e ao final as conclusións son erróneas.

Porque, seguindo as citas —digamos— deste cariz, eu creo que, como dixo san Agustín, o que non sabe a onde vai válelle calquera camiño. E a vostedes válelles calquera camiño para non ir a ningún sitio, porque realmente non sabemos o que vostedes nos plantexan. Só teñen unha reivindicación: que teña o adxectivo «galego», e o resto practicamente non nos aporta nada á reflexión que estamos facendo nin ao debate que estamos facendo. O seu camiño é chegar á Quintana nada máis, pero máis alá de chegar á Quintana nos seus actos —lexítimos, absolutamente—, non vemos que nos diga algo que poida —pois se quere— enriquecer o debate ou plantexarnos unha liña moi coherente.

Respecto ao que nos plantexou o señor Álvarez, eu obviamente —dígollo publicamente na Cámara— estou preocupado, pero samente preocupado. E obviamente lle desexo o mellor ao Partido Socialista, porque entendemos que ten que ser a alternativa de goberno. Absolu-

tamente, desexámoslle o mellor. Agora, estamos preocupados cando vemos que hai cambios de temón absolutamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, hai cambios de temón que nos sorprenden a todos. E agardemos que no eido do pacto social e político para a educación non apliquen vostedes a súa teoría de «*el no es no*», porque estaríamos prexudicando o país, sen dúbida; estaríamos prexudicando a España e estaríamos prexudicando a Galicia. Creo que aí se abriu unha liña de traballo positiva e creo que non se debería romper. E todos imos ter que ceder algo; o Goberno, o Partido Popular terá que ceder algo, e o Partido Socialista terá que ceder algo. Porque, realmente, se non cedemos todos algo, non imos a ningún sitio.

E respecto ao que dixo vostede do transporte escolar, mire, eu creo que a situación non ten nada que ver co transporte escolar. O transporte escolar, a organización e a planificación é da Consellería de Educación, claramente. Outra cousa é a xestión específica do servizo, que iso nos ten que preocupar menos. O que nos ten que preocupar no eido educativo é que se cumpran os horarios, se cumpran as paradas, se cumpran as rutas, haxa acompañantes, etc. Iso está garantido, absolutamente garantido. E a única diferenza real que vai haber no servizo é que aquelas prazas vacantes poidan ser empregadas por persoas alleas ao sistema escolar, que —insisto— pode ser o pai ou a nai dun alumno, ou a avoa ou un veciño de porta con porta; e iso creo que é algo que é positivo, que é absolutamente lóxico. E que o Partido Socialista no seu momento impulsou, co tren+bus. E parécenos que iso non lle fai dano absolutamente a ninguén. E creo que a situación que se está tendo non favorece o que pode ser a conciliación entre os intereses da poboación rural e os intereses educativos. Creo que hai sitio de sobra para poder plantexar nese sentido unha liña de traballo común. E hai sitio de sobra para que aquelas prazas e aqueles recursos públicos que invisten os galegos no transporte escolar poidan beneficiar tamén persoas alleas ao sistema educativo que vivan nos ámbitos rurais.

E respecto ao que di a señora Chao, de En Marea, eu, en primeiro lugar, agradézolle a explicación dos mecanismos parlamentarios; agradézollo moitísimo, porque ás veces, escoitándoos a vostedes, hai dúbidas; agradézolle que me explique os mecanismos parlamentarios. Pero, claro, vostede o que ten moi ben aprendido é os adxectivos que adornan todo o seu discurso: «neoliberal», «excluínte», etc., etc., pero, despois, a realidade non é esa. E vostede, claro, fala de datos e de estatísticas; eu doullos, non mos cre.

Mire, vostede di que baixou o financiamento das universidades. Eu voulle dar o dato. No último Plan de financiamento, aprobado co voto unánime das tres universidades, hai un incremento de financiamento universitario no horizonte 2020 de máis dun 18 %. Vostede non me cre, porque llo estou dicindo, e vostede segue dicindo que hai rebaixa do financiamento público no eido universitario. *(Murmurios.)* ¿Que quere que lle diga?

Di que non hai gasto de funcionamento. Acabamos de ter dous anos consecutivos de incremento de gasto de funcionamento para os centros educativos. Non me cre. Dígolle que os recortes —como vostedes soen dicir— nos últimos dous anos xa non encaixan, porque no ámbito da educación o incremento acumulado nos dous últimos anos é máis dun 8,5 %. Claro, cos datos reais, se non mos cre, pois dificilmente poderemos chegar a ningún tipo de acordo.

E, sen dúbida, eu tampouco son, señora Chao, tan goloso para comer dous polos; eu deixaría-lle a vostede un polo, sen ningún tipo de problema; porque me está chamando goloso e non o son. E vostedes teñen un problema, que pensan que os desta bancada temos uns comportamentos inmorais respecto aos seus, e non é certo. E a partir de aí constrúen o seu discurso e cren que poden chegar aquí a chamarlle a un membro do Partido Popular pouco menos que inmoral porque en certa medida come dous polos e eu non como ningún. Pois está un pouco equivocada, porque as políticas educativas impulsadas por este goberno dende o ano 2009 contribuíron moi notablemente a mellorar os niveis de inclusión educativa e os niveis de atención á diversidade e os niveis de atención aos alumnos con necesidades educativas especiais. (*Aplausos.*) E iso é algo que vostedes, como santo Tomás, pero santo Tomás o apóstolo, pois non o ven, non o ven, e entón non o cren, pero a realidade élle esa.

E a realidade é que debemos xestionar, e dende o ámbito da Comunidade Autónoma e da Consellería temos que xestionar a realidade dun sistema educativo tremendamente complexo. E témolo que facer con realismo, e temos que consolidar aquilo que funciona ben, e temos que impulsar novas actuacións. E o balance que aquí se presenta do curso pasado, que é unha continuación dos cursos anteriores, pois eu creo que permite ser optimistas, ou polo menos permite ser positivos. Obviamente, tamén non somos tan inconscientes de pensar que xa está todo feito. Non, non, non, queda moito por facer, moitísimo. Pero, dentro da escala de grises, o seu gris está no negro absolutamente, e hai moito camiño para percorrer.

E despois do verán —que agora hai un parón no sistema educativo— temos dunha vez que reactivar algo tan fundamental co sistema educativo, galego e español, que é o pacto de Estado social e político. Hai que reactivar os traballos e hai que executar todas aquelas medidas que van permitir que Galicia teña e continúe cun modelo educativo propio e definido que está a funcionar ben nos últimos anos.

En todo caso —e xa remato—, creo que a reflexión colectiva tennos que dicir que temos un bo sistema educativo. E neste bo sistema educativo todos puxemos o noso gran de area —os profesores, as familias, os propios sindicatos, a Administración, etc.—, e non se trata de autobombo, nin de roldas de prensa, nin de xerar expectativas falsas, nin moito menos. Trátase só de ser conscientes da realidade, de non inventar constantemente *ministerios de la verdad* ou trucar as fotos que nos interesen. Porque, en definitiva —e afortunadamente—, en Galicia nos últimos anos podemos estar satisfeitos de que fomos capaces de mellorar en calidade e de mellorar en equidade. E ambas as liñas de traballo, tanto a nivel de calidade como a nivel de equidade, fíxannos un sistema educativo forte, un sistema educativo san e sobre todo un sistema educativo de futuro. E iso, señorías, é o que máis nos preocupa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que é o de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa proposta que vai presentar a Xunta de Galicia ante o proceso de elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz, Xoaquín Fernández Leiceaga, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación

Débase modificar a parte resolutiva da moción, que quedará redactada co seguinte contido:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

I. Unha vez rematados os traballos da Comisión para a revisión do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, con data de finalización do 10 de agosto de 2017,

1. Remitir aos grupos parlamentarios, coa máxima celeridade, o ditame da Comisión, incluídos os votos particulares, se os houber.

2. Establecer a súa posición sobre este ditame e remitila tamén aos grupos.

3. Celebrar unha sesión extraordinaria da Comisión 3^a, en base ao artigo 142 do regulamento do Parlamento, coa comparecencia do experto que representa a Galicia na citada Comisión.

4. Debater no Pleno do Parlamento as propostas de resolución previstas no artigo 142.2

II. Defender na revisión do modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común en marcha a corrección dos desequilibrios verticais e a garantía da suficiencia, e singularmente:

1. Para contribuír a reducir os desequilibrios verticais agravados nos últimos anos, o Goberno de España debe achegar ao novo modelo de financiamento autonómico un mínimo dun 10 % adicional de recursos sobre os considerados no ano base do novo modelo durante o seu primeiro ano.

2. Este esforzo debe continuar para garantir a suficiencia das comunidades autónomas nas provisións dos servizos que prestan: compre garantir que ao remate do primeiro período quinquenal de vixencia as comunidades autónomas de réxime común poidan alcanzar, cos recursos do modelo, a proporción media do gasto dos países da Unión Europea en sanidade, educación e política social; e que existan recursos adicionais dabondo para a cobertura do resto das funcións de gasto, tendo de novo como referencia aos países da Unión Europea.

3. A Comunidade Autónoma de Galicia deberá, como mínimo, obter un 7 % dos recursos adicionais introducidos no sistema, de xeito que poida manter o seu peso relativo en termos de financiamento por habitante.>>

Para formular a moción ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día de novo a todos e todas.

Hoxe o Bloque Nacionalista Galego trae a debate unha moción, derivada da interpelación que no pasado pleno dirixiu a nosa portavoz parlamentaria, a señora Ana Pontón, ao conselleiro de Facenda. Lamentablemente, hai apenas quince días, igual que vimos no debate dos orzamentos para 2017 ou na propia comparecencia do señor conselleiro para as liñas estratéxicas da súa Consellería, atopamos a mesma actitude de sempre por parte do Partido Popular diante do que nós entendemos que é o maior reto político que ten o noso país a curto prazo: por unha banda, indiferenza; por outra banda, absoluta preitesía ao poder central, e o máis preocupante —o que máis nos preocupa de quen ostenta o goberno—, que é unha absoluta despreocupación por buscar puntos de consenso arredor dunha cuestión que pode parecer moi abstracta pero que, sen dúbida, determinará a nosa capacidade para deseñar a Galiza do futuro e a nosa capacidade para intervir sobre as necesidades de todos os galegos e galegas a curto e longo prazo.

Porén, desde o BNG non cesamos no empeño, continuamos preocupados por esta cuestión e volvemos traela a debate a esta Cámara. Visto está que, se o Bloque Nacionalista Galego non tivera tanto empeño, pouco falaríamos desta cuestión. Pero, desde logo, visto que quen goberna non o fai, o BNG o que non vai permitir é que Galiza sexa unha mera telespectadora no debate máis importante que ten por diante.

Contextualizando esta cuestión, cómpre recordar que non só padecemos unhas liñas políticas a toda luz insuficientes para situar Galiza nunha boa posición para os retos de futuro e para garantir o cimentamento da nosa economía e alicerzar sectores estratéxicos, nin para garantir a igualdade dos galegos e galegas, senón tamén claramente insuficiente para demandar unha relación xusta co Estado español.

Cómpre recordar que, primeiro, o Partido Popular se encargou de conxelar —por así dicilo— un debate que tiñamos pendente xa desde 2014; sabe moito o Partido Popular de aparcas debates, pero a realidade é teimuda e non sempre lle sae ben. En segundo lugar, que entendemos que imos acabar en breve o segundo período de sesións desta lexislatura e aínda non tivemos un debate en profundidade, despois dos cen días de rigor xa do señor Feijóo, sobre esta cuestión nesta Cámara, o que nós entendemos que —ademais nun contexto no que se puxeron moitas propostas por diferentes grupos enriba da mesa— reviste especial gravidade, sobre todo porque queremos insistir en que este non é un debate da abstracción, precisamente algunhas das cuestións que falamos no día de hoxe nesta Cámara, como é a cuestión do espolio enerxético que sofre este país, cun modelo de absoluta esquilmación dos nosos recursos, encorsetados por un sistema eléctrico que, aínda por riba de non recoñecer o noso potencial excedentario, é previsible que repercuta vía factura nun incremento do que pagamos os galegos e galegas.

Vimos tamén nas novas destes días o auténtico espolio financeiro e a perda de capacidade financeira que tivo Galiza. Vímolos recentemente con todo o proceso de venda do Banco Pastor e o que iso pode repercutir no noso país, sumado á privatización —e ben— das caixas e su-

mado tamén a novas aínda máis recentes como as propias escandalosas cifras do Banco de España, que vén confirmar o que dicía o Tribunal de Cuentas e cifrar en máis de 60.000 millóns de euros o prezo que para o erario público supuxo todo este movemento de concentración bancaria. Iso, sumado á terrible situación na que está o noso país canto á evolución do crédito de aforro e a outros factores que se engaden, como o propio espolio fiscal, da man deste modelo de financiamento dos servizos públicos e das competencias, déixanos nunha situación cada vez máis complicada e insuficiente para exercer e cubrir as necesidades reais deste país.

Por iso, hoxe, alén de que sexa necesario tocar máis elementos que afectan a vida dos galegos e galegas, entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que hai que pararse e sentarse a falar arredor do modelo de financiamento.

Nós xa temos denunciado reiteradamente como os recursos que o Estado destina a este modelo son absolutamente insuficientes para financiar aqueles piares básicos da nosa sociedade, como a educación —da que veñen de falar os nosos compañeiros deputados e deputadas—, a sanidade ou os servizos básicos, e cuxas necesidades de gasto, ademais, non se lle escapa a ninguén que se incrementaron nos últimos tempos de crise e grazas ás políticas terriblemente antisociais do Partido Popular.

¿Que acontece? Que aquí tamén se ven as consecuencias dese corsé autonómico que só os nacionalista cuestionamos e que está nos antípodas do que nós entendemos como xustiza social. Mentres este gasto social se dispara, vemos como o gasto das comunidades autónomas está ferreamente pautado. Ademais, no noso país —aínda o debatemos no pleno pasado—, o noso presidente é máis papista que o Papa e entón sempre o pauta aínda un pouquiño máis, non vaia ser que lle tiren das orellas desde Madrid. E vemos neste contexto como, fronte a esas pautas tan férreas para as comunidades autónomas, a Administración do Estado central pode gastar ao seu albedrío, chegando a absorber na actual distribución dos recursos públicos entre as administracións máis do 50 % do mesmo. Desde o BNG xa temos denunciado que isto desde logo non é o noso concepto de solidariedade e preguntámonos se alguén pode conformarse con esta repartición de recursos coa que está a caer no noso país.

Desde logo nós pensamos que non. Seguimos a pensar que este vixente modelo de financiamento está profundamente atravesado por un forte centralismo, que, ademais, non se corresponde coa realidade das necesidades. Por unha banda, véndennos un modelo de pseudoautonomía no que temos que xestionar determinados compartimentos pero, doutra banda, un sistema moi cuestionable impídenos financiarlos como deberamos e como debería ser. Ademais, tamén vemos cales son as prioridades dese sistema tan absolutamente centralista nos últimos orzamentos; prioridades como a Casa Real ou o aumento dos orzamentos de Defensa fronte a outras necesidades que ten este país.

Nós entendemos que esta distribución absolutamente irracional entre responsabilidades e recursos non está feita de forma equitativa e ten que ser mudada de forma urxente. Xa debería telo sido antes, e canto máis tempo perdamos, perdemos oportunidades de ouro para sacar adiante este país.

Ademais, queremos insistir en que este é un debate fundamente político, non técnico, e que isto é o que vimos traer a esta Cámara.

Saben as súas señorías —porque xa o temos exposto aquí— que nós avogamos por superar o actual estatus en materia de financiamento e política fiscal para determinarmos desde Galiza, exercendo realmente a soberanía e non unha falseada realidade autonómica, as nosas prioridades. Nós queremos, como nacionalistas, ter plena capacidade para deseñar a nosa política fiscal tamén; sen esa política fiscal e económica propia non podemos ter uns servizos públicos e unha política económica como nos gustaría. Entendemos que con este marco non será capaz Galiza de facer unha adecuada redistribución da riqueza.

Nós entendemos que non podemos deixar de lado elementos como que outro modelo como o que nós defendemos de concerto económico reportaría case 3.500 millóns de euros máis ao noso país para deseñar unha política diferente. Como digo, esta cuestión que defendemos nós xa sabemos que os demais grupos políticos non a comparten, pero, con todo, hoxe, ao fío do debate desta moción, queriamos insistir en non dar un debate de cifras, non dar un debate técnico, senón político, e continuar a falar desta cuestión.

Por iso entendemos que esta moción que presentamos é perfectamente aceptable por todos os grupos parlamentarios, pois, se tiveron ocasión de lela, verán que o que facemos non é expoñer o noso modelo económico e financeiro para o noso país, non é expoñer esa alternativa de concerto —que continuaremos a defender noutros marcos de debate—, senón que o que defendemos é que, recoñecendo que temos que ir a un cambio de modelo, independentemente de que nós poñamos enriba da mesa unha maior soberanía e outras forzas políticas poñan sobre a mesa outras cuestións, pois que visto que xa perdemos tres anos esperando a debater isto, o mínimo será cumprir co que se propón na nosa moción, que é, en primeiro lugar, que a Xunta de Galiza presente antes do mes en curso unha proposta concreta da Xunta diante deste proceso de elaboración. Insisto: o BNG non vai permitir que Galiza sexa unha mera telespectadora; é inadmisíbel que a estas alturas non teñamos nin sequera un documento por parte da Xunta coas súas prioridades. E, en segundo lugar, que esta Cámara, que este Parlamento, escollido por todos os galegos e galegas, poida debatelo aquí.

Nós non temos medo a ese debate, temos alternativas para que Galiza se poida situar nunha posición forte neste debate. Entendemos que o mínimo será que poidamos debatelo todos e todas nesta Cámara e chegar a algún tipo de consenso, se é posible, e, se non o é, que cando menos isto se poida tratar como o asunto que é: un asunto de calado, de fonda transcendencia para este país, no que non podemos limitarnos a mirar o que se debate en Madrid, senón que temos que falar desde aquí, desde o noso país...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de cales son as nosas prioridades e as alternativas para defendelo.

Co cal —e remato xa, señor presidente— pídolles a aprobación desta moción, porque á fin e ao cabo o que se recolle nela é o que debería de estar facendo o irresponsable Goberno do

Partido Popular. Polo tanto, xa que non o fixeron antes, fágano agora ao fío desta proposta do BNG.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.

Eu, antes de nada, quero agradecer esta moción do BNG, pero agradecer sobre todo que me parece que está ben que poidamos discutir sobre o sistema de financiamento autonómico real no debate que está habendo nestes momentos en España. Eu ás veces teño a sensación de que o Grupo do BNG estaba planteando cuestións inexistentes que non nos permitían avanzar, e esta é unha boa noticia, e, neste sentido, eu creo que se trata de algo que debe favorecer este debate no Parlamento.

Pero nestes tempos que transcorreron desde o inicio da lexislatura ata agora ocorreron dúas cousas que convén ter en conta e coñecer para entender ben cal vai ser a nosa posición en relación con esta moción.

A primeira. Abriuse un proceso de reforma do sistema de financiamento autonómico que está funcionando. Creouse unha comisión con expertos designados por todas as comunidades autónomas, unha comisión disfuncional polo número de integrantes, pero que —polas noticias que teño— está funcionando relativamente ben, que tiña un prazo de seis meses, que remata a primeiros de agosto, e que seguramente vai cumprir ese prazo e producir un documento técnico que permitirá abrir, a partir de setembro —eu xa sei que, cando falamos de agosto, todos, en fin, empezamos a preocuparnos—, un debate de carácter político onde eu creo que esta moción do BNG debería insertarse.

E, nese sentido, paréceme ben a intención que ten, pero eu creo que hai que levala a eses termos. A partir de setembro, co documento técnico da comisión xa coñecido, deberíamos iniciar unha tramitación parlamentaria onde ten sentido que a Xunta nos conte cales son as súas avaliacións dos puntos dese documento para poder avanzar no debate político que se planteará no último cuadrimestre do ano, utilizando ademais os mecanismos que están previstos no Regulamento e que nós planteamos na nosa emenda a esta moción.

E ocorreu unha segunda cuestión que tamén hai que ter en conta. Esta segunda cuestión é que si houbo un debate parlamentario sobre este tema a través dunha interpelación que fixen eu mesmo cunha moción que discutimos aquí. E como resultado dese debate e desa moción aprobamos un documento, que foi asumido maioritariamente por este Parlamento, onde se recollen unha serie de criterios, de medidas, etc., que este Parlamento, maioritariamente —e entendo que tamén o Goberno do Partido Popular, porque foi votado a favor polo Grupo Popular, incluído o seu presidente—, asume. E, por tanto, xa hai unha posición definida de cara aos traballos desa comisión, que xustamente foi aprobada por este Parlamento xusto antes de que eses traballos comezasen.

É certo que houbo unha parte —digamos— das nosas propostas que non foron asumidas polo Parlamento, que se referían xustamente ás relacións financeiras entre o Estado central e as comunidades autónomas, —digamos— ao desequilibrio vertical entre un e outras. Nós reclamabamos que houbera unha aportación, que cifrabamos nunha cifra asumible para o nivel autonómico de goberno, porque criamos que nestes anos xustamente a sanidade, a educación e os servizos sociais, que son as competencias básicas que ten o nivel autonómico, experimentaran unha caída máis alá doutras funcións do Estado, e que había que facer un esforzo por parte do Goberno central para colmar esa brecha, ese desequilibrio vertical coas comunidades autónomas.

Iso non foi asumido polo Grupo Popular, pero ocorreron algunhas cousas desde ese debate, fundamentalmente o debate orzamentario. A posición do señor Rajoy naquel momento era que non había recursos para as autonomías. Despois coñecemos no debate orzamentario que si houbo recursos para o País Vasco, que xustamente ten o nivel de financiamento por habitante máis alto de todas as comunidades autónomas; por tanto, houbo recursos para aqueles que xa teñen máis. E houbo recursos tamén para Canarias, conseguidos polos deputados de Coalición Canaria e de Nova Canarias.

E, por tanto, eu o que traslado hoxe é: se hai recursos para algunhas comunidades autónomas, que os haxa para as demais. E, por tanto, volvemos reiterar a necesidade de reclamar ao Goberno do señor Rajoy que poña sobre a mesa algunhas cantidades para que poida haber un tratamento igualitario ao conxunto das comunidades autónomas —e, por tanto, aos cidadáns de Galicia—, que permita recuperar niveis de servizos en sanidade, en educación e en servizos sociais que sexan comparables aos que teñen outros territorios.

Ese é o contido das nosas aportacións. Esperamos que poida haber unha transacción entre as nosas propostas e a moción do BNG, e a partir desa transacción votariamos a favor da mesma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Parabéns ao BNG por traer este tema a debater, porque, efectivamente, esa é unha das sensacións estrañas que teño eu como deputado, e é que na realidade suceden un montón de cousas que non entran nesta Cámara. Poucos debates máis relevantes imos facer nesta lexislatura que o modelo de financiamento autonómico, poucos máis relevantes. Porque todos os recursos que estamos demandando na sanidade e na educación, nas infraestruturas, teñen que vir de aí, do modelo de financiamento autonómico.

Nós temos unha cifra. Para recuperar polo menos o que tiñamos antes de que empezara o austericidio, fan falla, en termos actualizados, 2.650 millóns de euros máis. Polo tanto, o debate ao que está sometido o país é un debate de enorme transcendencia.

Nese sentido é raro o que sucede. Raro no sentido de que un non sabe se o Partido Popular o único que fai é non traer o debate a esta Cámara ou se directamente non está participando na conformación dunha decisión de extraordinaria relevancia para o Estado e para Galicia. Eu preferiría a primeira opción, que nos manteña os deputados e as deputadas da oposición fóra do debate e que estea facendo algo.

¿Por que o digo? Porque a comisión de expertos está moi ben. Galicia, ademais, ten o mellor experto que podía elixir para participar nese debate. Pero todos sabemos que iso non é un debate técnico, que o que vai facer esa comisión de expertos é marcas as liñas de xogo onde se van formalizar os acordos. E eses acordos, sen ningunha dúbida, implican decisións políticas de enorme relevancia. Non se pode facer un modelo de financiamento autonómico acaído para o noso país sen unha reforma fiscal. Non se pode ter un modelo de financiamento autonómico que nos nutra dos recursos suficientes se non hai unha reforma profunda do modelo, se non hai máis soberanía fiscal.

Nese sentido, a sensación que eu teño, dende logo, que ten o meu grupo, é que imos camiñando cara a unha decisión que, se o sistema ten que estar en funcionamento o 1 de xaneiro do ano 2018, pois haberá que tomar rapidamente, e que o Parlamento de Galicia, a sociedade galega, permanece á marxe dese debate fundamental.

Nós, nese sentido, apoiamos a moción do BNG. Non nos parece mal a emenda do Partido Socialista, porque, tal como son os ritmos parlamentarios, plantexar que en xuño teñamos ese debate non parece que sexa posible.

Nós nese debate imos aportar as nosas propostas, as nosas ideas, que eu teño sintetizado aquí nun decálogo, que ten, como os dez mandamentos, un principio fundamental, e é que necesitamos un modelo que avance ao mesmo tempo en máis recursos e en máis poder fiscal e que se concreta na necesidade de acadar unha maior soberanía e autonomía fiscal para o noso país, en ter máis poder fiscal para que poidamos incrementar os ingresos actuando sobre as actuais figuras tributarias ou creando outras novas, en potenciar a nosa autonomía financeira, en asegurar a suficiencia do sistema co obxectivo mínimo de recuperar no ano 2018 o nivel de ingresos previo ao austericidio. Unha reforma fiscal que incremente os ingresos e tamén modificar a repartición dos recursos entre os diferentes niveis do Goberno para que se correspondan os ingresos coas necesidades de gasto que xa teñen moi asumidas as comunidades autónomas e as administracións locais. Revisar en profundidade o Fondo de Compensación Interterritorial, porque é preciso que aumente tanto a súa contía como que se manteñan uns criterios de repartición que respecten a participación histórica do noso país. A realización dunha estimación precisa do custo real da prestación dos servizos públicos en Galicia. Combater a defiscalización, especialmente a que se está producindo sobre as figuras tributarias que gravan a riqueza. Mudar o método e o procedemento de estimación dos ingresos. E desenvolver unha Axencia Tributaria consorciada. Este sería o decálogo que nós propoñemos como elemento para ese debate.

Pero, como a moción era a necesidade de debater, nós reafirmámolo: este non é un debate da comisión de expertos, estamos perdendo tempo, estase conformando unha decisión fundamental para o futuro do noso país. Ese debate non pasa pola sede da soberanía popular,

nós non temos ningún tipo de participación e esperamos que polo menos o Partido Popular, fóra da Cámara, si estea facendo algo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Bos días, señorías.

Grazas, presidente.

Certamente estamos de acordo con que é un debate importante e tamén sería importante, dado que a oposición ten o 80 % das cousas que tratamos no pleno, en cada pleno, estamos encantados de debatelo e incluso, como xa presentaron iniciativas tanto o Partido Socialista como o Bloque, sería ben tamén coñecer por fin, e máis aló deste decálogo —que, en fin, é un pouco escaso—, que é o que opina a Marea sobre o financiamento autonómico.

Dito isto, sobre a moción. A moción parte dunha premisa que non é certa, e que algún voceiro recordou. Parte da premisa de que a Xunta está de brazos cruzados, e iso non é certo. A Conferencia de Presidentes do ano 2012 creou un comité técnico permanente de avaliación para analizar a aplicación do sistema do ano 2009. A Xunta está participando permanentemente niso, fixo alegacións no grupo de traballo, deu opinión cando o Ministerio publicou o documento de síntese no ano 2014, precisamente explicando cal era o custo diferencial da Comunidade Autónoma na prestación dalgúns servizos. Cando se fixo a revisión do ano 2013 coa liquidación dese ano, Galicia fixo unha nova avaliación. O grupo de traballo continuou co seu labor, fíxose un segundo borrador no ano 2015, ao que a Xunta volveu alegar, e no ano 2016 publicouse un documento definitivo que se supón que é a base para a reforma do sistema de financiamento autonómico que se vén de abrir. De feito, en xaneiro de 2017 houbo unha Conferencia de Presidentes na que, ademais da comisión de expertos —quero recordar—, e grazas entre outras cousas ao que aquí dixo o presidente da Xunta, que foi o primeiro que compareceu para explicar esta cuestión, se acuñaron na Conferencia de Presidentes os principios que deben de presidir a reforma, entre eles o de «*garantía de acceso de los ciudadanos a los servicios públicos en función del coste efectivo de los mismos*», que agora se ten mencionado como un dos obxectivos que xa está non só en Galicia senón no conxunto do país.

E, evidentemente, as cousas teñen cambiado. Hai un experto que está traballando, e que ademais non está traballando só na comisión senón que é membro da ponencia que está facendo o informe dos técnicos e que presentará o seu informe en agosto.

Polo tanto, evidentemente, a primeira conclusión que hai que dicir é que a Xunta está traballando, que evidentemente os técnicos fixarán un marco, despois virán as negociacións políticas, entre elas unha moi importante na que hai unha contradición entre o que defendemos desde o Partido Popular en toda España e o que defenden os nacionalistas nalgúnas comunidades autónomas, que é se a nivelación se aplica a todos os servizos públicos ou só a aqueles servizos públicos que se consideran fundamentais.

Polo tanto, a primeira premisa é falsa, a premisa na que se fundamenta é falsa.

En segundo lugar, non é certo que en Galicia non haxa unha postura. Aquí pactáronse nesta Cámara —e vostedes votaron en contra— vinte e sete ideas para a reforma do sistema de financiamento autonómico, que para o Goberno é un mandato e polo tanto fai súas; concretamente, dez criterios básicos para a equidade e a solidariedade plena, catro instrumentos para mellorar a estabilidade, catro propostas para mellorar a autonomía fiscal, tres iniciativas para reforzar a coordinación e a lealdade institucional e dúas condicións para manter a sostibilidade do sistema. Polo tanto, esa é a posición de Galicia.

Se temos obxectivos claros e a Xunta está traballando intensamente e, ademais, facéndoo con consenso, porque, efectivamente, isto foi votado por unha ampla maioría que excedía a do Partido Popular nesta Cámara, ¿por que plantexan isto? A nós parécenos, de entrada, como xa se dixo polos dous portavoces dos grupos, ademais da do Bloque, que interviñeron, claramente extemporánea. Haberá que agardar cando menos a que se rematen os traballos da comisión técnica para saber exactamente cal é o posicionamento da Xunta. Non ten sentido, como propón o Bloque, debater a posición da Xunta cando non coñecemos nin sequera o marco técnico, que se rematará en agosto, e facelo en xullo. Polo tanto, como mínimo, é extemporánea.

Pero é que, ademais, facelo debilitaría a posición negociadora de Galicia. ¿Hai algún parlamento, algunha comunidade autónoma que teña fixado de antemán con detalle os obxectivos que persegue no financiamento autonómico? Non, non hai ningunha, non hai ningunha. ¿Por que? Porque debilitaría a posición negociadora de Galicia. E, polo tanto, nós non imos apoiar unha posición que debilitaría a posición negociadora de Galicia nun tema que é tan importante.

E ¿por que presentan isto? Eu creo que presentan isto porque están os do Bloque nunha campaña —que eu creo que vai fracasar— chamativa, que é que España nos marxina e a Xunta non fai nada.

No caso do financiamento autonómico, eu quero recordarlles que esta tolería do cupo, que un colle os datos de recadación e ve que Galicia —o ano que hai datos liquidados, do 2014— ingresou 6.752 millóns de Euros polo sistema de financiamento autonómico, cando o Estado recadou en Galicia por todos os tributos, incluídos os cedidos á Comunidade Autónoma, 5.400. pois é unha loucura. Pero estes son datos oficiais de recadación, Vostede fai o da pos-verdade: conta unha cousa mil veces, non aporta un dato, nin un papel, nin trae un informe serio, e pensa que os demais imos pasar por iso. *(Aplausos.)*

Segundo. Se colle os datos en serio, homoxéneos e tratados con carácter técnico, verá que o saldo fiscal para Galicia é do 6,78 % do PIB, 1.326 euros per cápita de cada galego. Estamos a falar de máis de 3.600 millóns de euros ao ano que Galicia ten a maiores do que recada o Estado en Galicia. Se a iso vostede lle quere descontar pois a Seguridade Social e lle quere descontar outras cuestións, o saldo pois diminúe ata aproximadamente 800-1.000 millóns de euros ao ano. E vostedes seguen co tema do cupo. A academia os informe de como é a capacidade fiscal bruta de Galicia: 86 % sobre a media 100, e o financiamento polo novo sistema é do 105.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Os datos desmenten claramente o que vostede di e, ademais, reforzan outra idea que vostedes tamén negan, que é que, por primeira vez na historia de España, hai unha Constitución que, ademais de garantir a autonomía, garante a equidade e a solidariedade interterritorial, cousa que, se vostedes conseguen que se rache co cupo, quedaría absolutamente esnaquizada. Evidentemente, o cupo xeneralizaríase.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Permítame, señor presidente, para rematar.

Cando se fala de financiamento autonómico, non se fala de nacións. Un señor que ten que ser atendido nun hospital poñamos por caso en Astorga e outro que ten que ser atendido en Betanzos os dous necesitan o mesmo tratamento, con independencia de que consideremos que Galicia é unha nación e Castela, non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Leiceaga, efectivamente, o Partido Socialista trouxo unha proposta sobre esta cuestión a este Parlamento, que debatemos. Eu creo que fixen referencia a que os grupos parlamentarios tiñamos traído a colación este asunto e loxicamente foi así. Nós, aínda que discordamos da posición adoptada, agradecemos que ese debate se puidera dar, igual que outros moitos que, grazas ao diverso labor da oposición, se poden dar. Outra cousa é que para nós sexa suficiente e que iso non exima loxicamente o grupo de goberno de non ter feito o propio dunha forma máis fonda e máis alá do limitado corsé de debate dunha moción, que apenas ten media hora para desenvolverse.

Canto á emenda do Partido Socialista, non a imos aceptar, porque nós entendemos que asumila é asumir que este non é un debate político. Nós non podemos simplemente aceptar incorporar esa modificación e aceptar a súa posición política e circunscribir o debate que debe dar esta Cámara, o Parlamento galego, a aquilo que fagan as persoas desa comisión de expertos, porque iso entendemos que é furtar a capacidade e o deber que ten esta Cámara e que non é incompatible. En todo caso, agradecemos a vontade de consenso, pero nós pensamos que agora é o momento do debate político e do Goberno e non da comisión de expertos.

Canto ao señor Puy, vostede dirá que fan moito, pero eu nin fe católica nin fe laica, por tomar un pouco o debate que tiñamos antes co conselleiro. Vostedes falan de moita documentación e demais, pero eu quérolles recordar que xa en 2014 o Goberno tiña que ter enviado unha posición a Madrid e esta Cámara non sabe se o fixo, se non o fixo, con que contido, cun debuxo, se con algunha proposta política, se con que. Entón, permítame que

sexamos escépticos. En todo caso, cando vostedes queiran remitirnos documentación deste tipo, pois faremos un traballo rigoroso con ela.

A verdade é que nós estamos un pouco sorprendidas, desde o BNG, porque a maior crítica ao Goberno non a fixo o portavoz do Partido Socialista, non a fixo o portavoz de En Marea, case non a fixen eu mesma, senón vostede, recoñecendo que practicamente a posición da Xunta de Galiza e o traballo da Xunta de Galiza, do Goberno do Partido Popular, foi, é e será unicamente aquelas conclusións derivadas da moción-debate do Partido Socialista. Nós entendemos importante que se debata ese tipo de mocións, que se teñan en conta, pero a verdade deixa bastante que desexar do papel activo que debería ter un goberno.

E, canto á extemporaneidade, pois vostede pode cualificala así, pero, desde logo, se o debate do Parlamento galego é o debate da comisión de expertos, eu non sei sinceramente para que nos escolleron os galegos e galegas.

E, por último, canto á cuestión do cupo, que non me vai dar tempo de entrar, vese perfectamente que non teñen argumentos por parte do Partido Popular para non apoiar esta proposta, que o único que exige é que o Partido Popular faga o seu traballo, e, entón, teñen que levalo ao debate sobre o modelo de cupo.

En todo caso, nós reafirmámonos niso. Así que non se preocupe, que polo BNG non vai quedar que poidamos debater longo e tendido sobre as cifras, porque, lonxe de que vostedes pensan que son os únicos que teñen expertos e que saben facer cálculos matemáticos, pois no nacionalismo galego, afortunadamente, tamén temos un bo acervo de persoas expertas e de documentos sobre esta cuestión que nos preocupa fundamente E faremos o posible por volver traer o debate a esta Cámara mentres a actitude do Partido Popular continúe a ser negala e mirar para outro lado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Socialista e Popular de Galicia.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Alvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación

Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:

«1) Elaborar, no prazo dun ano, conxuntamente cos axentes sociais, confederacións empresariais, sindicatos e organización ecoloxistas e medioambientalistas, un plan para a diminución da contaminación que reduza os niveis de emisións de flúor, mercurio e perfluorocarburos, dióxido de carbono, gases de efecto invernadoiro, dióxido de xofre, cloro e substancias acidificantes-precursoras de ozono, partículas (PM10), monóxido de carbono, compostos orgánicos volátiles non metano (COVNM), metano, arsénico e cromo, óxidos de nitróxeno e metais pesados en conxunto.»

Emenda de modificación

Débase modificar o punto 5 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:

«5) Presentar un proxecto de lei que contemple a modificación do Lei 12/1995, do 29 de decembro, de Imposto sobre contaminación atmosférica, que quedaría:

“Artigo 12. Cota tributaria

1. A cota tributaria virá determinada pola aplicación da seguinte tarifa impositiva por tramos de base:
Tramos de base Euros/tm Partido dos Socialistas de Galicia

De 0 a 100,00 tm anuais 0 €

De 0 a 100,00 tm anuais 0 €

De 100,01 a 1.000,00 tm anuais 180€

De 1.000,01 a 3.000,00 tm anuais 250€

De 3.000,01 a 7.000,00 tm anuais 350€

De 7.000,01 a 15.000,00 tm anuais 490€

De 15.000,01 a 40.000,00 tm anuais 620€

De 40.000,01 a 80.000,00 tm anuais 775€

De 80.000,01 tm anuais en adiante 1035€”»)

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e a iniciativa de Gonzalo Trénor López, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda a esta moción. Emendas de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a incluír na Estratexia Galega de Cambio Climático e Transición Enerxética 2050, que está promovendo a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, un conxunto de medidas orientadas a continuar reducindo os niveis de con-

taminación industrial, a seguir impulsando a produción e o uso de enerxías renovables e a diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro e a seguir coa mellora da rede de estacións de control da contaminación atmosférica en Galicia..>>)

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición

Proponse engadir no punto 1 da parte resolutiva, despois de <<partículas>> e antes de: <<@PM 10>>, o seguinte:

<<PM 2.5>>.)

Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Se demostran algo os datos dos saldos fiscais ou das balanzas fiscais que se exhiben, en tal caso o que se demostra é a dependencia e a subordinación de Galicia, e, polo tanto, o que necesitamos é máis soberanía para desenvolvernos. E iso tamén é aplicable ao que vimos falar agora.

Como poñía de manifesto durante o debate da interpelación fronte á conselleira, sobre os datos de emisións contaminantes e de gases de efecto invernadoiro baseados nun estudo do profesor Ramón Varela Díaz, un informe que se fai con base nos datos oficiais do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes industriais, Galiza especialízase no enclave de industrias contaminantes.

Galicia é responsable aproximadamente do 15 % das emisións do Estado español, cando somos o 5 % da riqueza, cando somos aínda non o 6 % da poboación.

Somos os primeiros en emisións de flúor, mercurio, e perfluorocarburos. Somos os segundos en emitir dióxido de carbono, gases de efecto invernadoiro, dióxido de xofre, cloro e substancias acidificantes. Tamén somos a terceira comunidade en emitir á atmosfera partículas: monóxido de carbono, compostos orgánicos volátiles, non-metano, arsénico e cromo. E ocupamos o cuarto posto en emisións de óxidos de nitróxeno e metais pesados en conxunto.

Ademais, a evolución é a cada vez ocupar máis parte da tarta; é dicir, a seguir especializados en industrias de alto nivel contaminante. A maior parte destas industrias, non máis de dez, son multinacionais, industrias de enclave, que se instalaron aquí para aproveitarse dos recursos naturais, da permisividade ambiental, ou pola enerxía eléctrica barata posta ao seu servizo.

Galicia emite en total uns escasos 30 millóns de toneladas de CO₂; 14,2 corresponden a estas grandes industrias, e 10,5, no ano 2015, son simplemente das centrais térmicas de As Pontes, e Meirama. Estes datos demostran esa triste especialización de Galiza en industrias conta-

minantes que, ademais, non se insertan na nosa realidade nin teñen capacidade de tracción económica como se Galicia tivese desenvolvido outras industrias baseadas nas súas potencialidades, como a industria da madeira ou a industria do sector lácteo, que terían moita máis capacidade de xeración de riqueza e de emprego.

Pola súa subalternidade e subordinación política foi escollida por deseños alleos para a ubicación de industrias contaminantes, alleas ao noso tecido produtivo, pouco creadoras de riqueza e emprego.

É tamén evidente que estas emisións teñen un impacto enorme en dúas cuestións: no noso medio ambiente e na saúde das persoas. Estes impactos son externalizados polas empresas, que non se fan cargo dos custos derivados da contaminación nin da emisión de gases de efecto invernadoiro, externalizan os custos e privatizan e internalizan os beneficios.

Esta é unha realidade que non queremos para o noso país, que queremos cambiar e conviña cambiar para desenvolvernos cara ao futuro con outro modelo que nos beneficie moito máis. Neste senso, gustaríame destacar dúas cuestións da nosa moción. Non ten sentido que nun país que exporta o 33 % da enerxía eléctrica producida, ese 33 % que practicamente coincide coa produción eléctrica das dúas centrais térmicas baseadas no carbón, se siga potenciando este modelo, cando realmente a riqueza producida pola exportación desta enerxía eléctrica non queda no noso país.

Polo tanto, cómpre, por moitas razóns, cambiar este modelo do sector enerxético. Cómpre traballar na substitución da produción de carbón por enerxías renovables. É perfectamente viable e é defendido pola maior parte dos expertos neste país. Calquera outra cuestión que siga priorizando a produción das térmicas significa agravar o papel de Galicia para outras rexións, cando noutras rexións do Estado están anunciando o peche de centrais térmicas, e Galicia vai quedar especializada para servir a outras rexións a enerxía eléctrica que se produce aquí con base en impactos.

A nivel mundial tampouco queda ningunha dúbida dese proceso de substitución. Polo tanto, é irresponsable non preparar un horizonte de substitución do carbón polas enerxías renovables, todo o contrario do que fixo o Partido Popular nas dúas últimas lexislaturas, que é paralizar un sector —o das renovables— que podería estar creando emprego e riqueza e, ademais, causando menos impactos ambientais.

Todas as decisións do Partido Popular no Goberno central, coa complicidade e o silencio da Xunta de Galicia, paralizaron o sector eólico e non xeraron outro tipo de alternativas no sector das renovables. É evidente que precisamos un modelo descentralizado, en mans da xente, e non o modelo do desenvolvemento das renovables que, como no sector eólico, por exemplo, fai que o 76 % da produción eléctrica deste país estea en mans de empresas estranxeiras en vez de ter desenvolvido un modelo que beneficiase á xente. E estamos falando de que esa enerxía eólica factura todos os anos aproximadamente uns 700 millóns de euros, case a metade da produción agraria deste país, e o 76 % vai para as empresas estranxeiras. Polo tanto, é necesario un novo modelo baseado nas renovables, pero tamén baseado en que os beneficios queden na xente, queden no país.

Ese cambio é inescusable, e só hai dúas formas de facelo. O fin do carbón vai ser, ou por unha decisión dunha empresa privada que pille a este país despistado e sen facer os plans alternativos necesarios, ou ten que ser un plan deste Parlamento e deste Goberno para que cando chegue ese momento haxa as alternativas, incluso laborais, preparadas nas zonas que poidan estar máis afectadas.

Por outra banda, hai un imposto de contaminación atmosférica en Galicia que se creou no ano 1995 e se aplica dende o ano 1996. Ese imposto ten como primeiro obxectivo regular a actividade contaminante das grandes industrias. Temos que concluír —e aquí non se pode dicir o contrario— que ese obxectivo non se cumpre coa recadación deste imposto, que recadou no ano 2015 —onde subiron as emisións contaminantes espectacularmente— 4,5 millóns de euros. Isto non cumpre a función de regular e de que as empresas teñan un incentivo para deixar de contaminar. Polo tanto, hai que modificalo para que cumpra co seu obxectivo. E, se non, veñan aquí e digan que non queren poñerlles impostos a estas grandes empresas.

Por iso propoñemos unha modificación desa lei do imposto de contaminación ambiental e atmosférica, para contribuír a que cumpra con ese obxectivo. Propoñemos un plan necesario para a redución das emisións contaminantes. E propoñemos tamén un plan para que se reduzan as emisións de gases de efecto invernadoiro un 20 % para o ano 2020, para cumprir con eses obxectivos. Hoxe en día estamos moi lonxe de cumprilos, e ademais estamos moi lonxe porque as emisións de gases de efecto invernadoiro seguen dependendo dun xeito moi importante da actividade da gran industria, que depende, por outro lado, de factores que son alleos á soberanía popular ou á soberanía nacional. Non podemos definir nós como vai ser a emisión destas empresas que só dependen do prezo do carbón ou da climatoloxía, de que non funcionen os eólicos ou de que non funcione a hidráulica. Polo tanto, cómpre ter un plan.

Sabemos tamén que a Xunta non ten todas —nin moito menos— as competencias para facer este plan e que son outras as administracións que teñen que actuar. Iso está ben. Pero Galicia ten que ter un plan, incluso, para presentar as demandas diante da Administración do Estado para ter un deseño propio, un deseño que beneficie a Galicia, e que non se utilice Galicia nunca máis para producir para que outras rexións se beneficien, mentres nós aquí temos que aturar os impactos que estas provocan.

Por último, no cálculo do imposto pódese recorrer a estudos seguramente moito máis rigorosos do que eu poida facer, pero si que é certo que entre o que nós plantexamos e o que actualmente está vixente na Xunta de Galicia, o noso acércase moito máis ao que teñen falado expertos galegos que estudaron o custo das externalidades provocadas por esta industria, custos millonarios que ano tras ano asumen os orzamentos de sanidade ou os orzamentos da Consellería de Medio Ambiente. Algún deses queremos recuperar coa nosa proposta, se é apoiada por todos os grupos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Estamos, dende logo, ante un tema do que hai que dar un debate; un tema, desde logo, oportuno e necesario. E a nós gustaríanos, en todo caso, abrir un pouco máis o foco e non falar só das emisións industriais, senón de todas as causas da contaminación do ar, porque hai múltiples causas.

Esta é unha realidade, a da contaminación do ar, que ten, desde logo, efectos moi negativos. Ten repercusións moi negativas para a saúde das persoas en forma de aumento, por exemplo, das enfermidades cardiovasculares e respiratorias, algo constatado pola propia Organización Mundial da Saúde, que causa, entre outras consecuencias, mortes prematuras nunha grande cantidade. E tamén efectos moi negativos para o medio e para o planeta pola produción de gases de efecto invernadoiro, favorecedores do cambio climático, que é unha das grandes preocupacións, un dos grandes problemas, do noso tempo; deste tempo e do futuro, pero xa do presente.

As causas da contaminación do ar son múltiples. Non son só as emisións industriais, temos que falar tamén dos modos de transporte contaminantes, do tráfico rodado das cidades, das centrais eléctricas, da queima de combustible ou da queima de residuos. Falaremos tamén destas cuestións hoxe e supoño que en próximos debates, porque o BNG tamén presentou distintas iniciativas a respecto destas cuestións.

Pois ben, a Organización Mundial da Saúde no seu mapa da contaminación do ar, con datos dos anos 2015 e 2016, fálanos, por exemplo, das consecuencias que teñen as partículas en suspensión, que están moi relacionadas non coa actividade industrial, senón co tráfico. Di ese estudo, ese mapa, que foi analizado por persoas expertas galegas, que máis da metade da poboación galega respira ar contaminado por partículas pequenas en suspensión. Por iso nós facemos unha emenda, que pode ser considerada técnica, facendo referencia precisamente a aquelas partículas en suspensión máis nocivas para a saúde humana e que están derivadas fundamentalmente do tráfico, que son esas partículas finas que teñen un tamaño de menos de 2,5 micras.

Di ese mesmo estudo da Organización Mundial da Saúde que a maior parte das cidades superan as recomendacións deste organismo internacional. Tamén é certo —hai que dicilo— que a Unión Europea ten unha lexislación máis permisiva tanto para partículas grandes como para partículas finas. A Organización Mundial da Saúde establece uns valores que son a metade dos que marca a propia Unión Europea.

En todo caso, os datos están aí e son claros e contundentes: o 92 % da poboación galega, o 76 % do territorio galego, estiveron expostos no ano 2015 a uns niveis de contaminación que superan as recomendacións da Organización Mundial da Saúde para a saúde humana. Isto provoca graves riscos sanitarios non só pola exposición a estas partículas, senón tamén como consecuencia doutros gases como o ozono, o dióxido de nitróxeno ou o dióxido de xofre.

Con respecto á contaminación provocada pola actividade industrial, tamén hai estudos, como, por exemplo, os derivados do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes,

que precisamente o que poñen de manifesto é a evolución negativa que está tendo o noso país —como xa relatou o ponente desta proposta, Antón Sánchez—, de maneira que, sen ser un país eminentemente industrial, pasamos de ocupar o cuarto posto nestas emisións contaminantes no ano 2012 ao segundo posto no ano 2015. Polo tanto, estamos nos primeiros postos do ránking dos territorios máis contaminantes do Estado. E no caso do dióxido de carbono, provocado principalmente por esas grandes multinacionais ás que xa se fixo referencia, producimos o 15,10 % do total do Estado.

Polo tanto, o que pon de relevo esta realidade é o papel de Galiza na economía mundial e na economía do Estado, con esas industrias de enclave, sendo un país fornecedor de enerxía e materias primas e soportando graves custos sociais e ambientais, mentres a maior parte dos beneficios van cara a fóra.

Polo tanto, pensamos que é o momento de establecer unha estratexia global e integral a respecto desta cuestión, que hai que actuar con urxencia, con contundencia, con realismo e con eficacia. Cun conxunto de medidas, non só as referidas ás actividades industriais, senón tamén ao transporte sostíbel e á restrición do tráfico motorizado nas cidades. Temos aí exemplos dos que podemos tomar nota: a promoción das enerxías renovables, a redución das emisións industriais, a diminución do consumo de combustibles fósiles ou o cambio de sistema de xestión do lixo, porque non ten ningún sentido, é un auténtico despropósito, estar transportando e queimando lixo mentres que hai outras alternativas —que tamén está demostrada a súa eficacia— que se poden poñer en marcha.

Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa porque estamos convencidos de que precisamos outro modelo económico e industrial, autocentrado, ao servizo das necesidades do noso país, que vai ter beneficios, desde logo, humanos, sociais e ambientais, mellorando a calidade do aire, facendo que teñamos cidades menos ruidosas, máis limpas e máis seguras, de maneira que tamén poidamos combater o cambio climático e mellorar a calidade de vida e a saúde, evitando enfermidades e mortes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados. Señor Sánchez.

Debatemos unha moción de En Marea froito dunha interpelación á conselleira de Medio Ambiente que, despois de escoitala e despois de ler o debate, a verdade é que eu me quedaría con dúas palabras: autocompracencia, por un lado; e, desde logo, falla de ambición política.

Hai un claro atraso fronte ao que son as grandes liñas de actuación política de Europa a nivel estatal, e mesmo a nivel de moitas comunidades autónomas. Eu lamentei moito que a señora

Mato, que sempre fala de Andalucía —ou case sempre, ten así unha certa querencia polo sur—, non falara na anterior interpelación de que a Estratexia enerxética de Andalucía 2020 leva case catro anos publicada e foi desenvolvida despois dun proceso participativo de axentes económicos, sociais, medioambientais, etc. que, desde logo, marcan un camiño.

Aquí en Galicia, froito, supoño —non digo directamente—, da interpelación e da moción de En Marea —ou si— o día 16 deste mes, é dicir, hai 4 días, Medio Ambiente licitou os traballos para a realización da Estratexia galega fronte ao cambio climático 2050. É verdade que é máis ambiciosa e segue as liñas propositivas de Nacións Unidas e do propio panel do cambio climático.

Benvidos a esta cuestión, pero, coma sempre, é tarde. Non sei se foi culpa dos tres anos e medio do Goberno bipartito, pero dende o ano 2009 ata o ano 2017 levan 8 anos de rodaxe nos que, desde logo, supoño que eran conscientes da importancia do cambio climático, Trump á parte e o primo de Rajoy tamén. Eu sei que son perseverantes, e sei que lles molesta moito, por iso o cito cada vez que falo de medio ambiente. Non sei se se dan conta de que é unha pura estratexia de divertimento. O primo de Rajoy era aquel catedrático de Física que no ano 2004... ¿É gracioso, verdade? (*Risos.*)

É gracioso, pero onte todos os titulares da prensa europea din que boa parte dos 67 mortos do incendio de Portugal de antonte están relacionados co propio cambio climático, que está facendo do lume unha arma de destrución masiva no sur de Europa. ¡Claro que é gracioso! Desde logo, é estupendamente gracioso —espero— para ese catedrático de Física da Universidade de Sevilla. A verdade é que o relevo pauloviano é perfecto.

E hai para os socialistas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si, absolutamente— tres elementos fundamentais en relación co cambio climático, as emisións contaminantes das industrias, a produción de enerxía eléctrica... Todos acabamos de ver na primeira votación desta mañá como non é verdade que gobernen para todos, gobernan para esas tres empresas que controlan o 96 % da distribución eléctrica e o propio transporte.

E quero recordar de novo como o Goberno galego no ano 2009 botou abaixo o que era unha estratexia do Bipartito —seguro que con moitos erros— de reforzar a produción de enerxías renovables. E como o Goberno de Rajoy, co inefable ministro Soria —entre viaxe a Santo Domingo e viaxe a Santo Domingo—, literalmente paralizou, pulverizou, a produción de enerxías renovables. Entón, este é o marco xeral de análise no que supoño que se move a señora Mato. Desde logo, lendo a súa intervención non me cabe ningunha dúbida.

Na posición do Partido Socialista de Galicia —na que probablemente podemos ter algunhas diferenzas co autor da moción, aínda que a imos apoiar— temos moi clara unha cousa. Primeiro, a produción industrial é estratéxica para calquera espazo económico moderno; estratéxica e irrenunciable. E tamén somos conscientes de que as condicións medioambientais e as exixencias medioambientais teñen que estar na fronteira tecnolóxica. É dicir, non é posible, ou non hai ningunha razón, ou non pode habela, para que unha fábrica, do que sexa, en Galicia estea nun estándar medioambiental inferior ao de Finlandia, ao de Islandia, ao de Canadá ou ao de calquera país dos máis avanzados. Eu quero mirar para eses países. Tamén

entendo que lexitimamente á dereita española lle apeteza máis mirar para Marrocos, para Turquía ou para Tailandia cando fala de controis salariais, pero eu non quero mirar para aí. E, desde logo, a creación de riqueza e emprego —que é fundamental— non pode ser unha coartada para incrementar as contas de resultados. Polo tanto, nesta posición —que pretendo que quede máis ou menos clara— é onde nos moveríamos.

Logo —¡home!— é verdade, señor Sánchez, co da economía de enclave teña coidado, porque quen o describiu —o señor Cardoso— está na socialdemocracia xa. Ou sexa, a ver se se lle van despistar do rabaño. Estaba ben nos anos sesenta, eu creo que a economía galega non é unha economía de enclave, en absoluto, pero despois da loita de clases desta mañá, benvido á conceptualización socialdemócrata. *(Aplausos.)*

E logo só a última cuestión.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Teño tamén a manía de ir ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 —absolutamente publicitado por terra, mar y aire—, e en todo isto, cando se plantexou que Nacións Unidas e a Unión Europea —remato, señor deputado, xa vexo que ten fame— estaban absolutamente exixindo aos gobernos a Estratexia contra o cambio climático, en todo isto non aparece nin unha soa vez. Eu creo que deberían de revisalo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, hoxe non vou falar sobre o que coincidimos, senón sobre aquilo no que quizais podemos ter posicionamentos diferentes. Máis que nada porque presenta vostede unha moción con seis puntos —ou sete, xa non lembro— e, se tocara cada unha das cousas nas que podemos coincidir, non podería falar do realmente importante da súa iniciativa.

Mire, o mellor plan de redución de emisións industriais é a implantación da Directiva sobre emisións industriais, xa que establece que todas as instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación deben prever e reducir a contaminación, aplicando as mellores técnicas dispoñibles, facendo un uso eficiente da enerxía, facendo prevención e xestión de residuos e medidas para evitar os accidentes e limitar tamén as súas consecuencias.

En canto á substitución da produción eléctrica con base no carbón por enerxías renovables, quero dicirlle que o obxectivo dos estados membros da Unión Europea é acadar que un 20 % do consumo final de enerxía da Unión Europea proceda de fontes renovables. En Galicia esta porcentaxe xa no 2015 foi do 17,6 %, o que amosa o compromiso da nosa comunidade con este obxectivo.

Por outra parte, señorías, a Estratexia galega de cambio climático e de transición enerxética que a Xunta de Galicia está a elaborar aborda os plans de acción necesarios para a transición cara a unha economía baixa en carbono.

Aproveito para darlle as grazas, señoría, xa que é doado esconder entre as propostas de plans e máis plans que vostede fai cal é a auténtica intención do seu grupo. Pero iso vostede non o fai, e claramente di que o que quere é pechar as centrais térmicas das Pontes e de Meirama. Estes peches tocan agora, pero a próxima semana volverán vostedes co peche de Reganosa, e a seguinte tocará torpedear o desenvolvemento de novos sectores como o da eólica mariña.

A política do peche non é nova no seu grupo. Vostedes piden aquí o peche das Rozas porque era unha base da OTAN. Vostedes piden aquí o peche de Citroën ao impedir a súa ampliación; e o peche de Sogama. Tamén pediron o peche de Ence, e incluso quixeron que houbera un boicot para Inditex. Co cal, señorías, a política do peche é propia, está no ADN da súa organización.

E ademais teñen vostedes un discurso moi hipócrita. Piden, por un lado, o desenrolo das renovables, pero cada vez que hai un proxecto, ¡que casualidade!, xorde unha plataforma de oposición a este proxecto de enerxía renovable. E normalmente estas plataformas soen estar lideradas ou soe haber membros da súa organización, da súa confluencia.

Señoría, cos seus peches deixariamos de ser un referente na produción de enerxía eléctrica para comezar a depender da subministración doutras comunidades autónomas ou doutros países. O peche de Meirama e As Pontes supón destruír emprego, non só das persoas que traballan directamente nesas centrais, ou indirectamente coas centrais térmicas, senón de toda a súa área de influencia.

Esquece vostede, señoría, os investimentos levados a cabo nestas instalacións nos últimos anos para reducir as emisións de axentes contaminantes; case 400 millóns de euros en ambas plantas para adaptarse tecnicamente. E esquecese vostede tamén dos compromisos máis recentes para a adaptación á Directiva de emisións industriais que as empresas teñen manifestado para ambas instalacións. Por exemplo, no caso das Pontes vai supoñer un investimento de 280 millóns de euros, que vai conseguir, por un lado, reducir un 80 % as emisións de dióxido de xofre e o 60 % as de óxido de nitróxeno, prolongando tamén a vida útil e, polo tanto, o emprego, e garantindo o emprego na zona por outros vinte anos.

Pero á parte, señoría, dos peches, ¿que medidas concretas pensa ou está a propoñer o seu grupo? ¿Realmente cren vostedes que sería suficiente coas novas instalacións de enerxía para recolocar todos aqueles traballadores que perdan o seu posto de traballo? ¿Quen vai promover estes proxectos? ¿Ese capital que despois vostedes din que é un capital colonizador? ¿Onde, señorías, se vostedes están en contra de calquera proxecto? Están en contra da eólica mariña, da eólica nos montes; a eólica nas costas, tampouco; as minicentrais, tampouco; a hidroeléctrica, tampouco. Vostedes están absolutamente en contra de calquera instalación de enerxía renovable. *(Aplausos.)*

Señoría, ¿vostedes preguntáronlles aos traballadores destas centrais se queren ser recolocados noutras industrias? ¿Vostedes preguntáronlles aos concellos afectados se están de acordo? ¿Conta vostede, señoría, co apoio do PSdeG, que goberna nos concellos de Cerceda e As Pontes?

Falaba vostede, señor Losada, da autocompracencia do meu grupo, pero vostede pasou de puntillas por este tema. Podía posicionarse, podía defender os seus alcaldes e os concellos onde gobernan os seus alcaldes. Pero deliberadamente non o fixo, (*Aplausos.*) quizais (*Aplausos.*) porque non lle gusta algún alcalde deses que parece que está nas quinielas para liderar o seu partido. (*Murmurios.*)

Señor Sánchez, por favor, responda vostede na súa réplica a estas preguntas e non me responda co texto que reproducen vostedes na súa iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...dicindo que pensan substituír estas instalacións con alternativas de desenvolvemento industrial no sector das renovables. Todo un proceso de reconversión industrial que vai afectar a dúas comarcas dunha maneira importantísima, e non só a dúas comarcas, senón a toda a nosa comunidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...resumido nunha soa liña; un proceso de reconversión industrial que vostedes reducen a... (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor. (*Aplausos.*)

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Rematou o seu tempo.

Grupo autor da moción, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Intentarei ser rápido para contestarlle —se me dá tempo—, señor Trenor, pois creo que é enriquecedor que lle conteste.

Primeiro, claro que é só para a industria. A idea da moción é focalizalo na gran industria, que é un dos grandes responsables da emisión de contaminación e de gases de efecto invernadoiro e que está fóra do foco. Hai medidas, claro, para o transporte e para os residuos urbanos, pero eses serán obxecto doutro tipo de iniciativas, queríámolo centrar aquí.

Señor Losada, unha medio brincadeira. Eu non sei se serán vostedes os que abandonaron a socialdemocracia, pero, en tal caso, tamén citei o gran socialdemócrata galego como é Xosé Manuel Beiras, que non abandonou a socialdemocracia nunca, socialdemocracia propia. En tal caso, veña de quen veña, se os argumentos son atinados, eu non terei problema en asumilos.

Señor Trenor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro que si, Trénor, perdón. Trénor, con acento no «e». Señor Trénor, claro que queremos un cambio de modelo, ¡claro que si! É que é certo. Vostedes defenden un modelo terceiromundista para este país, que significa que temos o 15 % de emisións contaminantes e o 5 % do PIB da riqueza. Iso é ao que nos conduce o seu modelo, á emigración masiva, por instalar industrias que condicionan a nosa economía e, en cambio, non son capaces de traccionar sobre o tecido social no que se insertan. Porque só están aquí para aproveitar a nosa enerxía eléctrica barata, o noso lignito, deixar aquí os impactos e levarse os beneficios a outras latitudes.

Ese é o modelo que queren vostedes. Non quero exaxerar, ¡home!, pero poderíamos falar de economías africanas, etc. Non quero exaxerar porque perdemos os matices, que non é certo, pero eu quero un cambio de modelo, ¡claro que si! E claro que quero que se faga un plan para substituír o carbón por enerxías renovables, onde se poderá crear moita máis riqueza, moito máis emprego e menos impacto. ¡Claro que queremos ese cambio de modelo!

¿E por que me di a min que non poño o peche das térmicas? Primeiro, non pedimos o peche das térmicas porque, grazas á privatización vergonzosa que vostedes fixeron de Endesa, non é unha decisión pública xa. Vostedes privatizaron a empresa, por iso tiñan a caixa chea, pero pan para hoxe e fame para mañá. Venderon unha empresa superrendible aos seus amigos. Unha vez máis, os seus amigos despois colócanos nos consellos de administración, e entón iso é unha decisión da empresa, da empresa privada.

¿Cal é a responsabilidade dun goberno responsable? ¿Cal é? Preparar o país ante un final da produción térmica con base no carbón. ¡Claro que si! E claro que nos opoñeremos a un modelo de desenvolvemento das renovables onde o beneficio o leven as grandes empresas. ¡Claro que si! Xa lle dixen, se o 76 % da produción eólica está en mans de empresas estranxeiras, ese non é o noso modelo. Claro que se pode desenvolver outro modelo en mans das persoas, en mans da cidadanía. Claro que se pode facer un modelo de produción eólica descentralizado, onde a xente poida obter beneficios da produción, e, polo menos, que os impactos que provoca provoquen tamén un beneficio correspondente. Claro que queremos un modelo diferente nun país que soporta o 15 % das emisións contaminantes — non só este país, tamén mandamos a contaminación fóra— e ten o 5 % da súa riqueza.

Plataformas contra as renovables. ¿A maior plataforma contra as renovables sabe como se chama, señor Trénor? Plataforma Soria, plataforma ministro Soria. O decreto do imposto do autoconsumo, o decreto do autoconsumo, que paralizou a posibilidade de desenvolver un sector...

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, sobre as emendas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...con enorme futuro. Esa si que é a plataforma que paralizou o sector das renovables neste país, o Partido Popular, e vostedes caladiños. Vostedes caladiños, non vaian ofender aos seus amigos de Endesa e de Gas Natural.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, que imos moi pasados de tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Aceptamos as emendas do BNG e do Partido Socialista porque melloran a nosa proposta.

O señor PRESIDENTE: ¿E a do PP?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: A do Partido Popular non. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Vale, vale. (*Murmurios.*) ¡Mala sorte! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora a debater a moción do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Para formular a moción, ten a palabra o señor Losada.

(*O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:*

Emenda de adición

Proponse engadir un novo punto c.4 na parte resolutiva co seguinte texto:

<<c.4. Un programa que contemple o impulso a unha liña pública de crédito a xuros cero para os colectivos prioritarios.>>

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Vamos defender a moción presentada polo Grupo Socialista con base na interpelación do pasado pleno, unha interpelación na que o conselleiro Francisco Conde, conselleiro de Emprego, Economía e Industria, unha vez máis nos ilustrou co seu rigor habitual. E logo fixo un exercicio —díxeno naquel momento e mantéño—, basta despois lela con calma e contrastar as medidas con ese mecanismo *subprime* de, efectivamente, ás múltiples partidas e liñas de axudas que hai tanto na Axencia Galega de Innovación como no Igape, desde a súa fundación en ambos casos, cambiarlles de nome e pasar a ser novas políticas que en realidade non cambian nada. Eu non sei se *El gatopardo* é o axeitado, pero a verdade é que lamentablemente non cambian anda. *El gatopardo* refírome á novela, ¡eh! Non era ningún insulto.

Hai tres elementos xerais que, en palabras do presidente Feijóo no debate de investidura, situaron esta investidura. O primeiro, o problema demográfico. Vimos como non só estaba nos discursos, senón que está tamén no propio organigrama da Xunta de Galicia. Hai un problema obvio de envellecemento, do que, desde logo, este deputado non vai culpar o señor

Feijóo, evidentemente. Hai un problema de polarización e de concentración da poboación moi grave. E hai un problema de caída da natalidade. Polo tanto, esta é a primeira cuestión.

A segunda cuestión tamén foi dita así, en termos solemnes, era a lexislatura do rural. Efectivamente, temos visto como en aras deses criterios exclusivamente economicistas —que tampouco vou ser eu quen diga que non fai falla ter en conta esas variables de carácter económico, o que non se pode é aplicar unicamente variables de carácter económico a cuestións que van máis alá dos números—, vimos asistindo a un mecanismo continuo de recorte de servizos públicos, tanto en temas sanitarios, educativos... en fin, máis alá desa cantidade inxente e sostida de prazas en escolas infantís e en residencias da terceira idade coa que antes a conselleira e agora o conselleiro nos ilustran en cada pleno que se abren en todos os concellos de Galicia pero que logo, en realidade, non acaban de aparecer. Polo tanto, o rural como un elemento central das políticas.

E o terceiro é o mito da Business Administration —esta vez non vou dicir o de Soto del Real—, do emprendemento. O emprendemento, efectivamente, como discurso teórico está moi ben, pero cando pasamos ao mundo real do tamaño medio das empresas, do nivel formativo dos xectores, do esforzo en formación do capital humano, tanto en temas de formación profesional como xa non digamos en temas de I+D+i, atopámonos nunha posición relativa extremadamente débil, por moito que manexemos publicidade e propaganda a esgalla.

Estes tres eixos recollen perfectamente a problemática dos pequenos autónomos nesta comunidade autónoma e, en xeral, no conxunto de España. Hai unha serie de caracterizacións sociodemográficas laborais moi definidas. Hai un proceso de envellecemento moi forte nos autónomos. Hai tamén, no caso de Galicia, un nivel de feminización máis alto que no conxunto de España. Sabemos o que significa tanto o envellecemento como a feminización en proxeccións de futuro: significa pensións de xubilación máis baixas e, polo tanto, maiores dificultades económicas para estes traballadores. E, sen ningunha dúbida, atopámonos cun sector extremadamente débil. Débil, primeiro, porque depende —como dicía antes— en termos demográficos, en termos formativos, dunhas características herdadas doutro tempo. Insisto, sei perfectamente que das características sociodemográficas dunha muller do interior de Galicia de 55-60 anos non ten responsabilidade o Goberno Feijóo, pero si que é verdade que non se está facendo nada para solucionar os problemas destas persoas —insisto—, sen asalariados, que cotizan pola base mínima e —volvo repetir— a terceira comunidade máis envellecida de España.

Isto todo acaba tendo un resultado dramático en termos de tecido económico, e é que estas pequenas empresas, en moitos casos traballadores illados, en canto se xubilan, os seus negocios desaparecen, e esa desaparición dos negocios ten unha relevancia importante en termos territoriais, en termos de prestación dalgúns servizos e en termos de asentamento da poboación, especialmente nesas zonas rurais ou nesas zonas de vilas intermedias basicamente do interior da comunidade autónoma.

En termos cuantitativos, a verdade é que os datos son peores que no conxunto de España. A perda de traballadores autónomos é máis intensa que no conxunto de España. E cando digo máis intensa, falo dun cambio moi importante. Se o conxunto de España perdeu aproximadamente o 0,6 % dos seus autónomos entre o ano 2009 —xa collo o 2009 para non coller o

2011 e que non se me diga que fago partidismo; é dicir, collo desde que o PIB empeza a baixar— e o 2017, en Galicia baixou un 6,5 %; é dicir, dez veces máis. Polo tanto, este é o escenario no que nos movemos.

Ante este escenario, o conselleiro na interpelación falounos dunha estratexia específica para os autónomos; novidade. Ata ese día eu nunca lle escoitara falar dela nas múltiples roldas de prensa, pero podía ser un tema de discreción, tamén podo entender que non o fixera. Volvo ao Plan estratéxico 2015-2020, tampouco aparece. Non está a Estratexia contra o cambio climático 2050, non está a Estratexia específica para os autónomos. En fin, eu creo que en realidade este plan estratéxico é meramente continxente; é dicir, utilízase cando se necesita e pura e simplemente formou parte desa estratexia de publicidade e propaganda da que falamos.

O que presentamos nesta moción é un plan ou unhas liñas de actuación dun plan que permita a substitución xeracional do traballo autónomo. Non está dirixido especificamente ao rural, pero é evidente que no medio rural é onde hai máis dificultades para ese relevo xeracional.

E pedimos tres puntos, por dicilo dalgunha maneira. O primeiro é estudar —eu creo que é conveniente, por iso de aprender—, analizar e diagnosticar a situación das actividades dos pequenos autónomos e o seu impacto na economía de Galicia, especialmente na economía rural.

Logo definir os colectivos prioritarios, porque, efectivamente, son consciente de que os recursos son escasos e creo que é importante ter unha poboación diana o máis afinada posible, por dicilo dalgunha maneira.

Polo tanto, por unha parte a variable idade, a poboación de máis idade antes da xubilación, por suposto. Poden ser 55-65, 60-65. Este sería o primeiro ítem.

O segundo sería priorizar o tecido comercial das pequenas vilas e, en moitos casos, profesións tradicionais en risco de desaparición. Eu creo que é un elemento que pode parecer menor en termos cuantitativos, pero que ten importancia territorial, sen ningunha dúbida.

Logo sería moi importante que, dentro dese relevo xeracional, as persoas beneficiarias foran persoas de ata 30 anos, persoas novas, e, sobre todo, priorizando os beneficiarios do sistema de garantía xuvenil, é dicir, os que están fóra do sistema de educación formal, porque isto lles permitiría unha vía —estamos falando en moitos casos de traballos de comercio non cualificado, hostalería, etc.— de inserción no mercado laboral.

Outra variable importante sería todo o que ten que ver co retorno ou co mantemento da poboación no seu lugar de orixe. Por suposto, é obvio que terían prioridade os familiares directos dos titulares deses negocios, pero tamén a experiencia nos di que ese salto familiar case nunca se produce ou se produce en moi poucas ocasións.

E, por último, unha especial atención aos colectivos en risco de exclusión e discapacidade.

Isto permitiría facer unha poboación diana que tanto dende o ámbito de saída do traballo como dende o ámbito de entrada, eu creo que podía dar unha idea axeitada do que se queredo facer.

E logo medidas instrumentais para actuar sobre este conxunto de poboación. A primeira, por suposto, a formación. É fundamental, nós vímoloo dicindo aquí, lamentamos enormemente que do programa de formación para empregados do ano pasado da Consellería de Emprego, Economía e Industria literalmente non se executara nada —insisto, formación para empregados, nada—. Polo tanto, é fundamental mellorar estas capacidades.

Por outra parte, é moi importante tamén mellorar programas de segunda oportunidade. É dicir, eu creo que nun contexto, efectivamente, de economía de mercado o fracaso forma parte da propia actividade económica, e eu creo que é importante ir progresivamente introducindo esta idea.

E o terceiro punto é, fundamentalmente, buscar vías de financiamento. Estamos vendo como o financiamento público do Igape non se executa, polas razóns que sexan. O conselleiro di que é porque son plans plurianuais, eu creo que é por outras cousas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

E vemos tamén como o proceso oligopolístico da banca dificulta cada vez máis o acceso ao crédito. Polo tanto, este sería o plan que plantexariamos.

Aceptariamos a emenda do Bloque Nacionalista Galego porque é verdade que coas taxas de xuro cero neste momento, as taxas de interese son moi baixas. Eu non sei canto tempo podemos manter...

O señor PRESIDENTE: Ten un turno... grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...a carta aos reis magos, pero é verdade que neste momento é pertinente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bos días-tardes.

O BNG compartimos a preocupación pola situación das persoas autónomas. A realidade do tecido económico de Galiza é de micro e pequena empresa. As persoas autónomas representan o 22,3 % da afiliación á Seguridade Social. Unha realidade como describiu o deputado

propoñente, ese 80 % de persoas que cotizan coa base mínima, o que significa que logo nos encontraremos con pensións mínimas.

A xubilación media das persoas autónomas en Galicia está por debaixo do salario mínimo interprofesional. Iso é unha proba máis que evidente de cal é a situación económica das mesmas. Unha pensión media que apenas chega aos 600 euros —605—, cando o salario mínimo interprofesional é de 707 euros; é dicir, estamos con persoas cunhas pensións no limiar da pobreza, porque están 102 euros por debaixo do salario mínimo interprofesional, e estas 14 pagas anuais dan unha cifra de 8.460 euros. Menos de 500 euros nos separan do umbral da pobreza. E con diferenzas a respecto do réxime xeral. Dende logo, xa non é para botar foguetes a situación das pensións do réxime xeral, mais estamos falando de 465 euros máis, e isto creo que é moi palpable para ver a fotografía deste sector.

Encontrámonos cunha realidade onde o Estado español é un destrutor de autónomos. É o segundo Estado da Unión Europea que máis persoas autónomas perdeu durante a crise, tan só superado por Italia. No 2007, no Estado español había 3.300.000 persoas autónomas por conta propia. A finais do ano 2016 estaba en 2.930.000; é dicir 370.000 persoas menos. E o dramático é que case o 60 % destas persoas eran empregadores; é dicir, que a este descenso habería que engadir todas as persoas que foron ao desemprego porque eran empregadas destas persoas.

Este é o dato do Estado español, e en Galiza a radiografía é aínda peor. En xuño de 2008 había 337.306 autónomos, e en maio de 2017 hai 215.137; é dicir, 119.169 persoas autónomas menos na era de Feijóo, que serían máis se aí descontáramos os que constan como autónomos, pero que son falsos autónomos, e todas estas figuras derivadas da reforma laboral, que fan que haxa persoas que constan como autónomas cando non o son.

Co cal, coincidimos con esta iniciativa e, efectivamente, presentámoslle unha emenda, porque na interpelación do anterior pleno falouse longo e tendido de que un dos problemas fundamentais que teñen as persoas autónomas —que teñen moitos e variados— é a falta de financiamento, a exclusión financeira, mais logo, cando fomos ver a moción presentada polo Partido Socialista, non facía ningunha referencia a esta cuestión. Por iso presentamos unha emenda que engadiu un novo punto nese apartado referido a medidas instrumentais na moción, un novo apartado que di: «Un programa que contemple o impulso a unha liña pública de crédito a xuros cero para os colectivos prioritarios.»

Coincidimos, efectivamente, en medidas que desgranou aquí o conselleiro de subvencionar xuros, pero o problema é que non teñen acceso ao crédito. Este marco de sistema bancario fomentado entusiasticamente polo poder, determinado pola Unión Europea, seguido polo Goberno español e polo Goberno da Xunta, de concentración financeira, ao que leva é á exclusión financeira de amplísimos sectores da nosa sociedade. Baixo o eufemismo da reestruturación, da ordenación, o que fixeron foi concentrar o 80 % dos depósitos en apenas catro, cinco, entidades privadas, eliminando —como no caso de Galiza— as caixas aforros, calquera tipo de cuestión pública, que, por certo, seguen existindo entusiasticamente e convivindo cos grandes bancos en Francia, en Alemaña ou noutros lados; é dicir, que como sempre, queren ser os campións no bo, no malo e no mediopensionista, co cal, as persoas autónomas son deses grandes excluídos do sistema financeiro.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: Vemos como teñen que facer fronte a esas cotas fixas, a pagar por adiantado as partes que lle corresponden do IVE, e encóntranse con que non teñen creto. Incluso o outro día era sangrante ver como algunha persoa poñía nas redes como por parte do Banco Popular Pastor lle obrigaron a comprar accións a algún autónomo a cambio de darlle crédito. Este é o sistema financeiro que temos, tremendo para o conxunto da sociedade e, en particular, para os autónomos e as autónomas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En marea, señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Non diremos nada novo ao afirmar que o colectivo dos pequenos autónomos, que son os verdadeiros creadores de traballo, o pulmón xerador da economía social, é dos máis maltratados polas políticas desenvoltas nos últimos trinta anos.

Fixéronse cousas por este colectivo, si, pero as que se fixeron non foron nin suficientes nin necesariamente boas. Esta moción presenta unha pequena oportunidade de empezar a equilibrar un pouquiño esa balanza.

Unha parte importante dos autónomos aos que apuntan nesta iniciativa son principalmente artesáns e pequenos tendeiros que manteñen os cada vez máis escasos negocios familiares que dan servizo a poboacións minguentes no rural. Negocios que, de desaparecer, dificultarían aínda máis o asentamento ou o mantemento da poboación neses núcleos. A xubilación destes autónomos levará nalgúns casos á perda de profesións tradicionais que están fortemente vinculadas á contorna e á nosa cultura.

Polo tanto, o valor de manter e tratar de fomentar a substitución xeracional destes colectivos nos termos aquí expostos posúe un valor máis aló do meramente económico. Faise, polo tanto, necesario coñecer con profundidade como contribúen non só en modo directo, senón case máis importante de modo indirecto, no mantemento dos servizos da poboación nos núcleos rurais.

As políticas desenvolvidas para facer do rural unha opción tan válida e atractiva para asentarse como son as poboacións urbanas foron pouco exitosas; en parte porque os servizos nestes núcleos rurais son en moitos casos deficitarios ou inexistentes, ao ir desaparecendo gradualmente, durante as últimas décadas, o seu tecido comercial.

Necesitamos que a poboación se asente neses pequenos núcleos rurais, que manteñan as profesións tradicionais vinculadas aos sectores produtivos e que se dean as condicións de seguridade xurídica necesaria para que novas xeracións aposten polo mantemento destas

profesións e negocios. Iso, señorías, require políticas que o faciliten, o potencien e permitan aos seus habitantes poder ter estruturas comerciais básicas que cada vez son máis escasas e que estes autónomos veñen cubrindo con moitas dificultades e pouco ou ningún apoio da Administración.

Enfocar a medida a persoas beneficiarias entre os 18 e os 30 anos é un punto importante para evitar que os xoves teñan que abandonar obrigatoriamente os seus pobos para poñer en vía a súa viabilidade familiar, poder ter unha alternativa laboral e que as súas familias teñan acceso a uns servizos que en moitos casos desaparecen coa xubilación destes autónomos. Permitirá, polo tanto, facer unha achega na difícil loita de frear o envellecemento e o despoboamento do rural.

É unha obriga para todas as institucións e para a Administración facer todo o posible nesta materia. Se con este primeiro paso plantexado nesta moción se desenvolven políticas que consigan frear o éxodo da poboación nesta vilas, xa será un éxito. E será máis aínda se dá lugar a políticas que axuden a preservar profesións tradicionais con risco de desaparición.

Deixo a reflexión de que temos no rural galego unha oportunidade de crecemento que outros territorios non teñen: ¡aproveitémola! Un modelo que conte realmente coa ocupación no rural, que facilite a creación de postos de traballo directos e indirectos e que permita crear un tecido comercial nos nosos núcleos rurais será un modelo de éxito.

Dito en verbas que entenderán perfectamente as deputadas e deputados do Grupo Popular: canto peor lles vaia aos seus recortes, mellor lle irá ao rural. E canto mellor vaia o rural, peor para os recortes, os seus.

Polo tanto, imos apoiar desde o Grupo Parlamentario de En Marea esta moción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Losada, agradézolle sinceramente a preocupación pola situación das persoas que traballan por conta propia, os autónomos, eses emprendedores heroicos e esenciais para calquera economía. Esenciais porque son os que xeran actividade económica e, á súa vez, xeran emprego e, polo tanto, riqueza para o país. O seu impacto na economía é indiscutible, e o seu papel vertebrador tamén.

A vida do autónomo non é doada, e se es muller, moito máis complicado. Non vou dicir imposible, pero o certo é que deixas moitas cousas polo camiño. Por iso, por todos e todas as

autónomas que como traballadores —como ben dixeron vostedes aquí— teñen moitos menos dereitos que os traballadores, e como empresarios arriscan o seu patrimonio, a súa vivenda e os seus aforros de toda a vida para sacar adiante un proxecto de vida, quero brindarlles desde esta tribuna o noso máximo recoñecemento. *(Aplausos.)*

Un recoñecemento, señorías, que non só son palabras e que se amosa con medidas. Incluso en medio da máis profunda crise que nos tocou xestionar, o Goberno do Estado, do Partido Popular, levou a cabo máis iniciativas para os autónomos que calquera outro goberno no período democrático. Pero centrémonos nas nosas competencias.

En Galicia os autónomos son a base do sistema produtivo galego, unha figura clave do noso tecido laboral e, polo tanto, unha prioridade para o presidente Feijóo. Por iso xa está activada a Estratexia Autónomo 2020, tal e como prometemos en campaña electoral, polo tanto, señorías, non é ningunha novidade. Non debe funcionar tanto, señor Losada, o que vostede di de propaganda e publicidade cando non leu nin sequera as notas de prensa do Consello da Xunta en que se aprobaba esta estratexia hai tres meses. *(Aplausos.)*

Unha estratexia que conta con 160 millóns de euros para os próximos catro anos —40 millóns cada ano— para incorporar novas persoas e fortalecer o emprego autónomo existente a través de axudas, servizos e espazos para o traballo colaborativo. Para facilitar mellores condicións de traballo a través do apoio á conciliación, o coidado da saúde e a prevención de riscos, e simplificar a interacción do colectivo autónomo a través das novas tecnoloxías. E por suposto, señorías, facilitar o relevo xeracional cun programa que saia do consenso coas asociacións de autónomos, tal e como avanzou o conselleiro no pasado pleno.

Un plan que incluírá apoios de carácter técnico, económico e de mediación, que faga máis doado e sinxelo este proceso que —insisto, señorías— se está a consensuar. O obxectivo deste plan é fomentar a continuidade dos negocios, favorecendo ao mesmo tempo a integración da mocidade, ampliando e mellorando o programa similar que xa existe hai anos para o comercio. Unha situación que se complementará co apoio á transmisión de empresas que xa existe a nivel estatal e os servizos que se ofrecen a través de Re-acciona, poñendo á disposición dos autónomos un asesoramento experto para a elaboración de plans e protocolos de empresa familiar que encamiñen a sucesión xeracional.

Señorías, isto non é baladí, porque estas cousas que son factibles nas medianas empresas, e xa non lles conto nas grandes, que xa teñen departamentos específicos para afrontar retos e adversidades, para os pequenos empresarios é imposible se non se fai da man da Administración. Non sei se quen resoplou por aí da bancada socialista algún día xerou algún posto de traballo ou creou unha empresa.

Polo tanto, señor Losada, o Goberno xa está elaborando un novo plan de relevo xeracional como está vostede a pedir, pero xunto co sector, escoitando activamente as asociacións de traballadores autónomos. Non teña ningunha dúbida de que, froito dese consenso, sairán as medidas máis acaídas para alcanzar o que tanto vostedes—quero pensar— coma nós pretendemos: a continuidade de todos aqueles negocios que sexan viables e mesmo o seu crecemento.

A realidade é que Galicia é a comunidade que máis apoio ofrece aos autónomos, e seguirá sendo así, xa que o Goberno marcou o obxectivo de apoiar directamente 40.000 traballadores autónomos ata o ano 2020.

Galicia é pioneira en reforzar o crecemento e consolidación deste colectivo, convocando axudas por 20 millóns de euros para establecerse como autónomo e para a contratación indefinida de traballadores. Tamén nas axudas para apoiar os autónomos que constitúan pequenas empresas, por valor de 2 millóns de euros. E, a maiores, ponse á disposición dos autónomos outras ferramentas, aínda que algúns lle chaman política de *subprime*: o programa Galicia emprende, o programa Galicia rural emprende e, por suposto, o programa *Smart Commerce*, no que un de cada catro autónomos son comerciantes; 1,3 millóns de euros para modernizar e mellorar a imaxe do noso comercio.

Remato xa, señor presidente.

Sei que a oposición nunca o vai recoñecer, pero os autónomos de España, e en especial os de Galicia, saben que nunca tiveron un marco de apoio mellor, saben que agora están mellor, por máis que desexen pintar outro panorama. Se non, comparemos respecto dos anos que gobernaron vostedes. Hoxe temos menos autónomos que actúan como persoas físicas, menos autónomos que traballan sen asalariados e menos autónomos de 55 anos ou máis. Quero recordarlles que no último ano no que gobernaron Galicia perdeu máis de 7.500 afiliacións ao réxime especial de traballadores autónomos.

Por iso, benvidos á defensa dos autónomos, e como autónoma e como filla dunha muller autónoma pioneira en moitos aspectos da súa vida, tanto persoal como laboral, agradézolle sinceramente a preocupación do seu grupo por estas traballadoras, e pediríalles que defendan os autónomos, apoiando as medidas recollidas nos orzamentos do Estado, de gran valor para eles, e que logo pensen na promoción persoal do seu líder e en como ser presidente se volvera gañar as eleccións.

Dende logo, dende o noso grupo e dende o Goberno, seguiremos traballando para que Galicia sexa o lugar máis favorable para ser autónomo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Grupo autor da moción, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas.

Eu tamén son fillo de autónomo; de feito, emocióneime co inicio da intervención da señora Romero.

Mire, menos poesía e máis orzamento. É dicir, eu leo as notas de prensa da Xunta, pero non están os 160 millóns de euros como tales en ningunha parte. Non está no Plan estratéxico

ningún plan de apoio aos autónomos. Publicidade e propaganda, señora Romero, publicidade e propaganda.

Alégrome de que estea o señor conselleiro, porque eu pediríalle que me dixeran exactamente en que partidas aparecen esas cuestións. De feito, señora Romero, utilizou vostede, todo o tempo, un tempo verbal de futuro; supoño que a traizoou o subconsciente, pero de futuro. Eu non sei o que van facer, seguro que van facer moitas cousas.

Polo de agora, a nivel de Estado, vostede, que está moi preocupada polo líder do Partido Socialista Obreiro Español, as dúas únicas leis de apoio aos autónomos neste país promulgaron gobernos presididos por socialistas, por José Luis Rodríguez Zapatero. (*Aplausos.*) Entón, publicidade e propaganda, *las que quiera*. O señor Aznar, absolutamente nada, e, por suposto, o señor Rajoy, *haciendo lo que Dios quiera*, pois tampouco; claro, *haciendo lo que Dios quiera*, tampouco.

Orzamentos. Señora Romero, mire, a redución no programa 751A, de reorganización do comercio interior de Galicia, tivo unha redución, entre o ano 2010 —do ano seu, non é o presuposto herdado do Bipartito— e o ano 2017, do 50 %. Teño aquí os datos, ou polo menos os datos que nos proporciona a Xunta de Galicia.

E logo, aínda encima desa redución orzamentaria, deixáronse sen executar 40 millóns de euros máis. ¡Oia!, ¿de verdade poden vir aquí dicirnos que o apoio aos autónomos...?, en fin. ¿Poden, de verdade? Entón, ¿por que se queixan os autónomos? Claro, é que esa sería a reflexión que eu creo que, como gobernantes, deberían de facer.

¿Sabe o que pasa? O que pasa é que o financiamento é difícilísimo. Temos unha situación practicamente cun sistema de duopolio bancario que non permite o financiamento de institucións financeiras. O *Igape* —volvo repetir—, a pesar da plurianualidade de que fala o señor conselleiro, indubidablemente non cumpre as necesidades para as que foi instituído.

E, por outro lado, os propios atrasos nos pagos e os propios problemas de tesourería dos pequenos establecementos, que vostede sabe perfectamente que existen, señora Romero. Eu entendo que teña que dicir pois o que ten que dicir, claro.

E a linguaxe modula a realidade, claro que si. Está moi ben que veña aquí o conselleiro falarnos dos *business angels*, que queda ben —é verdade que queda ben—, pero logo os pequenos comercios da Rúa de Petín ou da Gudiña, ou de Vilalba ou —non sei— das Pontes, indubidablemente, teñen problemas reais que teñen moi pouco que ver con *los ángeles de los negocios*, moi pouco que ver, señora Romero.

E a proba —e eu agora si que vou aos datos—, claro, é que o problema de todo isto é que logo vemos como os autónomos galegos teñen unha pensión que é a penúltima de España, vemos como se incrementa sistematicamente a pobreza laboral e, polo tanto, baixa a capacidade de demanda e de compra, e isto afecta directamente o comercio, como vostede ben sabe, e sabe perfectamente tamén que a maior parte dos parados de máis de 55 anos, sexan de autónomos ou de asalariados, non van traballar máis, señora Romero.

E, polo tanto, a realidade económica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— deses traballadores é moi difícil, e o relevo xeracional, que é do que en principio vai esta moción, porque, aínda que me deu a sensación de que houbo unha dispersión, aí nese caso non hai absolutamente ningunha medida explícita nos orzamentos da Xunta de Galicia, e se non, eu rétoa para que me diga que programa e que partida orzamentaria presenta este apoio ao relevo xeracional dos autónomos. Ningunha, señora Romero, ningunha. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa proposta que vai presentar a Xunta de Galicia ante o proceso de elaboración dun novo sistema de financiamento autonómico

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea.

Acéptanse as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista e non se acepta a do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos por último a do Grupo Parlamentario Socialista.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión co punto 4 da orde do día, que é o de proposicións non de lei.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de comezar a debater a primeira proposición, comunícolles unha alteración na orde do día, unha nova alteración. E é que foi aprazada polo Goberno a interpelación co número de rexistro 7198, que é a que figura, no apartado de interpelacións, no primeiro lugar. Como dixen, foi solicitado o seu aprazamento.

E, entón, comezamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para cubrir a demanda existente de prazas públicas en escolas infantís

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda nº1, de adición.

Débase engadir, ao final do punto 2, o seguinte texto:

<<...en colaboración con patronal e sindicatos>>.

Emenda nº2, de adición.

Engadiranse, ao final da parte resolutiva, os seguintes puntos:

<<4. Presentar, antes de final do ano 2017, ante o Parlamento Galego un plan orzamentario e un plan educativo que permita desprezar unha rede pública de ensino de 0 a 3 anos, dependente da Consellería de Educación, antes de rematar a presente lexislatura.

5. Elaborar en colaboración cos sindicatos máis representativos no ámbito da Xunta un Plan de Escolas Infantís vinculadas aos seus centros de traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar das e dos traballadores públicos e de todo o persoal de empresas externas que desenvolvan a súa xornada laboral en centros da Xunta de Galicia.

6. Rebaixar o limiar de renda familiar para a exención de taxas en escolas infantís até, canto menos, os 12.000 € anuais, de xeito que ditas familias queden exentas a partir do/a primeiro fillo/a.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución:

Proponse substituír o primeiro punto da parte resolutiva polo seguinte texto:

<<Poñer en marcha un plan para, na presente lexislatura, poder ofertar o número de prazas públicas que cubra a demanda existente en todo o territorio galego.>>

Emenda de adición:

Proponse engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

<<4. Considerar o tramo de 0-3 anos como etapa de educación infantil, e integrala no ámbito da consellaría competente en materia de educación.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señores e señoras deputadas.

Se á mañá o Grupo Socialista arrancaba este pleno facendo unha homenaxe e rendendo o noso pesar —por así dicilo— pola situación en que está Portugal, hoxe, o Día mundial dos refuxiados, permítanme dedicar uns segundos para facer unha chamada e mandar un SOS ao Goberno de Madrid, ao Goberno do señor Rajoy, que debe considerar que o refuxio é por caridade. E non é caridade o que estamos pedindo, e o que seguiremos reclamando ata que se cumpra. Esas persoas que escapan do horror —exactamente 24 cada minuto que pasa— non queren caridade, o que queren é que se cumpran os seus dereitos, os dereitos humanos. E este goberno ten a obriga de dar cumprimento aos mesmos. *(Aplausos.)*

A iniciativa que presentamos agora mesmo enmarcámola dentro das que nós consideramos posibles e importantes maneiras de solucionar o problema demográfico, e tamén con base na igualdade de oportunidades, non soamente á dos recién nados, a das persoas en xeral, senón tamén a dos homes e das mulleres. Sobre a problemática do envellecemento poboacional levamos repetindo en numerosas ocasións que ten varios eixes nos que se debe incidir. O primeiro, recuperar o talento, ese que marchou ao exterior, á emigración; incrementar as medidas de conciliación; que se incremente a taxa de ocupación feminina; e algo que é fundamental, no que versa esta iniciativa, que é mellorar os servizos públicos.

Falamos de conciliación e dun dos seus recursos máis importantes, as escolas infantís de entre 0 e 3 anos, que veñen solventar —como dicía ao principio da intervención— parte do problema demográfico, e que se poden ou non enmarcar dentro da igualdade de oportunidades, dependendo de se recorremos, e de se o Goberno galego, en concreto, recorre, á creación de prazas públicas ou de se segue a privatizar este recurso.

¿Con que recursos conta a nosa comunidade autónoma? Pois, ademais dos privados e dos de iniciativa social, dentro dos públicos están os que teñen os propios concellos e os da Xunta de Galicia a través do Consorcio e da Axencia Galega de Servizos.

Saben e coñecen todos, a través dos medios de comunicación, o desastre que volveu ser este ano, unha vez máis, a adxudicación de prazas nestas escolas infantís. Os pais e nais, esas máis de tres mil familias, máis do 31% das solicitudes, que están en lista de agarda pois séntense un pouco, ano tras ano, coa mesma frustración e incerteza que se ten cando un xoga á lotería, que non sabe se vai ter a sorte ou non de que lle toque o premio. E na maior parte dos casos xa sabemos que non ocorre así.

Dende o Grupo Socialista non dubidamos —como dicía a directora xeral de Familia e o propio conselleiro— de que non vai quedar nin un só neno/nena en Galicia sen praza con apoio público. Ben, ¿que significa isto? ¿Isto significa que os nenos e nenas van poder ir a centros públicos? Non, isto significa apoio público a centros privados. E isto non é unha casualidade. É crear unha necesidade para acabar recorrendo —como soe ser habitual neste goberno— a ese salvavidas —por así dicilo— que se considera a privatización de servizos; unha necesidade que, como dicía, crean as propias políticas deste goberno.

O señor Feijóo creou —e xa o digo antes de que veña aquí a voceira ou voceiro do Partido Popular— 62 escolas infantís desde que goberna; das cales —e, de verdade, compañeiros e compañeiras, podedes sentirvos orgullosos— 54 foron proxectadas polo Bipartito. É dicir, 62 menos 54 son 8, que foron as que fixo o señor Feijóo en oito anos. É unha por ano. É dicir, para cubrir a demanda de prazas públicas ao ritmo que imos necesitarían exactamente un cuarto de século, é dicir, vinte e cinco anos. (*Aplausos.*)

¿Que foi, ademais, o que fixeron? Pois, mentres gobernabamos e intentabamos planificar unha rede de escolas infantís públicas de calidade para as familias, dedicáronse a botar pes-tes contra as galescolas. Seguro que todos e todas o recordan. ¿E que foi o que fixeron cando gobernaron? Asumiron o que fixeramos nós pero, por revanchismo político, cambiáronlle o nome e mesmo lle cambiaron o logo para poñer unha pita vestida de traxe.

Ademais diso, o que fixeron foi incrementar o prezo, en máis do 27 %, de cada praza pública. Por certo, escoitarán tamén que se chama «actualización». En realidade é un incremento de prezo que non acontecera nos quince anos pasados. E de tal maneira que sitúa o 50 % do IPREM en ter que pagar 16,5 euros por un comedor escolar.

E fixeron algo máis: frearon a creación de novas escolas infantís naquelas localidades onde existían centros privados. E isto non o di esta deputada nin o PSdeG. Recolleuno a Asociación Española de Centros Privados de Enseñanza. E así lle dixemos á directora xeral de Familia que, se isto non era certo, debía presentar unha denuncia. Porque o que di esta nota de prensa é que, «respecto da apertura indiscriminada de escolas públicas» —así o considera esta asociación— «a directora xeral de Familia comprometeuse a frear a construción de novos centros públicos en áreas onde xa existen os centros privados». Claro, nós hai un mes dixémoslle que, se isto non era certo —e dixémosllo por ela e pola imaxe do propio Goberno galego—, debían denunciar e pedir a retirada do mesmo. A día de hoxe segue nesta páxina web, co cal entendemos que é certo.

Ben, ¿que é o que queremos facer?, ¿cales son as propostas do Grupo Socialista nesta materia? Hai que incrementar o número de prazas públicas para que non sexa necesario recorrer de maneira permanente ao concerto con entidades privadas. ¿Como? Hoxe ata lle imos dar a fórmula para conseguir facelo. Os 7 millóns de investimento que figuran nos orzamentos dedicados a centros privados, que non é unha invención, señorías, pódeno comprobar —500.000 para infraestruturas de centros privados, 3,4 para iso que o Goberno galego chama o «bono concilia», que non é máis ca o «bono privatiza», é dicir, que a aquelas familias que quedan sen recurso público lles damos cartos, un bono para que recorran a un centro privado, e máis de 3 millóns de euros para subvencións, en total, 7 millóns—, pois ben, en dous anos serían 14 millóns, co cal teríase para facer o investimento e crear todas as prazas públicas que son necesarias nesta comunidade autónoma. O que lles estamos pedindo hoxe é que este Goberno faga en dous anos o que agora mesmo, ao ritmo que van, a previsión é de facer en vinte e cinco.

Tamén, a respecto das escolas infantís en polígonos industriais, é importantísimo ter centros de atención aos nenos e nenas próximos aos postos de traballo. ¿E como? Dende logo, non facendo unha chapuzada como foi a última adxudicación, que dos 2,5 millóns de euros que

estaban previstos a través de fondos europeos deixouse sen executar máis do 82 %. É dicir, executáronse 400.000 euros e vanse facer 2 escolas infantís.

Se é difícil conciliar para os pais e nais ao longo de todo o ano, é aínda máis complicado cando os nenos e nenas teñen as vacacións. E aí é onde entra en escena —por así dicilo— o que nós consideramos dende o Grupo Socialista que vén sendo ao longo desta crise o gran colchón social que están tendo as familias, que son os avós e as avoas, aos que recorren moitísimas das familias deste país cando non hai con quen deixar os meniños e meniñas. Pois ben, o que pretendemos é, para que as familias non teñan que facer estes xogos malabares de con quen deixar os nenos e nenas, que se abra unha escola pública en cada localidade. E sobre esa ratio mínima, que non sexa preciso que teña que haber 15 solicitudes ao respecto, e que se cubra toda a demanda, o cal é algo que nos parece fundamental. Porque é certo que hai un anuncio da Xunta de Galicia de que se vai abrir un centro de ensino de 0 a 3 anos en cada localidade aínda que non exista esta ratio. Pero nós preguntámonos: ¿e se, por exemplo, señorías, unha escola infantil ten 20 prazas e hai 21 prazas? ¿Comprométese a Xunta de Galicia a abrir 2 escolas infantís en cada localidade? A señora Rodríguez Arias pon esa cara e move a cabeza, pero é que xa aconteceu outro dos veráns. E por iso precisamente o que pretendemos é solventar ese problema e adiantarnos ao que pode acontecer e á problemática que poden sufrir moitas familias.

En fin, señorías, o que pretendemos hoxe dende o Grupo Socialista —e dígoo humildemente— é dar un paso máis e importante a prol da conciliación das familias deste país, de seguir loitando pola igualdade de oportunidades, e, sobre todo, e de maneira moito máis simple e moito máis sinxela, evitar que volva pasar o desastre de todos os anos desas familias que, como lle dicía antes, teñen que someterse a buscar praza nunha escola pública infantil coma se iso fora practicamente que lle tocara o gordo de Nadal.

E máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

A infancia é a etapa máis importante, ou, cando menos, moi importante, na socialización dos nenos e nenas, e é fundamental para o seu desenvolvemento. É cando se empeza a formar a personalidade, cando se fan as primeiras amizades, cando se rompe o círculo familiar e se empeza a vida social. E a escola, na etapa de educación infantil, ten tamén un papel fundamental para fixar o idioma propio e as características máis próximas da persoa.

Co retorno do Partido Popular ao Goberno galego no ano 2009 empezaron a tarefa de demolición dun modelo educativo público que se empezara a desenvolver no ano 2007 para que os nenos de 0 a 3 anos tamén estiveran inseridos nun modelo público de ensino. O Partido Popular o que fixo foi rematar co modelo das galescolas, proclamou entusiasticamente Núñez Feijóo a escasos días de gañar as eleccións que se acabaran as galescolas. É

evidente que foi un tema prioritario para o Partido Popular. E non se refería inocentemente a cambiarlles o nome de galescolas por esa mudanza tan simpática de pasar a chamarlles «galiñas azuis»; nin tampouco o obxectivo era simplemente cambiar os mandilóns onde había unhas casiñas cunhas bandeiras galegas por unha galiña azul. O Partido Popular o que tiña en mente era unha cuestión de moito máis alto calado. Faltoulle tempo para esnaquizar e dismantelar ese modelo de ensino público e en galego, volvendo impor un modelo fundamentalmente asistencialista e centrado para resolver a conciliación laboral e familiar durante unhas horas, mais non cunha vocación pedagóxica. O que fixo foi ir dismantelando as escolas infantís como servizo público, ir recortando persoal, foi reducindo horarios, eliminou a parella educativa, subiu os prezos... É dicir, foi deteriorando o servizo público dos centros públicos nas escolas infantís. Tomou a decisión de privatizar servizos básicos converténdoo en negocio para as empresas privadas ás que lles concede a xestión privada dos centros.

É evidente que nesta liña seguen entusiasticamente. No pasado pleno escoitamos a comparecencia do conselleiro de Política Social na que facía referencia a este sistema de ir encargándolles a empresas, a persoas individuais, recursos para momentos puntuais durante un determinado espazo de tempo —podemos falar para maiores, podemos falar das casas niño— sen ir creando unha auténtica rede pública de infraestruturas onde realmente poder dar tamén ese ensino de calidade na etapa de 0 a 3 anos. Fronte a priorizar a extensión da rede pública, o Partido Popular optou por ese modelo de privatización, por deixar de concibir esa etapa de 0 a 3 anos como unha etapa claramente educativa.

Por iso hoxe o BNG vai votar a favor desta proposición non de lei que trae o Partido Socialista, mais presentámoslle unha emenda con dous puntos en dúas cuestións. A primeira —e xa lle adianto que a imos votar igual aínda que non nola acepte— refírese a que, na iniciativa que se nos presenta, se fala no punto 1 de incrementar o número de prazas públicas en escolas infantís para que non sexa preciso ir incrementando os concertos. E o BNG o que presentamos é unha emenda para que se poña en marcha un plan para que nesta lexislatura se poida ofertar o número de prazas públicas suficientes para cubrir a demanda. É dicir, non é o tema soamente de cubrir as que non haxa —que iso ten que ser prioritario—, queremos ir máis alá, queremos non soamente ofertar prazas públicas onde non chegan as que están concertadas, senón que cremos que é imprescindible facer toda unha rede de prazas públicas para a totalidade da demanda. E a segunda parte da emenda é unha de engádega, acrecentar a proposición do Partido Socialista e considerar o tramo de 0 a 3 anos como unha etapa da educación infantil e integrada no ámbito da consellería competente en materia de educación. Non é un capricho, non é indiferente que estea nunha ou noutra consellería, senón que o feito de que estea en Política Social está acentuando dun xeito exaxerado ese carácter asistencial de suplir cuestións de conciliación —que son necesarias—. Mais a nosa proposta e insistencia —e seguiremolo facendo— en que se inclúa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...na Consellería de Ensino é porque, se está nesa consellería, significará que realmente se quere ir a unha etapa de 0 a 3 como unha etapa plenamente educativa e non meramente asistencial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas.

Boa tarde.

Dende logo que imos apoiar esta proposición non de lei do Grupo Socialista. Vai na liña do que temos defendido, de aumentar as prazas públicas en escolas infantís. Mais, como dicía a representante do BNG, fixemos unha serie de emendas tamén para remarcar esta cuestión: o carácter do ensino na primeira infancia como dereito, o dereito ao ensino. Para nós esta cuestión é central, xa se ten sinalado aquí en numerosos debates. Remarcamos que estas escolas infantís de 0 a 3 anos, na medida en que garanten que isto sexa un dereito, que toda a infancia, naza onde naza no noso país, teña dereito a ser escolarizada na súa primeira infancia, entendemos que deben constituír unha rede pública dependente, como xa tamén sinalou o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, da Consellería de Educación. É por iso que propoñemos á Xunta que presente ante este Parlamento, antes de final do ano 2017, un plan orzamentario, un plan educativo, que permita desprezar esta rede pública de ensino de 0 a 3 anos e que antes de 2020 isto estea transferido á Consellería de Educación. Así o fixemos en numerosas propostas e así o levamos no noso programa electoral.

Facémolo así porque é que as estatísticas mostran que a escolarización temperá non só mellora o rendemento académico — polo tanto, convértese nun factor básico de equidade de cara ao futuro para garantir o posterior éxito escolar independentemente da procedencia dos nenos e nenas —, senón tamén, como xa se sinalou aquí, porque os valores sociais se asentan nesta primeira infancia; valores como a igualdade, valores como o ecoloxismo, do que hoxe falamos, valores como a xustiza social — hoxe apelamos a esas persoas refuxiadas que dramaticamente continúan nas portas de Europa, que teoricamente defende estes valores que queremos inculcar á primeira infancia—. E resalto tamén os valores de xénero, porque aínda non está estudado cientificamente exactamente cando se desenvolven os roles de xénero pero si que se autoidentifican nenos e nenas entre os 2 e 3 anos cun ou outro xénero. E, sabendo que o xénero é unha cuestión social, é vital que forme parte do ensino e que no ensino se quiten prexuízos machistas que están na sociedade. É fundamental unha educación en valores de igualdade para evitar o machismo, para permitir tamén a nenos e nenas expresarse no seu sexo sentido. É tamén o ensino unha cuestión fundamental para isto, para construír, en fin, unha sociedade igualitaria e mesmo libre tamén de binarismo. Sería un debate máis fondo.

Tamén para a lingua sería esta escola de 0 a 3 anos algo fundamental, para achegar a lingua aos nosos cativos e cativas. De vostedes, do Partido Popular, quero lembrar aquí — creo que xa o fixeron as miñas compañeiras tamén nalgunha medida — a súa infamia sobre a lingua nas galescolas. Porque vostedes no 2009 presentáronse ás eleccións dicindo que os nenos e nenas galegofalantes sufrían discriminación nas galescolas por falárenlles o galego. Pero é

que é precisamente ao revés. Cando se escolarizan nunha lingua que é minorizada, os nenos e nenas castelanfalantes, a lingua dominante, non se senten con prexuízos. Ao contrario, senten curiosidade cara á lingua. E, ao contrario, cando se escolariza na lingua que é dominante, os nenos e nenas galegofalantes, estes si, van perdendo a súa lingua. Porque é dramática a desaparición do noso idioma do ensino infantil. Polo tanto, apoiamos a creación dunha rede pública de ensino de calidade de 0 a 3 anos e en galego, por suposto.

Tamén outra das emendas que traemos é para aumentar as exencións do pagamento das taxas, na medida en que aspiramos a un ensino universal e a que se vaian reducindo esas taxas de acceso, que, ademais, son limitantes na medida en que durante a crise a renda familiar, sobre todo das familias máis desfavorecidas, foi caendo. Sen embargo, eses prezos aumentaron neste ano.

Tamén en canto aos polígonos industriais —para nós é fundamental que as empresas conten con este servizo en canto ao aspecto da conciliación—, propoñemos que se remate que sexa en colaboración con patronal e sindicatos. Nalgunha medida o fracaso desta medida estrela que pretendía abrir unha serie de escolas infantís en polígonos industriais terá que ver con que non houbo ese diálogo previo con patronal e sindicatos.

E falando do aspecto da conciliación, nós, aínda que remarcamos este aspecto do ensino, do dereito ao ensino nas escolas de 0 a 3 anos, tamén entendemos que se converteu nun recurso de conciliación fundamental —non suficiente pero fundamental—. Polo tanto, isto tamén garantiría tender cara a acadar esa igualdade laboral, combinar escolas infantís, rede pública, con maiores permisos de paternidade e maternidade iguais e intransferibles, con aposta por políticas de emprego. Isto si serían políticas para deter o devalo demográfico e non as ocorrencias, algunhas das cales vimos no anterior pleno.

Polo tanto, rede pública, ensino de calidade en galego de 0 a 3 anos, o que incompatible coa amortización de prazas que se ten producido na pasada lexislatura e con fomentar os nichos de negocio privado en vez de asentar esta rede pública, ou con aumentar a ratio de alumnado por educador ou educadora. Polo tanto, imos apoiar esta proposta e deixamos aí as nosas achegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

En primeiro lugar, quero aclarar unha cuestión aos señores e ás señoras deputadas. No ano 2009, Galicia contaba con 12.681 prazas en escolas infantís. No ano 2017 Galicia conta con 22.316 prazas en escolas infantís. Estamos falando de que temos 9.635 novas prazas en escolas infantís desde o ano 2009. A cobertura recomendada pola Unión Europea en escolas infantís é do 33 %. En 2009 a cobertura era do 19 %, en 2017 a cobertura é do 37,2 %, *(Aplausos.)* superando catro puntos a recomendación da Unión Europea.

Pero claro, como isto todo foi grazas ao Bipartito, que nos deixou proxectadas un montón de escolas infantís por toda Galicia, hoxe non nos queda outra cousa que dicir: grazas, grazas, porque grazas a ese proxecto vostedes deixaron cero escolas infantís en Galicia. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Porque, miren, ¡cero, cero!

Por proxectar, vostedes puideron proxectar unha escola en cada barrio de Galicia. O tema é: ¿cantas escolas infantís deixaron vostedes en servizo, en servizo? ¡Ningunha!

Miren, segundo vostedes, poderíanse construír 24 escolas infantís con 3,6 millóns de euros, cando realmente fixeron falta 27 millóns de euros. Polo tanto, coas súas contas era imposible poñer en marcha ningunha escola infantil en Galicia. E, claro, agora veñen dicir que o modelo do Bipartito das galescolas era un modelo impecable que o Partido Popular criticaba. Señora portavoz do Partido Socialista, pero se todos sabemos que os primeiros que criticaron o formato das escolas infantís foi o Partido Socialista, se o presidente Touriño criticou a Quintana dicindo que a súa rede era unha rede clientelar. Pero ¿en que quedamos? ¿Gustáballe a vostede o modelo das escolas infantís do Bipartito ou non lle gustaba? Porque non sei a que están vostedes xogando.

Mire, o que é unha realidade é que no vindeiro curso a Xunta vai ofertar 22.439 prazas a través da rede galega de escolas infantís, financiadas con fondos públicos. E, ademais, vai poñer en marcha 30 novas casas niño en parroquias no rural, 12 novas escolas infantís en parques empresariais e polígonos industriais. E, ademais, no 2016 concedéronse 2.600 axudas do bono concilia.

En relación cos períodos vacacionais, dos que vostede fala na súa iniciativa, infórmolle, como vostede xa sabe, que a Axencia Galega de Servizos Sociais contempla a apertura dunha escola por concello nos diferentes períodos de vacacións, independentemente da demanda existente. Elimínase a necesidade de ter unha demanda mínima de 15 nenos para a súa apertura nestes períodos. E iso vostede sábeo, pero pono igual na súa iniciativa. ¿Por que? Porque chega aquí e vostede empeza: «E se non chega unha escola infantil por concello...», «e se resulta que hai máis de dous nenos que non caben nesa... ». Mire, o certo é que a Axencia contempla a apertura dunha escola infantil por concello nos períodos vacacionais e o «e se» deixámolo para vostedes.

Porque, miren, inventaron unha nova fórmula de xestión dos servizos sociais. Resulta que agora o Partido Popular o que quere é desmantelar os servizos sociais e vostedes inventaron a xestión intelixente. Crearon unha empresa para construír residencias e centros de día, privatizaron o servizo de «xantar na casa», privatizaron a xestión dos centros de día, por non falar de que o cen por cento das escolas municipais de Santiago, Vigo ou A Coruña teñen xestión privada. Polo tanto, cando vostedes falen do Partido Popular —que neste momento o 96,5 % das prazas públicas teñen xestión directa a través da Consellería— recorden que vostedes teñen nos concellos o cen por cento das escolas infantís privatizadas. Pero seguramente que non é privatizar, seguramente que é xestión intelixente, resulta que é xestión intelixente.

Miren, prometeron municipalizar as escolas infantís, por exemplo, no concello de Santiago. E resulta que, en vez de municipalizalas, o que fan é prorrogar os contratos. Claro, agora

vén aquí a deputada de En Marea pedindo unha rede pública de ensino e de calidade. Fale vostede cos seus alcaldes para que municipalicen eses servizos e deixen de prorrogar os contratos coas empresas. *(Aplausos.)*

Falan vostedes de privatizar. Mire, é que no concello de Vigo xa non se pode privatizar nada porque está todo privatizado: o servizo de axuda no fogar, a teleasistencia, as ludotecas, o Centro de Emerxencia Social, a intervención familiar, incluso as catro novas escolas infantís que inaugurou o alcalde socialista, as catro, teñen xestión privada. Polo tanto, aclárense vostedes, teñan un mesmo discurso cando veñan aquí a falar dos servizos sociais da Xunta de Galicia e cando xestionan vostedes no seu concello.

Aquí só hai un obxectivo: garantir que ningún neno quede sen unha praza nunha escola infantil. E niso estamos nós e está a Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Hoxe pola mañá citábase aquí a grandes filósofos. Eu, agora mesmo, acabo de recordar o señor Manquiña, cando nesa célebre película dicía aquilo de: «O mesmo che digo unha cousa que che digo outra». *(Murmurios.) (Aplausos.)* Vamos ver, señora Rodríguez Arias, señora Rodríguez Arias, vostede pode vir aquí a prometer... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, ¡silencio, por favor!

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Vostede pode vir aquí e o seu goberno, o goberno que están sostendo, a prometer o que queira. A realidade é o que din as memorias de orzamentos. Na memoria de orzamentos do ano 2016 ían poñer en marcha 596 prazas. E ¿cantas hai? A metade. No 2017 figuran 402. É dicir, como a tónica xeral suele ser, do que prometen, a metade, cun pouco de sorte pois contamos con que se poñan en marcha 200, que seguen sendo insuficientes, que seguen a un ritmo polo que nos levará vinte e cinco anos chegar a ter o número de prazas necesarias.

Ben, debería comezar por agradecer as emendas tanto do Bloque Nacionalista Galego como de En Marea, que imos incorporar á nosa iniciativa porque entendemos que melloran o texto, que inciden en cuestións onde non entraba en particular a nosa iniciativa, como é o tema dos prezos, que é importantísimo, e que, como dicía na primeira intervención, o Partido Popular o chama «actualización» e despois, cando chega ao Goberno, incrementa un 27 % o prezo por praza pública. Por certo, se quere, falamos de Vigo e dos seus servizos sociais cando queira —xa llo dixen o outro día e vólvollo dicir—, sen ningún problema. *(Murmurios.)* Si, si, sen ningún problema. E vostedes poden tamén copiar algo, porque no concello de Vigo resulta que os vigueses e as viguesas pagan a metade

por unha praza pública en escola infantil do que ten orzado a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Así que eu non teño ningún tipo de complexos, nin este grupo, en falar da política que están a facer os meus compañeiros e compañeiras nos concellos; máis ben, todo o contrario, señoría.

Falan outra vez e volven presumir da ratio de cobertura —dun 33 % estamos nun 38 %—, e volven xogar ao engano, volven xogar con ese eufemismo de prazas con apoio público. As prazas con apoio público inclúen a subvención a prazas en centros privados. ¿Que porcentaxe hai, señora Rodríguez Arias, de prazas públicas, cen por cento públicas, como teñen os países nórdicos, que si cumpren esa ratio de cobertura e non mesturan con datos de concertos con entidades privadas?

Ben, o que volvemos ver, unha vez máis, é que o Partido Popular incide na súa desastrosa política en materia de rede de escolas infantís e que o ano que vén os pais e as nais volverán atoparse co mesmo problema e coa mesma incerteza. Vostede non tivo nin unha verba cara a esas familias que hoxe non saben se para o curso que vén van poder levar os seus fillos a un centro ou non, os que teñan a sorte de traballar —como lle digo sempre— ou os que teñan que deixalos porque por desgraza teñen que ir buscar un posto de traballo. Cara a eles nin unha soa verba do grupo maioritario desta Cámara. E, por certo, puido facelo, se non para toda Galicia, para os 75 que no seu concello quedan. ¿Que lles di vostede, señora Rodríguez Arias, a esas familias que están pendentos dun centro público?, ¿que o van facer?...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...¿que o están facendo?, ¿que a culpa é o do Bipartito? *(Murmurios.)*...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Remate.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Deixen de facer oposición ao pasado e comecen a poñer medidas encima da mesa que solucionen os problemas que teñen os galegos e as galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do aumento da planta do Ministerio Fiscal en Galicia e a súa dotación cun maior número de recursos, así como á Fiscalía Xeral do Estado da creación dunha fiscalía anticorrupción exclusiva para Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que reclame ao Goberno do Estado:

1. O aumento e a dotación de maior número de recursos á planta do Ministerio Fiscal en Galicia, creando, como mínimo, novas prazas de Fiscal en Lugo, Santiago, Ourense, Vigo e Cambados (reclamadas polas propias fiscalías nas memorias de 2014 e de 2015).

2. A creación dunha fiscalía anticorrupción delegada exclusiva para Galicia, adscrita ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e con equipo suficiente para desenvolver o seu labor.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

«A corrupción é un fenómeno criminal que se atopa entre as primeiras preocupacións da sociedade, xera desconfianza nas institucións, perturba o seu normal funcionamento e afecta a estrutura do sistema de convivencia democrática, polo que debe ser combatida con rigor». Señorías, estas palabras non son miñas, senón que é unha reflexión da Fiscalía Xeral do Estado feita no ano 2012. Dende aquela, sen embargo, a corrupción chega ao propio sistema xudicial, ao que se presiona dende o Goberno para que finalmente non actúe sobre esta realidade, que, como ven, non a inventamos nós, non a inventa o Grupo de En Marea.

Cada ano ábrense 200 investigacións por delitos de corrupción en Galicia. E tampouco é un dato meu, senón do fiscal superior, o señor Fernando Suanzes, feito público aínda a primeiros deste mes. E o seu partido é o primeiro partido do Goberno en España, e non só en España senón en Europa, que está imputado por este tipo de delitos.

Non vou entrar xa no relato de casos nos que están inmersos, pois quedaron nitidamente expostos na defensa da moción de censura que se debateu hai unha semana no Congreso dos Deputados, si, esa moción que para vostedes non serviu para nada e que foi un teatro, que foi un circo, cualificativos que deixan ben claro que non tiñan argumentos reais na súa contra e que tiñan que recorrer ao chiste fácil ou á zafiedade, ao que nos teñen tan acostumadas, pleno tras pleno e romaría tras romaría, o seu líder, o señor Feijóo, ou os comportamentos tan vergoñentos como os do seu voceiro no Congreso, o señor Rafael Hernando, que ata ofendeu á propia presidenta da Cámara, a señora Pastor. Menos mal que o señor Puy nos obsequia con algo máis de educación e de clase.

En realidade, por moito que queiran obviar a moción, serviu, e serviu de moito. Porque evidenciou que non teñen maioría na Cámara, esas maiorías das que a vostedes lles gusta tanto

falar delas. Esta non lles gusta tanto. E, sobre todo, fixo ben explícita ante a cidadanía —en sede parlamentaria, que é onde reside a soberanía do pobo— que o seu partido está podreído e que non ten lexitimidade moral para gobernar.

Pero volvamos a Galicia, que, como o resto da sociedade e segundo recolle o propio CIS, ten tamén entre as súas principais preocupacións este clima de corrupción, de falta de ética, moralidade e impunidade na que estamos inmersas ante a total pasividade dos diferentes gobernos do Partido Popular, tanto aquí coma no Estado, e incluso dalgún estamento xudicial, como xa dixemos, que se atopa prisioneiro da trama entre os diferentes poderes. E o que nos fai falla nun país democrático é precisamente que exista a separación entre os mesmos, que é o que fai que un país sexa democrático. Sen unha xustiza xusta, independente, non hai democracia. E o triste é que teñamos que explicarllelo.

Lembrou Pablo Iglesias no seu discurso o exemplo de Nunca Máis como expresión social dunha situación política que non tiña outra saída a nivel institucional que unha moción de censura, que tamén se viviu neste Parlamento e que tamén se sabía que non se ía gañar de forma inmediata pero que si serviu para erosionar o goberno do señor Fraga, ese ex-ministro franquista e pai fundador do seu partido. A expresión social da nosa situación política, tanto daquela como agora, non tiña outra saída que o escarnio público ante a súa falla de ética e responsabilidade política.

Reitero que ese día no Congreso se evidenciou que non teñen maioría na Cámara. Pero as urnas xa llelo demostraron tamén a todos os niveis institucionais, demostráronllelo claramente cos gobernos das Mareas, onde se viu que rematou o bipartidismo, cos seus privilexios, e como celebramos estes gobernos aínda esta pasada fin de semana no seu segundo aniversario. Eses gobernos das Mareas das tres grandes cidades atlánticas da Coruña seguen en pé malia o seu empeño en machucalos, entorpecelos e difamalos. Viven obsesionados nomeándoos pleno tras pleno, intervención tras intervención, falando e difamando estes gobernos municipais porque non poden crer aínda que a cidadanía os castigase pola súa corrupción e a mala xestión nos concellos. Non o poden soportar, é superior a vostedes.

Efectivamente, vostedes sempre din que os cidadáns non son ignorantes. Por suposto, e nas cidades igual non teñen tanto medo e non cren todo o que lles informan os medios de comunicación que vostedes controlan. Pero a realidade é que o horizonte para o cambio de réxime, para a ruptura deste réxime que impugnamos no 15M e que tanto precisamos, está aberto. Quizais por iso vostedes teiman máis ca nunca en aferrarse ao que mellor se lles dá: [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)*, legal e ilegalmente, ditar normativas que lles permitan manter os seus privilexios, e tamén de manterse no poder e intentar controlar a xuíces e fiscais, como o escándalo de Moix e a súa defensa a ultranza que del fixo o señor Maza, un fiscal anticorrupción corrupto, cunha conta en Panamá, un novo récord *made in* Partido Popular, partido imputado.

Pero bueno, como, por sorte, no poder xudicial si que podemos falar de casos illados, nós seguimos crendo nas institucións. Pero a cuestión é que hai que mudalas e cambialas radicalmente. E, diferentemente do que vostedes din, nós temos propostas ben claras a este respecto.

Porque vostedes realmente —insistimos— queren tamén interferir no poder xudicial. E no poder xudicial hai grandes profesionais. A maioría si cren no Estado de dereito, e no caso concreto de Galicia alzan a voz para denunciar eses datos sobre uns niveis de corrupción impropios de calquera sociedade con saúde democrática e exixen reiteradamente unha demanda que xa trouxemos aquí noutra ocasión, que obviamente vostedes rexeitan, que é a fiscalía anticorrupción para Galicia.

Porque vostedes rexeitan todo o que teña que ver coa transparencia, malia que se lles encha a boca dicindo que fixeron unha lei ao respecto. Se non, podemos lembrar casos. Votaron en contra da fiscalía anticorrupción outra vez porque ían esperar o que dicía o señor Maza —ese mesmo que nomeou e defende a ultranza ao señor Moix—, votaron en contra das comisións de investigación de Villar Mir e do Alvia, votaron contra a regulación dos *lobbys* —aínda este venres, dicían que tiñamos razón pero que era moi moi complicado—, votaron contra a iniciativa sobre transparencia e rexeneración, e de milagre votaron a favor da iniciativa sobre aforamentos o anterior pleno.

E mentres vostedes manteñen esta actitude, os datos están aí, e Galicia é un dos territorios que máis sofre a súa corrupción tanto ilegal como legal. Exemplo da corrupción legalizada en Galicia, en forma de políticas de recortes para lucrarse só uns poucos, un claro exemplo, é a situación da sanidade galega. Como denunciámos en cada pleno, en cada comisión dende En Marea, a través da compañeira Eva Solla, a Xunta de Feijóo suspendeu campañas de vacinación infantil para desabastecemento de fármacos, depauperou protocolos hospitalarios e enfróntase a querelas por homicidio por retrasar tratamentos a pacientes que morren sen recibilos, como os da hepatite C. Mentres, presumen do mellor hospital de España, a súa obra faraónica: o Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo. ¿Por que motivo?, ¿por ser o máis caro do país?, ¿por ser o máis privado, recortado, sen recursos? Non eliximos ese punto para iniciar a ruta do Tramabús en Galicia por casualidade senón por ser un dos exemplos máis claros de corrupción legalizada.

E, miren, non pode haber nada máis vil nin máis ruín que facer negocio con algo tan sensible como a sanidade, non hai nada máis ruín nin máis vil. O Sergas adxudicou a súa construción e a explotación dos seus servizos non sanitarios por 1.300 millóns de euros durante vinte anos —billóns de pesetas—. Unha operación que, sumada á nefasta dotación de recursos humanos e técnicos cos que conta o centro, deu lugar a unha nova reacción exemplar da sociedade civil. As rúas de Vigo foron testemuñas dunha manifestación histórica, a máis multitudinaria da súa historia, onde máis de 200.000 persoas acudimos á chamada da Xunta de Persoal para recuperar unha sanidade pública e de calidade. E tamén para deixarlles claro algo —incluso os seus votantes, que, por certo, tamén estaban alí nesa manifestación—: que coa sanidade non se fai negocio a cambio de sobres, de portas xiratorias ou de financiamento do seu partido. E o máis triste é que aínda lembro que o señor Rueda se burlou desta manifestación, nun debate na campaña electoral na Radio Galega, que fixo comigo, sen ningún tipo de pudor.

E tamén vemos como se fai corrupción a través das deputacións, que, en vez de ser institucións para o pobo, as converteron no símbolo da corrupción caciquil; deputacións que, en vez de utilizar os cartos públicos para a xente, son lugares que vostedes parasitaron sen

control, con total desvergonza, para gañar eleccións e para lucrarse. Incluso as converteron en lugares para ofrecer traballo a cambio de sexo, ¡que curioso!, ¿non? A xustiza selectiva deste país desestimou o caso, pero ética e moralmente na sociedade, na opinión pública, perderon por goleada a causa, por moito que agora tenten facer pasar por vítima o culpable. ¡Que indecencia e que vergonza, señores do Partido Popular! *(Aplausos.)*

Máis exemplos da súa forma de facer política en clave corrupta son Rogelio Martínez, man dereita do señor Feijóo en Ourense, que vai por fin ser xulgado por malversación de fondos europeos, ou os acordos ocultos do Consello da Xunta durante a pasada legislatura por valor de 280 millóns de euros, entre os que se atopa o perdón a unha multa de 3 millóns de euros ao ex-deputado do PP e promotor inmobiliario Telmo Martín, aquel que non coñecía de nada o señor Trenor pero que resulta que volve ser alcalde de Sanxenxo ante o estupor popular. ¿Non lles parece escandaloso que este señor volva ser alcalde co seu apoio?, ¿non lles parece escandaloso?

Señorías, remato, e, como lles dixen a outra vez, hoxe teñen unha nova oportunidade de amosar se realmente se avergonzan dalgúns dos seus compañeiros e, sobre todo, se cren na democracia e na división de poderes que debe sustentala ou se, polo contrario, prefiren seguir acomodados no confort duns delitos polos que parece que só pagan facturas as vítimas, os cidadáns e as cidadás, porque ás demócratas dóennos tanto as vítimas como as mentiras. E por iso sobran motivos para defender esta iniciativa pola que, dende este Parlamento, instamos o Ministerio de Xustiza para que aumente e dote con maior número de recursos a planta do Ministerio Fiscal en Galicia, e instamos a Fiscalía Xeral do Estado para a creación dunha fiscalía anticorrupción delegada exclusiva para Galicia. E esperamos que esta vez voten a favor.

Aceptamos a emenda do Grupo Socialista. E tamén lles digo que esta non é a solución definitiva, non o é, porque nós, aínda que esperamos que voten por responsabilidade esta iniciativa, pensamos que o Estado español e Galicia só estarán libres de corrupción cando a cidadanía os bote a vostedes —con «b»— das institucións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Santos, pídlle que retire a expresión coa que se dirixiu ao Grupo Parlamentario Popular, o de que «[...]».

Pídlle que o retire. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Chámooa á orde. É o Regulamento, e creo que todos o escoitamos. Non se poden permitir este tipo de expresións, atentan á dignidade dun grupo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois se o fan no Congreso a min non me preocupa. A min preocúpame o que pase aquí. Vostede mencionou iso e eu, polo tanto, chámooa á orde. E morre aquí o diálogo. ¡Perfecto!

Intervención do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Señora Vilán.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, non, por favor, non entre vostede neste tema, por favor llo pido. ¡Xa está!

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bueno, estando de acordo co espírito desta proposición non de lei, temos presentada unha emenda de substitución, que cremos que mellora e amplía un pouco o texto, da que falarei de seguido. Pero, recollendo verbas da voceira de En Marea, vanme permitir que faga referencia a unha nova recente que nos ten profundamente preocupados aos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Socialista. Estoume a referir a esa brutal sensación de desprotección que teñen que ter as vítimas de violencia machista despois da decisión do fiscal de Ourense de pedir que se procese a esa muller que puxera unha denuncia contra o presidente da Deputación (*Aplausos.*)

Supoñemos que a Fiscalía —estamos seguros— traballa exclusivamente con arreglo aos principios de independencia, imparcialidade, legalidade e obxectividade. Pero o que vai ocorrer coa decisión que ocorreu en Ourense é algo moi grave, e é que as vítimas non van confiar no Ministerio Fiscal nin na xustiza nunca máis.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista queremoslle dicir ao fiscal que faga ben o seu traballo, con cautela, de maneira moi escrupulosa, porque vai ter os ollos do PSdeG postos enriba da súa nuca durante todo o rato que dure o procedemento para que faga ben o seu traballo. É o único... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Presidente, eu non suelo falar nas intervencións dos outros. Gustaríame que puidesen gardar silencio, salvo que o señor de Ribadeo queira subir aquí e defender a miña emenda, que eu, por min, non teño ningún problema.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Ben, pedimos exclusivamente que este señor faga ben o seu traballo.

Dito isto, na nosa emenda instamos o Goberno a que reclame do Goberno do Estado un incremento de recursos para o Ministerio Fiscal, pero, sobre todo, creando como mínimo aquelas prazas que os fiscais non deixan de pedir ano a ano na súa propia memoria —que son un fiscal en Lugo, en Santiago, en Ourense, en Vigo e en Cambados—, aínda que só sexa por respecto a eles mesmos, que así o piden porque o necesitan; se non, non o pedirían.

E pedimos, ademais, que esta fiscalía anticorrupción da que se fala na proposición non de lei estea adscrita ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e teña o equipo suficiente para poder desenvolver o seu labor.

O propio fiscal superior de Galicia, o señor Fernando Suanzes, e así consta na memoria da Fiscalía do ano 2014 e do ano 2015 —e díxoo expresamente nunha comparecencia neste Parlamento—, dixo que necesitan máis medios persoais e máis medios materiais. E falou tamén das fiscalías de Lugo, de Santiago, de Ourense, de Vigo e de Cambados.

E ten que ser o Goberno galego —ausente hoxe— o que demande do Goberno do Estado o incremento dos medios persoais, dos medios materiais, e aplicar tamén, xa que o vicepresidente da Xunta vén aquí sempre a facer gala de que cumpre a legalidade, o seu propio decreto autonómico do 11 de setembro de 2014 en canto ao número de oficinas e á ratio ideal por fiscalía, que non se cumpre nin por asomo.

A segunda cuestión é a relativa á fiscalía anticorrupción. Falamos dun fiscal adscrito, como dicía antes, ao Tribunal Superior de Xustiza, cun equipo que ten que ser prioritario xa, porque é necesario, e porque, por exemplo, Murcia ou Valencia tamén teñen un fiscal anticorrupción, e Galicia non ten por que ser menos.

Falamos dun fiscal que teña na súa mesilla de noite uns papeis que poñan: legalidade, obxectividade, imparcialidade e independencia; sen inxerencias por parte de ningún goberno, sen copiar o ministro Catalá, ministro de Xustiza, que leva tres fiscais xerais do Estado —un por cada ano dende que está, máis ou menos—, ata que atopou a súa correa de transmisión perfecta, que é o señor Maza, que, seguindo a estela do ministro de Xustiza, ten relevado recentemente 35 titulares de órganos claves do Ministerio Fiscal, algúns deles tan sensibles como a Fiscalía da Audiencia Nacional ou a Fiscalía Anticorrupción —ese señor do que falaba tamén a voceira de En Marea, o señor Moix, que foi o penúltimo fiscal anticorrupción, que non lle saíu demasiado ben, que fixo unha porta xiratoria a Panamá e que tivo que deixar a súa fiscalía despois—.

En definitiva, só pedimos que poidan facer o seu traballo e que defendan vostedes os fiscais sen inxerencia —como se fai desde os gobernos de Mariano Rajoy—, máis medios e un fiscal anticorrupción. E agardamos que as nosas emendas poidan ser aceptadas e poidamos transaccionar un texto único.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Gustaríanos facer algunhas reflexións a propósito desta iniciativa, unha reflexión xeral sobre a corrupción, tamén unha reflexión sobre o papel do poder xudicial e da Fiscalía, e tamén sobre a desconfianza e o descrédito que provocan. A nós, polo menos, esa é a sensación que nos provocan, e que percibimos tamén na sociedade, polo seu papel ao longo destes corenta anos e tamén na actualidade. Pensamos que cada vez hai máis razóns para a desconfianza, polo papel, por exemplo, da Fiscalía como correa de transmisión do Goberno —os últimos acontecementos así o corroboran—, o papel da Fiscalía xeral do Estado e da Fiscalía Anticorrupción, que, ademais, leva á purga a aqueles fiscais que non son dóciles co Goberno, como tamén vimos nos pasados meses. Tamén pola utilización da Administración de xustiza, da Fiscalía e da policía para perseguir, para espiar, para fabricar probas contra as persoas discrepantes e críticas, incluíndo, polo medio, a aplicación da Lei mordaza —que non en-

tendemos como aínda segue en vigor habendo, como hai, no Parlamento do Estado, unha maioría en contra desta lei—. (*Aplausos.*)

E tamén esta iniciativa dá pé a un debate de fondo sobre a corrupción, sobre ese monstro, esa hidra de múltiples cabezas, sobre o que é, como se manifesta, como se transmuta, como se camufla, como se combate. É unha reflexión, polo tanto, sobre o sistema político e económico, que é intrinsecamente corrupto e inxusto, con lexislación, ademais, feita á medida dos poderes económicos; sobre as formas de corrupción en «a» ou en «b», a dos boletíns oficiais e a da rede de sumidoiros do Estado, a dos consellos de ministros e a dos consellos de administración das portas xiratorias, a corrupción dos despachos oficiais, e tamén a corrupción das mafias financeiras que se agochan baixo esa amábel denominación de *lobbys*, que é como se chaman agora esas mafias.

Efectivamente, no día de hoxe, nestes días e nestas semanas, no propio día de hoxe, asistimos a ese desfile interminábel de declaracións de cargos públicos do Partido Popular, que, como sabemos, é un partido imputado por corrupción e que ten preto de 1.000 cargos públicos investigados ou implicados en causas; deles, 812 alcaldes ou alcaldesas — eses son os cargos do Partido Popular—.

E, ao fío desta proposta, a nós gustaríanos facer algunhas propostas, ou polo menos un plan de traballo, para darlle funcións á xustiza, e a esa fiscalía que se propón aquí, esa fiscalía anticorrupción. Pensamos, por exemplo, que podería investigar ese roubo, esa estafa legalizada, que levou a tomar decisións de política económica xeral, por exemplo, para regalar máis de 60.000 millóns de fondos públicos para rescatar a banca mentres que a xente que tiña hipotecas perdía as súas casas.

Tamén nos gustaría que esa fiscalía, esa xustiza imparcial, como dicía a representante do Partido Socialista —que debería selo—, por exemplo investigase —porque tamén nos parece corrupción— a política internacional militarista e intervencionista da Unión Europea e do Estado español —foto das Azores tamén por medio—, coa participación, por exemplo, en bombardeos de países soberanos que alimentan esas guerras que levan agora ao drama, por exemplo, das persoas refuxiadas.

Tamén que investigue o papel das portas xiratorias na toma de decisións —cambios da lei, de novo, por medio— para favorecer intereses privados, como no caso de Ence; que investigue o espolio do sistema financeiro galego, o monopolio enerxético que xera beneficios millonarios a empresas privadas e deixa polo camiño a miles de vítimas, ou, por exemplo, que esa fiscalía, esa xustiza, abran a veda sobre a evasión fiscal, sobre as amnistías fiscais, sobre os paraísos fiscais, nos que tan ben se moven moitas empresas amigas do Partido Popular.

E tamén nos gustaría saber quen vai investigar —se vai ser esa fiscalía, esa xustiza— o uso da fiscalía ao servizo dos intereses do Goberno e do Partido Popular, ou das bandas organizadas —porque son iso— dedicadas ao saqueo do diñeiro público e a amañar eleccións —e isto dío un informe da Garda Civil—.

Eu quero rematar cunha cita dun pensador, polo menos dun gurú do pensamento máis reaccionario, profesor de ciencia política en Harvard, Samuel Huntington, que fixo unha perfecta

descrición deste sistema capitalista democrático —entre aspas— e corrupto: «A corrupción pode ser considerada un factor de modernización e de progreso económico, permitindo, por exemplo, relacionar os principais actores do mercado co fin de que xurdan aqueles que invisten de forma decidida, mesmo subornando nos seus proxectos empresariais».

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías, vou ser moi breve, porque sei que á señora Santos lle preocupa saír máis na peza informativa que ao resto dos que falamos, e simplemente para dicir que o Grupo Parlamentario Popular vai manter a súa coherencia no posicionamento sobre a creación dunha delegación da Fiscalía Anticorrupción en Galicia. E isto por tres cuestións.

En primeiro lugar, hai que dicir que é absolutamente falso que non exista unha fiscalía anticorrupción en Galicia, porque o Fiscal Anticorrupción do Estado ten competencias na Comunidade Autónoma de Galicia, e a autorización ou a creación dunha delegación da Fiscalía Anticorrupción en Galicia depende única e exclusivamente dunha decisión do Fiscal Xeral do Estado. E o Fiscal Xeral do Estado, baixo diferentes gobernos, de diferentes cores políticas, non considerou en ningunha ocasión que houbera os casos suficientes para a creación desta delegación.

En segundo lugar, resulta curioso que algún grupo que denuncia moito unhas supostas inxerencias do poder político na Fiscalía sexa a segunda vez que propón inxerirse dende este Parlamento nunha decisión autónoma do Fiscal Xeral do Estado. Precisamente por que o Grupo Parlamentario Popular, e o Partido Popular, cremos na separación de poderes e na independencia da Fiscalía —algo que hoxe se puxo en cuestión por outros voceiros nesta Cámara— nós non consideramos que esta decisión teña que ser adoptada por políticos. Nós entendemos que a conveniencia ou non da creación dunha delegación da Fiscalía Anticorrupción en Galicia ten que ser adoptada polo Fiscal Xeral do Estado e non por nós, os políticos, que non nos corresponde.

En consecuencia, señorías, cando os fiscais xerais do Estado, tanto os nomeados polo Partido Socialista como os nomeados polo Partido Popular, non consideraban necesaria a delegación, nós estabamos de acordo. E agora que un fiscal xeral do Estado está de acordo e que lle parece conveniente e oportuno a creación dunha delegación da Fiscalía Anticorrupción en Galicia, nós tamén estamos de acordo; tamén porque a decisión non é nosa, é única e exclusivamente do Fiscal Xeral do Estado. Aquí non actuamos como nos países que vostedes teñen como modelo, que pretenden incapacitar fiscais xerais do Estado cando din algo que non lle convén ou non lle gusta ao Goberno.

Por tanto, señorías, isto é unha decisión do fiscal. Iso si, se así o decide o fiscal, nós apoiamos a creación desa delegación da Fiscalía Anticorrupción en Galicia. A Xunta de Galicia xa ten manifestado que porá os medios humanos e materiais necesarios para o seu correcto funcionamento.

Señor presidente, se a Fiscalía Anticorrupción tivera competencias en delitos de injurias e calumnias, estou segura de que tería que crear unha delegación neste Parlamento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Grazas.

A verdade é que ata case me conmove este ataque de dignidade e de dolor que experimentan aquí hoxe. Eu enténdoo, porque, dende logo, non debe de ser moi agradable todo o que están vivindo, aínda que se resistan a asumilo. E debe de ser moi duro verse en portadas, portadas e portadas, e comezando os xornais, a radio, con todas as cuestións que están a vivir. Ten que ser moi duro para unha organización política vivir na negación sobre o que é un clamor popular. Están cercados, é evidente, e entón xa non saben como reaccionar nin que dicir. É absolutamente lamentable e non imos seguir dicindo... A realidade é así de dolorosa, de clara. E realmente o que si é vergonzoso non é aludir a países que nada teñen que ver co que estamos falando nesta Cámara, que é bastante patético, senón, ademais, a falta de pudor ante unha realidade tan bochornosa, tan dramática e tan grave, que custa tantos recursos públicos que sofren despois os cidadáns nas súas carnes, en recortes sociais, recortes de dereitos, recortes sanitarios, en educación, en políticas de emprego, en política social; que, pese a todo iso, aquí parece que teñen máis que dicir, dunha maneira que pasma ata a persoa que teña menos coñecemento político ou que estea menos informada. Ese discurso seu, señores do Partido Popular, máis alá da xente que ten unha fe cega en vostedes, ou que quere normalizar a corrupción e comprou o seu discurso, pois non ten moito máis percorrido. E hai que esperar tempo, que a cidadanía, dende logo, é sabia.

Simplemente lles imos dicir unha cousa a maiores, despois de agradecerlles o apoio aos grupos da oposición, que están concienciados da situación que vivimos tamén aquí en Galicia —adianteime antes en pronunciarme sobre a emenda do PSdeG, porque realmente estaba moi ben, e a reflexión do BNG—. Simplemente lles pedimos unha cousa: que por unha vez se sitúen do lado dese fiscal xeral que vostede menta. Máis que nada porque na inauguración do edificio xudicial da Coruña dixo ben claro que Galicia necesita un fiscal anticorrupción. Entón, polo tanto, estamos de acordo. ¿Por que non votan a favor se estamos de acordo? Se estamos tan de acordo e realmente o teñen tan claro, e enchen os seus discursos con golpes no peito e sempre teñen que aludir a cousas que nada teñen que ver por non asumir a súa realidade, realmente apliquen o conto e empecen a tomar medidas de verdade, empecen a botar das súas filas os corruptos e que devolvan os cartos públicos, empecen a apoiar as iniciativas da oposición, por moito que lles molesten.

De feito, voules citar unha última medida, que ademais se levou hai nada nunha proposta do Grupo Confederal Unidos-Podemos-En Marea-En Comú Podem onde tamén se propuxo un proxecto de reforma na selección da fiscalía para que persoas como Maza non estean máis á fronte, por dignidade e urxencia democrática. Simplemente lles pedimos que as apoiem e que apliquen o conto nas súas filas. E, xa que non dimiten e teremos que esperar a que os cidadáns ditaminen a súa decisión, pois, polo menos, empecen realmente a facer propostas, votacións e executar políticas que realmente eliminen esta gran lacra. Aínda que —repito— a solución a isto é que por fin os cidadáns os boten das institucións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

Si, señora Vilán, ¿para que quere a palabra?

(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Perdón, é que non a oín.

Déixeme mirar o punto 3 a ver que di. *(Murmurios.)*

Teño que miralo. ¡Home!, un chega ata tanto pero non ata memorizar todo. Sería imposible. Entón imos miralo, que para iso está escrito.

(Pausa.)

Si, se me pode precisar exactamente cal é, doulle voz para iso. Pero exactamente ¿cal é?

A señora VILÁN LORENZO: Gustaríanos que se retirase a expresión de abrir unha delegación da Fiscalía para inxurias e calumnias nesta Cámara, porque afecta á dignidade non só deste grupo parlamentario... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Xa está!, entendido, entendido.

Iso foi unha metáfora. *(Protestas.)* ¡Perdón! ¡Tranquilidade, tranquilidade! ¡Por favor, por favor! *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

Vamos ver, por favor, silencio, ¡silencio! Vou falar eu, vou falar eu, porque son o que teño a competencia neste caso.

Eu sinceramente non valorei niso un atentado contra a dignidade de ningún grupo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Perdón, perdón!, despois vai falar a señora Prado. Eu entendín que hai algunhas expresións aquí que si que molestan a moita xente, que tamén o dixen eu nalgunha ocasión. Creo que é o que quería dicir a señora Prado, creo que é o que quería dicir. Agora, á señora Prado eu pódolle conceder a palabra para ver se efectivamente

é así como penso eu, o que eu interpretei. E, se non é así, si que pode ser un atentado á dignidade dun grupo. Entón eu quería que vostede me precisara iso. *(Protestas.)*

¡Silencio, por favor, silencio! Vostede xa falou, señora Vilán, agora que fale ela. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, eu non estiven nese debate. O de animalada... *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, pode ser, pero non é isto agora.

Por favor, señora Prado, ¿pode explicar isto?, porque é un tema importante.

A señora PRADO DEL RÍO: Señor presidente, eu dixen exactamente estas palabras: «Se a Fiscalía Anticorrupción tivera competencia en delitos de injurias e calumnias, estou segura» —na miña opinión— «de que tería que crear unha delegación nesta Cámara.»

Supoño que, se alguén se dá por aludido, é porque ao mellor dixo algunha cousa non conveniente. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Entendín.

Señoras e señores deputados, terminou o debate. *(Protestas.)* ¡Non, non, perdón! Vamos ver, terminou o debate. *(Pronúncianse palabras que no se perciben.)* Perdoe, esa expresión non, señor deputado, esa expresión non. Perdoe, esa expresión é unha expresión que insulta, esa expresión non procede aquí, non procede, señor deputado. Creo que debemos de comportarnos todos.

Perdoe, eu creo que o debate está pechado. Si, eu creo que entendín perfectamente o que todos quixemos dicir. *(Protestas.)* Ninguén quixo... *(Pronúncianse palabras que no se perciben.)* Entendino eu, e así o entendo. Esa é unha prerrogativa que me dá o Regulamento. Eu entendín que non hai un atentado contra a dignidade de ningún grupo. Entendino, entendino. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero iso non, eu entendín que non é así. Non procede.

(O señor Villares Naveira pide a palabra.)

Señor Villares, se me pide a palabra por algunha outra cousa si que lla podo dar, pero creo que este asunto está pechado. Eu non lle nego a palabra a ninguén, jeh!.

Déanlle voz ao escano do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: En primeiro lugar, compartimos a posición expresada pola señora Vilán, que non afecta soamente ao seu grupo senón ao conxunto da Cámara. E, en segundo lugar, quero corrixir a señora Prado, porque o artigo 215, parágrafo primeiro, do Código penal, establece que se procederá de oficio cando a calumnia se dirixa contra funcionario público, autoridade ou axente da mesma sobre feitos que concirnan ao exercicio dos seus cargos. E, en consecuencia, xa ten competencias a Fiscalía xeral... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Xa está, xa está! Ese é outro debate.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

Señor Puy, ¿para que quere a palabra? *(Risos.)* *(Fortes murmurios.)* ¡Claro, é que...! Empeñáronse... É que, claro, claro, e despois que veña...

Vamos ver, imos pechar isto. Eu creo que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, señor deputado, non me parece que sexa adecuado. Xa llo dixen antes e non quixera chamalo á orde por iso. Non me gusta esta expresión, nin creo que lle guste a ninguén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, por favor, ¡por favor, pídlle que non utilice esa expresión. Non, non, particularmente a min non me gusta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! Non me gusta que se dirixan a min así, non me gusta. Eu non me dirixo así a ninguén. Polo menos, que non se dirixa así ningún deputado. Non me gusta esa expresión, ¿vale? Polo tanto, non o quero chamar á orde por iso.

Rematou o debate.

Señor Puy, ¿para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: Para expresar que, nun debate no que a este partido se lle ten chamado corrupto, imputado —que non é exacto tecnicamente—, que se ten insultado e ofendido gravemente a un fiscal que exercía o seu traballo con independencia, se diga que se está vulnerando a cortesía parlamentaria por unha frase absolutamente inocua, me parece fóra de todo lugar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E, en todo caso, dado que se nos dá algunha lección do que pode e non pode facer a Fiscalía, recórdolle á súa señoría —señoría deputado—, que está protexido pola inmunidade e inviolabilidade parlamentaria. Porque, se non o estivera, seguramente moitas das cousas que dixeron contra o Partido Popular deputados desta Cámara non estarían no aire, estarían nos tribunais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Silencio, por favor.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo de viabilidade do rescate da autoestrada AP-9 para a súa xestión pública

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei, presentáronse as seguintes emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a definir, nun prazo de seis meses, a estratexia de negociación, apoiada nos estudos técnicos e económicos que sexan necesarios, co goberno de España sobre a transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á negociación coa concesionaria dunha rebaixa de tarifas significativa, tanto para persoas usuarias frecuentes, como o establecemento de bonificacións con discriminación horaria.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Propónse engadir na parte resolutiva despois de «contemplando», o seguinte:

«os beneficios xerados pola concesión».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu vou falar da AP-9, non vou falar do tema anterior nin vou dicir que o PP saquea, porque hoxe non me apetece que me chamen á orde nin que me pidan retirar. Pero vou falar dunha decisión do PP que supón, que supuxo, un saqueo á cidadanía galega. (Aplausos.) E quen toma decisións que supoñen saqueos ten un nome que aquí non podemos dicir.

Cando falamos de corrupción, tamén falamos destas decisións. Cremos que esta decisión, como foi no seu día a privatización a prezo de amigo da AP-9, unha infraestrutura saneada con diñeiro público previamente, sen competencia posible, e como era de prever, foi un chollazo sen comparación posible, con beneficio infinito e risco cero.

Esa decisión de vender barato a unha empresa, que casualmente foi donante do Partido Popular, estámola a pagar os galegos e galegas todos os días, os que circulan e as que circulan

por esta infraestrutura durante anos e anos. Por esa decisión aínda non respondeu o Partido Popular, nin se dignou aquí a pedir desculpas en sede parlamentaria por un dos maiores atracos á cidadanía, atraco que hipoteca o noso futuro tamén.

As contas do ano 2016 volven ofrecer o mesmo panorama que nos anos anteriores. Cóbranse 138 millóns de euros en peaxes, e a empresa obtén uns beneficios, despois de impostos, de 45 millóns de euros; 1 de cada 3 euros de beneficios despois de impostos, case 1 de cada 2 antes de impostos.

No 2015, a terceira parte dos dividendos que se repartiron polas concesionarias en todo o Estado corresponden a Audasa. Esa é a expresión «estamos que o regalamos», os galegos e galegas. A taxa de beneficio foi, no 2015, do 46,48 %; e no 2016, do 43,3 %. Iso sen contar con que Audasa subirá un 1 % os próximos vinte anos para pagar as obras de ampliación de Rande e a circunvalación de Santiago, a pesar de que estas obras suporán un incremento de circulación na infraestrutura e, polo tanto, máis beneficios.

Esta infraestrutura ten o menor número de empregados por quilómetro de todo o Estado: 0,37 empregados por quilómetro. Mentres que no Estado é de 1,05. Iso si, é a concesionaria con maior número de reclamacións de todo o Estado, un auténtico escándalo. E, por favor, que ninguén nos tome por parvos. Este negocio tan suculento non é porque atopasen unha empresa que xestione ben a infraestrutura. Non, é simplemente un agasallo do Partido Popular. O director xeral de Audasa segue a ser o mesmo que cando era pública: Andrés Muntaner, amigo íntimo de Mariano Rajoy. ¿Para que necesitamos bos xestores, se estes, como os do oligopolio eléctrico, son os beneficios chovidos do ceo, roubados aos galegos e galegas?

E ante estas cifras é obrigatorio, é necesario valorar o rescate para o público como opción. Por iso non podemos entender que o Goberno galego non teña un estudo oficial do custo do rescate, da viabilidade das alternativas, tendo en conta o custo que teñan para a Xunta, para o Estado e para os usuarios as repercusións tarifarias que teña no futuro. ¿Como imos debater aquí a prol ou en contra dun rescate se non se ten feito este estudo, un estudo rigoroso e oficial dos custos e das alternativas para o rescate público da AP-9? Ese estudo téñeno feito outras administracións que rescataron para o público. Estudo da Generalitat do ano 2014, previo á toma de decisións.

Se cadra, non queren facer o estudo, non vaia ser que nos deamos conta de que sexa demasiado evidente que, en realidade, vostedes coa súa posición lle están a regalar millóns todos os anos a unha empresa, millóns que saen dos petos da cidadanía.

Moito nos tememos que un negocio que ten unha marxe como a que ten Audasa ano tras ano, un de cada dous euros de beneficio, ten marxe tamén para ese rescate e marxe tamén para mellorar as condicións aos usuarios e ás usuarias. Gustaríame escoitar por parte do Partido Popular se se negan os motivos polos que o fai. É dicir, ¿como logramos o obxectivo de ter unha infraestrutura que funcione ben, que estea en bo estado e que sexa o máis barata posible para os usuarios e para as usuarias, e incluso podería ser gratis? ¿Como podemos lograr ese obxectivo? ¿Pode ser o rescate a solución? Para iso hai que facer o estudo que hoxe propoñemos nesta iniciativa. ¿Como podemos debater sen datos ou con base en datos como

os que deu o Goberno central, o Goberno español, nun acto vergonzoso e antidemocrático canto vetou a tramitación da Lei para a transferencia da AP-9, cando calculou o rescate en 4.300 millóns de euros, facendo simplemente a multiplicación das peaxes polos anos que quedan de concesión? Iso é unha burla a todos e a todas nós.

Polo tanto, pedimos iso, que nun prazo de tres meses se elabore un estudo de viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custo económico, o valor económico do rescate por parte da Xunta de Galicia, un estudo de viabilidade e o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento. Cremos que é unha petición razoable e que podería ser a base para un debate obxectivo e honesto sobre a conveniencia ou non do rescate público. ¿Para que? En beneficio da cidadanía galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente.

Ademais de aplicar a Lei mordaza, o Partido Popular quérenos tamén poñer aquí a mordaza aos deputados e deputadas. E, desde logo, non llo imos consentir, ímoslle dicir as verdades na cara as veces que faga falta. Non vai haber mordaza neste Parlamento. (*Aplausos.*)

Volvemos debater hoxe o tema da AP-9 e facémolo outra vez por culpa do Partido Popular, porque vetou a tramitación parlamentaria da lei aprobada por este Parlamento. Se non houberese ese veto en Madrid, esa lei tería o seu percorrido. Esa lei falaba precisamente das dúas cuestións que están no debate, que son a transferencia da AP-9 e tamén o rescate por parte do Estado —non por parte galega, por parte de Galiza— da concesión. Pero a realidade é que se tomou esa decisión, e ademais vostedes foron submisos e servís e acatárona, defendérona e xustificárona; algo que é unha vergoña. Foi, desde logo, o día da vergoña o día que se adoptou ese acordo o 13 de decembro de 2016 no Parlamento do Estado.

Efectivamente, temos que adoptar estas decisións da transferencia e do rescate para acabar cunha inxustiza, cunha fraude e cun agravio que supón esta situación que sufrimos coa AP-9, para acabar cunha estafa que xa dura demasiado tempo. Ata agora non foi posíbel facelo pola negativa, pola imposición dos partidos que gobernaron alternativamente no Goberno do Estado, que foron os que vetaron cando houbo este debate —que o houbo en moitas ocasións no Parlamento do Estado—, vetaron que se tomase esta decisión. E vostedes agora inventan unha historia de que foi por culpa dos grupos da oposición. ¡Xa me dirán!

Ben, nós pensamos que hai razóns máis que xustificadas —xa o temos dito aquí en numerosas ocasións— tanto para a transferencia, porque é unha infraestrutura vital para a vertebración do territorio e para a mobilidade no noso país, e tamén para a xestión pública, despois deses corenta anos que van xa de espolio, de estafa e de roubo. E hai razóns máis que xustificadas, en primeiro lugar, polos beneficios millonarios xerados ata agora pola con-

cesión de máis de 2.200 millóns de euros e de 740 millóns en que se estiman os beneficios xerados a partir do ano 1993 en que empezou a ser rendíbel. Polo tanto, son máis de corenta anos facendo caixa, espremendo o país, gañando máis e gastando menos, con beneficios que o ano pasado se estimaron, beneficios netos, en 46 millóns de euros. E todo isto co beneplácito e co trato de favor dos gobernos de turno, e nomeadamente do Goberno do Partido Popular, que foi quen aprobou esas subas abusivas das peaxes, que subiron un 36 % desde o 2010 ata a actualidade.

Polo tanto, unha mina, un filón para a empresa concesionaria, para Audasa, e tamén un filón de ingresos para o Estado, porque, aínda que, efectivamente, esa venda en 2003 foi unha venda a prezo de saldo, a prezo de amigo, supuxo ingresos de 1.586 millóns de euros para o Estado, e tamén vía pagamento de impostos —imposto de sociedades e IVE— o Estado tamén recada centos de millóns desta infraestrutura. E son tributos que se pagan en Madrid, que pagamos nós, que pagamos todos os galegos e galegas e que a empresa paga en Madrid, do que non se beneficia polo tanto o noso país. E, por riba, sufrimos esa decisión do Partido Popular, esa condena a trinta e un anos máis de concesión e de beneficios millonarios, cando as autoestradas que son da mesma época que a AP-9 serán gratuítas dentro de catro anos. Outra afronta polo tanto, outro agravio máis porque as concesións de Andalucía, Burgos e o Mediterráneo non se ampliaron como pasou coa AP-9 aquí.

Polo tanto, entendemos que o Partido Popular estea en contra da transferencia e en contra do rescate porque ten que defender os intereses amigos, pero tamén porque neste momento hai en xogo unha cuestión que os leva a non apoiar estas iniciativas: é que se está xestando un novo pelotazo para vender a concesión a eses fondos voitre que especulan con estas infraestruturas e con este negocio.

Polo tanto, o BNG vai apoiar esta iniciativa. En todo caso, pensamos que hai que facer, desde logo, un estudo serio e rigoroso, e non ese estudo que é unha trapallada que fixo o Ministerio de Fomento para xustificar o non rescate da concesión, que eran esas contas de *picos, palas y azadones*. Polo tanto, hai que facer un estudo serio tendo en conta os custos e tamén os beneficios xerados pola autoestrada. En todo caso, nós pensamos un matiz, que os custos do rescate non teñen que ser feitos por Galiza, senón que terían que ser feitos polo Estado, como había, por certo, eses 3.500 millóns para o rescate desas ruinosas radiais madrileñas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boa tarde a todos e todas.

Unha vez máis a AP-9, a autoestrada do Atlántico, renova o seu protagonismo nesta Cámara. Un protagonismo, sen dúbida, merecido e motivo de permanente recoñecemento, de lamento

polas circunstancias que está a vivir, que a envolven e de reivindicación, de recoñecer a súa relevancia para Galicia, de lamentar o que deixou de ser, de reivindicación da necesaria relevancia inicial en favor das galegas e dos galegos.

A relevancia da AP-9 está recollida no *Diario de Sesións* desta Cámara a través de múltiples manifestacións e recoñecementos de deputadas e deputados ao longo do tempo. Autoestrada receptora e distribuidora da maior densidade de tráfico de Galicia, asentada na franxa atlántica, onde reside arredor do 60 % da poboación de Galicia e onde se desenvolve arredor do 70 % da actividade económica de Galicia. Autoestrada que conecta cinco das sete cidades máis poboadas de Galicia. Xoga, polo tanto, un papel central na mobilidade de Galicia. Mais tamén temos posto en valor a súa relevancia cando lle adxudicamos un papel decisivo na integración e articulación do sistema urbano galego, cando dicimos que ordena e xerarquiza os sistemas de comunicación viarios, cando a consideramos un instrumento fundamental de vertebración social e económica de Galicia.

Ten a AP-9 o noso recoñecemento e valoración da súa relevancia repetidamente manifestada nesta Cámara. Do mesmo xeito que constatamos e lamentamos o que deixou de ser. E deixou de ser unha permanente oportunidade de crecemento para Galicia, un elemento xerador de valor engadido para os usuarios, familias e empresas; deixou de estar ao servizo dos galegos e das galegas para servir outros intereses a custa dos galegos e das galegas; deixou de ser unha oportunidade para Galicia para ser unha oportunidade exclusivamente económica para unha concesionaria.

Recoñecemos a relevancia da autoestrada AP-9, lamentamos o que deixou de ser, o cambio de rol en prexuízo de Galicia e reivindicamos rachar con ese modelo de xestión da AP-9, no que as galegas e os galegos sempre perdemos e a concesionaria sempre gaña. Reivindicamos liberar a AP-9 dese corsé para que deixe de ser unha carga para o tecido social e empresarial galego e se converta nun incentivo e nunha oportunidade de crecemento. E neste contexto de recoñecemento da relevancia da AP-9, de perversión dos obxectivos finais que lle son propios ao mudar o receptor de beneficios, lembremos que cambiou como beneficiarios aos galegos e ás galegas por unha concesionaria.

Neste contexto, os grupos parlamentarios fomos quen, con renuncias individuais sen dúbida, de adoptar unha posición conxunta para reivindicar a solución á distorsión que provoca na autoestrada do Atlántico o actual modelo de xestión. Unha solución que pasa por un modelo de xestión diferente, distinto, cuxo epicentro e capacidade de decisión deben ubicarse plenamente en Galicia. Reivindicamos a transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 cara á Comunidade Autónoma de Galicia.

E temos feita a reivindicación no ámbito institucional que lle é propio, o ámbito estatal, como titular da AP-9. Dende o Grupo Socialista presentamos unha emenda de adición con dous apartados que pretenden abordar dúas cuestións. Unha cuestión inminente, na que propoñemos que se abra unha negociación coa concesionaria para acadar unha rebaixa das tarifas baseada en bonificacións que teñan en conta os horarios e incluso as frecuencias de percorrido por parte dos usuarios. E outra parte da emenda, tamén de adición, na que propoñemos avanzar naquelas cuestións xurídicas, técnicas e económicas que inevitablemente

estarán presentes na negociación da transferencia da AP-9 e que deben marcar a estratexia do conxunto dos grupos parlamentarios e tamén da Xunta de Galicia.

Pola nosa parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, boa tarde.

Con esta proposición non de lei seguen vostedes coa mesma estratexia coa que veñen funcionando ao longo desta lexislatura, que non é outra que intentar confundir e enganar os galegos, ben xerando ruído arredor da solicitude unánime da Lei de transferencia, que o señor voceiro do BNG segue, e hai outra nova lei do Parlamento, ou ben confundir intentando desgastar o Goberno da Xunta pedíndolle actuacións dunha infraestrutura de competencia estatal e pedindo estas actuacións, ou ben tamén confundir relacionando a transferencia da AP-9 coa eliminación das peaxes. E todo isto remexido con algunha insinuación ou mentiras sobre convivencia con empresas ou con condicións de concursos que están intervidos pola Intervención Xeral do Estado e que teñen todos os controis cando saen a concurso. En calquera caso, entendo que a lea e estratexia política a vostedes lles gusta, pero pouca axuda os cidadáns e creo que ademais non llela están a comprar os cidadáns cos seus votos. Creo sinceramente que ese non é o camiño construtivo.

E, ademais, digo que estaría redactada con este espírito porque creo que dun xeito ambiguo ou confuso intentan confundir. Falan de rescate para o público dunha infraestrutura pública do Estado, competencia de Fomento —que ten unha concesión, pero é unha autoestrada de Fomento—, e piden o rescate económico por parte da Xunta. Isto verdadeiramente —dío así a proposición non de lei— non o entendemos, e gustaríanos deixar claro e volver recordar que, polo momento —esperemos que con esta lei que está no Parlamento non sexa así no futuro—, esta AP-9 é unha infraestrutura competencia do Goberno central. E debería ser a esta Administración xeral do Estado á que lle competería facer o estudo de viabilidade ou, se é o caso, pagar un rescate, pero non pedir —como di— o valor económico do rescate por parte da Xunta de Galicia. Entendemos que pedir que cos cartos dos galegos paguemos o rescate dunha concesión de Fomento non é a nosa opción e non vai ser poñer centos ou miles de millóns de euros públicos para pagar unha empresa privada. Esa opción da Marea non vai ser pois a que teña este grupo.

Fala tamén sobre reclamacións de calidade de servizo. E quero dicirlle que este grupo comparte as queixas de moitos cidadáns cando o funcionamento e o mantemento da autopista non se fan correctamente. E por iso a Xunta de Galicia queixouse no pasado, seguirá queixándose no futuro á administración responsable ou á empresa Audasa cando a concesionaria non poña os medios ou non fai o servizo adecuadamente, como está a pasar, por exemplo, agora coas obras no contorno da ponte de Rande.

E por iso a importancia que lle damos a esta comisión conxunta Fomento-Xunta. A última reunión do pasado 13 de xuño xa avanzou o reforzo das medidas para evitar estes atascos, eliminando as restricións de tráfico. E a partir do 1 de xuño volveranse abrir ao tráfico os carrís pechados do acceso á AP-9 desde o corredor do Morrazo, que se manterán plenamente operativos ata o fin de agosto.

Fala tamén nese batiburrillo dos temas das peaxes. E, claro, cando se escoita a emenda do PSOE pedindo que a Xunta negocie con Audasa unha rebaixa das peaxes, cando non é competencia nosa, é unha autoestrada competencia de Fomento, sería Fomento quen podería negociar con Audasa... Pero, ademais, os que aprobaron, baixo o Goberno de Zapatero e co ministro señor Blanco, o incremento do 1 % durante vinte anos foron vostedes. É dicir, ¡que veñan falar vostedes de pedir agora, olvidándose do que fixeron nos últimos trinta anos, se esa é a estratexia, pois parece de verdade un pouco a chiste!

Porque, ademais, este goberno é o único que pode poñer sobre a mesa que acadará unha significativa rebaixa das peaxes pagadas polos galegos, porque conseguíuse que eses case 7 millóns de euros que pagamos todos os anos das peaxes, de liberar as peaxes, pagámoslos os galegos cos nosos impostos, os que van pola AP-9 e os que non teñen coche, e tamén porque pagan cos seus impostos eses 6 millóns de euros anuais. Levamos pagados 70 millóns de euros. E co acordo que chegou este goberno en próximos días teremos publicado ese real decreto que nos aforrará aos galegos 180 millóns de euros. ¡Que diferenza de enfoque: un goberno que está traballando para que os galegos paguemos menos e aforremos 180 millóns de euros nos próximos anos, e a Marea propoñendo que cos cartos dos galegos se pague a unha empresa privada polo rescate dunha concesión de Fomento! Estas son as dúas visións.

Como lle digo, cremos desde o Grupo Popular que nos últimos anos se avanzou moito, sobre todo nestes acordos con esta Comisión bilateral entre Fomento e Xunta na mellora da xestión da AP-9. Imos seguir traballando como grupo e tamén o Goberno que sustentamos para que a titularidade sexa autonómica canto antes, porque entendemos que pode haber unha mellor xestión desta autoestrada máis próxima. Pero, sinceramente, todo o que é demagogia e intentar confundir os galegos non é o xeito no que se poida axudar Galicia e, polo tanto, non apoiaremos esta proposición non de lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Fernández Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non hai ningún batiburrillo. Ten un cacao na cabeza, señor Fernández Prado, que non lle cabe.

Imos ver, non estamos pedindo o rescate por parte da Xunta de Galicia; primeira aclaración. Por favor, non leu a iniciativa. Estamos pedindo que a Xunta elabore un estudo de canto custa e todas as alternativas. Non, aclaro, non, teno que pagar o Estado. Pero o estudo para reclamar o rescate, confiando en que haxa transferencia, teno que facer a Xunta, se de ver-

dade é un goberno que se preocupa polo benestar dos cidadáns e das cidadás. Porque quen está pagando todos os días son eses cidadáns, están pagando a AP-9. E por iso vostedes teñen que ter un estudo para poder rebater.

Vostede non está opinando aquí sobre se o rescate si ou sobre se o rescate non. Vostede está dicindo que non simplemente a ter un estudo rigoroso sobre o que custaría o rescate e todos os impactos que teñan sobre a tarificación e os usuarios; punto primeiro. Ten vostede un cacao mental bastante importante. Néganse a tan sequera a facer ese estudo.

Falaba de que a Marea quere que os galegos asuman... Non, non, é que os galegos están asumindo xa ese custo, todos os días, cada vez que utilizan esa infraestrutura. E a responsabilidade de que os galegos teñan que pagar as peaxes máis caras do Estado, despois de ter saneado con diñeiro público esa infraestrutura, é unha decisión do Partido Popular. Polo tanto, vostedes si que se están colocando do lado da empresa. Vostedes están moi cómodos, deixando que Audasa, ano tras ano, sen facer nada, sen gastar un céntimo, estea ganando un de cada dous euros que pagamos nas cabinas de peaxe. Vostedes están colocados dese lado.

Si, señor, que no prazo de tres meses se elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9; claro que si. E teno que facer a Xunta de Galicia; claro que ten que facer o estudo porque aínda que sexa competencia do Estado é un problema dos galegos e das galegas, ¿verdade?, ¿verdade que si? Polo tanto, debería de ser un problema que lles preocupase. A vostedes non. Vostede si que veu intentar confundir. Polo tanto, vese de que lado están vostedes.

Vostede veu aquí defender que a empresa siga obtendo beneficios millonarios sen nin sequera facer un cálculo do que pode custar o rescate. Porque vostede pode levar unha sorpresa de que o rescate custa 400 millóns de euros, e se cadra é unha operación vantaxosa para os cidadáns, ou ao mellor chegamos á conclusión de que é 3.000 millóns de euros e non nos compensa. Ao mellor, estamos vivindo no mellor dos mundos posibles; teño as miñas dúbidas. E vostedes están negándose a ter datos para afrontar un debate, a base do debate, nada máis; é o que se están negando. Lea ben a iniciativa.

E aclárolle que quen ten que correr co rescate público é o Estado, esa é a nosa posición. Si, señor, o que ten que elaborar o estudo hoxe en día e preocuparse do que lles pasa aos galegos e ás galegas é o Goberno galego. Se estamos de acordo niso, plantexen as emendas *in voce* que queiran. Se estamos de acordo en que o Estado é quen ten que correr co rescate, que o BNG acaba de dicilo, nós estamos de acordo, o Partido Socialista tamén, vostedes tamén. E se están de acordo en que partindo desa premisa temos que ter un estudo para saber o que custaría e estudar todas as alternativas, como se fixo neste estudo aquí, ata se tivo en conta a situación laboral dos traballadores, fíxose un estudo previo para rescatar. Pois se estamos de acordo fagan as emendas *in voce* que queiran e podémonos poñer de acordo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moi ben, pois a falar.

Perdón, sobre as emendas, ¿acepta as emendas?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: si.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar a substitución dos helicópteros Sikorsky S-76 C+, coñecidos como Pesca I e Pesca II, polos Dauphin 365 que pertencían á Xunta de Galicia no ano 2005

O señor PRESIDENTE: A seguinte proposición non de lei é do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Dolores Toja.

A esta presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) No novo concurso para a adxudicación do servizo de gardacostas se adopten as medidas necesarias para garantir que os Sikorsky S-76 C+ non sexan substituídos polos Dauphen 465.

2º) Garanta a continuidade do servizo de gardacostas, unha vez finalizado o concurso actualmente en vigor.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei un novo punto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a iniciar as actuacións precisas para que os helicópteros adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galiza sexan totalmente públicos, así como a súa operatividade e mantemento.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

A iniciativa que dende o Grupo Socialista traemos esta tarde aquí ao pleno poderíase engadir á longa lista de iniciativas que xa ten traído o noso grupo e que poñen de manifesto a incapacidade para xestionar os recursos públicos por parte do Goberno Feijóo.

Falamos hoxe do Servizo de Gardacostas e das consecuencias actuais e da xestión da Consellería do Mar con relación a este servizo. Non nos referimos unicamente á xestión actual, senón que nos referimos á situación que xa comezou no ano 2005, cando o señor López Veiga, conselleiro do Mar naquel momento, mercou por 27 millóns as dúas aeronaves: o *Pesca I* e o *Pesca II*, que —como saben— teñen bases en Vigo e Celeiro, respectivamente.

No ano 2012, despois de telas comprado no ano 2005 sen ter en consideración o tempo de amortización, malvendéronse por 13 millóns. E desta maneira deixouse en mans de Inaer —unha empresa— o funcionamento do Servizo de Gardacostas e fixouse un contrato de servizos por 45 millóns de euros. Vendéronse aínda que se compraron coa finalidade de que tiveran a titularidade pública —e que non tiñan as anteriores, que estaban alugadas a unha empresa—, e vendéronse a pesar de que sempre se considerou que os medios de salvamento deberían ser propiedade da Administración. É dicir, no 2005 mércanse por 27 millóns, no 2012 véndese por 13, sen ter en conta nin sequera o período de amortización, e pásase a pagar máis por un servizo 9 millóns, fronte aos 9 millóns que se viñan pagando antes. E aínda por riba quedamos sen aeronaves.

¿Cal foi logo o obxecto desta venda?, ¿fíxose por aforro de custos? Porque se foi por aforro de custos está claro que non foi así e que non se acadou o obxecto desta venda. (*Aplausos.*) Unha venda que, ademais, foi duramente criticada polo Consello de Contas, que indicou que se omitiron os procedementos legalmente establecidos e que se fixo ademais cun trámite excepcional en lugar de seguir os procedementos legais.

E como consecuencia daquela xestión chegamos á actualidade, ao día de hoxe, que en outubro finaliza o contrato actual con Inaer e que en consecuencia a Consellería do Mar acaba de lanzar un novo concurso por 40 millóns, e ocorre que este concurso queda deserto. O que significa é que a Consellería non encontra unha empresa que asuma a prestación deste servizo. Isto é unha falta absoluta de previsión por parte da Consellería do Mar, que —como vemos— chega o momento en que vai rematar o contrato actual e non ten unha empresa que se faga cargo deste servizo, cando —recordamos— vendeu as aeronaves no ano 2012.

Isto é unha irresponsabilidade por parte da Consellería ante a importancia dun servizo como ten a seguridade das persoas do mar. De aí que dende o Grupo Parlamentario Socialista criticamos esta xestión, falamos da incapacidade de xestión dos recursos públicos por parte do Goberno Feijóo e falamos dunha xestión chapuceira e temeraria.

E a todo isto, a Consellería —como dicíamos— lanza agora unha consulta, unha consulta para preguntarlle ao mercado cal debe ser o custo dos servizos. E preguntámoslle por que lanza agora precisamente esa consulta e por que non o fixo, por exemplo, ao principio do concurso. Porque tal e como indica a Directiva 2014/24 da Unión Europea, do Parlamento

Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, no artigo 40, Preparación, di que: «Antes de iniciar un procedemento de contratación, os poderes adxudicadores poderán realizar consultas de mercado con vistas a preparar a contratación e informar os operadores económicos acerca dos seus plans e os seus requisitos de contratación» Repito, antes de iniciar un procedemento de contratación.

Para iso, os poderes adxudicadores poderán, por exemplo, solicitar ou aceptar asesoramento de expertos ou autoridades independentes. Pero digo unha cousa moi importante, que non se pode falsear despois a competencia e que non dea lugar a vulneracións dos principios de non discriminación e transparencia.

É importante destacar que o artigo 40 desta directiva indica «antes de iniciar o procedemento de contratación». Por outro lado, esta consulta que lanza a Consellería do Mar ao mercado, ¿que é?, ¿unha consulta porque non coñece cal ten que ser o custo do servizo? Daquela, cando se lle preguntaba dende os distintos grupos da oposición e dende o Grupo Socialista e criticábase que as cantidades que se estaban pagando eran elevadas e nos dicía que non, que era xusto ese custo, ¿con base en que criterio o facía, se agora está preguntando cal é o custo do servizo?

Unha de dúas, ou non sabe cal é o custo deste servizo, daquela a consellería está perdida e por iso pregunta ao mercado, o cal é dunha incompetencia total, ou ben si que sabe cal é o custo do servizo pero está facéndolle un traxe á medida a algunha empresa, co cal, unha vez máis, estamos ante un goberno que pon por riba dos intereses dos galegos e das galegas os intereses dun empresario, e neste caso cun tema moi serio como é o tema da seguridade.

Esta directiva, esta mesma que lle permite á Consellería facer esta consulta, no artigo 41 tamén establece que, no caso de que exista esa participación previa no proceso, o poder adxudicador debe tomar as medidas adecuadas para garantir que a participación dese candidato ou licitador non falsee a competencia.

En relación con isto, agradeceríamos que no seu tempo de intervención nos indiquen, por favor, que medidas concretas, porque na consulta que fai a Consellería do Mar non se establece que medidas concretas vai levar a cabo esta consellería para garantir os principios comunitarios de non discriminación e transparencia, así como a non restrición ou limitación da competencia, co obxecto, loxicamente, de que, se lle están facendo ese traxe á medida a esa empresa que dicimos, recorden que a propia directiva da Unión Europea non llelo permite.

Pero hai outra cuestión importante, porque este goberno formalmente di que as pemes lle preocupan, pero cando se trata de concursar coas administracións públicas, ao final atopámonos con que quedan fóra as pemes. En definitiva, canto máis falan de procesos abertos, de concursos públicos, máis se aplica o capitalismo de amiguetes, do que vostedes saben, son coñecedores e son un expoñente dun exemplo nacional.

Non hai que esquecer e poñer un exemplo bastante recente, no que vostedes mesmos tiveron que retroceder e atender a petición de asociacións de empresarios e dos distintos grupos po-

líticos, que lles fixeron dar marcha atrás no macroconcurso de limpeza de edificios administrativos autonómicos.

Dende o Grupo Socialista, ímoslles exixir transparencia, que faciliten a libre competencia, que garantan a xestión de recursos públicos dentro da legalidade. Por todos estes motivos, por esta incapacidade que veñen demostrando, esta incapacidade absoluta e manifesta por parte da Consellería en canto á xestión dos recursos públicos, porque se está xogando coa seguridade das persoas do mar, porque é unha xestión chapuceira e temeraria, por todo iso se presenta esta iniciativa por parte do Grupo Parlamentario Socialista.

Porque, como dicimos, se era unha operación para aforrar custos, non aforraron custos. Non se entende por que non se fixo a consulta previamente ao mercado. E non se entende que a contratación deixe fóra as pemes galegas. Pero hai unha última razón, e quizais será a razón de máis peso, a que nos trae a presentar esta iniciativa, que é a seguridade para os galegos e as galegas do mar, porque estamos a falar dun servizo de seguridade.

A profesión do mar, como saben, é moi dura, téñeno claro, cun elevado índice de sinistralidade e que implica pasar moitas tempadas lonxe da familia. Sabemos que os medios de salvamento non impiden, non evitan, os accidentes, sabémolo, pero é certo que, no caso de que se produzan eses accidentes, evitan que se produzan perdas humanas.

Seguro que recordan e que coñecen o caso que pasou hai menos dunha semana no Mar de Fóra, en Fisterra, cando un home se estaba bañando e a oleaxe non lle permitía voltar á terra; traíao para dentro, para fóra e non lle permitía volver. Estivo así aproximadamente uns corenta minutos, ata que ao final un policía local e un membro de protección civil se lanzaron á auga e salváronlle a vida. Esta historia acabou ben, o servizo de salvamento estaba chegando pero naquel momento non chegou. Moito se criticou que non tiñamos alí preto o servizo de salvamento de Lires.

Seguro que todos coñecen, non cabe dúbida, a alguén que perdeu a vida no mar, ou teñen algún familiar ou a alguén. Cando ocorre isto nas vilas costeiras, o certo é que a vila queda marcada para sempre e que xa nunca se recupera dese feito; é coma unha ferida que queda aberta e que nunca pecha de todo. Polo tanto, coa seguridade das persoas non se xoga, e con esta xestión incompetente non están poñendo todo o que deberían poñer para que non se produza precisamente este risco no servizo de salvamento.

Entendemos que dende o Grupo de Goberno se poñan os medios para que o salvamento galego sexa un tema prioritario e non se xestione de maneira chapuceira, como se está a facer.

Por outro lado, e xa para finalizar, en relación precisamente cos S76Cplus, en Viveiro hai un Dauphin, non hai un S76Cplus, e Babcock non ten o compromiso de utilizar un tipo de aeronave específica. O feito de que estea alí ese Dauphin 365 pode levar a pensar que se queiran substituír os S76 precisamente por ese Dauphin, o cal nos levaría a unha situación totalmente absurda — pois alí está, señor Crespo, alí está — de ter precisamente uns medios que se desbotaron aquí por obsoletos, co cal aí está a explicación da nosa iniciativa.

Hoxe aquí escoitamos moitos debates, entre eles a comparecencia do conselleiro de Educación, e o portavoz do PP dixo dúas cousas que a min me chamaron moito a atención. Dixo que a xestión do Goberno ten que ser previsible e con normalidade.

Respecto a previsible, está claro que a xestión da Consellería do Mar aquí non foi previsible, non tivo en conta as consecuencias da venda das aeronaves e agora estamos así. A 31 de outubro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: ...—si, remato— finaliza o contrato e non hai aeronaves.

E respecto da normalidade, entendemos que xa se está convertendo en algo normal que os intereses dos empresarios se poñan por riba dos intereses dos galegos e das galegas. Si, señor Crespo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Falábase na iniciativa anterior, a respecto da AP-9, de filón da empresa adxudicataria. Falamos nesta iniciativa de salvamento marítimo e tamén de filón, e falamos de recursos públicos ao servizo de empresas privadas.

Soamente o marítimo en Galiza é algo transcendente. É a nación con máis quilómetros de costa e con máis naufraxios. Ten unha frota pesqueira das máis importantes da Unión Europea. O 85 % dos barcos teñen menos de 15 metros de eslora, e unha parte importantísima destes aínda menos, e con 1 ou 2 tripulantes. É dicir, que é máis que xustificada a existencia dun servizo de salvamento marítimo. E se a isto engadimos que ao lado das nosas costas hai un tráfico marítimo dos máis intensos do mundo, cunha parte moi importante de mercantes con mercancías perigosas, da xustificación é que non hai máis que dicir.

Ao final dos anos oitenta, un clamor popular pedindo maiores medidas e medios para salvamento fixo que se creara o servizo público de busca e salvamento. Despois da traxedia do *Prestige*, a catástrofe que supuxo tivo como consecuencia o aumento dos medios de salvamento. A Xunta a aquela altura mercou dúas embarcacións maiores, o *Sebastián de Ocampo* e o *Irmáns García Nodal*, e dous helicópteros. E a nivel orgánico creouse o Servizo de Gardacostas de Galiza.

No 2005 merca estes dous helicópteros por 27 millóns de euros, como aquí ben se dixo. Publicitou a aquela altura que eran as aeronaves coas máis altas prestacións e adecuadas ás costas galegas. Pasaron a chamarse o *Pesca 1* e o *Pesca 2* estes helicópteros, con base en Vigo

e en Viveiro, propiedade da Xunta, que decide privatizar o que é a súa operatividade e o mantemento, e adxudícalle a Inaer estas cuestións.

Volve adxudicar tamén a Inaer no ano 2009 e no ano 2010, e en maio de 2011, sen rematar o contrato anterior, faltando oito meses decide rescindilo; di que hai que ir a outro contrato porque este é caro. Entre tanto rescinde o contrato, a empresa segue prestando o servizo.

Hai un cúmulo de irregularidades a respecto disto, basta con ler o informe do Consello de Contas para intentar facer un pouco de seguimento, e é a punta do icerberg.

Volve adxudicarllo a Inaer en outubro de 2012, e decide vender os helicópteros —a pesar de que estaba establecido que o prazo de amortización dos mesmos era de vinte anos e á altura do 2012 só tiñan sete— pois resulta que empezaban a estar obsoletos, parece ser, e había que vendelos canto antes mentres tiveran prezo. Entón, o que custou 27 millóns, sete anos despois véndese por 13 nun concurso urxente, e a empresa que os merque ten que comprometerse a operalos durante 5 anos. Entón, atopámonos con que no 2005 son 27 millóns de euros. Operalos no ano 2009 son 7,5 millóns de euros. No ano 2012 véndense pola metade do que custaron, 13, e o prezo de operalos pasa a ser 8,9, aínda que logo fan unha rebaixa.

Bastante complicado facer un seguimento de toda esta historia. O que si queda claro é que pasamos de ter 2 aeronaves mercadas con 27 millóns e un prezo para operalos, a non ter naves e pagar 37,5 millóns por 5 anos de operalos. A verdade é que calquera que simplemente sume e reste, isto é negocio... ¡vamos! Ninguén é capaz de demostrar que saca de beneficio a Administración nesta operación, e é evidente que tanto no tema dos barcos, Silveira, que é o dono de Terra a Nosa, sae beneficiado, e é evidente que aquí, con estes números, o negocio para Inaer é espectacular.

Bueno, pois encontrámonos con que o sacan de novo a concurso, vaise rematar o prazo da adxudicación, e volvemos encontrarnos co mesmo xeito de comportarse. Queda deserto, non hai ningunha empresa que se faga cargo. Encontrámonos con que non temos helicópteros, temos un concurso que queda deserto, co cal a operación xa é máis que clara: a Xunta terá que aumentar o prezo ou negociar *ad hoc* coa empresa un prezo para que se faga cargo do servizo e non quede deserto, xa que estamos falando de salvamento marítimo.

No BNG parécenos escandaloso. Isto é escurantismo, transparencia cero, procedemento cuestionado polo Consello de Contas, falla de estudos que avalíen ou certifiquen que haxa algún tipo de aforro nesta operación. E o que si está claro é que son intereses moi evidentes do Partido Popular por facilitarlles o negocio e as ganancias ás empresas concesionarias, tanto a Silveira como a Inaer.

Na vez de cartos públicos que sirvan para dar un servizo público de calidade, son para engordar a conta de resultados das empresas amigas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: E a corrupción non é soamente meter a man na caixa, a corrupción tamén é usar o DOG para beneficiar as empresas amigas a custa dos impostos dos galegos e das galegas, que é o que está facendo sistematicamente o Partido Popular: usar os impostos dos galegos e das galegas para beneficiar os negocios dos amigos. Por iso o BNG...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente — presenta unha emenda que o que pide é xa nada máis que haxa servizo público, as naves públicas, a operatividade e o mantemento das mesmas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa se coñece a emenda, grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

O tema que estamos a expoñer aquí ten moita máis profundidade e moita máis problemática do que se está a trasladar. Evidentemente, o tema da seguridade e o tema do servizo que hai que garantir é unha parte importante, pero detrás de todo este tema hai outras partes máis importantes.

Falamos de Inaer ou falamos de Babcock, que vén sendo máis ou menos o mesmo dende hai un pouco de tempo, que é casualmente a mesma empresa que ten as concesións e o maior investimento do aeródromo das Rozas, este famoso aeródromo da nosa nova industria 4.0.

Hai unha relación directa entre ambas partes, unha relación directa que está salientada por moitísimas cuestións, que detectan moitas irregularidades nos procesos que xa explicaron os outros grupos e nos que non vou afondar máis, á parte de non ter moita tradución, porque que se diga que o investimento que se fai nunhas aeronaves deste tipo —aeronaves que poden ter unha vida útil de arredor de trinta anos— non se pode amortizar porque en vinte anos quedarían obsoletas non ten moito sentido, máxime cando os investimentos que se fan e o resultado final non cadran para nada.

Nese eido, e sen entrar nese tipo de cuestións, eses helicópteros pagados con cartos públicos están nas mans dunha empresa con intereses propios, e non se pode garantir o bo uso que se dá deles. De feito, tanto é así que agora mesmo está nunha das bases ubicado un dos antigos *Dauphin* e non o helicóptero que tería que estar prestando ese servizo nestes momentos.

No ano 2012, a Confederación Xeral de Traballo interpuxo unha denuncia ante a Inspección de Traballo contra Inaer, polo que despois se lle interpuxo un expediente sancionador por presuntas irregularidades nas condicións de traballo dos empregados e empregadas da empresa e na falta de formación, así como para que se investigasen os motivos da alta sinistralidade desta empresa.

En novembro de 2010, o Colexio Oficial de Pilotos de Aviación Civil denunciou a Inaer ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), por incumprimento das súas obrigas no adestramento das tripulacións en materia de prevención de riscos laborais. Vencellado a isto último, o Sindicato Español de Pilotos e Liñas Aéreas (SEPLA) indicou tras o accidente de dous Bell 212 de Inaer, en setembro de 2011, que entre 2006 e 2011 se contabilizaron un total de 20 tripulantes mortos en accidentes de helicópteros desta empresa. ¡Era a mellor empresa para darlle esta concesión! Iso quedou claro.

No pasado ano 2016, axentes do Corpo Nacional de Policía accederon á sede principal de Inaer pola presunta vinculación da empresa nunha trama de corrupción que podería afectar a varios contratos subscritos pola Mercantil.

O aeródromo de Rozas, Lugo, acolle dende 2014 unha base de drones que xa no 2015 albergou a primeira proba dun drone do Exército, corroborando os usos militares que a Xunta negara previamente. Tamén con Babcock.

Igualmente se realizaron aquí probas de aeronavegabilidade dos drones Searcher II, que tamén teñen usos militares. Rozas será finalmente a sede dun parque tecnolóxico industrial civil dedicado ao desenvolvemento de avións non tripulados que explotarán Indra e Inaer grazas a un importante financiamento público.

Esta é a pescada que se morde a cola. Non sei onde vai acabar, pero, dende logo, mala pinta ten. Ten peor pinta que o mantemento destas aeronaves e o garantir o servizo de vixilancia de gardacostas con estes helicópteros dos que estamos a falar.

O Goberno galego sempre se negou a recoñecer que as instalacións de Rozas terían usos militares, sinalando que unicamente terían obxectivos civís. Xa se denunciaron anteriormente polo Grupo AGE, en varias ocasións, estas situacións, sinalando que os fondos servirían para o desenvolvemento en Rozas de avións non tripulados, drones, para o Exército, convertendo este aeródromo nunha instalación paramilitar ou militar.

O que queremos dicir con todo isto é que non se pode facer unha manipulación e unha utilización tan torticeira dos fondos públicos destinados a unhas aeronaves que están para garantir a seguridade activa da xente do mar, e da cidadanía en xeral, e que acabe revertendo sempre... Isto sería xa unha porta xiratoria se fose certo presuntamente o que se está exponendo aquí. É algo peor que iso. Evidentemente, haberá que afondar moito máis neste tema.

A maiores diso, estamos de acordo totalmente coa iniciativa que trasladou o PSdeG.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario Popular, señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: Grazas, presidente.

Señoras e señores deputados, os membros do Parlamento igual non saben que o sábado pasado tivemos unha mesa redonda en Laxe sobre seguridade no mar onde estabamos os catro grupos da Cámara: a señora Carmen Santos, a señora Toja, o señor Mini e eu. A raíz desa mesa redonda, eu viña aquí hoxe cun plan B perfectamente asumible, sabendo que despois desa mesa a señora Toja ía retirar a moción porque quedou claro alí que o salvamento estaba en boas mans. Non a retirou, e dixeran: non a retiran porque iso de retirar unha moción... Pero, ¿que fai? Autoeméndase e benigniza terriblemente a parte de petición. E digo eu: pois imos ter un debate moi sencillo. Pero non, chega aquí e mantén un certo ton de crispación, podíamos dicir; crispación, non violencia.

Entón, eu vou empezar a miña exposición dicíndolle primeiro: para evitar posibles exaltacións, imos votar que si. Para tranquilizar, imos votar que si. ¿Por que? Porque, efectivamente, é necesario velar pola seguridade no mar.

Pero, señora Toja, ¿despois da mesa do outro día vostede segue mantendo que o obxectivo desta moción é mellorar a seguridade da xente do mar? Eu teño as miñas dúbidas. A min páreceme que aquí, despois de escoitar a En Marea e escoitar o BNG, hai unha clara intención dun debate pseudoideolóxico e moi programático onde o que se quere é levar a brasa á súa sardiña para, ante o público do mar, dicir: coidado con estes. Son tan corruptos que rouban ata nos helicópteros. E a proba evidente é que vostede mezcla os helicópteros coa limpeza dos edificios públicos, e a verdade é que non me estrañaría que acabáramos limpando edificios públicos tan altos con helicópteros, pero non ten nada que ver unha cousa coa outra.

Despois de quedar vostede tranquila porque imos votar que si, eu quero dicirlle á xente do mar, aínda que xa o saben, que queden tranquilos, pois mentres governe o Partido Popular na Xunta de Galicia a seguridade no mar vai quedar moi, moi segura. Se non, dígame vostede, se non é co obxectivo de ter seguridade, ¿cal pode ser o obxectivo desta iniciativa? Pois pode ser tranquilamente demagogia ou pode ser mala fe.

¿E demagogia por que? ¿Como mezclan vostedes un concurso cun non funcionamento dun servizo? O servizo funciona perfectamente, e o concurso está aí.

Pode ser tamén que sexa mala intención porque vostedes andan a dicir que vai parar de funcionar o servizo, e o servizo funciona continuamente.

Isto demostra un descoñecemento total da situación. Primeiro, un descoñecemento administrativo. Eu considerábaa a vostede, señora Toja, coa súa eloxiable capacidade de curiosear e investigar na xestión da Xunta, capaz de chegar —a través do alto grao de transparencia da propia Xunta— a este documento que se titula: *Prego de prescricións técnicas particulares*. Os do Bloque non creo que teñan o mesmo obxectivo, pero vostede, que é da beira do mar... Este documento é de maio de 2017. Está aquí o prego das condicións, clarísimas, clarísimas, de como se vai rexer a adxudicación do servizo; e o servizo vaise adxudicar cun único obxectivo: que funcione perfectamente e que a xente do mar non teña perigo despois dos accidentes.

Tamén demostran vostedes un descoñecemento de como funciona o servizo. Claro, vostedes gobernaron, e no 2009, cando o Partido Popular chega á Xunta, atópase con que está cadu-

cado o contrato dos helicópteros. ¿E que fai o Partido Popular? Pono a funcionar inmediatamente e funcionan todos os helicópteros. ¿Con que diferenza? Isto é importante, señora Toja, ¿con que diferenza? Diríxome a vostede porque os do Bloque non querían a Consellería. Tiveron que collela vostedes porque ao final andaban repartindo e tocoulles a vostedes. ¿Cal é a diferenza? De que co Partido Popular os helicópteros funcionan cun mínimo de tempo de dez minutos, 24 horas ao día, 365 días ao ano. Esta é a gran diferenza. (*Aplausos.*) Mentres que o secretario xeral que estaba daquela no Bipartito tivo que confesar dúas veces, primeiro, que houbera cinco días no 2008 que estiveran sen servizo de helicóptero. E outro, que durante seis meses só había un helicóptero. Isto díxoo o secretario xeral técnico de vostedes. Non lle quero reproducir aquí outros pequenos nomes de triste recordo para os mariñeiros, pero hai dous clarísimos nos que as negligencias do Bipartito foron notorias.

Por último, quero tranquilizala, señora Toja, non vai haber substitución dos *Sikorsky* polos *Dauphin* por unha razón: porque este prego impídeo. Este prego impídeo porque os *Dauphin* non teñen capacidade de despegue coas 5 toneladas que exige o prego. Isto é importante lelo en procedemento administrativo. Se non andamos por aí a tontas e a cegas e tanto caemos en prevaricación como en desatinos como en despiste á sociedade, e incluso podemos caer en corrupción.

Nada máis, porque creo que se me acabou o tempo. Grazas por estes 42 segundos.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor LÓPEZ CRESPO: Ímoslle votar que si, pero, por favor, non enganen a ninguén. O Servizo de Salvamento está perfectamente amarrado ata o 31 de outubro, e con este prego vai haber empresas que o van facer. Empresas que serán amigos, serán inimigos, pero o que se lles pide é que sexa eficientes e, se pode ser...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...que non afogue ninguén.

E, por certo, señores do BNG...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...os helicópteros fanse obsoletos cada vez antes. Ata as lavadoras e as neveiras viñan anates cunha obsolescencia de vinte anos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López Crespo.

O señor LÓPEZ CRESPO: ...e agora de dez. Pois imaxinen, cos avances técnicos dos helicópteros, o que é necesario.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LÓPEZ CRESPO: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente. (*Murmurios.*)

É que case non teño nin palabras para contestarlle. Case non teño nin palabras para contestarlle.

Primeiro. Hai unha autoemenda porque é moi difícil adaptarse ao ritmo con que o PP vai chapuceando nesta Consellería do Mar, (*Aplausos.*) por iso hai unha autoemenda. Non, non, a iso engádalle a consulta, etc.

Si, señor Crespo, vostede xa tivo o seu tempo. O que lle vou recordar é o que se falou no pleno de hoxe. Mire, falouse da enerxía eléctrica, e o PP claramente a favor das empresas e en contra dos consumidores. Falouse de emisións contaminantes: laxitude coas empresas e prexuízo para o conxunto da poboación. Falouse dos autónomos: amnistía fiscal para os que teñen os fondos no exterior e non existe apoio para os traballadores autónomos. Gardacostas. Xa estamos vendo o que están facendo: intereses a favor dunha empresa e non a favor dos galegos e das galegas e da seguridade dos galegos e das galegas. Din que gobernan para os galegos e galegas, pero é moi difícil gobernar cando teñen eses intereses contrapostos.

Non me cabe dúbida de que vai haber empresas que leven o servizo de gardacostas. O que lles estamos dicindo é que vostedes xa saben que empresa vai ser, xa lle están facendo ese traxe á medida a esa empresa. Vostede dixo aquí: vai haber empresa. ¡Claro que vai haber empresa! Pero mire, recorde: falta de previsión por parte da Consellería do Mar. Chega o día e non teñen unha empresa que poida cubrir este servizo a 31 de outubro. Agora mesmo a situación é que teñen o concurso deserto, esa é a situación. Ensíneme o folio que queira, pero agora mesmo a situación é que teñen o concurso deserto. ¿Están facendo unha consulta? A ver que lle contestan nesa consulta.

Isto é unha irresponsabilidade por parte da Consellería do Mar. E logo fale da forma, porque se falan da forma non falan do fondo, e o fondo é que se merca por 27 en 2005. Véndese no 2012 por 13 a pesar do período de amortización. Non é o mesmo unha lavadora ou unha neveira que unha aeronave. As aeronaves teñen *overhauls*, que son acondicionamentos, si. (*Aplausos.*) E pásanse a pagar 9 millóns en lugar de 2 millóns. É así.

Ademais omitíronse, de acordo co que indica o Consello de Contas, os procedementos legalmente establecidos. E fíxese que un trámite é excepcional, en lugar de seguir os procedementos adecuados.

Por outro lado, moitas grazas pola emenda do Bloque, que imos ter en consideración, e moitas grazas polo apoio que considera que vai facer á nosa iniciativa.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Non, terminou xa. Terminou ela, estaba dentro do seu tempo pero terminou. Entón xa acabou o debate.

Dixo que aceptaba a emenda do BNG.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e quince deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a mellora do marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles e a solicitude á Delegación do Goberno e á Fiscalía do asinamento entrementes dun acordo bilateral ao respecto, así como a actuación que debe levar a cabo naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

« O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:

a) A modificación do artigo 245 do Código Penal, coa fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.

b) A potenciación dos xa existentes procedementos por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles, dentro da regulación do artigo 795 da Lei de axuízamento criminal.

c) As modificacións legislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas cautelares tendentes ao desaloxo de inmobles dende o comezo da instrución sumarial.

2.- Instar á elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno en Galicia e a Fiscalía Superior a fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da Lei de axuízamento criminal, os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízos rápidos.

3.- Arbitrar, naqueles casos nos que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social e en colaboración cos concellos, as medidas necesarias para o realoxo das mesmas a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia, nomeadamente, co “Programa de Vivendas Baleiras” (ao que se dotará dunha dotación orzamentaria relevante e acorde ás súas necesidades) e coa potenciación da construción de vivendas de carácter público.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Debese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que adopte todas medidas conducentes a garantir que ningunha persoa ou familia no noso país sexa desafiuzada da súa vivenda cando esta sexa a súa vivenda habitual:

- Incremento substancial do parque de vivenda social público en aluguer, subindo a porcentaxe de alugueiro público co obxectivo de confluír cos niveis europeos, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de protección pública en alugueiro e comprometendo a maior parte de reservas de chan das diferentes administracións para a posta en disposición de vivendas en réxime de alugueiro.

- Desenvolvemento dun novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz e, en última instancia, que garanta o realoxo, analizando o porqué do fracaso do Programa Realoxo e das medidas antidesafiuzamentos nos últimos anos para corrixir as cuestións que lastran a súa efectividade.

- Instar á modificación da Lei de arrendamentos urbanos para incrementar a regulación e control públicos sobre o mercado privado de alugueiro.

- Incrementar os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda e mellorar os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes a vivenda.

- Extensión do censo de vivendas baleiras a todos os concellos independentemente da súa poboación.

- Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

- E todas aquelas medidas sociais e económicas que eviten a chegada aos procedementos xudiciais.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha proposición non de lei que pretende solventar o problema que xorde ante a comisión dun delito. Un delito que consiste na usurpación da lexítima propiedade dun inmovible. Un delito que ten varias derivas.

Por unha banda, podemos falar dun delito que levan a cabo grupos de delincuencia organizada, que detectan pisos baleiros e, logo de facerse coa súa posesión ilegalmente, trafican e especulan con estes pisos, xerando situacións de inseguridade e conflitos co resto dos veciños que residen no mesmo edificio. Trátase dun delito grave; trátase dun delito de crime organizado. A pasada semana, na Comisión 3ª, chegamos a un acordo parlamentario que non foi apoiado por todos os grupos con representación nesta Cámara, pero si que pretendiamos con ese acordo combater as mafias, estas mafias de delincuencia organizada. Ben, agardo

poder chegar hoxe tamén a un acordo en aras de axilizar o procedemento xudicial para recuperar a propiedade privada usurpada.

Dicía que había varias derivas deste delito. Hai outra deriva, que é a usurpación de inmobles, pero como delito leve, que poden ser utilizados —os inmobles— por persoas en situación de vulnerabilidade social e que non teñen posibilidades de acceder a unha vivenda digna. E tamén hai outros casos que son os daqueles que non utilizan a ocupación para resolver unha situación económica precaria nin de falta de vivenda, senón que fan da ocupación unha protesta social e utilizan estes inmobles baleiros con outros fins, como espazos de reunión ou centros con fins pseudoculturais, e mesmo para levar a cabo neles actividades económicas sen ningún tipo de subxección ao dereito administrativo, sen licenzas e sen altas nos correspondentes réximes de Seguridade Social ou de Facenda.

Pois ben, hoxe presentamos unha proposición non de lei que pretende dar resposta a estes problemas que se xeran pola ocupación ilegal de vivendas, en contra da vontade dos seus propietarios, e nela propoñemos mecanismos para garantir o respecto aos dereitos dos propietarios e para que a recuperación das vivendas sexa o máis rápida posible e sempre dentro do marco da lei.

Pretendemos unha serie de modificacións lexislativas de leis de ámbito estatal con competencia no Congreso dos Deputados —aquí estamos falando de leis orgánicas—. Son modificacións lexislativas que darían respaldo xurídico, reforzando a actuación de forzas e corpos de seguridade e tamén dos tribunais de xustiza. Con estas medidas conseguiríamos que se adoptasen —xa que así o prevería a lei— as medidas cautelares para a inmediata restitución ao titular do inmovible da posesión e do desfrute urxente do mesmo e que non tivese que agardar a que se dite unha sentenza condenatoria ao usurpador. Tamén, dado que estamos ante un delito leve, que este se tramite polo procedemento xudicial rápido, e, por tanto, en lugar dun longo proceso xudicial, que nalgúns casos vai a tres ou catro anos, que o propietario do inmovible vexa restituído o seu dereito á propiedade privada no menor tempo posible, vía xuízo rápido.

E como somos conscientes de que estas modificacións lexislativas levan o seu tempo, consideramos oportuno introducir un punto 2 para solicitar un acordo entre a Delegación do Goberno e a Fiscalía para que os atestados policiais sexan enfocados para a tramitación por xuízo rápido e a Fiscalía tamén solicite a tramitación por este procedemento, xunto coas medidas cautelares correspondentes dirixidas ao desaloxo inmediato dos ocupantes.

Isto xa se está levando a cabo na Comunidade de Madrid —vexo que a alguén lle produce graza—, e hai outras comunidades onde xa isto se está facendo. E, ademais, son recomendacións de diferentes valedorías do pobo das diferentes comunidades autónomas e mesmo da defensora del pueblo estatal, é dicir, da señora Soledad Becerril; unha recomendación xenérica que a min a verdade é que non me fai ningunha graza porque lles teño bastante respecto aos defensores del pueblo e aos valedores do pobo, a diferenza doutros.

No punto terceiro pretendemos protexer as familias en risco de exclusión social con fin de arbitrar, en colaboración cos concellos, as medidas necesarias para o seu realoxo a través

dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.

Señorías, Galicia conta hoxe con máis instrumentos para facilitar a permanencia e o acceso á vivenda, como as axudas ao alugueiro para a poboación con niveis de ingresos comprendidos entre o 0,7 e o 3,5 veces o IPREM, o bono alugueiro social, o Programa Realoxo, o Programa de vivendas baleiras, o convenio Xunta-Consello Xeral do Poder Xudicial e Fegamp, que permite parar os desafiuzamentos cando exista unha situación de vulnerabilidade social, ou o Programa Reconduce, un programa dirixido a apoiar as familias para prever o risco de desafiuzamento por execución hipotecaria.

Nós non podemos aceptar as consideracións dalgúns grupos políticos que din que non hai política social de vivenda para as persoas vulnerables. Supoño que falan desde o coñecemento de que, efectivamente, hai concellos que non están dentro do Programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia e que, por tanto, non poden formar parte dese programa e non poden ofrecer esas vivendas baleiras aos seus veciños e veciñas.

Señorías, recentemente vimos de vivir unha serie de situacións absolutamente inaceptables en democracia no Concello de Santiago: que uns individuos fixeron uso ilexítimo e ilegal dunha propiedade privada sen o consentimento do seu lexítimo propietario; que tardou o propietario tres anos en recuperar a posesión da súa propiedade; que tivo unha sentenza firme cuxa execución o xuíz responsable dese xulgado, no auto de execución, dixo como se tiña que facer esa execución... Normalmente en todos os desaloxos se di que se acompañe por corpos e forzas de seguridade do Estado cando se prevé unha situación de resistencia ao desaloxo... Por certo, os autos xudiciais deste tipo non se comunican nunca a ningunha administración, simplemente á policía que vai participar nese desaloxo. Dígoo porque houbo xente que se sentiu moi ferida porque ninguén lle comunicara o desaloxo. A verdade é que se os xulgados tiveran que comunicar todas as súas accións xudiciais e todas as súas execucións de sentenza a todos os concellos e mesmo á Comunidade Autónoma desbordaríanse de notificacións.

Pero, ben, eu dicía que nese contexto no que este propietario durante tres anos non tivo acceso á súa vivenda e, cunha sentenza xudicial na man, se produce o desaloxo, pois vimos a cara menos institucional e máis antidemocrática dos representantes políticos da esquerda nacionalista radical, e considerámolo absolutamente inaceptable.

Desde o Grupo Parlamentario Popular condenamos as accións violentas vividas na cidade de Santiago o 30 de maio e o pasado 10 de xuño, onde houbo dez policías feridos; catro deles, a día de hoxe, aínda están de baixa. Nós mostramos toda a nosa solidariedade cos corpos e forzas de seguridade do Estado e con eses policías; (*Aplausos.*) uns policías, señorías, que con absoluta profesionalidade actuaron para defender a legalidade e para defender a orde pública. Coa súa actuación intentaban manter a orde e a convivencia na cidade de Santiago tras a execución dunha sentenza xudicial e ante a resposta violenta de centos de persoas, encapuchados, que agrediron a policía con paus, lanzando pedras, botellas, petardos e bengalas. Non eran, señorías, activistas culturais, como dixo a señora Pontón no seu *twitter*. A verdade é que moi culturais e moi pacíficos non parecía que fosen a esta manifestación.

Tamén lamentamos que o alcalde de Santiago se tivera posto do lado dos violentos e non do lado do lexítimo propietario, que non se solidarizara cos policías feridos e tamén que non condenara o ataque que sufriu o propietario do inmoble con posterioridade por estes vándalos e estes violentos. A verdade, señorías, é que contra a violencia non se pode manter ninguén na indefinición. (*Aplausos.*) Ou se está cos violentos ou se está contra eles. Nós estamos en contra dos violentos e das manifestacións ilegais que se teñen celebrado en Santiago e en calquera outro sitio. Deixen a neolingua para outro momento. Falemos de seguridade, falemos de legalidade, falemos de dereito á propiedade privada, falemos de defender a profesionalidade dos corpos e forzas de seguridade do Estado, que velan pola nosa seguridade e que velan polo cumprimento da legalidade.

O alcalde de Santiago elixiu poñerse do lado dos violentos, do lado dos que organizan manifestacións ilegais, do lado dos que lanzan tornillos, pedras e bengalas. O alcalde de Santiago falou de que estes señores o que facían era «resistencia pasiva», resistencia pasiva. Benvidos á neolingua. A verdade é que temos que empezar a tomar nota destes novos conceptos para facer un novo dicionario da lingua da neopolítica.

Remato, señorías.

Nós defendemos o Estado de dereito, estamos coa sociedade civil e coa sociedade civilizada. Defendemos a propiedade privada e defendemos que as familias vulnerables teñan unha vivenda digna, pero non defendemos a quen de xeito violento lle quita o uso da propiedade ao seu lexítimo propietario para facer un bar de copas ou bailar capoeira, non porque non teña unha vivenda digna, senón porque están en contra do sistema. E nós confiamos e seguiremos defendendo sempre, sempre, alá onde esteamos, o Estado de dereito.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Intervencións dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Vaia por diante que o Grupo Parlamentario Socialista defende tanto a propiedade privada e tanto o dereito a unha vivenda digna e axeitada que esa proposición non de lei da que falaba a señora Prado, que se debateu a semana pasada nesta Cámara, era unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista; dato que lle esqueceu comentar.

Sabemos que é necesario conciliar o dereito á propiedade privada e o principio constitucional do dereito a unha vivenda digna, pero tamén sen perder de vista que a propia Constitución di que toda a riqueza do país está subordinada ao interese xeral. Somos conscientes de que os dereitos de cada un rematan onde comezan os dereitos doutras persoas, que os dereitos dos ocupantes rematan onde comezan os dereitos dos propietarios ou que os dereitos das

forzas e corpos de seguridade rematan onde comezan os dereitos dos civís ou tamén os dereitos dos profesionais da información. E por iso aproveitamos hoxe outra vez para pedir a derogación desa lei infame que cercena dereitos fundamentais, que é a Lei de seguridade cidadá, ou máis coñecida como «lei mordaza», de Mariano Rajoy.

A iniciativa que traen vostedes hoxe aquí, o Grupo Parlamentario Popular, está moi ben, é técnica; a exposición non o foi tanto, pero a iniciativa é técnica, se non fose porque xa está en vigor en parte. É dicir, xa se pode aplicar o que vostede pide en parte. E por iso temos rexistrada unha emenda que afecta as letras b) e c) do punto primeiro e os puntos 2 e 3 da súa iniciativa. E vou intentar explicala sen aburrir.

Acabo de dicir que entendemos que é imprescindible a conciliación entre a vivenda e a propiedade, e é verdade que é mellorable o que di o artigo 245 do Código penal en canto a usurpación de inmobles de carácter xeral. Pero non é necesario innovar nada, absolutamente nada, para que se permitan os chamados «xuízos rápidos». Xa podemos utilizar os xuízos rápidos nos casos sinxelos de modalidades de usurpación de inmobles. Polo tanto, non é necesario modificar o artigo 795 da Lei de axuizamento criminal nese senso —que, por certo, non é unha lei orgánica— porque encaixan pola pena, pena privativa de liberdade... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —o Código penal xa sei que si porque afecta un dereito fundamental, pero a Lei de axuizamento criminal non regula dereitos fundamentais e, polo tanto, non necesariamente ten que ser unha lei orgánica— Encaixan pola pena porque recolle este artigo do Código penal, o 245, penas privativas de liberdade que non excedan de cinco anos ou doutra natureza que non excedan de dez, porque pode ser que o proceso penal se incoe en virtude dun atestado policial, porque pode ser que a policía xudicial teña detido unha persoa, a poña á disposición do xulgado de garda ou a cite como denunciada ante ese mesmo xulgado. Estes tres requisitos son imprescindibles para falar de xuízos rápidos. E pode ser, pode ser —eu cada vez que teño unha intervención nunha comisión digo que non me gusta crer nas casualidades nin nas confluencias planetarias— que pase como xustamente hoxe, que debatemos esta iniciativa aquí, e xustamente hoxe acaban de deter varias persoas precisamente por ese conflito do que vostede falaba que ocorreu nesta cidade, en Santiago de Compostela. Hoxe, que se debate isto aquí, xustamente hoxe pola mañá, sae a noticia de que houbo esas detencións. Confluencias planetarias que ou sempre me coinciden a min ou é que ao mellor cada vez que vostedes interveñen xiran os astros e ocorren cousas coma estas.

O que si non é imprescindible modificar, porque xa está, é que se trate dunha instrución que se presuma sinxela ou dun delito flagrante. O único que sería necesario modificar, señora Prado, é incluír expresamente o artigo 245 a través dunha reforma da Lei de axuizamento criminal dentro dos delitos que recolle expresamente o artigo 795. Nese caso si, pero en todos os demais supostos xa sería posible acudir a eles.

Si que é verdade que sería sobre todo necesario dotar de medios materiais e persoais os xulgados, os fiscais, de máis funcionarios, e incrementar a plantilla do Ministerio Fiscal; iso sería imprescindible, pero iso parece ser que non é necesario. Está ben ese protocolo entre a Delegación do Goberno e a Fiscalía Superior, pero incluso vostedes poderían utilizar algo que tamén teñen no seu haber, que é a figura da aceptación de decreto modificada, introducida na Lei de axuizamento criminal no ano 2015 por un goberno de vostedes, un goberno

do Partido Popular presidido por Mariano Rajoy. Porque no caso de ocupación indebida de inmobles, de vivendas, de edificios alleos que non sexan morada, ou manterse nos mesmos contra a vontade dos seus titulares...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...sería posible —vou rematando, presidente— que o fiscal, a proposta sancionadora do fiscal, chegase a ser unha sentenza firme.

Finalmente, está ben que vostede fale de familias en risco de exclusión social, pero non nos diga que o seu programa de vivendas baleiras ten unha dotación orzamentaria decente, por dicilo dalgunha maneira. Vostedes deben potenciar a construción de vivendas públicas, que non o teñen feito e que están absolutamente esquecidas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Estaría ben —remato, presidente— que a dotación orzamentaria non fose ridícula. Creo recordar que para Vigo rondaba menos de 30.000 euros e que os concellos non a pediron porque non serve absolutamente para nada ese programa. E non estaría de máis que utilizaran vostedes a Sareb para poder averiguar que vivendas están baleiras. Polo menos a Sareb podería servir para algo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Catro minutos, trinta segundos foi o que tardou en despachar a señora Prado o asunto que, en teoría, traía aquí. O resto do tempo dedicouse a falar do Concello de Santiago. ¡Como lles proe que As Mareas democraticamente os desaloxasen do Concello de Santiago! (*Aplausos.*) Si, señora, e que teñamos un alcalde limpo e digno, que dignifica esa institución, e non como fixeron vostedes, que precisamente non dignificaron a institución. ¡Como lles proe!, porque pensan que son os donos, por destino divino, dos gobernos e, entón, pensan que nos gobernos están tamén okupas, nos gobernos municipais, que son okupas tamén, e quérenos botar.

Vostede dicía: se se tivera que comunicar cada decisión xudicial, colapsaría o sistema. Si, señor, e se cada persoa con problemas coa xustiza por corrupción fose reunirse no despacho do Ministerio do Interior ou do secretario de Estado de Xustiza tamén colapsaría, pero por iso só reciben os amigos do Partido Popular. (*Aplausos.*) Ese é o Estado de dereito que vostedes defenden.

¡Vaia vergoña! ¡Vaia vergoña a súa intervención, a súa iniciativa, etc.! Votades o que buscan é engordar artificialmente un problema que non existe para agochar verdadeiros problemas maiores. Dígame, cando veña aquí falar, cal é o impacto en Galicia do incremento de usur-

pación de vivendas por parte de mafias que se lucran subarrendando ilicitamente propiedades a persoas que precisan vivenda. Aquí coñecemos mafias de ocupación masiva durante os últimos anos: os bancos, que ocuparon miles de vivendas baixo unha lexislación hipotecaria que a xustiza europea se cansou de denominar como de abuso sobre os consumidores; lexislación que vostedes tardaron moito en cambiar, ata que non tiveron outro remedio, amparando os abusos dos bancos durante todos estes anos, que botaron a xente á rúa ano tras ano neste país. *(Aplausos.)*

No primeiro trimestre do 2017, señora Prado, seis persoas cada día foron á rúa, 684 persoas no primeiro trimestre, 684 desafiuzamentos, cun incremento do 14 %. Ese é o verdadeiro problema que hai neste país. Ese é o problema que precisa de solucións; solucións que non teñen nada que ver cun problema de orde pública; solucións que teñen que ver con considerar a vivenda como un dereito e non como un negocio da especulación. Vostedes permiten que haxa vivendas baleiras para que non baixen os prezos dos alugueiros, permiten os abusos nos alugueiros, permiten os abusos sobre a xente que non ten recursos para pagar unha vivenda, permiten que haxa xente que día tras día se ten que ir, con nenos pequenos. O principal colectivo afectado son as mulleres que viven soas con nenos, e está pasando todos os días, e coñecémoslos e vémoslos cara a cara. ¡E vostedes veñen aquí preocuparse porque se lle ocupe a unha gran empresa ou a un banco un inmueble! *(Aplausos.)* ¡Pois claro que hai protesta social contra estas políticas!, porque iso si que é violencia institucional, que vostedes teñan unha lexislación hipotecaria que xa hai anos que a xustiza europea considera un abuso sobre os consumidores e se neguen a cambiala. Iso si que é violencia institucional, señora Prado. É unha cortina de fume, é unha operación artificial, porque vostede veu aquí e non deu ningún dato. ¿Onde hai unha mafia de ocupación que ocupe vivendas habituais de persoas humildes con perigo de exclusión social? Dígame un caso, dígame un caso en Galicia onde ocorra. Pode ocorrer en Madrid, pode ocorrer en Barcelona. Pero aquí, aquí. Ese é un problema para este país, as mafias de ocupación. Se se ocupa unha vivenda dunha persoa humilde que necesita esa vivenda para vivir, avísenos, que nós estaremos do lado desas persoas, *(Aplausos.)* como estamos do lado desas persoas cando son os bancos os que as expulsan.

E deixen de converter a política social en cuestións de orde pública. O problema de subvencións de vivendas e locais e as iniciativas dos movementos sociais de ocupación non ten solución se se reduce a un problema de orde pública. Deixen de enrocarse nas políticas punitivas; invistan en diálogo, invistan en políticas sociais, fagan do acceso á vivenda unha prioridade para a Xunta de Galicia. Deixen de extraviarse con campañas de axitación irresponsables e propaganda. As nosas cidades non están desoladas por hordas de okupas; están ateigadas de persoas con problemas de vivenda, que ocupan vivendas precarias, con graves déficits, de persoas que non teñen atendidas necesidades básicas de teito. É con ese exército fantasma de okupas co que queren crear a alerta social irresponsablemente, e, repito, soste unha estratexia do medo para erosionar os gobernos municipais das Mareas, que chegaron democraticamente para desaloxar gobernos corruptos. Nace do seu oportunismo electoral...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...irresponsable, como sempre, como cando chegaron no 2009, xogando irresponsablemente coa lingua deste país e con moitas máis cousas. Vostedes non

teñen ningún escrúpulo á hora de facer partidismo. Deixen de enganar a sociedade, deixen de enganar a cidadanía. Claro que existen mafias de okupas, ademais dos bancos, como xa falei; claro que existen, algunhas son históricas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Unha das máis coñecidas é a familia Franco, que especula co uso dunha propiedade que non lles pertence, usurpada ilegalmente, o pazo de Meirás, e vostedes votan en contra de desaloxalos.

Moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes.

As leis que uniformizan situacións dispares e tratan igual os desiguais son intrinsecamente inxustas. Nesta PNL vostedes parten da xeneralización de que todo aquel que ocupa unha vivenda é un antisocial desalmado. Textualmente afirman que na usurpación dunha vivenda sofren os que se ven privados do seu desfrute e os veciños que soportan actos vandálicos, comportamentos incívicos, pintando así un panorama caótico.

Imos ver. Hai mafias, como xa se dixo aquí, ou bandas organizadas que converten a ocupación nun negocio, exixindo o rescate pola desocupación da vivenda. Hai mafias que ocupan e fan do realugueiro un negocio lucrativo. Hai mafias que constrúen vulnerando ou soslaiano a legalidade. Hai grupos que manteñen sen alugar un esaxerado número de vivendas para especular, alterar ou influír nos prezos do mercado. Hai asociacións que non teñen local social e ocupan temporalmente un edificio público abandonado ou vivendas deterioradas e deixadas da man, e fano para chamar a atención das súas carencias e problemáticas. Este que lles fala coñeceu ocupacións por grupos de mozos e mozas que fixeron de locais ruinosos e abandonados lugares de convivencia, cultura —non pseudocultura, cultura de verdade— e liberdade, que daban vida e suscitaban o aprecio da veciñanza do barrio, que cobraba dinamismo. De verdade, doe moito sentir falar de xente que nunca tivo xuventude, ou que polo menos confesa publicamente que non tivo xuventude. *(Aplausos.)*

Hai máis de 250.000 vivendas baleiras en Galicia; as sete cidades galegas suman preto de 90.000. Os últimos investimentos serios da Xunta de Galicia en materia de vivenda social foron feitos cando o demo roubou e rondou o país do Bipartito. Só nos anos 2014-2015 houbo máis de 4.951 desafiuzamentos. ¿Quen desaloxa as entidades financeiras que, rescatadas cos cartos de todos nós, seguen coa alma vendida ao demo, reclamando o que moralmente xa non é seu?

O título I da Constitución española, referido aos dereitos e deberes fundamentais, consagra no seu artigo 47 o común dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada. O artigo tamén sinala que —e cito textualmente—: «Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación. A comunidade participará nas plusvalías que xere a acción urbanística dos entes públicos.» O dereito a unha vivenda digna vai parello ao dereito fundamental da integridade do domicilio. ¿Como conxugamos este tempo verbal con quen carece de vivenda por estar no que hoxe chamamos con eufemismo «exclusión social» e na miña terra chamamos «miseria»? ¿Cal dos dereitos esgrimidos pesan máis na balanza do sentido común e do concepto da xustiza social?

O problema salta con desmedida virulencia neste tempo de crise: vivendas asaltadas e realugadas a familias ou individuos con graves problemas de subsistencia, desafiuzamentos de familias ou persoas golpeadas pola crise e tamén pola cobiza de entidades bancarias que cometeron delito de abuso, roubo e recuperación ilícita, aínda que pública e consentida polo PP, tomando posesión de pertenzas ilexítimamente, en conivencia co poder político, corrupto e caduco. Trátase, pois, de tentar harmonizar dous dereitos que teñen enorme dificultade: o dereito á vivenda e o dereito dos propietarios.

Unha vez máis, nós afirmaremos e afirmarémonos a favor dun plan especial destinado a neutralizar e erradicar as mafias que ocupen e trafiquen con vivendas baleiras; isto é, tratar desigualmente situacións desiguais, e así o fixemos o día 9.

A ocupación non é un dereito, pero resulta evidente que si é unha forma de satisfacer un outro dereito constitucional de gran importancia, o da vivenda, que acabamos de mencionar. Polo tanto, o problema na ocupación é que colisionan dous dereitos: por unha banda, o dereito á vivenda e á intimidade no domicilio e, polo outro, o dereito á propiedade. E así correspóndelle a un xuíz ponderar e decidir o máis adecuado, tendo en conta as peculiaridades de cada caso concreto, como pode ser se o propietario necesita dispoñer inmediatamente do inmovible ocupado ou se o desaloxo pode atrasarse ata que as persoas que se atopan establecidas teñan unha solución habitacional.

Por certo, non deixa de ser curioso, señorías do PP, que o día que presentan esta iniciativa con carácter de urxencia comecen as detencións polos lamentables sucesos de Escarnio e Maldizer. (*Aplausos.*) Nós tampouco cremos nas casualidades. Son oito os detidos ata o de agora. Fóiselles das mans e non saben recuar. Desculpen o atrevemento: estado de dereito non é sinónimo de estado policial, ¿ou si? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Por parte do Grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Prado del Río, e pídolle que se posicione sobre as emendas.

A señora PRADO DEL RÍO: Bueno, sobre iso último só vou sorrir un pouco porque non merece nada máis que un sorriso, porque me deixou... Señor Rivas, deixoume sen palabra. Que atribúa as detencións duns señores que con pedras, paus, bengalas e escudos, con paus pun-

zantes se manifestaron ilegalmente en Santiago o pasado 10 de xuño, que as detencións deses «anxeliños»... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, escoiten a quen está no uso da palabra.

A señora PRADO DEL RÍO: ...as atribúa a que hoxe presentamos aquí esta PNL é absolutamente surrealista, señor Rivas; absolutamente surrealista.

Señor Sánchez, o alcalde de Santiago non foi á casa deses nenos e desas familias tan desamparadas e tan desesperadas que non teñen vivendas. O alcalde de Santiago foi a solidarizarse cos violentos, que levaban paus e pedras contra a policía e contra os veciños e veciñas de Santiago de Compostela, que sufriron os actos violentos o pasado 30 de maio e 10 de xuño. (*Aplausos.*) Con eses foi cos que se puxo o señor Noriega, non con estas familias tan desamparadas das que vostede fala. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

E a verdade é que pensei, cando presentamos esta iniciativa e cando a debatemos a semana pasada na Comisión 3ª, señor Sánchez, que vostede entendía o funcionamento das mafias, pero vexo que non o entende. Mire, o problema das mafias... (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, voulo explicar porque vostede me pediu que llo explicara; voulo explicar o máis didacticamente que poida.

Mire, as mafias o que fan é aproveitarse desas familias vulnerables que están nunha situación de absoluto desamparo. (*Murmurios.*) Esas mafias o que fan é especular coa pobreza desa xente e, en lugar de que esas persoas accedan a unha vivenda digna —como está nos programas da Xunta que acabamos de dicir e que acabo de relatar, e que vostede, polo que se ve, nin sequera quixo atender—, en lugar de estar neses programas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Xa os dei!, ¡xa os dei, señor Sánchez! E se non... Mire, vostedes, que son tan listos, teñen datos para todo. (*Murmurios.*)

As familias tan necesitadas teñen programas da Xunta de Galicia para ter unha vivenda digna, non precisan de mafias que lles especulen coa súa pobreza. E iso é contra o que nós queremos combater. Se a vostedes iso non lles parece importante, ¡alá vostedes!, sigan defendendo os violentos e os que defenden as cousas non coa palabra nin co diálogo, senón cos paus, coas pedras, coas bengalas e cos tornillos.

Mire, señor Rivas, se tanta actividade cultural xeran estas persoas, pois o alcalde que lles ceda un local municipal. Non o fixo, non debe ser tan cultural o que fan estes señores alí.

Sobre as emendas dicirlle, señor Sánchez, que vostede non falou nin un só minuto da súa emenda, vese que nin sequera cre nela. Iso si que é unha cortina de fume para non aprobar unha iniciativa que vai a favor do Estado de dereito e que vai a favor da recuperación da propiedade privada cando é vulnerada por persoas que nada teñen de persoas vulnerables nin persoas con necesidade de vivenda. E a emenda que vostede presentou, señor Sánchez, podía ser un pouco máis orixinal, porque presentou o mesmo texto que a moción 1624 —debatida no Pleno do 13 de decembro—, ao que xa lle dixemos que non. E hoxe non lle imos dicir que si.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: E vostedes, xa que falan de que no Concello de Santiago hai tantos problemas, que saiban que onte rebaixaron o convenio coa asociación de psicólogos en tres mil euros, porque dixo a súa concelleira de Política Social que xa non había tantos problemas de desafiuzamento.

A verdade é que nós non os queremos botar, como din vostedes que nos queren botar a nós. As urnas dirán o que teñan que dicir, porque aí é onde se demostra a democracia. E non vir a esta tribuna e dicir que hai un goberno que non é democrático e que é ilexítimo, cando hai oito meses que foi elixido por maioría absoluta nas urnas polos galegos e galegas, aos que vostedes tanto insultan á súa intelixencia.

Sobre a emenda do Partido Socialista, se podemos chegar a unha transacción, señora Vilán, pasareille un texto para intentar chegar a un acordo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Facemos agora —como xa foi comunicado— unha alteración na orde do día publicada e pasamos ás interpelacións, en concreto á 5.2.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención hospitalaria durante os meses de verán

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente. Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Falamos hoxe —a nosa intención é plantexar un debate a través desta interpelación— sobre a planificación de recursos na época do verán, na época estival. Nós estamos dentro dunha defensa razoable dunha planificación de recursos dos sistemas sanitarios, como fan a maior parte dos sistemas —por non dicir practicamente todos—, que o teñen como normal nas épocas de verán —ou, neste caso, especialmente no verán—, pois a maior parte de profesionais solicitan, e teñen dereito, ás súas vacacións.

Dentro desta planificación —que nós consideramos necesaria— e da previsibilidade que ten que ter, cremos que é importante sinalar algún aspecto.

Consideramos que a planificación é razoable sempre e cando o sistema funcione sen sobressaltos durante o resto do ano. ¿Que ocorre? Que na nosa valoración e na de moitos outros —na dos

colectivos, na dos profesionais, na dos pacientes— este sistema funciona en situación case límite durante todo o ano. Nós consideramos que a planificación que se pode facer é lóxica e razoable cando o sistema funciona sen sobresaños, pero non é o caso da nosa sanidade.

Existen numerosas noticias, numerosos datos que ofrecen os diferentes colectivos, que din que os hospitais galegos terán mil duascenas camas menos este verán. Entre o 15 % e o 20 % das camas hospitalarias non terán persoal asignado, segundo declaracións do propio conselleiro neses eufemismos curiosos de «non ter persoal asignado para as camas non é o mesmo que pechar camas».

«*El hospital de Lugo cierra en verano unidades con el 100 % de ocupación a lo largo del resto del año*». O Sergas reconece que pechaba cento corenta camas no CHUS durante o verán; o Meixoeiro terá no verán tres das súas plantas pechadas; o Cunqueiro, setenta camas; o peche estival de camas do CHOU durará cinco meses; o CHOU reconece que pecha case cen camas hospitalarias durante o verán..., e así poderíamos seguir: os números son bastante contundentes. Ocorre que está deseñándose unha planificación esaxerada para un sistema que ten problemas xa durante o verán.

Sen entrar no debate dos eufemismos e de se as camas non están *pechadas* senón *deshabilitadas*, se é que están abertas pero o único é que non teñen persoal asignado ou calquera das cousas que se queiran sinalar, o certo é que a non utilización desas camas de maneira predeterminada define que neste sistema que temos hoxe en día temos un perigo e un risco en termos sanitarios. ¿Por que? Porque o noso persoal xa está, neste momento, demasiado saturado.

Temos unha das ratio de persoal hospitalario por persoa máis baixas de toda España. Temos un índice de eventualidade altísimo que a Consellería non consegue aclarar —ou non quere aclarar— a pesar das peticións reiteradas de sindicatos, colectivos e partidos políticos. Temos unha valoración cidadá no último barómetro sanitario no que catro de cada cinco persoas din que demandarían cambios no sistema de atención hospitalaria e onde, unicamente, tres de cada vinte persoas din que houbo melloras nos últimos cinco anos. Temos, en realidade, o terceiro peor sistema hospitalario valorado polos cidadáns, a terceira peor valoración de atención especializada valorada polos usuarios segundo o barómetro do CIS; o terceiro peor de toda España.

Moita desta asignación na valoración fana polas listas de espera, que é un problema grave no que a propia Xunta de Galicia emite datos que din que nalgúns servizos —e poño o exemplo de cirurxía vascular en Vigo— a primeira consulta, máis a proba diagnóstica e máis a intervención cirúrxica ten de media trescentos noventa días, ¡de media!, o cal significa que haberá xente en ano e medio, tranquilamente, esperando por ese servizo. E só mentres falamos de datos oficiais e non das axendas que non se contan e das citas que non se dan. ¿Son datos estes que permiten afrontar unha redución de servizos? Non, dende o noso punto de vista.

O sistema —como lle digo— vive de forma habitual en situación crítica e —dende o noso punto de vista— é un sistema que vive tan ao límite que non pode permitirse esta planificación. Para nós, supón esta situación a oportunidade que ten —e que aproveita— a Xunta de facer non unha planificación sensata, senón de deseñar unha oportunidade para afurricular

un pouco. E isto non é o que debemos facer co noso sistema, señor conselleiro. Nós estamos a favor de planificar para ser máis eficientes, pero non de planificar para aproveitar ser máis cicateros, porque non podemos estar xogando, aínda máis, co noso sistema.

Eficiencia é acompañar a planificación de camas e de persoal. ¿Cal é o volume de persoal que non vai estar traballando neste verán? ¿Cal é o volume de persoal que se vai contratar para que este verán —todo ese tempo que se pechan esas camas— teñamos unha atención da maior calidade posible? Porque, se a redución en porcentaxe do persoal é moito maior que a redución en porcentaxe de camas, estamos empeorando o servizo con respecto ao límite que temos xa agora, que xa temos un persoal tremendamente saturado e tremendamente sobreesforzado. Se xa temos unha dificultade agora, se aínda por riba lle pechamos máis camas das que persoal temos, o que obtemos é un déficit de servizo moitísimo maior e, entón, estamos sobrepasando todos os límites aceptables. Para nós a eficiencia é aproveitar a oportunidade para mellorar os servizos. ¿Por que non aproveitar para mellorar o nivel de listas de espera?, é dicir, reducir as listas de espera aproveitando o verán —xa que se pode e xa que é posible—, como fan outros sistemas. Eficiencia é planificar correctamente.

Se con estes datos que temos podemos facer unha valoración, en realidade, poderíamos considerar que a situación, señor conselleiro, é grotesca. Non podemos asumir que este sistema está ben planificado, porque non está ben planificado cando non o está durante todo o ano. O sistema sanitario funciona grazas aos profesionais, a pesar dos seus xestores.

A verdade, señor conselleiro, nós o que comprobamos é que neste sistema hai moita dilixencia da Xunta de Galicia para reducir servizos, ¡moita! Moi rapidamente se fai un plan para reducir camas ou reducir persoal e, sen embargo, nós lembramos o caso da gripe en xaneiro e vemos que houbo moitísima menos dilixencia para aumentar o persoal que era necesario. Vese que é moito máis fácil, moito máis grato e moito máis apetecible reducir servizos que aumentalos. De feito, demostra bastante estilo e bastante crenza no sistema.

Dende o noso punto de vista —como lle transmitimos— cremos que esta non é unha situación válida e cremos que a demanda que temos sobre o persoal é necesaria. Lembrámoslle, señor conselleiro, que hai aquí aprobada a convocatoria dunha OPE de mil seiscentas prazas —aprobada a través dunha iniciativa do Partido Socialista, que vostedes votaron a favor—, que seguen poñendo en dúbida cada día que falan e que seguen considerando que aínda está en dúbida en función de cuestións que non teñen que ver con Galicia. Lembrámoslle, ademais, señor conselleiro, que vimos demandando un aumento de persoal non só a través desa OPE, senón que nos aclare canta e cal é a posibilidade de estabilizar o maior número de persoal posible. Xa sei que teñen algunhas iniciativas, pequenas; pouco para o que necesitamos.

Vímoslles demandando que non utilicen eufemismos. O Sergas insiste en que as camas non se pechan nunca e as camas péchanse. Vostede recoñeceuno nesta tribuna, señor conselleiro, dixo aquí que existían plantas pechadas —literalmente, nesta tribuna—.

«Feijóo xustifica o peche de máis de novecentas camas alegando que seguirán dispoñibles»; xustificar un peche alegando que as camas seguen dispoñibles é un xogo lingüístico perigoso. «A Xunta insiste en que o peche de camas no verán non reduce a calidade asistencial»; se

non reduce a calidade asistencial, o seguinte que imos escoitar é que imos pechallas todo o ano, porque, se non reduce a calidade asistencial, ¿que estamos: sobreatendendo durante o resto do ano? «O Sergas inhabilita este verán unha media do 13 % de camas»; noutros lugares din o 15 % e noutros o 17 %. Ourense é a zona máis afectada.

En realidade, señor conselleiro, o que comprobamos é que hai un sistema con déficit de persoal, con déficit de recursos e con moitos problemas de funcionamento. E estamos ante un sistema que podería planificarse correctamente se estivera ben deseñado, pero ten un problema de xestión. O que nós lle plantexamos, a través desta iniciativa, é que estamos a favor de planificar, pero non a favor de recortar ou de aproveitar as oportunidades para limitar os servizos.

A través desta interpelación preguntámoslle por varias cousas. En primeiro lugar, pola calidade da atención, se se pode garantir a calidade da atención. Preguntámoslle por datos sobre as camas, sobre o volume medio de ocupación de camas e cantas desas camas estarán sen ocupación —fálase de mil duascenas, pero queremos saber cal é o dato que nos pode ofrecer—. E qué volume de persoal contratará o Sergas para cubrir, porque non tería ningún sentido que nos puideran afirmar que non se van pechar moitas camas pero que imos ter moi pouco persoal ou, á inversa, porque se vostedes defenden que co volume de persoal que ten actualmente o Sergas pode atender correctamente o sistema, debería de ser normal non contratar de máis. Xa sei que isto é un pouco iluso, son consciente —somos conscientes— de que non van contratar persoal de máis, lamentablemente.

¿En base a que criterios e a que información se planifica?, ¿existe documento para isto? Se existe, xa me permito adiantar, ademais, unha petición: se existe, gustaríanos contar con esa información. ¿Como valora a Xunta as reclamacións e os plantexamentos que fan os outros colectivos?

En definitiva, este sistema non está ben planificado durante todo o ano e, polo tanto, planificar un recorte de servizos tan abismal durante o verán consideramos que pon en risco o sistema. Nós estamos a favor de planificar, pero non imos estar a favor de planificar esa redución tan afurricas. O que plantexamos, señor conselleiro, é que poidamos facer un deseño sensato, porque todos os anos imos encontrar este problema. Se entre todos encontramos unha posición coherente e razoable que poidamos asumir todos, deberíamos ter a posibilidade de saír deste debate e ter un sistema ben planificado, constantemente, e todos os anos. Esa é a nosa vontade a través desta interpelación, pero permítame manifestar que durante todo o ano temos un problema de xestión e, agora mesmo, vemos un problema de planificación desa xestión, especialmente para o verán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente.

Señores deputados.

Señor Torrado, por suposto que a atención sanitaria en Galicia está garantida durante todo o ano, polo que non pode ser —nin é— diferente no verán. A calidade da seguridade dos servizos que prestamos no Servizo Galego de Saúde non se planifica por estacións. Non imaxino ningún xestor calculando o nivel superior dunha época ou o doutra.

A planificación sanitaria conleva a xestión e a adecuación dos recursos ás necesidades asistenciais en cada momento, e debe axustarse o máximo posible a estas necesidades, con rigor.

No Servizo Galego de Saúde dispoñemos de distintas ferramentas, indicadores e sistemas de información de actividade e produción que facilitan datos obxectivos —cuantitativos e cualitativos— sobre a asistencia sanitaria. Entre eles, dispoñemos de indicadores que miden a actividade asistencial hospitalaria, tanto no referente a consultas externas, probas diagnósticas, hospitalización e asistencia en urxencias como a tipo de patoloxía atendida e a complexidade do propio paciente.

Estes sistemas de información son unha ferramenta fundamental no ámbito da xestión sanitaria, que permiten racionalizar o proceso de toma de decisións facilitando un coñecemento rápido e preciso da organización.

Este conxunto de ferramentas está á disposición dos equipos directivos das diferentes EOXI; actualízanse mensualmente e son obxecto de análise para a planificación sanitaria durante todo o ano.

Así, desde o Servizo Galego de Saúde planificamos todos os anos de forma sistemática a adecuación dos recursos asistenciais. E no período estival é preciso ter en conta circunstancias como o decrecemento da demanda asistencial, motivado pola diminución de morbilidade estacional de determinadas patoloxías, así como a información procedente dos distintos indicadores asistenciais e de actividade, os descansos por vacacións dos profesionais e as posibles incidencias que teñan lugar nesta época. Polo tanto, nesta mesma liña de planificación, o Servizo Galego de Saúde realiza a oportuna xestión das ausencias do persoal, tendo en conta a demanda asistencial, en garantía da saúde da cidadanía. Cómpre engadir que este tipo de planificación e xestión sanitaria non é unha peculiaridade do noso sistema, non se fai en exclusiva en Galicia, senón que se trata de algo común, todos os anos, en todos os servizos de saúde.

Con base nestes criterios e indicadores de planificación asistencial, durante o período estival do ano 2016 a porcentaxe de camas que estiveron funcionado no Servizo Galego de Saúde foi de 87,9 %, mentres que a porcentaxe de ocupación durante estes meses foi do 75 %. Polo tanto, doce puntos por debaixo a ocupación con respecto ás camas funcionantes no ano pasado. A porcentaxe media de ocupación durante todo o ano 2016 foi superior, ata chegar ao 76,64. Falamos —como digo— de todo o ano.

Neste ano 2017, durante os meses de verán, a porcentaxe de camas funcionantes será de 88,9 %, un punto porcentual máis ca no mesmo período do ano anterior. É necesario deixar moi claro —sen ningunha dúbida— que, aínda que contamos cunha marxe —como digo, máis de doce puntos sobre a ocupación prevista—, somos un sistema dinámico, e, desde

logo, temos preparadas as posibilidades de atender unha porcentaxe superior se así fora necesario.

Como explicamos en numerosas ocasións, en sanidade as necesidades varían: son procesos dinámicos e os recursos deben ser proporcionais a estas necesidades. Polo tanto, tamén no caso dos profesionais, contratarase o número que sexa necesario en cada momento para garantir a asistencia sanitaria nos centros. Sempre que exista unha necesidade asistencial nas diferentes estruturas organizativas de xestión integrada, conforme a súa autonomía de xestión, utilizan as listas de contratación para formalizar os nomeamentos que sexan necesarios; máxime no período estival, no que hai que conciliar o dereito ás vacacións do persoal —como dicía vostede, totalmente de acordo, creo que estamos niso— coa atención á poboación.

Neste sentido, o Sergas, consecuente coa súa responsabilidade, contrata todo o persoal que obxectivamente é necesario para manter a actividade asistencial nos nosos centros sanitarios. É dicir, a xestión das ausencias e a planificación das substitucións realízanse tendo en conta a demanda asistencial, ou sexa, substitúese con persoal eventual o cen por cento das ausencias que se precisen en función das necesidades de cada centro.

Teña a seguridade de que a xestión de recursos humanos no Sergas se fai con criterio de garantir a asistencia sanitaria precisa, segura e de calidade en todos os ámbitos de atención, centros hospitalarios, de atención primaria e puntos de atención continuada.

Ademais, cómpre puntualizar que as camas hospitalarias non se pechan; como digo: están operativas para as necesidades que poidan ter os cidadáns de Galicia e todos aqueles que se acercan, cada ano en maior proporción, a pasar unha temporada longa con nós.

Mire, eu creo que ten un discurso un pouco anticuado. En todo momento falou de camas, camas, camas; eu creo que hai que falar de actividade. E aí é onde nos diferenciamos, entre o que propón vostede e o que nós estamos realizando desde hai moitos anos.

Tivemos hai uns días a visita do conselleiro da Saúde do País Vasco, quen coñeceu unha serie de instalacións nosas; entre outras, estivo no Hospital Álvaro Cunqueiro. E a verdade é que dixo que Galicia tiña un alto nivel de calidade en sanidade, en innovación e en infraestruturas. Porque quero recordar, chegado este punto, que o País Vasco —que leva, creo que son, agora, trinta e cinco ou trinta e seis anos das transferencias— vai abrir o primeiro hospital que constrúe, como Goberno vasco, nestes próximos meses, está a punto de inaugurar un comarcal con toda a actividade. E aquí, nos últimos anos —nós levamos, como ben sabe, vinte e seis anos de transferencias—, xa se fixeron moitas construcións de hospitais. Os últimos —e paradigma, eu creo, dunha magnífica infraestructura—, o hospital de Lugo e o hospital de Vigo; pero tamén temos ampliacións tan importantes como a do Salnés, como o que estamos facendo na Coruña, e en que continuamos co plan director. Pero tamén, en próximas datas, o hospital de Ourense, e estamos ampliando o de Burela. E creo que aumentamos en infraestruturas en camas, pese a que a tendencia a nivel de toda Europa é diminuír arredor dun 5 % en camas, porque a actividade asistencial é unha cousa diferente. E hoxe en día, a actividade, en gran parte do que facemos a nivel hospitalario, é unha actividade ambulatoria.

Quero darlle un dato, só un dato, para que saiba que é do que estamos a falar. En intervencións cirúrxicas —datos do ano 2012—, practicamente as cirurxías ambulatorias e con ingreso estaban ao 50 %. Catro ou cinco anos despois, estamos en que as ambulatorias superan en 15.000 as cirurxías con ingreso. Multiplique os ingresos medios polas estancias hospitalarias e verá que a necesidade de camas como infraestrutura perde, evidentemente, importancia. E ¿que gana? Gana moita importancia o que son as infraestruturas ambulatorias. Falamos de quirófanos con cirurxía maior ambulatoria, pero tamén dos hospitais de día médico-oncohematolóxicos, onde moitos pacientes que, hai poucos anos, tiñan que ingresar e pasar días para recibir o seu tratamento, neste momento, non. Polo tanto, creo que deberíamos tratar de ir á realidade, á actividade que se realiza nos nosos hospitais e á calidade, que —como digo— é cada día mellor.

Loxicamente, en sanidade tampouco podes quedar parado, necesitas mellorar. E como vostede dicía que estaba a favor da planificación, nós, por suposto, tamén; pero é unha planificación —como digo— con datos.

Non sei se todo o que dixen ata este momento lle serve ao portavoz do Partido Socialista, pero podía darlle outro estilo á resposta e, despois, se quere, contéstame se esta lle vale ou non lle vale. Di: «A planificación do número de camas en época estival, polo tanto, xustifícase nos menores índices de ocupación hospitalaria nestas datas, debido, fundamentalmente, a unha redución estacional de patoloxías e á correctiva redución de ingresos por enfermidade». Ou noutro parágrafo di: «De xeito paralelo, racionalízanse as actividades valorando os recursos humanos dispoñibles, posto que o verán —como sucede con outras profesións— é o período máis demandado polo persoal para vacacións regulamentarias. Isto condiciona a necesidade de substituír o persoal que goza deste período para garantir a actividade». Esta é unha nota de prensa titulada «O Servizo Galego de Saúde ten previsto pechar unha media de 430 camas no verán do presente ano 2007».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Ben, moitas grazas, señor conselleiro.

Agradézolle que me faga a referencia a 2007, ¿verdade?, como esperaba; pero non pensei que mo puxera tan fácil: ¡430 camas! Imos pechar 1.200 este ano. Segundo a súa interpretación de que conforme pasan os anos mellora a cirurxía ambulatoria e, polo tanto, se necesitan menos camas, se antes se pechaban 430 e agora 1.200, ¿como o cualificaría vostede? ¡Eu creo que de retroceso!

De feito, mire, xa que me pon ese exemplo: é que vostede me di que teño un discurso anticuado; pois se o meu é anticuado, e teño aquí a nota de prensa mesma que vostede sacou, entón, o seu ten que ser un discurso non anticuado, senón paralítico.

Por certo, que... ¡sempre me fala de construción de hospitais! ¡Señor conselleiro! «O PP tacha de grotesco que Sanidade peche as camas» —2007—; *grotesco*, 430 camas con 2.500

profesionais máis, e este ano 2.500 profesionais menos, 1.200 camas pechadas. Señor conselleiro, se aquilo era grotesco, ¿isto que é? (*Aplausos.*) Non vou utilizar eu o adxectivo que é, que igual o presidente do Parlamento me di algo. Porque o cualificativo «grotesco» non o dixeron eu; díxoo o seu portavoz de Sanidade. Se aquilo era grotesco, ¿que é isto? Menos da metade de camas pechadas, 2.500 profesionais máis; ademais, xustificamos agora que co tempo temos que pechar menos camas... É que xa me fixo vostede a resposta, señor conselleiro. Pero, claro, ¿como van ser importantes as camas? ¡Claro! «Almúña di que son importantes as camas nos hoteis e non nos hospitais» —nota de prensa—. Claro, é que así é moi difícil.

Dime vostede, señor conselleiro —eu díxenllo, e creo que falei cun ton de certo acordo—, que non hai planificación por estacións. Voulle realizar unha aportación por se a considera de interese: o ano que vén, en xaneiro, vai haber epidemia de gripe, e o ano que vén, en verán, vai haber moita xente que quere coller vacacións. (*Risos.*) Dígollo por se... Non é unha planificación por estacións —xa o sei—, pero o ano que vén en xaneiro haberá gripe (*Murmurios.*). Dende o noso punto de vista, suxerimos un aumento de persoal. No ano que vén, en verán, haberá persoal que colla vacacións. Se non fan planificación por estacións, vai sendo hora... porque, como vostede di, faina todo o mundo.

Gústame que me poña o exemplo de Euskadi. ¿Sabe que quero eu de Euskadi? Que teñamos neste sistema galego a mesma ratio de persoal que Euskadi, que é moito maior ca a nosa. Nós temos —repítolle— a terceira peor ratio de persoal hospitalario de España; persoal hospitalario dividido por cidadanía, a terceira peor.

Claro, dime: «discurso anticuado»; ¡se sempre me fala de construción de hospitais! ¿Entón o seu discurso, señor conselleiro? Se o meu é anticuado... Sempre está no mesmo sitio...

Por certo, se van ampliar o Hospital de Burela, fágano grande, por se non lles cabe o nome; porque, claro, vaian pensando que hai que cambiar o nome, pero, en fin... (*Risos.*) Por certo, estou esperando a que me pasen o informe da contía dos gastos; se non, vóllelos ter que pedir polo artigo 9.

Pero, ben, xa sabemos que as camas non se pechan, que en Euskadi o fan moi ben —teñen moito mellor persoal, pechan menos camas—, que o Bipartito tamén pechaba camas... Si, nós estamos a favor dunha planificación real no verán, ¡claro que si! O que pasa é que aquela se facía con 2.500 profesionais máis, e esta con 2.500 profesionais menos. E aquela pechaba 430 camas e esta pecha 1.200; e vostedes cualificábano de grotesco. ¿Como o cualificamos agora, señor conselleiro?, ¿como o cualificamos agora?

En definitiva, segundo a súa interpretación, señor conselleiro, agora deberían de pechase menos camas porque o sistema é mellor; agora temos menos persoal, pero iso é porque o sistema é mellor; péchanse máis camas, pero iso é porque o sistema é mellor; temos menor ratio de persoal por cidadán, pero iso é porque o sistema é mellor. A situación é moi boa, porque o sistema é mellor; antes era moi mala, porque gobernaban outros. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Continúe, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor TORRADO QUINTELA: Si, continúo. Moitas grazas. *(Murmurios.)*

Se algo é importante, pode subir aquí dicilo, préstolle tempo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Continúe, por favor, que non hai problema.

O señor TORRADO QUINTELA: Intento continuar. *(Murmurios.)*

En definitiva, señor conselleiro *(Murmurios.)*, dicía eu que, se todo vai a mellor e antes vostedes cualificaban como grotesca unha situación numericamente moito mellor, entón, ¿como é posible que o sistema agora estea tan ben?, ¿como me pode dicir que se garante o mesmo servizo?

Por certo, non me respondeu, ¿cal é o volume de persoal? Dime que se vai contratar todo o persoal dispoñible. Se non se contrata todo o persoal dispoñible, ¿está vostede disposto a vir aquí recoñecer que non se contrata?

En definitiva, señor conselleiro, eu fixen unha interpelación, creo que cun ton amable, de entrada; coincidiamos, incluso, nalgunha cousa. Pero vostede veu aquí facerme oposición a min, e a verdade... Eu creo —creo, non me equivoco, que eu aínda non son conselleiro de Sanidade e non teño esa intención nos próximos meses, señor conselleiro—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...pero tamén lle digo: os números non son difíciles, 430 é menos que 1.200, e 2.500 profesionais menos son 2.500 profesionais menos. Aquilo era un sistema ben planificado e pechaban menos camas no verán; este é un sistema máis planificado e pechan máis camas no verán. Se é capaz con iso de dicirme que o sistema vai mellor, é vostede un mago e recoñézollo; creo que é difícil. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señor Torrado, moito non preparou este tema *(Aplausos.)*, porque cando dixo que xa lle daba eu a resposta non se daba conta de que o que preguntaba era vostede, eu estáballe dando a resposta.

Mire, a ver como entende isto. Isto é unha nota de prensa —como dicía vostede, eu non o dixen— do Bipartito, xuño 2008, a ver como o entende: «O Servizo Galego de Saúde ten previsto o peche dunha media de 520 camas cada quincena, dous meses de xullo, agosto e setembro». ¡Isto é complicado de entender! jeh! *(Murmurios.)* Fíxese, divide en quincenas, logo pon meses e tal.

Mire, ao final eu creo que temos que falar do que temos que falar, que é o do Servizo Galego de Saúde e do servizo que damos aos cidadáns galegos. E, sinceramente, señor Torrado, creo que a utilización de determinados temas para cumprir aquí, dentro do Parlamento, creo que non é a mellor táctica. Creo que hai temas que se poden falar, que son novidosos. Isto —como digo— podémolo recuperar todos os anos e sempre estamos no mesmo.

Eu o que teño que dicirlle —como dicía ao principio— é que a planificación que se leva a cabo é unha planificación seria porque parte de datos, datos que vostede aquí nin mencionou; simplemente comentarios e adxectivos, pero non presenta ningún dato.

Eu dígolle que temos datos claros de que melloramos a infraestrutura sanitaria con máis camas, pero, sobre todo, con máis calidade nos servizos. Potenciamos os hospitais de día, potenciamos toda a cirurxía ambulatoria, e iso tradúcese en actividade, en actividade que o cidadán valora. E non só valora que fagamos máis actividade —que loxicamente o demandan os pacientes—, senón porque eles están moito mellor tratados.

Mire, díciolle que entre 2012 e 2016 había unha diferenza de 15.000 intervencións ambulatorias máis. Eses son pacientes que, evidentemente, están máis contentos porque non tiveron que quedar ingresados nun hospital. A xente, se lle damos a elixir, prefire estar no seu domicilio e resolver os problemas no menor tempo posible no hospital. Polo tanto, non falamos só de actividade, que tamén, senón tamén de calidade percibida polo paciente, e por aí é por onde temos que seguir construíndo.

Desde logo, cando hai actividade, nós estamos respondendo. Eu falaba antes de que estamos en situación crítica todo o ano. Eu non sei se se acorda vostede —eu si porque o vivín— da época en que as gripes levaban ao traslado de moitos pacientes a centros concertados. Iso hoxe diminuíu. Na época do Bipartito, recórdolle que o gasto en concertados foi moi superior ao que estamos facendo neste momento. Polo tanto, creo que estamos facendo un uso moito mellor do que fixeron vostedes naquel entón. E temos que seguir traballando.

Eu digo que o que pense que xa está todo rematado, que hai que parar e demais, non. Temos que seguir traballando, pero seguir cun certo criterio. Cun criterio, por un lado, de eficacia e de eficiencia asistencial, e, por outro, de calidade percibida polos pacientes.

O concepto de eficiencia e uso responsable dos recursos públicos debe estar sempre presente para os responsables da xestión pública. Entendo que tamén para os políticos, aínda que non teñan responsabilidades directas de xestión, pero parece que non están igual de claros para todos.

Respecto das camas —como dicíamos—, no Sergas levamos a cabo planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán, de inverno e demais estacións do ano. Esta planificación elabórase nun estudo que non só ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias, senón en cada área sanitaria concreta e en períodos similares aos anteriores. No caso de hospitalización, manteremos operativos os recursos que planificamos que entendemos que van ser necesarios, e sempre cunha marxe entre a ocupación e a actividade concreta na hospitalización.

No que respecta á xestión de ausencias e planificación de substitucións, realízanse tendo en conta a demanda asistencial. Haberá casos nos que se substitúa o cen por cento, e outros nos que non cheguemos a esa porcentaxe porque non é necesaria.

En resumo, señor Torrado, a adecuación de recursos asistenciais realízase como un conxunto de medidas de xestión que, garantindo a asistencia sanitaria aos usuarios, se adapte á realidade estival e preserve a eficiencia no noso sistema sanitario, como é obrigado, loxicamente, nun sistema público.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora á seguinte alteración da orde do día, coa seguinte pregunta ao Goberno, en concreto a 7.8, de don Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito máis, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o novo equipamento tecnolóxico para diagnóstico e procedementos terapéuticos instalado nos centros hospitalarios do Sergas a través do socio tecnolóxico

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Aurelio Alfonso Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro.

No mes de xaneiro do pasado ano 2015 o Consello da Xunta de Galicia aprobou un investimento de 88 millóns de euros para a contratación polo Servizo Galego de Saúde de alta tecnoloxía para atender a cidadanía galega. O contrato cubriría as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia; é dicir, todo o denominado alta tecnoloxía no Sergas.

Este contrato levouse a cabo a través de diálogo competitivo, fórmula contemplada na Lei de contratos do Estado do ano 2007 —non gobernaba o Partido Popular— e recomendada para procesos que presenten especiais dificultades técnicas.

Os hospitais traballan coa vocación de ofrecer ao doente a mellor calidade, tanto no diagnóstico como no tratamento das enfermidades. A crise económica dificultou a renovación dos equipos, e a nivel de todo o Estado quedaron obsoletos unha importante parte dos mesmos. O socio tecnolóxico permite firmar acordos con empresas que, en todo caso, xa subministraban alta tecnoloxía para o servizo público, co fin de dispoñer dos últimos adiantos en aparataxe e das actualizacións necesarias para poder estar sempre na primeira liña de calidade.

Modernizar os equipos beneficia directamente ao paciente pero tamén aos profesionais, e inclusive mellora a economía da propia institución sanitaria. Á diminución do grao de exposición á radiación, que nos novos equipos pode representar a oitava parte dos anteriores, hai que engadir o número de cirurxías minimamente invasivas, laparoscopias e incluso monitorización, para reducir os ingresos en UCI.

Dos contratos puntais para cada aparato pasouse a acordos globais e sostidos no tempo cun socio tecnolóxico que traballa co propio hospital, co que valora necesidades e tecnoloxía, encárgase do mantemento e da actualización dos equipos, desenvolve plans conxuntos de investigación e ofrece formación aos profesionais para o uso das novas tecnoloxías.

Estes contratos, señorías, téñense feito en moitas comunidades autónomas con gobernos de distinta cor política. O contrato galego inclúe a dotación de equipamento en todos os centros hospitalarios do Sergas. O obxectivo deste expediente de contratación é renovar a alta tecnoloxía, aumentar a calidade asistencial dos centros sanitarios, mellorar a dispoñibilidade dos citados equipamentos e, asemade, a eficiencia da demanda de realización de probas diagnósticas e procedementos terapéuticos para os que sexa preciso utilizar estes aparatos.

Unha vez transcorridos dous anos dende o acordo do Goberno galego, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta: ¿Que novo equipamento tecnolóxico para diagnóstico e procedementos terapéuticos se ten instalado nos centros hospitalarios do Sergas a través do socio tecnolóxico?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Para contestar, ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Señor presidente, señores deputados, señor Núñez Centeno, moitísimas grazas.

A verdade é que, efectivamente, no ano 2015, a través do socio tecnolóxico, puxemos en marcha a maior renovación tecnolóxica feita ata a data en Galicia, e posiblemente das maiores a nivel nacional.

Renovar o parque tecnolóxico con moitos equipamentos ao final da súa vida útil, e poder dispoñer de mellor tecnoloxía para o diagnóstico e tratamento dos pacientes, foi considerado como unha necesidade, unha prioridade, á que había que dar unha resposta.

Ademais, hai que recordar que se intentaban atallar os dous problemas máis importantes que temos, as causas de mortalidade máis importantes que hai na sociedade occidental, que son, a primeira, as causas de orixe cardiovascular, e a segunda, as oncolóxicas.

Fíxose unha licitación por 8 millóns de euros en oito anos e aplicouse en tres lotes diferentes.

Un lote era diagnóstico por imaxe e medicina nuclear, coa adquisición de 8 TC multicorte, 2 TC para simulación de radioterapia, 7 resonancias magnéticas, 2 PET-TAC, 4 gammacámaras e outras tecnoloxías: vascular, mamógrafos, radioloxía.

Un lote 2, que era intervencionismo guiado por imaxe, con 2 salas de hemodinámica e 2 unidades de electrofisioloxía.

E un terceiro lote, que agora está case en debate nacional, é o terceiro lote de oncoloxía radioterápica. Loxicamente, como ben saben, os niveis de tecnoloxía que avanzaron no tratamento do cancro foron moi, moi importantes, e adquiríronse 10 aceleradores lineais.

No tempo transcorrido —estamos nunha fase moi avanzada pero non terminada—, en canto a aceleradores, instalamos no 2015 un acelerador de banda avanzada en Lugo, coa creación do servizo, que non existía en Lugo, tiñan que ir todos os pacientes da provincia á Coruña; unha banda innovadora en Vigo e unha actualización de acelerador en Ourense.

No 2016 instalouse un acelerador en Coruña; un máis en Lugo, de banda extensiva, e unha banda innovadora en Santiago.

E no 2017, actualmente, en Coruña realizouse a actualización dun acelerador e está instalándose un novo neste momento. E tamén se realizou a instalación dun de banda avanzada en Santiago e outro en Vigo.

É dicir, dos 10 aceleradores, temos xa 8 instalados ou a punto xa de instalarse nestes próximos meses.

En mamógrafos, o cribado de cancro de mama afecta a 143.000 exploracións, que son moitas, e instaláronse xa no hospital Virxe da Xunqueira, en Cee; outro en Abente y Lago, en Coruña; tamén en Santiago, no Hospital Clínico; no Barbanza tamén; en Lugo; outro en Pontevedra e outro en Ourense. E tamén outro para o programa de cancro de mama. Así mesmo, instaláronse novos mamógrafos nos hospitais da Mariña e en Monforte, así como en Valdeorras, no hospital de Montecelo ou no Meixoeiro.

E no 2016, 2 en Ferrol, 1 no Hospital Arquitecto Marcide...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e outro no Novoa Santos, este último para o programa de cancro de mama. E outro tamén no Hospital do Salnés. E no 2017, o próximo será un mamógrafo no Hospital de Verín.

Continuarei na seguinte intervención. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra para a réplica o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro, pola resposta.

A mellora da tecnoloxía — como dixen na miña primeira intervención — ten beneficios para os usuarios pero tamén para os profesionais. Trátase dun investimento importante en tempo de crise, da que estamos a saír grazas ás políticas económicas do Partido Popular.

Parte do financiamento destes aparatos fíxose coa aportación solidaria do señor Amancio Ortega, a quen os cidadáns galegos aprecian e valoran positivamente polo seu mecenado na loita contra o cancro, entre outras iniciativas de carácter social. (*Aplausos.*) Desgraciadamente, sempre hai algunhas persoas e asociacións que, cunha actitude sectaria e partidista, tentan enganar a poboación con proclamas e afirmacións gratuítas e falsas.

Un exemplo tivémolo na desafortunada intervención dunha facultativa do Servizo Galego de Saúde nunha cadea televisiva. Unha profesional que ostentou cargos de responsabilidade nun hospital público durante o Goberno bipartito e que manifestou o seu rexeitamento e o da súa asociación, Federación de Asociaciones para la Defensa de la Sanidad Pública, da doazón deste galego de ben alegando razóns dificilmente entendibles. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por exemplo, que a mellora dos aparatos de diagnóstico como os mamógrafos aumentaba a frecuencia de falsos positivos de enfermidade tumoral para que aumentaran as desviacións a centros privados; que se facían probas innecesarias e que sobraban equipos. Case ao nivel dos antivacinas. Ou tamén que o señor Amancio Ortega escollía os aparatos que se mercaban e que doaba eses cartos coa maquiavélica intención de facerse coa sanidade pública para o seu enriquecemento persoal. Conspiranoia pura.

Esta asociación serve de referencia en moitas ocasións aos grupos da oposición, dos que non escoitei verba ningunha rexeitando esas irresponsables verbas. Despois dos debates da pasada lexislatura sobre este asunto, asumo que non as imos escoitar. Eu, como galego e como profesional da sanidade pública, sentín vergoña ante ese tipo de informacións que escoitamos.

Grazas novamente ao señor conselleiro polo traballo de todos os profesionais da Consellería e do Sergas neste eido, e agradeceríamos que rematara coa resposta que non puido terminar na primeira intervención.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Para a réplica do Goberno ten palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Diciamos que, ademais do equipamento que comentei na primeira intervención, en Coruña substituíronse unha resonancia, 4 TAC, un equipo de vascular, un de electrofisioloxía, outro

de hemodinámica, ademais de varias melloras en equipos de resonancia, TAC, hemodinámica e equipos de radioloxía.

En Cee tamén se substituíu un equipo de radioloxía. En Lugo melloráronse os equipos de radioloxía tanto no Hospital da Costa como no de Monforte, e tamén se melloraron TAC, equipos de vascular e de hemodinámica.

En Santiago substituíronse gammacámaras, resonancias, TAC, equipos de vascular e hemodinámica e está en proceso a instalación dun PET, entendemos que vai ser nos próximos meses, e, dende logo, tamén mellora de quipos de radioloxía.

En Vigo substitúense unha resonancia, un TAC, un equipo de electrofisioloxía, unha gammacámara e melloráronse distintos equipos de radioloxía, resonancia e hemodinámica.

En Ourense e Pontevedra substituíronse distintos equipos de radioloxía vascular e melloráronse os TAC e resonancias.

Eu quixera aproveitar porque, como ven, o número de equipamentos que puidemos incrementar foi moi importante, e aquí hai que dicir que todo isto é grazas ao traballo dos nosos profesionais, que estiveron nos grupos de traballo para ver cales eran as necesidades reais. Aconsellouse non só actualizar e instalar novos equipamentos, senón que aumentamos o número. Como digo, é significativo, por exemplo, o caso de Lugo, onde se crea un novo Servizo de Radioterapia e tamén un novo Servizo de Medicina Nuclear nunha cidade na que os seus cidadáns tiñan que facer quilómetros nun momento determinado.

Como digo, débese ao grupo de profesionais que nos axudaron a decidir cales eran os equipamentos, e tamén ao equipo directivo do Sergas. Eu non formaba parte, eu só tiven a sorte de firmar este convenio coa Fundación Amancio Ortega, pero tiven un equipo de directivos que tiveron a valentía de ir para adiante cun sistema novidoso, como ben dicía o deputado, dentro da normativa europea, que está cambiando os feitos da contratación tradicional. Por certo, o Sergas a nivel de innovación, de compra pública innovadora, está nun alto nivel no ámbito europeo, e estamos sendo invitados para contar a experiencia galega en diferentes foros; a última vez estivemos en París.

Quero dicir que todo isto, evidentemente, estaba planificado para, en oito anos, ter un cambio total e absoluto. E nese momento chegouse a un acordo coa Fundación Amancio Ortega, que entendeu moi ben o que queríamos facer: diminuír as principais causas de mortalidade (cardiovascular e oncoloxía), e apostou nese caso concreto por oncoloxía. Non dixo o que tiñamos que comprar, senón que estaba xa planificado.

Galicia foi a primeira que chegou a este acordo. Galicia utiliza estes cartos para mellorar instalacións, e as demais comunidades neste momento están aínda firmando os convenios e empezando a planificar o que deben comprar nos próximos anos. Galicia vai por diante, e, desde logo, temos que agradecerlle moito á Fundación Amancio Ortega, que converte unha parte das súas ganancias en algo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...que ten verdadeiro impacto social, que é o tratamento aos pacientes máis graves.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)


O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Suspéndese a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás oito e catro minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25